



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 215
20 de outubro de 2021

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 [85148](#)

■ Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas [85370](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022

O Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, xunto coa súa documentación anexa, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia o día 18 de outubro de 2021, tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o día 20 de outubro de 2021 (núm. de Rexistro 23846).

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do día 20 de outubro de 2021, acordou, ao abeiro do disposto no artigo 111.2 do Regulamento, a tramitación do proxecto de lei, a súa asignación á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Sublíñase que, ao abeiro do artigo 68.2 do Regulamento, se declaran hábiles para os efectos parlamentarios os luns e sábados e a tramitación do Proxecto de lei de orzamentos someterase, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios, ao seguinte calendario:

1. Publicación: 20 de outubro de 2021.
2. Solicitudes de comparecencias: ata as 18.30 horas do día 21 de outubro de 2021.
3. Comparecencias ante a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos: os días 25, 28, e 29 de outubro e 2, 3, 4 e 5 de novembro de 2021.
4. Presentación de emendas:
 - a) Á totalidade: ata o día 8 de novembro de 2021, ás 18.30 horas.
 - b) Ao articulado e aos estados de gastos: ata o día 17 de novembro de 2021, ás 18.30 horas.
5. Debate de totalidade ante o Pleno: o día 22 de novembro de 2021.
6. Informe da Ponencia: os días 30 de novembro e 1 de decembro de 2021.
7. Ditame da Comisión: os días 7, 13 e 14 de decembro de 2021.
8. Debate do ditame no Pleno: o 21 de decembro de 2021.

Así mesmo, tendo en conta o disposto nos artigos 129 a 131 do Regulamento, deben terse en conta para a presentación de emendas as seguintes regras:

I. Incluíranse no debate de totalidade (artigo 130.1):

1. As emendas que postulen a súa devolución global ou de calquera sección ou centro xestor de gastos.
2. As que afecten contías globais dos orzamentos ou transfiran créditos entre as seccións.

II. Respecto da tramitación das emendas parciais terase en conta que:

1. Para os efectos do artigo 129.3 do Regulamento, o concepto de sección equivalerá aos grandes centros xestores do gasto do presente orzamento. Polo tanto, as emendas parciais deberanse referir a partidas ou conceptos que se atopen na mesma sección.
2. As emendas parciais, como requisito para a súa admisión a trámite, ademais de sinalar o programa no que recaian, terán que consignar o número económico da sección e do servizo ao que o orzamento lles atribúa a súa xestión.
- 3- De conformidade co artigo 129.3 do Regulamento, cada emenda debe comprender o crédito que se aumenta e a baixa de igual contía na mesma sección.

Advírtese tamén de que a publicación comprende exclusivamente o texto articulado cos anexos complementarios correspondentes. O resto da documentación está á disposición dos deputados e das deputadas nos grupos parlamentarios respectivos.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, xunto coa súa documentación anexa, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia o día 18 de outubro de 2021, tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o día 20 de outubro de 2021 (núm. de Rexistro 23847).

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do día 20 de outubro de 2021, acordou, ao abeiro do disposto no artigo 111.2 do Regulamento, a tramitación do proxecto de lei, a súa asignación á Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos e a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.



Sublíñase que, ao abeiro do artigo 68.2 do Regulamento, se declaran hábiles para os efectos parlamentarios os luns e sábados e a tramitación do Proxecto de medidas fiscais administrativas someterase, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios, ao seguinte calendario:

Trámite	Data
Cualificación, admisión a trámite e asignación a Comisión: Mesa-Xunta de Portavoces	20 de outubro de 2021
Publicación BOPG	20 de outubro de 2021
Remate prazo emendas	8 de novembro de 2021
Mesa da Comisión 3ª: cualificación emendas	11 de novembro de 2021
Publicación emendas á totalidade	12 de novembro de 2021
Mesa-Xunta de Portavoces para fixar a orde do día Pleno do 22 de novembro: debate totalidade	16 de novembro de 2021
Remate prazo prórroga, se é o caso, emendas parciais	17 de novembro de 2021
Pleno: debate de totalidade	22 de novembro de 2021
Mesa da Comisión 3ª: cualificación emendas parciais e convocatoria da Comisión: designación da Ponencia	25 de novembro de 2021
Publicación emendas parciais BOPG	26 de novembro de 2021
Comisión: designación da Ponencia	29 de novembro de 2021
Ponencia	2 de decembro de 2021
Mesa da Comisión 3ª e convocatoria da Comisión	3 de decembro de 2021
Publicación do informe da Ponencia BOPG	3 de decembro de 2021
Ditame da Comisión	14 de decembro de 2021
Mantemento de emendas	16 de decembro de 2021
Publicación do Ditame BOPG	16 de decembro de 2021
Mesa-Xunta de Portavoces para fixar a orde do día do Pleno (21 de decembro)	16 de decembro de 2021
Pleno	21 de decembro de 2021

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2021.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Para a súa tramitación sumaria e preferente prevista para as leis de orzamentos no Regulamento da Cámara polo Parlamento de Galicia, remítolle o "**Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 18 de outubro de 2021.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello da Xunta, co visto e praxe do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, e documentación complementaria.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E SECRETARIO
DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,



CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezoito de outubro de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:


"Aprobar, de conformidade co establecido no artigo 4.2 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, o *Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022*, e a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación sumaria e preferente, prevista para as leis de orzamentos no Regulamento da Cámara".

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a dezoito de outubro de dous mil vinte e un.

Vº e Prace
O PRESIDENTE



***PROXECTO DE LEI DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
DE GALICIA PARA O ANO 2022.***




Exposición de motivos

I

Os orzamentos de 2022 veñen condicionados pola situación, de crise sanitaria a nivel mundial motivada pola irrupción do virus SARS-CoV-2, que afortunadamente en Galicia xa está a superarse. Porén, as consecuencias derivadas da pandemia da COVID-19 e da situación de emerxencia sanitaria declarada en marzo de 2020 deixaron importantes leccións que condicionan o deseño e a prestación dos servizos públicos básicos do futuro.

Deste xeito, se a actividade sanitaria do ano 2020 veu marcada pola abordaxe da situación epidemiolóxica e desenvolvemento de ferramentas de detección e control do virus, o ano 2021 supuxo o desenvolvemento loxístico dun dispositivo de vacinación que logrou o éxito da inmunización da inmensa maioría da poboación galega.

Así, superada a peor etapa da pandemia, 2022 preséntase como o ano da recuperación económica e da actividade sanitaria ordinaria. Mais, mantendo algunhas peculiaridades respecto aos anos previos á pandemia, en especial no que atinxe á vixilancia epidemiolóxica e ao control de gromos, así como a eventuais novas campañas de vacinación segundo o consenso científico recomende novas terceiras doses ou a vacinación das persoas menores de 12 anos.




Por conseguinte, os orzamentos 2022 suporán unha volta á senda de crecemento san que viña caracterizando ás finanzas galegas, baseada nun desenvolvemento sostible dos servizos públicos, un endebedamento controlado e uns impostos á baixa para impulsar a actividade económica e o emprego, garantindo a protección e o benestar das familias e das empresas, o que permitirá recuperar, a mediados do ano 2022, o nivel de riqueza precovid.

Antes de xurdir a pandemia, Galicia levaba unha senda ininterrompida de crecemento de seis anos; con todo, no ano 2019 o crecemento moderouse,

medrando case un dous por cento. España o fixo nun dous por cento e os países da nosa contorna tamén experimentaron esta moderación; en concreto, as economías da área do euro acadaron un 1,4 por cento. Se ben é certo que dentro da senda da economía mundial xa se prevía unha desaceleración progresiva, a chegada da COVID-19 supuxo unha muda total, orixinando un abrupto parón da actividade económica e a conseguinte caída do produto interior bruto (PIB). Caída que supuxo unha contracción do PIB mundial dun 4,3%, nos países da zona euro do 6,5% e do 10,8 % no conxunto da economía nacional.

Na nosa comunidade o comportamento foi mellor que na economía nacional, sendo a caída do PIB galego dun 8,9% no 2020, taxa case dous puntos inferior á media nacional. A menor dependencia do turismo, a importancia do sector primario no PIB, a estabilidade nas exportacións e un maior control da pandemia a resultas das políticas implementadas e seguimento das recomendacións do Comité de Expertos, creado pola Xunta, son algúns dos factores que explican a maior resistencia da economía galega fronte a crise.

Se no 2021 se iniciou a recuperación económica, cuxas estimacións últimas segundo o IGE sitúan o crecemento do PIB galego no 5,5%, o ano 2022 preséntase como o ano da consolidación da recuperación. As previsións económicas aprecian unha importante recuperación da economía, pois sitúan a suba do PIB arredor do 6% para a nosa economía. Este panorama require que o orzamento, principal instrumento do Goberno galego para o desenvolvemento da súa política económica, sexa a canle principal para o retorno á senda de crecemento san xa indicada.



Por iso, as prioridades asignativas das contas do ano 2022, comezan pola garantía de financiamento dos servizos públicos básicos, acompañando o gasto sanitario na volta á normalidade e continuando co programa de investimentos pendentes, garantindo o desenvolvemento con normalidade do ano académico e avanzando cara á modernización e dixitalización no eido educativo, apoiando con decisión unha formación profesional e unha educación universitaria de calidade e evolucionando o modelo de servizos e prestacións sociais mellorando a capacidade, calidade e seguridade das existentes.

Os orzamentos do 2022 mobilizarán os recursos financeiros precisos para apoiar o crecemento sostible da nosa economía e a xeración de emprego estable e de calidade, reforzando a aposta por modernizar e impulsar as reformas estruturais que fagan máis resistente e competitivo ao noso tecido produtivo, adaptándose aos requirimentos das transicións verde e dixital.

Os recursos que sustentarán as políticas de gasto recollidas nas contas do 2022 van ter unhas características especiais motivadas pola realidade que conformou a crise sanitaria e os instrumentos dos que se dotaron a administracións para enfrontala.


Nas actuais circunstancias, é previsible unha sólida recuperación da recadación tributaria.

Porén, volta a evidenciarse que o sistema de financiamento autonómico non está deseñado para enfrontar perturbacións extraordinarias como a presente, o que deriva novamente nunha importante liquidación negativa, se ben neste caso se habilita unha partida extraordinaria para paliar este axuste negativo (uns 367,6 millóns de euros é a estimación de liquidación negativa para Galicia), o que non evita unha baixa sistemática de recursos neste apartado respecto ao ano 2021 ao pasar dunha liquidación de 376 millóns de euros a cero.

A anterior merma vese compensada en parte polo pago da sentenza sobre a retención indebida dunha mensualidade do IVE, na liquidación de 2017, estimada en 211 millóns de euros máis intereses. Galicia tivo que acudir aos tribunais para reclamar esta contía en compensación dos efectos negativos na recadación do IVE dimanantes da implantación do sistema de información inmediata impulsada polo Ministerio de Hacienda, tras o fallo favorable do Tribunal Supremo no pasado mes de maio que reconece o dereito de Galicia a ser compensada pola mensualidade do IVE de 2017 –máis os xuros de demora– no Consello de Política fiscal e Financeira acordouse indemnizar a todas as CCAA por este concepto. Este ingreso extraordinario, colaborará parcialmente a paliar a merma da liquidación do SFA, e a desaparición dos fondos extraordinarios COVID.

Pero sen dúbida o impacto de maior calado nos recursos autonómicos é que a Administración xeral do Estado deixa de aportar fondos para enfrontar os efectos residuais da pandemia ao non habilitar un fondo COVID para 2022, isto supón unha merma de 685 millóns de euros sobre o orzamento inicial de 2021.

No que refire aos fondos finalistas e europeos, ao igual que no 2021, no 2022 o importante paquete de apoio financeiro aprobado pola Comisión Europea contribuirá a afianzar as políticas de gasto encamiñadas a reformas e modernización dos servizos públicos e do tecido económico. Polo miúdo, dos fondos Next Generation EU as contas autonómicas recollen 508 millóns de euros da parte que xestionará a comunidade autónoma dos recursos vinculados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Regulamento (UE)





2021/241) e 249 millóns procedentes da Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa, REACT-EU, un novo instrumento que segue a lóxica do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e do Fondo Social Europeo (FSE) para financiar proxectos de impacto contra os efectos da crise.

No que atinxe ao financiamento procedente do resto dos fondos europeos, estímase unha baixa do 9,9 %, debido á finalización dos recursos do período 14-20, e de que aínda non se puideron presentar os programas operativos dos fondos estruturais e de investimento 21-27.

Como consecuencia da extraordinaria situación, a Comisión Europea, ao igual que fixera para 2020 e 2021, confirmou en xuño o mantemento da activación da cláusula xeral de salvagarda do Pacto de estabilidade e crecemento. A cláusula, tal como se recolle no artigo 5, alínea 1, no artigo 6, alínea 3, no artigo 9, alínea 1, e no artigo 10, alínea 3, do Regulamento (CE) nº 1466/97 e no artigo 3, alínea 5, e no artigo 5, alínea 2, do Regulamento (CE) nº 1467/97, facilita a coordinación das políticas orzamentarias en tempos de grave recesión económica.

Na súa comunicación inicial de marzo ao Consello, *Un ano despois da pandemia COVID-19: resposta en materia de política orzamentaria*, a Comisión, tendo en conta o nivel da actividade económica na UE ou na zona euro en comparación aos niveis anteriores a crise (finais 2019), considera que se dá cumprimento a os requisitos para manter en vigor a cláusula xeral de salvagarda para este ano 2022, retrasando a súa desactivación ata 2023. A activación da cláusula xeral de salvagarda permite unha desviación temporal respecto da traxectoria de axuste cara ao obxectivo orzamentario no mediano prazo, sempre que esta non poña en perigo a sustentabilidade orzamentaria a medio prazo. Así, ten posibilitado que os Estados membros adoptaran medidas moi importantes en materia de gastos e ingresos para minimizar o impacto social da pandemia.

En aplicación desta, o Consello de Ministros do pasado 27 de xullo aprobou a suspensión das regras fiscais para o ano 2022, que se substitúen por unhas taxas de referencia ao déficit e á débeda pública, co obxecto de paliar a deterioración que produce esta crise sanitaria.

Na nosa comunidade, o 29 de xullo deste ano, aprobouse o Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, ao cal se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Este acordo establece o límite do gasto para o Proxecto de lei



de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en 11.571 millóns de euros. Este límite de gasto modifícase á alza pola inclusión de novos fondos do MRR asignados nos últimos meses por importe de 73,1 millóns adicionais aos previstos no límite de gasto, e á baixa en 16,7 millóns de euros polo impacto das baixadas de tributación en ITP-AJD e xogo. O que deixa o límite de gasto non financeiro en 11.627 millóns de euros, 64 millóns de euros adicionais ao gasto non financeiro contido nos orzamentos consolidados de 2021.

Se desbotamos os fondos COVID, o crecemento do gasto non financeiro acada os 749 millóns de euros un 6,9% superior ao do exercicio corrente, mostra palmaria do esforzo de consolidación dos servizos públicos e o impulso económico que se quere acelerar no 2022.

En efecto, continuando a senda xa iniciada en 2021, a Xunta de Galicia non reparará en medios para mobilizar todos os recursos dispoñibles que acheguen a suficiente masa crítica financeira para impulsar as políticas de gasto que permitan consolidar o crecemento e modernizar a nosa estrutura económica.

O punto de partida dunhas finanzas saneadas e rigorosas e unha débeda moderada facilitarán esta achega extraordinaria de recursos. Galicia segundo os derradeiros datos de débeda do Protocolo de Déficit Excesivo (PDE) publicados polo Banco de España segue a ser a terceira comunidade de réxime común con menor endebedamento de toda España.

Na liña xa iniciada de achega extraordinaria de recursos, a Xunta está a emprender diferentes actuacións de consolidación do crecemento económico, que priorizarán a recuperación da actividade económica e do emprego mobilizando recursos e impulsando proxectos públicos e privados baseados na estratexia Next Generation Galicia e o Plan Estratéxico de Galicia, que apostan por un crecemento sustentable e cohesionado social e territorialmente, pero non só miramos aos demais tamén froito dunha avaliación crítica da xestión interna se aposta por afondar na modernización administrativa e revisión de procedementos que fagan posible executar estes recursos con eficacia e mellorar a prestación de servizos á cidadanía.

O apoio aos sectores produtivos estratéxicos resulta prioritario, en especial á industria, fomentando un tecido produtivo moderno, eficiente, innovador, internacionalizado e sustentable que xere mais empregos e de máis calidade a través da transición verde e dixital.

A outra gran prioridade é a garantía dos medios e o persoal precisos nos eidos sanitario, educativo e social para seguir a prestar uns servizos públicos de calidade; e reforzar as políticas sociais para garantir que a recuperación chegue a todos os galegos e galegas en especial a os colectivos máis vulnerables.

No eido da planificación económica e orzamentaria, no 2022 verán a luz o Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 e a programación do novo período 2021-2027 dos fondos estruturais e de investimento europeos. O Plan estratéxico de Galicia 2021-2030 fundamentará a estratexia de crecemento a medio prazo de Galicia arredor de catro eixes de actuación: a dinamización demográfica e o benestar, a transición ecolóxica, a competitividade e a cohesión social e territorial.

En materia de fondos europeos, no 2022 intensificarase a execución do eixe REACT-EU, iniciado en 2021, así como os novos fondos MRR, para impulsar a recuperación e crecemento económico e reforzar e modernizar os servizos públicos, en especial as capacidades do sistema sanitario no contexto da crise asociada á pandemia COVID-19, a educación e a política social.

Así mesmo, no marco do Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia, aprobado no 2021, impulsarase a transparencia e a axilización dos procedementos administrativos, a través de melloras tecnolóxicas nos eidos da participación cidadá na elaboración de normas e plans, de atención á cidadanía e no marco da contratación pública

Como en exercicios anteriores, os orzamentos recollerán unha visión transversal das políticas de gasto con perspectiva de xénero, de infancia e en termos de obxectivos ODS.

Xa por último, débese salientar que no próximo ano segue a celebrarse o Xacobeo iniciado en 2021. Así, os beneficios do xubileo prorrogaranse durante 2022 debido as circunstancias especiais da pandemia do COVID-19 que se estenderon a boa parte de 2021, tras unha demanda que respostaba ao sentir de todo o pobo galego e apoiada dende a Xunta.

Declarado acontecemento de «excepcional interese público» na Lei 6/2018, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, na súa disposición adicional octoxésima sétima, o Xacobeo constitúe un acontecemento de singular importancia para a nosa comunidade, tanto dende o punto de vista económico como social. O seu impulso durante o 2022 tenta consolidar a Galicia como un destino turístico sostible, atractivo e seguro a nivel mundial.

II

Na parte dispositiva, a lei estrutúrase en seis títulos, quince disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, relativo á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, por canto no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Aprobación dos créditos e do seu financiamento», se aproban os ingresos e gastos que compoñen os orzamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramento e consulta –que, para os efectos orzamentarios, teñen a consideración de organismos autónomos–, os das axencias públicas autonómicas, os das entidades públicas empresariais, os dos consorcios autonómicos, os das sociedades mercantís e os das fundacións.

Neste capítulo I defínese o ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a tipoloxía das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Dentro deste capítulo detállanse os beneficios fiscais que afectan os tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase así mesmo o importe das subvencións reguladoras consideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente, dentro dos artigos especificamente destinados aos orzamentos das entidades instrumentais, autorízanse as dotacións iniciais das subvencións de explotación e de capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

O capítulo II deste título, «Das modificacións orzamentarias», regula os principios e as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias, as regras de vinculación que afectan os créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de créditos ampliáveis, entre os que se inclúen os créditos que financien a gratuidade na educación infantil de 0 a 3 anos para o segundo fillo ou filla e sucesivos, e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.

O título II, relativo aos «Gastos de persoal», estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, establece a evolución da masa salarial en función do que regule a normativa básica do Estado na materia, recollendo as previsións que figuran no Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado.


Así mesmo, recolle que para o ano 2022 só se poderá proceder, no sector público, á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e aos requisitos establecidos na normativa básica estatal. No resto do capítulo regúlase a contratación de persoal laboral temporal, de persoal funcionario interino e de persoal vinculado ás encomendas de xestión ou aos encargos a medio propio.

O capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», establece que as retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo, así como as das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior, do persoal funcionario, do persoal laboral, do persoal ao servizo das institucións sanitarias e do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza experimentarán un incremento do 2 por cento en relación coas vixentes o 31 de decembro do 2021. Tal e como se establece na disposición adicional oitava, estes incrementos serán aplicables no momento en que se habilite pola normativa da Administración xeral do Estado.

O capítulo III, dedicado a «Outras disposicións en materia de réxime de persoal activo», recolle que para o ano 2022 as relacións de postos de traballo deberán modificarse para as axustar ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal, sen que se poidan prover aqueles postos para os cales non estea prevista dotación, e mais que no anexo de persoal non poderán existir códigos de liñas orzamentarias que non amparen créditos para dotacións de postos de traballo, substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos.

O resto do capítulo regula os requisitos para a determinación ou modificación das retribucións do persoal laboral e non funcionario, o persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, o nomeamento do profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios, os profesores e as profesoras de corpos docentes e o persoal eventual e de gabinete.

O capítulo IV, dedicado ás «Universidades», fixa o límite máximo dos custos de persoal das tres universidades galegas, as retribucións adicionais do persoal



ao seu servizo e a obriga de comunicación mensual da provisión de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables. Así mesmo, establécese que as universidades poderán aplicar a taxa de reposición prevista na normativa básica estatal, con respecto ás disponibilidades orzamentarias dotadas no capítulo I.

O título III, «Operacións de endebedamento e garantía», estrutúrase en dous capítulos, relativos ás operacións de crédito e ao afianzamento por aval.

No primeiro destes capítulos establécese que para o ano 2022 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma poderá incrementarse na contía máxima do 0,6 por cento do PIB rexional. Tamén se regulan neste capítulo as operacións de débeda de tesouraría, a formalización doutras operacións financeiras e o endebedamento das entidades instrumentais do sector público. No tocante ao endebedamento das entidades instrumentais do sector público, a única excepción refírese ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), recollendo a posibilidade, para os préstamos directos, de que se poidan formalizar entre as entidades financeiras e os adxudicatarios ou as adxudicatarias que, estando en réxime de alugamento, decidan adquirir as vivendas que foron cedidas en uso ao IGVS e para as execucións de hipotecas de vivendas de promoción pública da adxudicación ou cesión de remate delas a prol do IGVS.

No capítulo II, relativo ao «Afianzamento por aval», en canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2022 a contía máxima dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica, cun importe de cincocentos millóns de euros. Así mesmo, incorpórase a autorización relativa a concesión de avais para a articulación dos instrumentos financeiros incluídos no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014 – 2022, cofinanciados polo Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

No título IV, «Xestión orzamentaria», mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, á fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma, á fiscalización dos nomeamentos ou dos contratos de substitución do persoal, á identificación dos proxectos de investimento, á autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, á regulación das transferencias de financiamento, ás subvencións nominativas, á concesión directa de axudas e subvencións, á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma para determinados



supostos, ao pagamento mensual de axudas e subvencións que se conceden a persoas físicas para financiar estudos de investigación, ao informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda e Administración Pública, que, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e mais aos expedientes de dotación artística e ao módulo económico de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados. Neste establécese a posibilidade da aceptación por parte da Administración autonómica de pagamentos á conta para as retribucións do persoal docente do colectivo de empresas do ensino privado, desde o 1 de xaneiro ata o momento en que se asinen as táboas salariais para o ano 2022.

Por último, incorpórase un novo artigo para a xestión dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

O título V, dedicado ás «Corporacións locais», estrutúrase en dous capítulos.

O primeiro deles, dedicado ao financiamento e á cooperación con estas entidades, detalla as transferencias que lles corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local. En relación con este fondo, a lei fixa unha porcentaxe homoxeneizada de participación, e desagregase esta en fondo base, para recoller a mesma contía que se establece no ano 2011, e en fondo adicional, para recoller o incremento debido á maior recadación dos capítulos I, II e III da Administración xeral desde aquel ano ata o 2021. Establécese o sistema de distribución entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e os concellos para o fondo base, de maneira que estes recibirán segundo o coeficiente de repartición que lles correspondeu no ano 2011. Non obstante, no ano 2022, as entregas á conta do fondo adicional increméntanse notablemente respecto do establecido no orzamento do ano 2021, como consecuencia do incremento dos capítulos I, II e III dos ingresos da Administración xeral no orzamento do ano 2022 verbo do inicial do ano pasado. O fondo adicional repartirase no ano 2022 conforme o acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local. Entre os criterios aprobados para a repartición destacan os concellos con institucións penitenciarias no seu termo municipal, os concellos de menos de cincuenta mil habitantes que teñen que asumir os gastos de funcionamento dos centros de saúde da súa titularidade, as prazas en conservatorios municipais de grao medio, os concellos resultantes dun proceso de fusión en cumprimento do sinalado na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, os concellos que


teñen que asumir o financiamento dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal, os concellos que teñen que asumir o financiamento das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa para a prevención de incendios e os concellos que realicen gastos na renovación do parque municipal de motobombas contra incendios e en camións de recollida de lixo para os que se graduará atendendo á eficiencia e sostibilidade dos mesmos.

O capítulo II deste título regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos concellos contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local de maneira similar ao exercicio 2021, incorporándose este ano como novidade, co obxecto de facilitar e dar maior seguridade xurídica, a posibilidade de aplicar este procedemento nos supostos de achegas dos concellos que teñan a condición de vencidas, líquidas e exigibles, ao abeiro da norma con rango de lei que regule estas achegas no marco de relacións de colaboración ou cofinanciamento de servizos e establezan esta compensación remitíndose ao procedemento de compensación regulado neste capítulo.

No título VI, relativo ás «Normas tributarias», inclúese un único precepto para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico.

O contido desta Lei de orzamentos complétase coas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras referidas, nas cales se recollen uns preceptos de índole moi variada.

Entre as disposicións adicionais régúlase a información ao Parlamento; o orzamento inicial e os requisitos de creación para as axencias que se poidan constituír neste exercicio; a autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación; a obriga de adecuar os estados financeiros das entidades instrumentais ás transferencias efectivamente aprobadas nesta lei; as normas para a remisión de información económico-financeira e o control desta, coa finalidade de recoller as obrigas en relación co inventario das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e, doutra banda, para adaptar as normas sobre a competencia da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia á normativa vixente, en relación coas axencias e cos consorcios adscritos á Comunidade Autónoma que deben auditar as súas contas anuais; as porcentaxes de gastos xerais de estrutura que hai que aplicar nos contratos de obra; a venda de solo empresarial por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo; as prestacións extraordinarias para as persoas beneficiarias de pensións e subsidios non contributivos, e no relativo aos gastos de persoal, a autorización para a modificación dos cadros




de persoal do Servizo Galego de Saúde, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral, e no caso dos centros concertados, de se aprobar algunha variación nas contías dos módulos estatais de distribución de fondos públicos para o seu sostemento, aplicarase a mesma variación porcentual aos módulos vixentes o 31 de decembro de 2021 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Regúlase ademais o dereito a percibir unha axuda económica de mil douscentos euros, a razón de cen euros mensuais, a través da Tarxeta Benvinda para todas as familias que teñan un fillo ou unha filla ou adopten un neno ou unha nena menor dun ano no 2021. Adicionalmente, para aquelas familias con renda igual ou inferior a vinte e dous mil euros a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que o neno ou a nena cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos. A contía das axudas para as familias con estas rendas será de seiscentos euros por ano, a razón de cincuenta euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o primeiro; de mil douscentos euros por ano, a razón de cen euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o segundo, e de dous mil catrocentos euros por ano, a razón de douscentos euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos. Para as familias que residan no rural e para as que teñan o terceiro fillo ou a terceira filla e sucesivos, a axuda incrementarase nas condicións que estableza a Consellería de Política Social.

A última das disposicións adicionais establece un mecanismo para axilizar a xestión orzamentaria habilitando á Consellería de Facenda e Administración Pública a efectuar determinadas modificacións orzamentarias.

As disposicións transitorias regulan a adecuación das entidades públicas instrumentais e a dotación gradual do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria que xa se prevían na Lei de orzamentos do ano 2021.

As tres últimas disposicións derradeiras regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da lei.





XUNTA
DE GALICIA

TÍTULO I

Aprobación dos orzamentos e réxime das modificacións de crédito

CAPÍTULO I

Aprobación dos créditos iniciais e do seu financiamento

Artigo 1. Aprobación e ámbito dos orzamentos xerais

O Parlamento de Galicia aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, nos que se integran:

- a) Os orzamentos da Administración xeral, na cal se incorporan os órganos estatutarios e consultivos.
- b) Os orzamentos dos organismos autónomos.
- c) Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, terán a consideración de organismos autónomos para os efectos orzamentarios.
- d) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.
- e) Os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- f) Os orzamentos de explotación e capital dos consorcios autonómicos a que fai referencia o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- g) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas a que fai referencia o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- h) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico a que fai referencia o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

i) En todo caso, os orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas normas do Sistema europeo de contas, agás as universidades públicas.





Artigo 2. Orzamentos da Administración xeral, dos organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas

Un. Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por un importe de 13.117.948.261 euros, distribuídos da seguinte forma:

	Cap. I-VII Gastos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración Xeral	5.833.554.774	122.161.539	1.254.715.908	7.210.432.221
Organismos autónomos	4.690.336.002	1.190.000		4.691.526.002
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	2.310.118			2.310.118
Axencias públicas autonómicas	1.101.162.075	97.015.576	15.502.269	1.213.679.920
Total	11.627.362.969	220.367.115	1.270.218.177	13.117.948.261

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan 5.590.708.604 euros, distribuídos segundo o seguinte detalle:

ORIXE	DESTINO			
	Organismos autónomos	Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	Axencias públicas autonómicas	Total
Administración Xeral	4.491.139.929	2.310.118	1.074.027.140	5.567.477.187
Organismos autónomos			23.231.417	23.231.417
Total	4.491.139.929	2.310.118	1.097.258.557	5.590.708.604

Dous. A desagregación dos créditos consonte a finalidade á que van destinados establécese desta maneira:



Funcións	Importe
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	40.299.202
12 Administración xeral	74.233.807
13 Xustiza	162.519.072
14 Administración local	17.322.882
15 Normalización lingüística	10.105.395
16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	2.000.000
21 Protección civil e seguridade	29.404.925
31 Acción social e promoción social	987.149.580
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	395.173.891
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	7.834.886
41 Sanidade	4.584.078.658
42 Educación	2.696.305.533
43 Cultura	96.413.889
44 Deportes	32.489.463
45 Vivenda	112.760.386
46 Outros servizos comunitarios e sociais	123.180.216
51 Infraestruturas	336.790.767
52 Ordenación do territorio	16.474.877
53 Promoción de solo para actividades económicas	10.821.048
54 Actuacións ambientais	219.728.835
55 Actuacións e valorización do medio rural	169.798.833
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	266.529.479
57 Sociedade da información e do coñecemento	143.302.171
58 Información estatística básica	4.940.978
61 Actuacións económicas xerais	30.393.815
62 Actividades financeiras	77.662.485
71 Dinamización económica do medio rural	402.458.645
72 Pesca	128.248.309
73 Industria, enerxía e minaría	89.092.913
74 Desenvolvemento empresarial	241.358.556
75 Comercio	18.375.611
76 Turismo	126.027.362
81 Transferencias a entidades locais	138.106.353
91 Débeda pública	1.326.565.439
Total	13.117.948.261

Tres. A distribución orgánica e económica do orzamento consolidado é como segue:

Capítulos	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total
Parlamento	19.601.687	6.914.122		2.428.045		702.046	100	107.000		20.753.000
Consello de Contas	6.308.898	1.082.011		23.705		508.039		36.061		7.958.714
Consello da Cultura Galega	1.776.200	913.200		35.000		118.000				2.842.400
Presidencia da Xunta de Galicia	10.941.719	8.254.023		59.311.314		14.363.146	177.472.161	114.228.478	526.104	385.096.945
Vicepresidencia 1ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo	147.002.192	37.557.983	266.582	65.123.639		27.044.154	114.746.710	40.000		391.781.260
Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	18.538.467	1.197.183		33.324.568		6.032.966	326.902.481			385.995.655
Consellería de Facenda e Administración Pública	23.756.150	699.408	3.000	22.844.824		2.003.813	1.952.500			51.259.695
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	32.293.834	6.181.335		28.549.107		38.582.391	143.449.834			249.056.501
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	10.180.537	71.752.102		28.567.816		29.233.329	322.667.879			462.401.663
Consellería de Cultura, Educación e Universidade	1.578.201.091	153.872.082	27.532	707.813.809		167.502.681	143.916.912		1.624.365	2.752.958.472
Consellería de Emprego e Igualdade	41.041.280	32.599.180		324.300.974		14.320.125	15.243.391			428.504.950
Consellería de Sanidade	50.916.539	4.569.871		3.967.871.626		30.897.963	325.362.459			4.379.618.458
Consellería de Política Social	141.161.493	246.130.684		476.256.865		47.496.863	16.367.716			927.413.621
Consellería do Medio Rural	150.604.675	6.565.667		28.716.158		120.055.729	314.914.512	7.000.000		627.856.741
Consellería do Mar	34.038.067	3.109.570		3.977.089		44.906.669	108.073.102			194.104.497
Consello Consultivo de Galicia	1.774.692	294.927				101.000				2.170.619
Transferencias a corporacións locais				135.713.928						135.713.928
Debeda pública da Comunidade Autónoma			74.000.000						1.252.565.439	1.326.565.439
Gastos de diversas consellerías	3.910.000	22.843.015		3.143.825	13.500.000	960.000	750.000	750.000		45.856.840
Administración Xeral	2.264.047.521	604.536.363	74.297.114	5.888.002.292	13.500.000	544.828.914	2.011.819.757	122.161.539	1.254.715.908	12.777.909.408



XUNTA
DE GALICIA

Capítulos	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Continuation
										Total
Academia Galega de Seguridade Pública	862.149	2.138.376				228.038				3.228.563
Instituto Galego do Consumo e da Competencia	5.276.659	677.193		164.867		660.000	24.000			6.802.719
Escola Galega de Administración Pública	1.325.081	1.641.462		581.870		635.000				4.183.413
Instituto Galego de Estatística	3.143.050	333.724				1.200.000				4.676.774
Instituto de Estudos do Territorio	2.268.676	64.397		37.975		905.348	2.320.500			5.596.896
Instituto Galego da Vivenda e Solo	10.097.600	4.530.615		11.717.360		34.663.165	62.032.694	540.000		123.581.434
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	5.534.512	640.000				441.901				6.616.413
Servizo Galego de Saúde	1.906.799.060	1.340.007.396		889.641.257	31.917.175	323.082.111	2.845.318	650.000		4.494.942.317
Fondo Galego de Garantía Agraria	4.780.796	458.600	3.000			1.846.300	58.040.194			65.128.890
Organismos autónomos	1.940.087.583	1.350.491.763	3.000	902.143.329	31.917.175	363.661.863	125.262.706	1.190.000		4.714.757.419
Consello Económico e Social de Galicia	673.707	208.418		156.279						1.038.404
Consello Galego de Relacións Laborais	720.834	420.000		42.000		88.880				1.271.714
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	1.394.541	628.418		198.279		88.880				2.310.118
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	18.800.571	16.359.131		813.000		161.353.188	4.425.573		7.835.920	209.587.383
Axencia de Turismo de Galicia	11.570.885	6.489.780	1.000	6.165.000		54.837.039	46.963.658			126.027.362
Axencia Galega de Emerxencias	511.863	152.633		61.796		7.481.120				8.207.412
Axencia Galega de Innovación	5.903.955	465.692	117.279	6.048.725		24.453.080	107.947.421	2.350.000	4.495.848	151.782.000
Axencia Galega da Industria Forestal	1.064.171	369.806		673.179		619.131	14.151.023			16.877.310
Instituto Galego de Promoción Económica	6.692.006	2.092.550		3.746.657		13.170.183	78.459.274	94.665.576	3.160.000	201.986.246
Instituto Enerxético de Galicia	2.274.000	352.903		64.385		1.179.000	49.849.967			53.720.255
Axencia Tributaria de Galicia	13.540.359	2.225.424				105.000				15.870.783
Axencia Galega de Infraestruturas	13.700.217	1.050.000	50.000	1.995.205		238.359.683	15.739.534			270.894.639
Axencia Galega das Industrias Culturais	2.986.827	633.750		1.262.519		4.701.646	12.600.888			22.185.630
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	2.266.487	945.523		8.000		515.030				3.735.040
Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos	11.112.022	14.193.903				480.000				25.785.925
Axencia Galega de Servizos Sociais	11.632.028	2.100.000				300.000				14.032.028
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	3.467.269	696.726				9.220.335	33.818.940			47.203.270
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	13.978.130	2.713.177	170	1.004.446		15.707.051	8.526.348		10.501	41.939.823
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	2.366.517	609.759				884.378				3.860.654
Axencias públicas autonómicas	121.867.307	51.450.757	168.449	21.842.912		533.365.864	372.482.626	97.015.576	15.502.269	1.213.695.760
Total orzamento bruto	4.327.396.952	2.007.107.301	74.468.563	6.812.186.812	45.417.175	1.441.945.521	2.509.565.089	220.367.115	1.270.218.177	18.708.672.705
Total transferencias internas		23.231.417		4.170.443.471			1.397.049.556			5.590.724.444
Total orzamento consolidado	4.327.396.952	1.983.875.884	74.468.563	2.641.743.341	45.417.175	1.441.945.521	1.112.515.533	220.367.115	1.270.218.177	13.117.948.261

Catro. Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 13.117.948.261 euros, distribuídos da seguinte forma:



	Cap. I-VII Ingresos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral e órganos estatutarios	11.013.127.159	1.942.480	1.762.839.769	12.777.909.408
Organismos autónomos	222.927.490	690.000		223.617.490
Axencias públicas autonómicas	24.369.420	92.051.943		116.421.363
Total	11.260.424.069	94.684.423	1.762.839.769	13.117.948.261

Cinco. Os beneficios fiscais que afectan aos tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado á Comunidade Autónoma estímanse en 2.410.677.000 euros, dos que 2.142.678.157 euros corresponden á normativa estatal e 267.998.843 euros á normativa autonómica, consonte ao seguinte detalle:

- Imposto sobre sucesións e doazóns: 185.082.000 euros.
- Imposto sobre a renda das persoas físicas: 443.260.000 euros.
- Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados: 173.510.000 euros.
- Imposto sobre o patrimonio: 136.975.000 euros.
- Imposto sobre o xogo: 3.000.000 euros.
- Imposto sobre o valor engadido: 1.350.050.000 euros.
- Imposto sobre hidrocarburos: 98.630.000 euros.
- Imposto sobre o alcol e bebidas derivadas: 6.350.000 euros.
- Imposto sobre a electricidade: 9.890.000 euros.
- Imposto sobre determinados medios de transporte: 3.930.000 euros.

Os beneficios fiscais das taxas establecidas en virtude do disposto na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da comunidade Autónoma de Galicia estímanse en 3.437.000 euros e, en



cumprimento do establecido no artigo 55.2 da dita lei, o importe das subvencións reguladoras fíxase en 244.711.797 euros

Artigo 3. Orzamento das entidades instrumentais do sector público autonómico con orzamento estimativo

Un. Entidades públicas empresariais

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que se refire a alínea e) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo I.

Dous. Consorcios autonómicos

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital dos consorcios a que se refire a alínea f) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo I.

Tres. Sociedades mercantís públicas autonómicas

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas a que se refire a alínea g) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo I.

Catro. Fundacións do sector público autonómico

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico a que se refire a alínea h) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo I.

Cinco. Aprobación de subvencións de explotación e capital das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas

Autorízanse as dotacións de subvencións de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que se refire a alínea e) do artigo 1 desta lei e das sociedades mercantís públicas autonómicas a que se refire a alínea g) do artigo 1 dela, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo II. No caso de que se teñan que superar tales contías máximas, a consellaría competente en materia de facenda dará conta ao Parlamento de Galicia das razóns que xustifican tal aumento.



Seis. A Xunta de Galicia dará conta, trimestralmente, ao Parlamento de Galicia da relación, porcentaxe e clase de participación que manteña en calquera sociedade mercantil non pertencente ao sector público autonómico.

A handwritten signature in dark ink, appearing to be 'N', is written below a circular stamp. The stamp is faint and contains some illegible text and a central emblem.



CAPÍTULO II Das modificacións orzamentarias

Artigo 4. Réxime xeral das modificacións orzamentarias

Un. As modificacións de créditos orzamentarios serán autorizadas consonte os requisitos establecidos no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas excepcións derivadas da aplicación do indicado neste capítulo.

Dous. As propostas de modificación deberán indicar, co maior nivel de desagregación orgánica, funcional e económica, as aplicacións orzamentarias afectadas, e recollerán adecuadamente os motivos que as xustifican, tanto os relativos á realización do novo gasto proposto como, se é o caso, á suspensión da actuación inicialmente prevista.

Á comunicación a que se refire a disposición adicional segunda do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, uniráselle unha explicación sobre os motivos que a xustifican en relación co novo gasto proposto e a súa repercusión, se é o caso, sobre os obxectivos do programa afectado con respecto aos inicialmente previstos.

Artigo 5. Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias

Sen prexuízo das facultades que se lle asignan no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, atribúenselle á persoa titular da Consellería de Facenda e Administracións Públicas competencias específicas para levar a cabo as seguintes modificacións orzamentarias:

- a) Para incorporar os créditos de exercicios anteriores que correspondan a actuacións financiadas ou cofinanciadas pola Unión Europea, de acordo co previsto nos regulamentos do período de programación 2014-2020 que resulten aplicables, así como para as reasignacións destes créditos a que se refire o punto dous do artigo 9.
- b) Para incorporar o crédito que non acadase a fase de recoñecemento da obriga en cada exercicio do fondo de reserva constituído consonte o establecido no artigo 4 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, pola que se aproba o imposto sobre a contaminación atmosférica.
- c) Para incorporar o crédito que non acadase a fase de recoñecemento da obriga dos créditos xerados, con destino ao financiamento de gastos derivados da realización de probas de selección de persoal, como consecuencia dos maiores ingresos recadados sobre os inicialmente previstos no artigo 30, «Taxas administrativas».
- d) Para incorporar o crédito de exercicios anteriores que non acadase a fase de recoñecemento da obriga no capítulo VIII dos orzamentos de gastos da Administración xeral ou, se é o caso, nos dos organismos autónomos e das axencias, no suposto previsto no artigo 43 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, sobre o tratamento dos créditos para as provisións de riscos non executados.
- e) Para xerar crédito polo importe que corresponda pola maior recadación das taxas e dos prezos públicos e privados respecto das previsións que inicialmente se establecen para as distintas seccións orzamentarias no anexo III desta lei, sempre que quede garantido o necesario equilibrio económico-financiero, de acordo co previsto no artigo 9.
- f) Para xerar crédito polo importe que corresponda polos maiores ingresos pola prestación do servizo de recadación executiva a outros entes, do subconcepto 399.04, do orzamento de ingresos.



g) Para xerar crédito, na sección orzamentaria correspondente, pola contía igual ao importe das compensacións económicas a favor da Comunidade Autónoma derivadas de pólizas subscritas con compañías de seguros.

h) Para xerar crédito na sección 14, Consellería do Medio Rural, polo importe que corresponda ao produto da venda do patrimonio das extintas cámaras agrarias locais e provinciais, con destino aos fins previstos na disposición adicional sétima da Lei 11/1995, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1996, e na disposición adicional cuarta da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego. Para tal fin, por pedimento da consellaría interesada, a Consellería de Facenda e Administración Pública tramitará o oportuno expediente de desafectación, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e nos artigos 24 e seguintes do seu regulamento de execución.

i) Para xerar créditos como consecuencia dos maiores ingresos recadados sobre os inicialmente previstos en cada unha das seguintes aplicacións do orzamento de ingresos do Servizo Galego de Saúde:

– 37, «Ingresos por ensaios clínicos»

– 36, «Prestacións de servizos sanitarios»

– 353, «De sociedades públicas e outros entes públicos da Comunidade Autónoma»

– 354, «De fundacións públicas autonómicas».

j) Para xerar crédito no programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», por un importe igual á diferenza que poida existir entre as entregas á conta que, con carácter definitivo, se establecerán para o exercicio 2022, a liquidación de exercicios anteriores correspondente aos distintos recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas do réxime común, as transferencias do Estado provenientes do Fondo de Compensación Interterritorial e as cantidades consignadas no estado de ingresos por estes conceptos.

k) Para xerar crédito nos capítulos VIII e IX de gastos cos ingresos do capítulo IX procedentes das operacións a que se refiren o parágrafo terceiro do punto un e o punto dous do artigo 37 desta lei.

l) Para xerar crédito nas entidades públicas instrumentais polos ingresos que se produzan nelas cando resulten beneficiarias das ordes de convocatorias de axudas realizadas por calquera administración que non estivesen orzadas inicialmente.

m) Para xerar crédito, por solicitude motivada dos organismos intermedios da autoridade de xestión ou, se é o caso, das autoridades de xestión dos programas operativos, co obxecto de garantir a completa execución do Marco financeiro de fondos comunitarios 2014-2020 e dos fondos do mecanismo extraordinario do instrumento Next Generation EU (Próxima Xeración UE).

Así mesmo, unha vez aprobados os programas operativos correspondentes aos fondos europeos do Marco financeiro 2021-2027, poderá xerar crédito financiado con eles.

n) Para xerar crédito no programa 312D, «Atención á dependencia», a partir do momento en que se publique a norma xurídica que estableza unha suba das contías do nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado para cada persoa beneficiaria do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.

A esta xeración de crédito non lle resultarán aplicables as limitacións establecidas no artigo 69.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

ñ) Para introducir nos estados de gastos as modificacións precisas para adecuar os créditos afectados por transferencias finalistas de calquera procedencia, incluíndo entre esas medidas a declaración de indispoñibilidade do crédito e a súa baixa en contabilidade.

No suposto de que as obrigas recoñecidas ata ese momento superen o importe real da transferencia, o seu financiamento realizarase mediante as oportunas minoracións noutros créditos, preferentemente de operacións correntes, da sección de que se trate.

o) Para introducir as variacións que sexan necesarias nos programas de gasto das entidades públicas instrumentais co fin de reflectir as repercusións que neles teñan as modificacións dos créditos que figuran no estado de transferencias internas dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

p) Para realizar as adaptacións técnicas e as transferencias de crédito que procedan como consecuencia de reorganizacións administrativas, da posta en

marcha de organismos autónomos e axencias públicas autonómicas, ou do traspaso de competencias nas cales estean implicadas outras administracións, sen que en ningún caso, polo que se refire aos dous primeiros supostos, poida orixinarse un incremento de gasto.

q) Autorizar transferencias de crédito entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servizos dunha mesma consellaría, cando teñan por obxecto cofinanciar incorporacións de remanentes de crédito de exercicios anteriores correspondentes ao financiamento condicionado.


r) Autorizar transferencias de crédito entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servizos dunha mesma ou de distinta consellaría, cando teñan por obxecto redistribuír remanentes de crédito do capítulo I.

s) Autorizar transferencias de crédito entre os diferentes programas vinculados ao Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia.

t) Autorizar transferencias de crédito derivadas de convenios ou acordos de colaboración para o desempeño conxunto de tarefas comúns, entre as distintas seccións orzamentarias.

u) Autorizar transferencias de crédito desde a sección 23 aos distintos programas de gasto.

v) Autorizar as transferencias de crédito dos remanentes de crédito de fondos propios existentes no pechamento ao programa 621B.



Artigo 6. Vinculación de créditos

Un. Os créditos consignados nos estados de gastos destes orzamentos quedarán vinculados ao nivel establecido no artigo 56 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, con excepción dos créditos que se relacionan a seguir, que serán vinculantes co grao de vinculación que se indica:

- 120.20, «Substitucións de persoal non docente»
- 120.21, «Substitucións de persoal docente»
- 120.24, «Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente»
- 120.26, «Substitucións de persoal dos corpos ao servizo da Administración de xustiza»
- 130.02, «Complemento de perigosidade, penosidade e toxicidade»
- 130.10, «Segunda actividade dos bombeiros e das bombeiras forestais»
- 131, «Persoal laboral temporal»
- 131.24, «Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal»
- 132, «Persoal laboral temporal (profesorado de Relixión)»
- 133, «Persoal laboral temporal indefinido»
- 136, «Persoal investigador en formación»
- 226.01, «Atencións protocolarias e representativas»
- 226.02, «Publicidade e propaganda»
- 226.06, «Reunións, conferencias e cursos»
- 226.13, «Gastos de funcionamento dos tribunais de oposicións e de probas selectivas»
- 227.06, «Estudos e traballos técnicos»
- 228, «Gastos de funcionamento dos centros e servizos sociais»

– 229, «Gastos de funcionamento dos centros docentes non universitarios».

A mesma consideración terán os créditos correspondentes á aplicación 13.04.312E.227.65, «Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal», así como os créditos correspondentes á aplicación 09.A1.512B.600.3, «Expropiacións en materia de estradas».

O concepto 160, «Cotas sociais», vinculará a nivel de sección, agás ás entidades con personalidade xurídica de seu, as cales vincularán a nivel de servizo.

Os conceptos 480, «Transferencias correntes a familias», e 481, «Transferencias correntes a institucións sen fin de lucro», por unha parte, e os conceptos 780, «Transferencias de capital a familias», e 781, «Transferencias de capital a institucións sen fin de lucro», pola outra, serán vinculantes entre si. A mesma consideración terán os créditos dos subconceptos 221.07, «Comedores escolares», e 223.08, «Transporte escolar», da sección 10, que vincularán entre eles.

Así mesmo, terán carácter vinculante, co nivel de detalle económico co que aparezan nos estados de gastos, as transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico, agás para as axencias públicas autonómicas, nas que haberá que aterse ao nivel de vinculación existente nelas.

Igualmente, serán vinculantes entre si os créditos correspondentes ás aplicacións orzamentarias 09.02.512A.223.06, «Servizo regular integrado», e 09.02.423A.223.08, «Transporte escolar», da Dirección Xeral de Mobilidade.

Dous. As transferencias a que se refire o artigo 67 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, cando afecten os créditos anteriores, deberán ser autorizadas pola persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Tres. Agás o previsto no artigo 7.un.r), no Servizo Galego de Saúde serán vinculantes entre si os créditos destinados a gastos de funcionamento autorizados no mesmo concepto, na mesma estrutura organizativa de xestión integrada e en distinto programa.

Tamén serán vinculantes entre si os créditos destinados a gastos de funcionamento autorizados no mesmo concepto e programa e en distinta estrutura organizativa de xestión integrada.



As redistribucións destes créditos serán autorizadas pola persoa titular do Servizo Galego de Saúde.

Catro. Sen prexuízo do disposto no artigo 83.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os créditos autorizados nos estados de gasto comprenderán, dentro do nivel de vinculación existente, todos os programas que xestiona cada axencia pública.

Artigo 7. Créditos ampliáveis

Un. Con independencia dos supostos previstos na alínea 1 do artigo 64 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, terán excepcionalmente a condición de ampliáveis os créditos seguintes:

a) Os incluídos nas aplicacións 07.A2.621A.227.07 e 07.A2.621A.227.08, destinados ao cumprimento dos convenios para a xestión e liquidación, e os premios de cobranza autorizados pola recadación na vía executiva, así como nas transferencias da sección 07 que as financian.

b) As obrigas contraídas no exterior e que deban ser pagadas en divisas de cambio variable, pola diferenza existente entre o tipo de cambio previsto e o seu importe real no momento do pagamento.

c) Os destinados ao pagamento das obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma. Cando se trate dun organismo autónomo ou dunha sociedade pública, a ampliación materializarase a través da sección orzamentaria á cal figuren adscritos.

d) Os créditos destinados ao pagamento dos premios de cobranza e as participacións en función da recadación de vendas e restantes créditos de vivendas, soares, locais e edificacións complementarias correspondentes ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, así como os referidos aos traballos de facturación e apoio á xestión do patrimonio inmobiliario do devandito instituto, que se establezan de acordo coas cifras recadadas no período voluntario.

e) Os créditos de transferencias a favor da Comunidade Autónoma que figuren nos orzamentos de gastos dos organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas ata o importe dos remanentes da tesouraría que resulten como consecuencia da súa xestión.

f) Os incluídos na aplicación 21.01.811B.460.2, con destino ao pagamento da liquidación de exercicios anteriores, que corresponde ao Fondo de Cooperación Local.

g) Os créditos vinculantes incluídos nos subconceptos 120.20, «Substitucións de persoal non docente», e 120.21, «Substitucións de persoal docente», que se considerarán ampliáveis unicamente con retencións noutros créditos do capítulo I da propia sección orzamentaria ou do organismo autónomo.

h) Os créditos incluídos na aplicación 11.02.313D.480.0, destinados ao pagamento de axudas directas a mulleres vítimas de violencia de xénero, e os incluídos na aplicación 11.02.313D.480.1, con destino ao pagamento das indemnizacións previstas no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

i) Os incluídos na aplicación 23.03.621A.890.00, destinados ao Fondo de Garantía de Avais.

Esta ampliación financiarase con baixa nas dotacións da aplicación 06.01.741A.732.05 e das correspondentes ao Instituto Galego de Promoción Económica.

j) Os créditos da sección 10, «Consellería de Cultura, Educación e Universidade», a que se refire o artigo 55 desta lei.

k) Os créditos destinados ao pagamento do complemento autonómico ás pensións non contributivas, de xeito que permitan dar cobertura a todas as persoas beneficiarias delas que cumpran os requisitos exixidos pola administración.

l) Os créditos destinados ao pagamento da renda de inclusión social de Galicia (Risga).

m) Os créditos destinados ao pagamento das bolsas a estudantes universitarios e en formación.

n) As transferencias de financiamento dos organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas na medida en que se autoricen ampliacións de créditos financiados por eles.

ñ) Os gastos de receitas médicas.

o) As dotacións da aplicación 04.A1.571A para o cumprimento do Acordo polo que se establece o modelo de sustentabilidade da dixitalización dos servizos públicos.

p) Os créditos destinados á atención das obrigas derivadas de expedientes de expropiacións. Esta ampliación financiarase con baixas nos programas doutras seccións ou da mesma sección.

q) Os créditos incluídos na aplicación 04.30.312C.480.2, destinados ao pagamento das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas.

r) Os créditos dos subconceptos orzamentarios 221.06, 221.15, 221.16 e 221.19 do programa 412A, que serán vinculantes a nivel da súa estrutura organizativa de xestión integrada.

s) Os créditos incluídos na aplicación 13.02.312B.470.2 que financien a gratuidade na educación infantil de 0 a 3 anos para o segundo fillo ou filla e os sucesivos.

Dous. Para os efectos do previsto no artigo 64.1.g) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, terán a consideración de seccións orzamentarias as secretarías xerais da Presidencia.

Tres. O financiamento das ampliacións de crédito, ademais de por medio dos mecanismos previstos no artigo 64.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, poderá tamén realizarse con baixas de crédito noutros conceptos orzamentarios.



Artigo 8. Transferencias de crédito

Un. Con independencia das limitacións a que se refire o artigo 68.1 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e sen prexuízo do previsto na alínea 3 do citado artigo, non poderán tramitarse expedientes de transferencias de crédito que atinxan os capítulos VI e VII cando deles derive un incremento do gasto corrente.

Esa restrición non será aplicable:

- a) Cando se destinen á atención de gastos extraordinarios derivados de catástrofes, sinistros ou outras situacións de natureza análoga e carácter excepcional, logo da declaración polo Consello da Xunta de Galicia da situación excepcional, catastrófica ou de análoga natureza.
- b) Aos incrementos do capítulo I que, se é o caso, poidan orixinarse polo desenvolvemento de procesos de regularización derivados de acordos sobre materias de función pública subscritos entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais.
- c) Aos incrementos do capítulo I derivados do cumprimento de sentenzas xudiciais firmes ou autos de obrigada execución.
- d) Aos incrementos do capítulo I derivados do previsto no punto catro do artigo 13 desta lei.
- e) Aos incrementos do capítulo I derivados do previsto no punto sete do artigo 15 desta lei.
- f) Excepcionalmente, cando as características das actuacións que se deban executar para o cumprimento da finalidade do programa orzamentario previsto exixan a adecuación da natureza económica do gasto.
- g) Cando teñan por obxecto atender as obrigas a que se refire o artigo 60.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, sempre que se xustifique a imposibilidade de as tramitar con cargo ao gasto corrente.
- h) As transferencias para atender xuros de mora cando se xustifique a imposibilidade de as tramitar con cargo ao gasto corrente.

Dous. Polo que se refire á función 42 da sección 10, «Consellería de Cultura, Educación e Universidade», función 41 da sección 12, «Consellería de Sanidade», e función 31 da sección 13, «Consellería de Política Social», a limitación indicada no punto anterior unicamente será aplicable unha vez superado o cinco por cento das dotacións iniciais dos capítulos VI e VII en termos consolidados.

No caso de que as transferencias realizadas baixo este suposto incrementaren os créditos do capítulo I destinados ao asinamento de contratos de duración determinada previstos no Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores, cando a modalidade de contratación sexa de realización de obra ou servizo recollida na alínea a) do artigo 1 da citada disposición, será necesaria a existencia dun informe previo e favorable da Dirección Xeral da Función Pública sobre a adecuación da modalidade de contratación que se pretende.

Tres. Sen prexuízo do disposto no resto dos puntos deste artigo, as transferencias de crédito axustaranse ás seguintes regras:

a) Non se incrementarán os créditos autorizados inicialmente nas aplicacións orzamentarias dos subconceptos 226.02, «Publicidade e propaganda», 227.06, «Estudos e traballos técnicos», 226.01, «Atencións protocolarias», e 226.06, «Reunións, conferencias e cursos».

A limitación de non incrementar o subconcepto 226.02 non afectará a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Sanidade nin ás súas entidades dependentes cando a transferencia teña por causa medidas de seguridade en materia de protección civil derivadas de riscos non previstos ou de medidas sanitarias para a saúde pública.

b) Non se poderán diminuír os créditos consignados no programa 312D, «Servizos sociais de atención ás persoas dependentes», agás cando financien créditos que teñan a condición de ampliables consonte o previsto na alínea l) do artigo 7 desta lei.

c) Non se poderán tramitar transferencias de crédito do capítulo VIII aos restantes capítulos do orzamento.

d) Non se poderán incrementar os créditos previstos nesta lei para subvencións nominativas.

Catro. As limitacións sobre as transferencias de crédito contidas nas alíneas b) e c) do artigo 68.1 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, non afectarán as transferencias de crédito que se refiran ás transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico nin aos centros concertados de educación.

Cinco. Para os efectos de facilitar a xestión entre diferentes centros de gasto dentro dunha mesma sección, as transferencias de crédito que afecten os gastos de funcionamento (221, 222, 227.00, 227.01 e 229) serán autorizadas pola súa persoa titular.

Seis. As limitacións establecidas nos puntos anteriores deste artigo e as establecidas no artigo 68 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, non serán aplicables:

- aos créditos vinculados ao Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia, sempre que se realicen en cumprimento dos acordos adoptados polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Comisión de Seguimento do Plan
- aos créditos do proxecto 201800112 do Plan especial contra a violencia de xénero
- aos créditos do programa 331A vinculados aos proxectos que van desenvolver no exterior os axentes galegos de cooperación para o desenvolvemento
- ás transferencias do artigo 5, alíneas t), u) e v)
- ás transferencias de fondos propios para financiar incorporacións de créditos comprometidos de exercicios anteriores.

Sete. Cando nas subvencións outorgadas en réxime de concorrência pública con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia resulten beneficiarias algunhas das entidades incluídas nos orzamentos consolidados, ás transferencias aos artigos 41, 43, 44, 71, 73 ou 74 que procedan non lles serán aplicables as limitacións establecidas no artigo 68 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, nin tampouco as establecidas nos restantes puntos deste artigo.

Así mesmo, aos efectos das porcentaxes do artigo 58.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto



lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, as partidas a que se refire o parágrafo anterior, vincularán conxuntamente coa partida na que orixinariamente se orzamentou a subvención, de xeito que soamente será precisa a modificación destas cando o compromiso total plurianual conxunto supere as porcentaxes indicadas.

Artigo 9. Adecuación de créditos

Un. Para facilitar a consecución do equilibrio económico-financeiro na execución do orzamento para o ano 2022, os créditos incluídos nos estados de gastos poderán experimentar os axustes necesarios para acomodar o seu importe ao dos recursos, na medida en que estes últimos difiran dos inicialmente previstos nos orzamentos de ingresos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas.

Sen prexuízo do indicado na alínea ñ) do artigo 5 desta lei, o Consello da Xunta de Galicia adoptará, por proposta da Consellería de Facenda e Administración Pública, os acordos de non-dispoñibilidade de crédito que sexan precisos para cumprir o previsto no parágrafo anterior.

Dous. Para conseguir o máximo grao de execución posible dos fondos procedentes da Unión Europea, os créditos que non amparen compromisos de gastos debidamente adquiridos poderán ser reasignados a outras actuacións, da mesma ou distinta consellaría ou organismo, con suxeición aos respectivos plans financeiros e ás disposicións dos programas operativos e da normativa que os regula, por proposta motivada dos organismos intermedios da autoridade de xestión dos respectivos programas, ou da autoridade de xestión no caso do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Así mesmo, poderá efectuarse a dita reasignación en relación cos créditos financiados co Fondo de Compensación Interterritorial, por proposta motivada da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

As intervencións susceptibles de seren cofinanciadas no marco dos programas operativos Feder (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) e FSE (Fondo Social Europeo) Galicia 2014-2020 e do Programa operativo de emprego xuvenil precisarán da autorización da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos nos termos establecidos nos correspondentes sistemas de xestión e control dos programas.



Artigo 10. Transferencia de remanentes líquidos de tesouraría


Os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais transferirán ao orzamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma o importe do remanente de tesouraría non afectado resultante da liquidación do anterior exercicio orzamentario.

A Consellería de Facenda e Administración Pública poderá xerar crédito con este importe no programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», unha vez analizada a súa repercusión e os seus efectos sobre a estabilidade orzamentaria.

Non obstante, e coa finalidade de evitar que se produzan estes remanentes, a Consellería de Facenda e Administración Pública poderá limitar os libramentos de fondos a estas entidades en función do seu nivel de execución orzamentaria.

As axencias públicas autonómicas para a incorporación do remanente de tesouraría non afectado aplicarán o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. De non se realizar a incorporación procederase conforme o disposto neste artigo para os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais.

TÍTULO II
Gastos de persoal




CAPÍTULO I
Dos gastos do persoal ao servizo do sector público

Artigo 11. Bases da actividade económica en materia de gastos de persoal

Un. Para os efectos do establecido neste título, constitúen o sector público da Comunidade Autónoma:

- a) Os órganos estatutarios e consultivos de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de autonomía de Galicia para o Parlamento.
- b) A Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos.
- c) As entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento a que se refire a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- d) As axencias públicas autonómicas e as entidades a que se refire a alínea 5 da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- e) As entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia.
- f) As entidades públicas empresariais a que se refire o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- g) Os consorcios autonómicos a que se refire o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- h) As sociedades mercantís públicas autonómicas a que se refire o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- i) As fundacións públicas sanitarias e as demais fundacións do sector público da Comunidade Autónoma a que se refire o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Dous. No ano 2022 as retribucións do persoal ao servizo do sector público autonómico non poderán experimentar un incremento global superior ao 2 por cento con respecto ás vixentes o 31 de decembro de 2021, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade.

Así mesmo, conforme a normativa básica, os gastos de acción social, en termos globais, non poderán experimentar ningún incremento verbo do ano anterior. A este respecto, considérase que os gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos ou melloras distintos ás contraprestacións polo traballo realizado, cuxa finalidade é satisfacer determinadas necesidades como consecuencia de circunstancias persoais dos traballadores e das traballadoras.

Tres. Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores aos fixados no punto anterior deberán experimentar a oportuna adecuación, resultando inaplicables as cláusulas que establezan calquera tipo de incremento. En todo caso, suspéndese a aplicación dos pactos ou acordos asinados que supoñan incrementos retributivos superiores aos fixados no punto anterior para o ano 2022, sen prexuízo dos acordos autorizados polo Consello da Xunta de Galicia durante os anos 2017 a 2021.

Ademais, mantense a suspensión da aplicación do punto décimo oitavo do Texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, publicado pola Resolución do 28 de xuño de 2017 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Catro. O disposto nos puntos precedentes entenderase sen prexuízo das adecuacións retributivas que con carácter singular e excepcional resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos seus obxectivos.

Cinco. As referencias relativas ás retribucións contidas nesta lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

Seis. As referencias contidas na normativa vixente relativas a haberes líquidos, para os efectos do cálculo de anticipos reintegrables ao persoal funcionario, entenderanse feitas ás retribucións básicas e complementarias que perciba este nos seus importes líquidos.



Artigo 12. Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal

Un. Durante o ano 2022 só se poderá proceder no sector público delimitado no artigo anterior, e no marco do disposto ao respecto na lexislación básica estatal, á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos na normativa básica que se estableza ao respecto, e en particular no referente á taxa de reposición de efectivos, respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos.

Dous. Para dar cumprimento aos obxectivos sobre a estabilización do persoal no emprego público, dentro dos acordos asinados pola Administración xeral do Estado e pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, aplicaranse as disposicións que se establezan na normativa básica do Estado.

Tres. Para a aplicación do disposto neste artigo, a oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal adaptarase aos límites e aos restantes requisitos que se establezan na normativa básica estatal.

Catro. Durante o ano 2022 a cobertura de postos de persoal nalgunha das entidades do sector público autonómico incluídas no artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, estará suxeita ás limitacións e aos requisitos establecidos na normativa básica.

Co obxecto de posibilitar a adecuada optimización dos recursos humanos existentes no sector público autonómico e conforme dispón a normativa básica, as mencionadas entidades instrumentais do sector público autonómico poderán efectuar a cobertura de postos con persoal funcionario de carreira, estatutario ou laboral con destino nas consellarías ou nos organismos públicos do sector público estatal, autonómico ou local que dispoña da titulación requirida para o desempeño do posto, garantindo en todo caso a publicidade e libre concorrência.

Esta mobilidade xerará o dereito para o persoal do sector público autonómico a seguir percibindo e consolidando, desde a data da toma de posesión no ente, o complemento de antigüidade e a retribución adicional ao complemento de destino na mesma contía que se viña percibindo ou que se teña dereito a

percibir no posto de procedencia, así como o cumprimento dos requirimentos e das prescricións contidas nos artigos 58 e 59 da citada lei.


A dita adscrición terá unha duración de dous anos prorrogables, será voluntaria e a persoa funcionaria continuará en activo no seu posto de orixe.

Esta mobilidade xerará o dereito para o persoal do sector público estatal e local a seguir percibindo, desde a data da toma de posesión no ente, o complemento de antigüidade na mesma contía que se viña percibindo ou que se teña dereito a percibir no posto de procedencia, así como o que se estableza en Acordos de reciprocidade entre administracións.

Cinco. A oferta de emprego público, no ámbito a que se refiren as alíneas b), c), d), f), g), h) e i) do artigo 11.un desta lei, aprobara a o Consello da Xunta de Galicia, por proposta do centro directivo competente en materia de función pública ou, se é o caso, das consellarías competentes na materia, e co informe favorable da dirección xeral competente en materia de orzamentos.

Seis. Durante o ano 2022 non se procederá no sector público da Comunidade Autónoma delimitado no artigo anterior á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de funcionarios interinos, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, ás funcións e ás categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

No ámbito a que se refiren as alíneas b), c), d), f), g), h) e i) do artigo 11.un desta lei será precisa a previa e expresa autorización das direccións xerais competentes en materia de función pública e orzamentos, sen prexuízo do establecido nos artigos seguintes. Para estes efectos, o departamento ou a entidade solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa de que a cobertura do posto non se pode realizar mediante outro sistema e de que resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento do servizo.



Artigo 13. Contratación de persoal laboral temporal e nomeamento de persoal funcionario interino no ámbito da Comunidade Autónoma e os seus organismos autónomos e axencias públicas

Un. Durante o ano 2022, no ámbito a que se refiren as alíneas b) e d) do artigo 11.un desta lei, poderán proverse, sen necesidade da autorización conxunta a que se refire o punto seis do artigo 12 desta lei, en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que non poidan ser atendidas mediante uns procesos de reestruturación dos efectivos existentes, postos vacantes mediante a contratación de persoal laboral temporal ou mediante o nomeamento de persoal funcionario interino dos seguintes ámbitos:

a) Persoal docente, non docente e persoal laboral das categorías 65, 99 e 104 do grupo III, categorías 4 e 5 do grupo IV e categorías 1 e 11 do grupo V do V Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta, de centros docentes.

Para estes efectos, enténdense como centros docentes aqueles que impartan ensinanzas orientadas á obtención de titulacións académicas de formación regrada.

b) Persoal dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

c) Persoal da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

d) Persoal dos centros e das residencias de servizos sociais.

e) Persoal adscrito ao Servizo de Defensa contra Incendios Forestais.

f) Persoal laboral e persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.

g) Persoal adscrito ao sistema integrado de Emerxencias e Protección Civil.

h) Persoal que presta servizos nas unidades de exploración mamográfica do Programa galego de detección precoz do cancro de mama.

As devanditas contratacións e os correspondentes nomeamentos adecuaranse estritamente ás necesidades do servizo, e aquelas estarán sempre vinculadas á existencia dun posto de traballo vacante e dotado orzamentariamente.

As direccións xerais competentes remitirán á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, con periodicidade mensual, a relación de todas as contratacións

de persoal laboral e o nomeamento de persoal funcionario interino realizados con base nesta excepción. Xunto coa relación achegarase unha memoria explicativa que xustifique a necesidade urxente e inaprazable e o carácter imprescindible para o funcionamento do servizo.

Dous. Durante o ano 2022, no ámbito determinado neste artigo, poderán atenderse os excesos ou as acumulacións de tarefas mediante a contratación temporal de persoal laboral e o nomeamento de persoal funcionario interino sen adscrición a unha praza, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos. O gasto derivado destas contratacións imputarase necesariamente aos subconceptos 131.24, «Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal», e 120.24, «Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente».

Para estes efectos, o departamento solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa da actividade que motiva a contratación, que esta resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento do servizo e que non puido ser atendida coas dotacións de persoal existentes ou mediante uns procesos de reestruturación dos efectivos dispoñibles.

Tres. Durante o ano 2022, no ámbito determinado neste artigo, poderán acordarse as substitucións transitorias, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, sempre que non poidan ser atendidas mediante unha redistribución de funcións dos efectivos existentes e dentro das limitacións orzamentarias previstas, e que, unha vez valorada polos responsables de xestión a duración prevista da devandita situación, resulten absolutamente imprescindibles para o funcionamento do servizo.

Esta autorización conxunta non será necesaria nas seguintes substitucións:

a) Persoal docente, non docente e persoal laboral das categorías 65, 99 e 104 do grupo III, categorías 4 e 5 do grupo IV e categorías 1 e 11 do grupo V do V Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta, de centros docentes.

Para estes efectos, enténdense como centros docentes aqueles que impartan ensinanzas orientadas á obtención de titulacións académicas de formación regrada.

b) Persoal dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

c) Persoal da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.


- d) Persoal dos centros e das residencias de servizos sociais.
- e) Persoal adscrito ao Servizo de Defensa contra Incendios Forestais.
- f) Persoal veterinario que preste os seus servizos en matadoiros e lonxas ou nos servizos de Sanidade e Produción Animal dependentes das consellarías competentes en materia de medio rural e de mar.
- g) Persoal administrativo que preste os seus servizos nas oficinas de rexistro unificadas da Administración da Comunidade Autónoma.
- h) Persoal laboral e persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.
- i) Persoal adscrito ao sistema integrado de Emerxencias e Protección Civil.
- j) Persoal que se encontre en situación de permiso por parto, adopción ou acollemento ou permiso de paternidade, así como na situación de excedencia por coidado de familiares ou fillos ou fillas menores.
- k) Persoal laboral de remuda substituto do xubilado parcial ou especial, independentemente da natureza xurídica do posto que este desempeñe.
- l) Persoal que presta servizos nas unidades de exploración mamográfica do Programa galego de detección precoz do cancro de mama.

Catro.

1. Durante o ano 2022, no ámbito determinado neste artigo, poderá efectuarse o nomeamento de persoal funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal, segundo o previsto no artigo 23.2.c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, cos seguintes requisitos:

- a) O financiamento debe proceder ou ben de fondos da Unión Europea ou da Administración estatal, ou ben doutros ingresos con financiamento afectado.
- b) O nomeamento non poderá ter unha duración superior á de execución do programa, que, en todo caso, non superará os tres anos previstos na normativa básica, ampliables ata doce meses máis de o xustificar a duración do correspondente programa.

2. Poderanse realizar contratos de duración determinada por unha obra ou un servizo determinado para a execución de programas de actuación específica





cando o servizo que constitúa o seu obxecto deba ser desempeñado necesariamente por persoal pertencente a unha das categorías do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia e concorran, ademais, as seguintes circunstancias:

a) Que o servizo teña autonomía e substantividade propia dentro da actividade laboral da consellaría ou do órgano encargado da execución do programa.

b) Que a execución do programa sexa de duración incerta, pero teña unha clara natureza temporal.

c) Que no contrato se especifique con precisión e claridade o obxecto do servizo que as persoas contratadas deban desempeñar.

d) O financiamento debe proceder de ingresos con financiamento afectado.

e) Xunto coa solicitude de autorización conxunta, acompañarase unha copia do instrumento mediante o que se aprobe o programa de actuación específica e unha proposta da cláusula específica do contrato de traballo que se pretenda formalizar, na cal se precise de forma clara e concreta o obxecto do contrato, previamente informada polos servizos xurídicos da consellaría ou do organismo, no que tamén se manifestará sobre a adecuación da modalidade contractual.

3. Non se poderá ocupar en ningún caso as persoas contratadas ao amparo da execución destes programas de carácter específico en tarefas distintas das que constitúa o obxecto do programa nin por máis tempo do que requira a execución do programa.

4. Nin o persoal funcionario interino nin o persoal laboral contratado ao amparo destes programas ocupará prazas da relación de postos de traballo, axustándose a súa selección e nomeamento ao procedemento establecido polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento do persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia ou norma que o substitúa.


5. Os nomeamentos ou as contratacións para a execución destes plans requirirán unha autorización conxunta dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e función pública. Para estes efectos, deberase remitir unha memoria xustificativa e unha valoración económica.

Artigo 14. Contratación de persoal estatutario temporal no ámbito da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos e axencias públicas

Un. Durante o ano 2022 non se procederá ao nomeamento de persoal estatutario temporal no ámbito a que se refiren as alíneas b) e d) do artigo 11.un desta lei, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que afecten o funcionamento dos servizos públicos.

Dous. Estes nomeamentos non requirirán autorización previa da dirección xeral competente en materia de orzamentos. Porén, deberán ser comunicados con carácter mensual á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos. Xunto coa relación achegarse unha memoria explicativa que xustifique a necesidade urxente e inaprazable e o carácter imprescindible para o funcionamento do servizo.

Tres. De conformidade co establecido neste artigo, a aplicación dos pactos e acordos que prevexan medidas relativas á cobertura das ausencias do persoal das institucións sanitarias deberá respectar o carácter absolutamente imprescindible das substitucións transitorias do persoal. En consecuencia, serán os órganos de xestión das institucións sanitarias os que, atendendo ás necesidades asistenciais, determinarán as medidas axeitadas para manter a cobertura asistencial, adecuándose, asemade, aos principios e criterios de responsabilidade na xestión do gasto e de eficiencia na asignación e o emprego dos recursos públicos, atendendo a situación económica e o cumprimento do principio de sustentabilidade financeira, consonte o preceptuado na Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.





Artigo 15. Contratación de persoal laboral de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos

Un. Durante o ano 2022, no ámbito a que se refiren as alíneas b) e d) do artigo 11.un desta lei, así como nas entidades a que se refire a alínea 5 da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, poderán formalizarse contratacións de persoal de carácter temporal para realizar obras ou servizos, sempre que se dea a concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras pola administración de acordo co disposto na lexislación de contratos do sector público, ou a realización de servizos que teñan a natureza de investimentos.
- b) Que tales obras ou servizos correspondan a investimentos previstos e aprobados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- c) Que pola natureza das obras ou dos servizos non poidan ser executados por persoal fixo.
- d) Que se refiran a obras e proxectos concretos.

Do cumprimento dos anteriores requisitos deberase deixar constancia no correspondente expediente de contratación.

Dous. Os contratos teranse que formalizar seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos traballadores e conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Nos contratos farase constar a obra ou o servizo para cuxa realización se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre os contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, que puideren derivar no recoñecemento como persoal laboral indefinido non fixo, poderán dar lugar á existencia de responsabilidades, segundo o artigo 122 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Tres. A realización destes contratos será obxecto de fiscalización previa nos casos en que esta resulte preceptiva, de conformidade co establecido nos



artigos 94 ao 117 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro. A intervención delegada do departamento ou órgano equivalente certificará, despois da proposta fundamentada do xestor, que existe crédito adecuado e abondo na aplicación orzamentaria que corresponda, computado sempre na súa proxección anual.

Catro. A contratación poderá exceder o exercicio orzamentario cando se trate de obras ou servizos que pasen máis alá do devandito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevén no artigo 58 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Cinco. O servizo xurídico do departamento ou organismo emitirá un informe sobre os contratos con carácter previo á súa formalización, e en especial pronunciarase sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e das formalidades exixidos pola lexislación laboral.

Seis. Durante o ano 2022, no ámbito a que se refire o punto un, requirirán un informe favorable da dirección xeral competente en materia de avaliación e reforma administrativa e mais unha autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos as contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos e os contratos de persoal investigador de carácter laboral baixo algunha das modalidades específicas recollidas no artigo 20 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, así como baixo a modalidade de proxectos específicos de investigación científica e técnica consonte o artigo 15.1.a) do Estatuto dos traballadores.

Sete. O gasto xerado polas contratacións reguladas neste artigo, incluído o das suxeitas normativamente ao Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial de artistas en espectáculos públicos, así como do persoal temporal asociado a proxectos de investigación, imputarase ao concepto correspondente dos artigos 13 e 16 no programa e na consellaría ou organismo de que se trate, sen prexuízo de que se financie con cargo aos respectivos créditos de investimentos, para cuxos efectos poderán realizarse as modificacións de crédito correspondentes.

Artigo 16. Contratación de persoal temporal no ámbito das restantes entidades públicas instrumentais

Un. Durante o ano 2022, no ámbito a que se refiren as alíneas c), f), g), h) e i) do artigo 11.un desta lei, poderán realizarse, sen necesidade da autorización conxunta a que se refire o punto seis do artigo 12 desta lei, en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que non poidan ser atendidas mediante uns procesos de reestruturación dos efectivos existentes, contratacións de novo persoal laboral temporal e nomeamentos de persoal funcionario interino así como de persoal estatutario temporal para a cobertura de postos vacantes e substitucións transitorias cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano 2022 nos seguintes ámbitos:

a) Persoal que preste servizo nas unidades asistenciais das sociedades sanitarias e fundacións sanitarias.

b) Persoal dos centros e das residencias de servizos sociais.

Dous. Durante o ano 2022, no ámbito determinado no punto un, poderanse realizar, con carácter excepcional, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, tras a debida xustificación motivada da entidade solicitante de que a cobertura resulta absolutamente imprescindible e de que a necesidade non pode ser satisfeita mediante unha redistribución de funcións dos efectivos existentes, as seguintes contratacións:

– contratacións de persoal laboral temporal na modalidade de obra ou servizo determinado


– contratacións de persoal laboral temporal na modalidade de acumulación de tarefas.

Para estes efectos, deberase remitir unha memoria xustificativa da necesidade da contratación solicitada e da adecuación da modalidade contractual. Así mesmo, incluírase unha memoria económica en que se valoren todos os aspectos económicos da solicitude e da forma de financiamento.

Tres. Os contratos teranse que formalizar seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos traballadores e conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Nos contratos farase constar a obra ou o servizo para cuxa realización se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como

o resto das formalidades que impón a lexislación sobre os contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, que puideren derivar no recoñecemento como persoal laboral indefinido non fixo, poderán dar lugar á exixencia de responsabilidades, segundo o artigo 122 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Catro. Con periodicidade mensual deberase remitir á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos a información referida a todas as contratacións realizadas durante o período pola entidade, independentemente da modalidade contractual e da súa duración.




Artigo 17. Contratación de persoal vinculado a encomendas de xestión ou a encargos a medio propio.

Durante o ano 2022 as encomendas de xestión ou os encargos a medio propio que realicen a Administración da Xunta de Galicia, os seus organismos autónomos ou as axencias públicas ás entidades a que se refiren as alíneas f), h) e i) do artigo 11.un desta lei non poderán supoñer a contratación de persoal temporal por parte das ditas entidades con cargo ás contías recibidas como contraprestación da realización das encomendas de xestión ou dos encargos a medio propio.

Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as contratacións de persoal temporal que estiveren previstas no programa de actuación, investimento e financiamento.

Esta limitación non será aplicable a proxectos financiados con fondos finalistas do Estado e da Unión Europea.





CAPÍTULO II Dos réximes retributivos

Artigo 18. Retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo

Un. No ano 2022 as retribucións do presidente, vicepresidente e conselleiros e conselleiras experimentarán un incremento do 2% respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo da percepción de catorce mensualidades da retribución por antigüidade e dunha contía equivalente á retribución adicional ao complemento de destino que lles poida corresponder de conformidade coa normativa vixente, polo que quedan establecidas nas seguintes contías:

- presidente da Xunta de Galicia: 79.651,68 euros
- vicepresidentes e conselleiros e conselleiras: 69.517,32 euros.

Dous. No ano 2022 as retribucións dos altos cargos non experimentarán un incremento superior ao 2 por cento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo da percepción de catorce mensualidades da retribución por antigüidade e dunha contía equivalente á retribución adicional ao complemento de destino que lles poida corresponder de conformidade coa normativa vixente, polo que quedan establecidas nas seguintes contías:

- secretarios e secretarias xerais, secretarios e secretarias xerais técnicos, directores e directoras xerais, delegados e delegadas territoriais e asimilados: 61.493,74 euros.

Tres. No ano 2022 as retribucións dos membros do Consello de Contas non experimentarán un incremento superior ao 2 por cento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021, polo que quedan establecidas nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

- conselleiro ou conselleira maior: 73.979,16 euros
- conselleiros e conselleiras: 69.517,32 euros.

Catro. No ano 2022 as retribucións dos membros do Consello Consultivo de Galicia non experimentarán un incremento superior ao 2% respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021, polo que quedan establecidas nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:


- presidente ou presidenta: 73.979,16 euros
- conselleiros e conselleiras: 69.517,32 euros.

Cinco. No ano 2022 as retribucións dos membros do Consello da Cultura Galega non experimentarán un incremento superior ao 2% respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021, polo que quedan establecidas nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

- presidenta ou presidente: 73.979,16 euros.

Seis. No ano 2022 as retribucións do persoal directivo a que se refire o artigo 7 do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, do restante persoal previsto nese decreto e dos altos cargos das entidades públicas instrumentais de consulta e asesoramento, non experimentarán un incremento superior ao 2% con respecto ás retribucións vixentes o 31 de decembro de 2021.

Sete. Agás aqueles supostos en que, por estar así previsto na normativa reguladora da entidade, sexan nomeados por un decreto do Consello da Xunta de Galicia, a provisión de postos directivos das entidades instrumentais do sector público autonómico que non deban ser cubertos necesariamente por persoal funcionario requirirán da autorización conxunta dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e función pública. Para estes efectos, deberase achegar un borrador do contrato que se vai formalizar.




Artigo 19. Complemento persoal

O persoal designado para ocupar postos incluídos nos anexos de persoal dos orzamentos da Administración xeral, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas que dean lugar á consideración de alto cargo e que no momento do seu nomeamento manteña unha relación de empregado público con algunha administración pública non poderá percibir unhas retribucións inferiores ás que tiña asignadas no posto de procedencia.

Cando se produza esa circunstancia, e durante o tempo que permaneza nela, o persoal indicado terá dereito a percibir un complemento persoal equivalente á diferenza entre a totalidade dos conceptos retributivos, básicos e complementarios, do posto de orixe, con exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións do mesmo carácter que lle correspondan polo posto que ocupe na Administración autonómica galega.

O recoñecemento do dereito á percepción deste complemento será realizado en cada caso pola Dirección Xeral da Función Pública.




Artigo 20. Retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior

As retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior para o ano 2022 quedan establecidas nas seguintes contías, sen prexuízo do dereito ás indemnizacións, ás axudas de custo e á aplicación de coeficientes por razón de servizo que poidan corresponderlles por residencia no estranxeiro:

- delegado ou delegada da Xunta de Galicia en Bos Aires: 61.493,74 euros
- delegado ou delegada da Xunta de Galicia en Montevideo: 52.236,16 euros.

Así mesmo, terán dereito a percibir os trienios que poidan ter recoñecidos como persoal funcionario e persoal ao servizo das administracións públicas.





Artigo 21. Criterios retributivos en materia de persoal funcionario

Un. As retribucións que percibirá no ano 2022 o persoal funcionario da Comunidade Autónoma no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos termos da disposición derradeira cuarta do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, que desempeña postos de traballo para os que o Goberno da Comunidade Autónoma aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na devandita lei, serán as seguintes:

a) O soldo e os trienios, nas nóminas ordinarias de xaneiro a decembro de 2022, que correspondan ao grupo ou subgrupo en que se atope clasificado o corpo ou a escala a que pertenza a persoa funcionaria, coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Grupo/subgrupo Real decreto legislativo 5/2015	Soldo	Trienio
A1	14.864,16	572,04
A2	12.852,72	466,56
B	11.235,00	409,32
C1	9.650,28	353,16
C2	8.031,60	240,36
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro)	7.351,08	180,96

b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano e se percibirán de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1989. O importe de cada unha destas pagas será a suma do soldo e dos trienios establecidos a continuación e dunha mensualidade de complemento de destino:



Grupo/subgrupo Real decreto legislativo 5/2015	Soldo	Trienio
A1	764,37	29,43
A2	781,15	28,35
B	809,20	29,50
C1	695,06	25,41
C2	663,20	19,83
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro)	612,59	15,08

Cando o persoal funcionario preste unha xornada de traballo reducida durante os seis meses anteriores aos meses de xuño e decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

c) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Importe
30	12.983,88
29	11.645,88
28	11.156,52
27	10.666,32
26	9.357,96
25	8.302,56
24	7.812,72
23	7.323,60
22	6.833,40
21	6.344,40
20	5.893,32
19	5.592,60
18	5.291,64
17	4.990,44
16	4.690,20



Nivel	Importe
15	4.388,76
14	4.088,40
13	3.787,08
12	3.486,00
11	3.184,80
10	2.884,32

d) O complemento específico anual que, se é o caso, estea fixado ao posto que se desempeñe. Este complemento específico anual percibirase en catorce pagas iguais, das que doce serán de percepción mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro, respectivamente.

e) A retribución adicional ao complemento de destino, que corresponda ao grupo ou subgrupo en que se atope clasificado o corpo ou a escala a que pertenza a persoa funcionaria.

f) O complemento de produtividade que, se é o caso, se destine a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou a iniciativa con que o persoal funcionario desempeñe o seu traballo, nos termos establecidos na disposición transitoria décima da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O complemento de produtividade establecerase de acordo con criterios obxectivos que aprobe o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría correspondente e logo do informe da Dirección Xeral da Función Pública, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, unha vez escoitados os órganos de representación do persoal. Os complementos de produtividade débense facer públicos nos centros de traballo.

As contías asignadas polo complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

g) As gratificacións por servizos extraordinarios.

Estas gratificacións serán concedidas logo da autorización do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría respectiva, cando a súa contía

exceda, para todo o exercicio 2022, de oitenta mil euros, considerando de forma conxunta cada consellaría e os seus organismos e axencias. No caso contrario, a súa autorización corresponderá á consellaría.

En todo caso, as devanditas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas polos servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo, sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas na súa devindicación.

Tamén terán tal consideración as compensacións económicas a que se refire o artigo 137.2.d) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

h) Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 10 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1989.

Estes complementos persoais e transitorios serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza no ano 2022, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo. Non se considerarán en ningún caso os trienios, a retribución adicional, o complemento de produtividade nin as gratificacións por servizos extraordinarios para estes efectos.

Incluso no caso de que o cambio de posto de traballo determine unha diminución das retribucións se manterá o complemento persoal transitorio fixado ao se producir a aplicación do novo sistema, á absorción do cal se lle imputará calquera mellora retributiva ulterior, mesmo a que poida derivar do cambio de posto de traballo.

Dous. O persoal funcionario interino incluído no ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, percibirá a totalidade das retribucións básicas, incluídos os trienios e as pagas extraordinarias, e a totalidade das retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo para o cal sexa nomeado, excluído o que estea vinculado á condición de persoal funcionario de carreira.

Tres. O complemento de produtividade poderáselles atribuír, se é o caso, ao persoal funcionario interino ao que se refire o punto anterior, así como ao persoal funcionario en prácticas cando estas se realicen desempeñando un posto de traballo e estea autorizada a aplicación do devandito complemento ao persoal funcionario que desempeñe análogos postos de traballo, agás que



ese complemento estea vinculado á condición de persoal funcionario de carreira.

Catro. Na Administración da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas, nos casos de adscrición durante o ano 2022 de persoal funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ao posto de traballo a que se adscribe, o devandito persoal funcionario percibirá as retribucións que correspondan ao posto de traballo que desempeñe, logo da oportuna asimilación que autorice a Dirección Xeral da Función Pública por proposta das consellarías interesadas.

Só para os efectos da asimilación a que se refire o parágrafo anterior, a Dirección Xeral da Función Pública poderá autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe do persoal funcionario.


A Dirección Xeral da Función Pública comunicará estas autorizacións á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para o seu coñecemento.

Artigo 22. Criterios retributivos en materia de persoal laboral

Un. A masa salarial do persoal laboral dos entes e organismos que se indican no punto un do artigo 11 desta lei, e que se adecuará ao establecido no seu punto dous, estará integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariais devindicadas polo dito persoal no ano 2022.

Exceptúanse en todo caso:

- a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- b) As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.
- c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.
- d) As indemnizacións ou os suplidos por gastos que teña que realizar o traballador ou a traballadora, agás sentenza xudicial que así o determine.
- e) Os gastos de acción social, que, conforme a normativa básica, sen prexuízo do establecido no artigo 11. Dous determinaranse en termos de homoxeneidade respecto ao número de efectivos. A este respecto, considérase que os gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos ou melloras distintos ás contraprestacións polo traballo realizado, cuxa finalidade é satisfacer determinadas necesidades como consecuencia de circunstancias persoais dos traballadores e das traballadoras.



As variacións da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade respecto dos dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos reais do persoal laboral e antigüidade deste como ao réxime privativo de traballo, xornada legal ou contractual, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, co que se computarán, en consecuencia, por separado as cantidades que correspondan á variación de tales conceptos. Con cargo á masa salarial así obtida para o ano 2022 deberase satisfacer a totalidade das retribucións do persoal laboral derivadas dos convenios ou acordos colectivos que se subscriban no ano 2022 e todas as que se produzan ao longo do exercicio, agás as que lle corresponde devindicar ao devandito persoal no citado ano polo concepto de antigüidade.

As indemnizacións ou os suplidos deste persoal non poderán experimentar un crecemento con respecto ao ano 2021.



Dous. As retribucións do persoal laboral ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia delimitado no punto un do artigo 11 desta lei non experimentarán un incremento global superior ao 2 por cento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021.

Artigo 23. Retribucións do persoal ao servizo das institucións sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia

Un. En aplicación do previsto na disposición transitoria sexta.1.a) da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino nas contías sinaladas para os devanditos conceptos retributivos nas alíneas a), b) e c) do artigo 21.un.

O importe anual das retribucións correspondentes ao complemento específico, ao complemento de produtividade fixa, ao complemento de atención continuada e ao complemento de penosidade, responsabilidade e dificultade e mais á carreira profesional que, se é o caso, lle corresponda ao referido persoal experimentarán un incremento do 2 por cento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021.

A contía individual do complemento de produtividade determinarase conforme os criterios sinalados no artigo 2.tres.c) e mais na disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987 e no artigo 43.2 da Lei 55/2003, así como nas demais normas ditadas para o seu desenvolvemento.

Dous. As retribucións do restante persoal estatutario, funcionario e laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde non experimentarán un incremento superior ao 2 por cento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021.

Tres. Nos supostos de pactos e acordos que establezan a asignación de conceptos retributivos ligados á prestación dunha xornada complementaria ou adicional á fixada nos propios acordos como xornada ordinaria, o aboamento dos ditos conceptos requirirá a acreditación da prestación efectiva dos servizos.

Non se poderán satisfacer en ningún caso percepcións retributivas ou asignacións económicas, incluíndo as suplementarias ou mediadas, derivadas de atención continuada, gardas ou concepto equivalente cando non exista unha prestación efectiva dos servizos motivada por situacións de incapacidade temporal, agás naqueles supostos expresamente recollidos nunha norma con rango de lei.




Catro. Coa finalidade de diferenciar o concepto retributivo de gardas médicas de servizos xerarquizados do concepto de módulo de actividade para o persoal que resulte exento de ditas gardas, determínase que no ano 2022 a retribución correspondente a cada módulo de actividade, de catro horas en réxime de presenza física, efectivamente realizado polo persoal facultativo de atención hospitalaria exento de gardas, queda establecida na contía de 176,64 €.

Cinco. Os requisitos para a modificación das retribucións do persoal a que se refire este artigo serán os establecidos no artigo 29 desta lei.

Artigo 24. Retribucións do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza

Un. O persoal funcionario dos corpos ao servizo da Administración de xustiza que desempeñe as súas funcións no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia percibirá as retribucións que se determinen na Lei de orzamentos xerais do Estado e na demais normativa que lle sexa aplicable.

Dous. Os complementos e as melloras retributivas reguladas nas disposicións ou nos acordos adoptados polos órganos da Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias verbo deste persoal non experimentarán un incremento superior ao 2 por cento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo dos acordos autorizados polo Consello da Xunta de Galicia no ano 2020.





Artigo 25. Criterios retributivos aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma non incluído nos artigos anteriores

Un. No ano 2022 as retribucións básicas e as complementarias de carácter fixo e periódico do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma non incluído nos artigos anteriores experimentarán un incremento do 2 por cento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo, se é o caso, da adecuación destas últimas cando sexa necesario para asegurar que a retribución total de cada posto de traballo garde a relación procedente coa súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade e penosidade.

Dous. O conxunto das restantes retribucións complementarias, se é o caso, experimentará un incremento do 2 por cento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo das modificacións que deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para aquel e do resultado individual da súa aplicación.

Tres. Os complementos persoais e transitorios e as demais retribucións que teñan análogo carácter rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei.

Catro. As indemnizacións por razón do servizo rexeranse pola súa normativa específica.


Cinco. As prestacións familiares establecidas pola normativa específica do réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, das Forzas Armadas e da Administración de xustiza, extensiva, preceptivamente, a determinado persoal funcionario da Comunidade Autónoma, liquidaráselles ás persoas beneficiarias conforme o que determinen as leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou calquera outra disposición que as regule.

Artigo 26. Complemento persoal das vítimas de violencia de xénero

O persoal ao que lle sexa adxudicado provisionalmente un posto de traballo noutra administración pública por razón de violencia de xénero non poderá percibir retribucións inferiores ás que teña asignadas no posto de traballo que desempeñaba na Xunta de Galicia.

Cando se produza esta circunstancia, o persoal terá dereito a percibir un complemento persoal equivalente á diferenza entre a totalidade dos conceptos retributivos, básicos e complementarios, do posto de orixe, con exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións que lle correspondan polo posto que ocupe na administración de destino.

O recoñecemento do dereito á percepción deste complemento realizarao en cada caso a Dirección Xeral da Función Pública, e será aboado pola consellaría en que desempeñaba o posto de traballo desde o que se traslada.





CAPÍTULO III

Outras disposicións en materia de réxime de persoal activo

Artigo 27. Prohibición de ingresos atípicos

O persoal comprendido dentro do ámbito de aplicación desta lei, con excepción daquel sometido ao réxime de arancel, non poderá percibir ningunha participación nos tributos, nas comisións ou noutros ingresos de calquera natureza que correspondan á administración ou a calquera poder público como contraprestación de calquera servizo ou xurisdición, nin participación ou premio en multas impostas aínda que estean normativamente atribuídas a el, debendo percibir unicamente as remuneracións do correspondente réxime retributivo, sen prexuízo do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades e do disposto na normativa específica sobre o gozo de vivenda por razón do traballo ou cargo desempeñado.

Artigo 28. Relacións de postos de traballo

Un. As relacións de postos de traballo poderanse modificar para executar as sentenzas xudiciais firmes de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo que requiran a creación de postos de traballo, por non poder adscribir os afectados a un posto preexistente que estea vacante sen ocupación. Este posto preexistente deberá ser acorde coa natureza funcionarial ou laboral en relación coas funcións asignadas pola sentenza xudicial firme para poder adscribir a el o persoal afectado.

Con carácter xeral, os postos de traballo de carácter administrativo da Administración da Comunidade Autónoma serán creados como de persoal funcionario, agás que pola natureza das súas funcións teñan que ser creados para ser desempeñados por persoal laboral, de acordo co que establece a normativa de función pública.

A súa creación propoñerase no prazo máximo de tres meses, contados a partir da data de firmeza da sentenza xudicial, e, logo de se crear o posto, adscribirase provisionalmente a el a persoa afectada pola sentenza e procederase seguidamente á súa cobertura mediante os sistemas de selección e provisión legalmente establecidos.

Malia o anterior, as consellarías e os seus organismos dependentes poderán propoñer mediante a correspondente modificación da relación de postos de traballo a amortización daqueles postos de traballo que consideren que non son necesarios para o cumprimento das funcións que teñen asignadas.

Dous. As relacións de postos de traballo vixentes o 1 de xaneiro do ano 2022 deberanse modificar para as axustar ás previsións orzamentarias que se deducen do anexo de persoal desta lei, sen que mentres tanto se poidan prover, provisional ou definitivamente, aqueles postos para os que non estea prevista dotación no dito anexo. Mentres non se realicen as mencionadas adaptacións, os códigos de liña orzamentaria do anexo de persoal só poderán ter asignados créditos para dotacións de postos de traballo, para substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos específicos.



Artigo 29. Requisitos para a determinación ou modificación das retribucións do persoal laboral e non funcionario

Un. Será necesario un informe favorable, emitido conxuntamente pola Dirección Xeral da Función Pública e pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, para determinar ou modificar as condicións retributivas do persoal non funcionario e laboral ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia delimitado no punto un do artigo 11 desta lei.

Dous. Con carácter previo ás negociacións de convenios ou acordos colectivos que se subscriban no ano 2022, deberase solicitar da Consellería de Facenda e Administración Pública a correspondente autorización de masa salarial, que cuantifique o límite máximo das obrigas que poidan contraerse como consecuencia dos ditos pactos, achegando para o efecto a certificación das retribucións salariais satisfeitas e devindicadas durante o ano 2021.

Cando como consecuencia de convenios ou acordos colectivos resulte a obriga de recoñecementos de complementos persoais de carácter transitorio, deberase establecer que estes complementos serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza nos exercicios sucesivos, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo. Non se considerarán en ningún caso o complemento de antigüidade, o complemento de produtividade nin as horas extraordinarias para estes efectos.

Cando se trate de persoal non suxeito a un convenio colectivo cuxas retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante un contrato individual, deberanse comunicar á Consellería de Facenda e Administración Pública as retribucións satisfeitas e devindicadas durante o ano 2021.

Para a determinación das retribucións de postos de traballo de nova creación abastará coa emisión do informe a que se refire o punto un deste artigo.

Tres. Para os efectos dos puntos anteriores, entenderanse por determinación ou modificación das condicións retributivas do persoal non funcionario as seguintes actuacións:

- a) A determinación das retribucións dos postos de nova creación.
- b) O asinamento de convenios colectivos subscritos polos organismos sinalados no punto un anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.



c) A aplicación de convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.

d) A fixación de retribucións mediante un contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por un tempo determinado, cando non veñan reguladas en todo ou en parte mediante un convenio colectivo.

e) O outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral con carácter individual ou colectivo, aínda que deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos.

f) A determinación das retribucións correspondentes ao persoal contratado no exterior.

Catro. Co fin de emitir o informe sinalado no punto un deste artigo, as consellarías, os organismos e os entes remitirán á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos o correspondente proxecto, con carácter previo ao seu acordo ou asinamento no caso dos convenios colectivos ou contratos individuais, xunto coa achega da valoración de todos os seus aspectos retributivos.

Cinco. O sinalado informe será realizado no prazo máximo de quince días, que se contarán desde a data da recepción do proxecto e da súa valoración, e versará sobre todos aqueles extremos dos que deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 2022 como para exercicios futuros, e especialmente no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ao control do seu crecemento.

Seis. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios ao que determinen as futuras leis de orzamentos.

Sete. Non se poderán autorizar gastos derivados da aplicación das retribucións para o ano 2022 sen o cumprimento dos requisitos establecidos neste artigo.

Artigo 30. Persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma


Un. Nos contratos laborais do persoal de alta dirección das entidades a que se refire este artigo non se poderán fixar indemnizacións, por razón da extinción da relación xurídica coa entidade correspondente, de contía superior á fixada na lexislación reguladora desta relación laboral de carácter especial.

Dous. As persoas titulares dos órganos executivos, a dirección ou a secretaría xeral, ou os cargos asimilados das entidades instrumentais sinaladas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, serán nomeadas e separadas libremente entre persoas que reúnan a cualificación necesaria para o cargo, segundo se determine no estatuto de cada entidade, agás naqueles supostos en que sexan nomeados por un decreto do Consello da Xunta de Galicia, por estar así previsto na normativa reguladora da entidade instrumental.

Tres. En tanto non se estableza o réxime xurídico específico do persoal directivo, o persoal funcionario de carreira ou estatutario fixo que desempeñe un posto de persoal directivo profesional nas entidades instrumentais do sector público autonómico, configurado como tal nas relacións de postos de traballo, e sempre que reúna os requisitos establecidos para cada posto, estará na situación administrativa que corresponda segundo o réxime xurídico que lle sexa aplicable.

O sistema de provisión para a cobertura dos ditos postos será a libre designación con convocatoria pública, de conformidade cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade; todo iso de acordo coa normativa de función pública.

Cando o nomeamento deste persoal para desempeñar un posto directivo nunha entidade instrumental do sector público autonómico non modifique a súa situación administrativa, a asimilación retributiva será a que lle corresponda conforme as contías previstas no anexo do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, sen prexuízo das que lle correspondan pola antigüidade e a retribución adicional ao complemento de destino a que teña dereito na súa condición de empregada ou empregado público en situación de servizo activo.






O nivel de complemento de destino que se tomará como referencia para a consolidación do grao persoal do persoal funcionario que desempeñe postos directivos profesionais será o que lle corresponda en función do cadro anexo á Orde da Consellería de Facenda do 19 de xuño de 2014, de conformidade coa clasificación da entidade e o nivel de responsabilidade do posto directivo.

Artigo 31. Nomeamento de profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá efectuar, nos centros docentes non universitarios, o nomeamento de profesorado interino con horarios de traballo inferiores aos establecidos con carácter xeral, que percibirá as retribucións básicas e complementarias de forma proporcional á xornada traballada.


A Consellería de Cultura, Educación e Universidade tratará de completar o horario docente do persoal interino, coa compartición, de ser necesario, de varios centros de ensino, para minimizar deste xeito o número de prazas ofertadas segundo o parágrafo anterior.

No caso de ser necesario o nomeamento para prazas a tempo parcial, daráselle preferencia para optar a estas ao profesorado que voluntariamente queira acceder a elas, sobre todo a aquelas persoas que aleguen necesidades de conciliación da vida familiar e laboral.



Artigo 32. Profesores e profesoras de corpos docentes

Sen prexuízo do establecido con carácter xeral no artigo 129 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e atendendo as peculiaridades do persoal docente, recoñecidas polo artigo 6.2 da referida lei, o profesorado do corpo docente previsto no ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá percibir ata o total das súas retribucións, tanto básicas como complementarias, cando sexa autorizado para o gozo de licenzas por estudos durante o curso escolar, nos supostos, os termos, os prazos e as condicións que determine a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, co informe favorable da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.






Artigo 33. Persoal eventual e de gabinete

Un. O persoal eventual de gabinete da Administración da Xunta de Galicia unicamente poderá ser adscrito aos departamentos en que figuren as persoas que formen parte do Consello do Goberno galego.

Dous. Prohíbese a contratación de persoal de gabinete por calquera das entidades instrumentais dependentes da Xunta de Galicia, así como por parte das súas delegacións territoriais.




CAPÍTULO IV Universidades

Artigo 34. Custos de persoal máximos das universidades de Galicia


Un. Consonte o establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos, autorízanse para o ano 2022 os custos do persoal docente e investigador e de administración e servizos das universidades do Sistema universitario de Galicia nas seguintes contías, expresadas en miles de euros:

	Masa salarial	Seguridade social	Total
Santiago Compostela	143.651	22.651	166.302
A Coruña	90.384	14.953	105.337
Vigo	96.189	14.925	111.114
Total	330.224	52.529	382.753

Este importe da masa salarial máxima inclúe o importe previsto para a aplicación, se é o caso, dun incremento global do 2 por cento no momento en que o habilite a normativa da Administración xeral do Estado.


Nas anteriores contías non está incluído o custo do persoal investigador de proxectos e contratos de investigación, nin o do persoal técnico de apoio contratado con cargo a eses proxectos e contratos.

Dous. As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia non experimentarán un incremento global superior ao do 2 por cento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021.



Artigo 35. Retribucións adicionais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia

O importe das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador, polos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora que, se é o caso, lle correspondan ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor non experimentarán un incremento global superior ao 2 por cento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021.



Artigo 36. Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal do Sistema universitario de Galicia

Un. As universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia, respectando as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, aplicarán a taxa de reposición máxima establecida na normativa básica ditada ao respecto e con suxeición aos límites e requisitos establecidos para os corpos de catedráticos e catedráticas de universidade e de profesores e profesoras titulares de universidade e mais ás prazas de persoal de administración e servizos.

As correspondentes ofertas de emprego público deberaas autorizar a Consellería de Facenda e Administración Pública, logo de acreditar que a oferta de emprego público das mencionadas prazas non afecta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade nin dos demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Dous. Dentro das contías máximas autorizadas no artigo 34 desta lei e de acordo co que dispón a normativa básica en materia de taxa de reposición de efectivos, as universidades do Sistema universitario de Galicia poderán proceder excepcionalmente á contratación de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables.

Substitúese o réxime de autorización previa conxunta polo de comunicación mensual que determinen as consellarías competentes en materia de universidades e orzamentos. Mediante unha resolución destes centros directivos poderase volver ao sistema anterior no caso de que non se realicen as mencionadas comunicacións ou se incumpran as condicións recollidas no parágrafo anterior para a subscripción destes contratos.





XUNTA
DE GALICIA

TÍTULO III
Operacións de endebedamento e garantía

CAPÍTULO I

Operacións de crédito

Artigo 37. Operacións de endebedamento por un prazo superior a un ano

Un. A posición neta debedora da Comunidade Autónoma poderase incrementar durante o ano 2022 nunha contía máxima equivalente ao 0,6 por cento do produto interior bruto da comunidade autónoma.

Para estes efectos, tomarase a posición neta debedora de todos os organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e demais entidades instrumentais de calquera condición que, conforme a normativa aplicable en materia de estabilidade orzamentaria, estean incluídos dentro do sector das administracións públicas e consoliden o seu endebedamento co da Comunidade Autónoma consonte as normas do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Co obxecto de optimizar a carga financeira global da Comunidade Autónoma, a posición neta debedora da Administración xeral poderá incrementarse coa finalidade de amortizar préstamos dos organismos, os entes e as sociedades indicados no parágrafo precedente, no mesmo importe que se amortice.

Dous. A posición neta debedora será efectiva ao termo do exercicio, poderá ser excedida no curso deste e quedará automaticamente revisada:

a) Polas desviacións que poidan xurdir entre as previsións de ingresos contidas nesta lei e a súa evolución real.

b) Nas contías necesarias para financiar as adquisicións de activos financeiros con destino a suxeitos non comprendidos no punto 1.b) do artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que poidan xurdir ao longo do exercicio.

c) Nas contías asumidas en concepto de débeda polas variacións na composición do sector da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais, como consecuencia de que entes que estaban nel considerados pasan a deixar de o estar ou viceversa, así como polo importe dos créditos comerciais e outras contas pendentes de pagamento financiadas mediante operacións de factoring sen recurso que deban rexistrarse contablemente como débeda financeira.



d) Na contía máxima do endebedamento autorizado na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia do último exercicio que non fose utilizado, sempre que estea dentro dos límites de endebedamento autorizados polos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira.

e) Polos anticipos reintegrables ou préstamos concertados con outras administracións públicas para o financiamento de investimentos incluídos en plans ou programas conxuntos.

f) Polos importes adicionais que se amparen nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira en materia de endebedamento.

Tres. No ámbito da Administración xeral, autorízase a persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública para formalizar as operacións de endebedamento a que se refire este artigo. A formalización poderá realizarse de maneira fraccionada, en función das necesidades de financiamento da Comunidade Autónoma. Estas operacións poderán instrumentarse mediante a emisión de débeda pública, a concertación de créditos ou calquera outro instrumento financeiro dispoñible no mercado.

Igualmente, facúltase para, de acordo coas respectivas normas de emisión ou contratación, ou de mutuo acordo cos acredores, acordar operacións de troco, conversión, amortización anticipada total ou parcial, substitución, refinanciamento ou modificar ou renegociar as operacións de endebedamento xa formalizadas, co obxecto de conseguir a xestión máis adecuada do conxunto do endebedamento da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, poderá acordar operacións con instrumentos financeiros derivados que permitan xestionar o risco ou a carga financeira da Comunidade Autónoma.

Cando co obxecto de optimizar a carga financeira derivada da débeda da Comunidade Autónoma se formalicen operacións de endebedamento que teñan por finalidade a amortización total ou parcial de operacións vivas contratadas con anterioridade, a contía das ditas amortizacións anticipadas non computará para os efectos do cálculo do límite a que se refire o artigo 30.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.



Artigo 38. Débeda da tesouraría

Un. A Comunidade Autónoma, para a atención de necesidades da Administración xeral, poderá concertar ou emitir operacións de débeda de tesouraría, por un prazo inferior a un ano, conforme o disposto no artigo 31 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, ata un importe que non supere o quince por cento da consignación que figura no orzamento da Administración xeral como ingresos correntes incondicionados, entendendo como tal a suma dos capítulos I, II e III e mais o concepto 400.

Dous. Autorízase a persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública a determinar as condicións concretas e a formalizar estas operacións de crédito ou emisión de débeda pública en calquera das súas modalidades.

Tres. Non obstante, atribúeselle ao director ou á directora xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos a facultade de acordar a disposición e o reembolso das operacións a que se refire este artigo.



Artigo 39. Endebedamento das entidades instrumentais do sector público

Un. Para que os organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas e as demais entidades instrumentais de calquera condición que, conforme a normativa aplicable en materia de estabilidade orzamentaria, estean incluídos dentro do sector das administracións públicas e consoliden o seu endebedamento co da Comunidade Autónoma consonte as normas do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais, así como calquera outra entidade incluída no sector de sociedades non financeiras dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, poidan concertar ou renovar calquera tipo de operación de endebedamento ou de cobertura sobre ela, ou modificar as condicións financeiras de operacións de endebedamento vixentes, deberán contar coa autorización da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Independentemente do anterior, no caso de operacións para atender necesidades transitorias de tesouraría, o seu saldo vivo o 31 de decembro de 2022 non poderá superar o saldo vivo o 31 de decembro do exercicio anterior, agás autorización expresa da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Dous. O Instituto Galego da Vivenda e Solo, como medida para facilitar o acceso á vivenda, poderá concertar coas entidades financeiras préstamos hipotecarios subrogables con destino ao financiamento de actuacións en materia de vivenda de promoción pública, sen que poidan establecerse cláusulas das cales deriven responsabilidades do referido instituto unha vez realizada a subrogación, sen prexuízo da previsión nos procedementos de execución hipotecaria, da cesión do remate ou da adxudicación por parte da entidade financeira executante a favor do Instituto Galego da Vivenda e Solo, cando sexa imprescindible para garantir o destino e o réxime legal da vivenda.

Así mesmo, no suposto de préstamos directos para a adquisición de vivendas concertadas entre as entidades financeiras e os adquirentes de vivendas de promoción pública ao abeiro dos convenios de financiamento asinados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e as ditas entidades, poderá establecerse, para os supostos de execución hipotecaria, a cesión do remate ou da adxudicación por parte da entidade financeira executante a favor do Instituto Galego da Vivenda e Solo, cando sexa imprescindible para garantir o destino e o réxime legal da vivenda.

Tamén poderá establecerse a cesión do remate ou da adxudicación por parte da entidade financeira executante a favor do Instituto Galego da Vivenda e Solo nos préstamos directos que se poidan formalizar entre as entidades



financeiras e os adxudicatarios e as adxudicatarias que, estando en réxime de alugamento, decidan adquirir as vivendas que foron cedidas en uso ao Instituto Galego da Vivenda e Solo por parte das entidades financeiras e pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. (Sareb), co obxecto de lles facilitar o acceso á propiedade ás actuais persoas adxudicatarias.

O importe dos créditos hipotecarios vivos no ano 2022 non poderá superar en ningún caso os vinte e catro millóns de euros, tendo en conta ademais que o volume da débeda viva na fin do exercicio non excederá o do 31 de decembro do ano anterior, agás con autorización expresa da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Tres. O réxime de autorización establecido nos puntos anteriores realizarase a través da dirección xeral competente en materia de política financeira.


As mencionadas entidades dependentes da Comunidade Autónoma deberán remitir á Consellería de Facenda e Administración Pública, a través da referida dirección xeral, nos primeiros quince días de cada trimestre, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a seguinte información relativa á fin do trimestre inmediato anterior:

- a) O detalle da situación de endebedamento, coa desagregación de cada operación financeira.
- b) O detalle das operacións financeiras activas.

Así mesmo, as citadas entidades estarán obrigadas a remitir calquera outra información requirida pola Consellería de Facenda e Administración Pública co obxecto de cumprir coas obrigas de subministración de información que veñan establecidas polo Estado e a Unión Europea.

Artigo 40. Outras operacións financeiras

A formalización de calquera operación de carácter financeiro non referida nos artigos precedentes, como instrumentos de leasing, factoring e outros, por parte dos órganos da Administración xeral e de calquera das entidades públicas instrumentais deberá contar coa correspondente autorización da Consellería de Facenda e Administración Pública, a través da dirección xeral competente en materia de política financeira.



CAPÍTULO II

Afianzamento por aval

Artigo 41. Avais

Un. Con carácter xeral e de conformidade co disposto no artigo 41 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o ano 2022 será de trinta millóns de euros.

Dous. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 44 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, autorízase a concesión de avais para a articulación dos instrumentos financeiros incluídos no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2022, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), coas características e beneficiarios que figuran nel e na súa normativa de aplicación.

Tres. Adicionalmente, poderase avalar o puntual e íntegro cumprimento de todas as obrigas financeiras e pecuniarias do Instituto Galego de Promoción Económica que puideren derivar dos contratos de financiamento asinados co Banco Europeo de Investimentos.

Nos primeiros quince días de cada trimestre, o Instituto Galego de Promoción Económica deberá remitir á Consellería de Facenda e Administración Pública, a través da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a información relativa ás disposicións, aplicacións e amortizacións efectuadas das operacións avaladas ante o Banco Europeo de Investimentos.

Catro. Consonte o disposto no artigo 45 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder durante o ano 2022 avais en contía que non supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de cincocentos millóns de euros.

Co obxecto de atender proxectos de axuda ao desenvolvemento no exterior, e dentro do saldo indicado no parágrafo anterior, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá avalar operacións de crédito ata trinta millóns de euros.



Por cada operación de aval e por cada liña ou programa de avais dotarase unha provisión para atender posibles falidos na contía que determine a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, ben en relación co importe da operación individual, ben en consideración ao montante total da liña ou do programa. O importe destas provisións destinarase ao Fondo de Garantía de Avais de acordo co sinalado na alínea i) do artigo 7 desta lei.

Nos primeiros quince días de cada trimestre o Instituto Galego de Promoción Económica deberá remitir á Consellería de Facenda e Administración Pública, a través da referida dirección xeral, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a información relativa aos avais existentes á fin do trimestre inmediato anterior.

Cinco.

a) O Consello da Xunta de Galicia, por proposta conxunta da persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública e da consellaría a que estea adscrito o Instituto Galego de Promoción Económica, poderá acordar, por instancia motivada do Instituto Galego de Promoción Económica e logo do pedimento dos interesados e do informe da consellaría correspondente por razón da materia, a novación das obrigas de reintegro derivadas da execución e do pagamento dos avais do Instituto Galego de Promoción Económica e mais a suspensión do exercicio das accións de regreso que ao abeiro do artigo 10.2 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica, corresponden á Comunidade Autónoma, cando se cumpran as seguintes condicións:

1ª) O exercicio da acción de regreso regulada no artigo 10.2 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica, afecta grave ou substancialmente o mantemento da actividade produtiva ou empresarial a que estean afectos os bens tomados en contragarantía dos avais, e a valoración que se efectúe da viabilidade económica da empresa permite considerar que a continuación da explotación é máis vantaxosa para a administración, por lle permitir recuperar nun maior grao o importe dos seus créditos.

2ª) A parte debedora deberá ofertar un calendario de pagamentos para o reintegro das cantidades debidas e garantir estes pagamentos con iguais garantías que as constituídas inicialmente conforme o previsto na normativa aplicable. O Instituto Galego de Promoción Económica poderá exixir garantías adicionais no suposto de que as inicialmente constituídas resulten insuficientes.



3ª) A novación xustificárase en atención á capacidade económica e as previsións de ingresos do titular dos bens, ao mantemento da actividade produtiva ou empresarial e do emprego vinculado a esta e mais ao valor actualizado dos bens dados en contragarantía. Complementariamente, teranse en conta circunstancias tales como a promoción de formas asociativas laborais ou outras consideracións socioeconómicas relevantes, que deberán ser debidamente motivadas. Esta novación poderá incluír a quitación ou a minoración do importe debido, ademais do adiamento do pagamento. A novación establecerá compromisos determinados en materia de mantemento de actividade e emprego, a cargo do beneficiario ou da beneficiaria.

b) O incumprimento do calendario de pagamentos establecido ou dos compromisos asumidos en materia de mantemento de actividade e emprego supoñerá a ineficacia do pacto novatorio e a obriga de reintegro á Administración autonómica do importe total inicialmente debido máis os xuros de mora correspondentes. Poderán establecerse, ademais, penalidades por incumprimento.

O incumprimento supoñerá tamén a incoación das accións de regreso que ao abeiro do artigo 10.2 do Decreto 284/1994 corresponden á Comunidade Autónoma.



XUNTA
DE GALICIA

TÍTULO IV
Xestión orzamentaria



Artigo 42. Intervención limitada

A contía a que se refire o artigo 97.1.a) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, queda establecida no importe fixado para ter a consideración de contratos menores de subministración na lexislación reguladora da contratación do sector público.

Artigo 43. Fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma

A intervención previa dos procedementos de contratación de operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma realizarase no momento procedemental inmediatamente anterior ao compromiso que se adquire co asinamento do contrato, comprobándose o cumprimento de todos os requisitos exixidos para aprobar e comprometer o gasto.






Artigo 44. Fiscalización de nomeamentos ou de contratos para substitucións de persoal

A fiscalización de nomeamentos e de contratos para substitucións de persoal por razóns de necesidade e de urxencia conxuntural realizarase con carácter previo á alta en nómina, mediante a verificación da adecuación do proceso de selección coa normativa vixente e da existencia de nomeamento ou de contrato, así como de crédito adecuado e abondo.

Artigo 45. Proxectos de gasto

Un. A Consellería de Facenda e Administración Pública poderá agregar as partidas de gasto corrente que constitúan un centro de custos en proxectos de gasto para os efectos de lles asignar obxectivos orzamentarios.


Dous. As modificacións dos programas de investimento que impliquen o inicio de novos proxectos ou a variación dos existentes requirirán a asignación dun novo código pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública, logo da tramitación da oportuna modificación polo órgano competente segundo o previsto no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.



Artigo 46. Autorización do Consello da Xunta de Galicia para a tramitación de determinados expedientes

Un. Requirirá unha autorización previa por parte do Consello da Xunta de Galicia a tramitación de expedientes de contratación e de encargos a medio propio cando o valor estimado ou o importe do gasto, respectivamente, sexa superior a catro millóns de euros.

Dous. A tramitación de expedientes que comporte a modificación de convenios que fosen previamente autorizados polo Consello da Xunta de Galicia requirirá autorización previa do mesmo órgano. Porén, non será precisa esta autorización cando a modificación non supoña unha alteración do obxecto nin comporte un incremento do importe total das obrigas de contido económico asumidas polas entidades do sector público autonómico ou no número de exercicios orzamentarios aos que se imputan as ditas obrigas, sempre que a distribución do importe correspondente a cada exercicio respecte os límites a que fai referencia o artigo 58.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.



Artigo 47. Transferencias de financiamento


Un. Teñen a consideración de transferencias de financiamento as achegas en diñeiro nominativas a favor dos organismos e das entidades vinculadas ou dependentes da Administración da Comunidade Autónoma destinadas a financiaren global ou parcialmente a súa actividade con carácter indiferenciado.

Dous. As achegas de natureza corrente deberanse librar con carácter mensual por doceavas partes, no caso de que se financien con fondos propios da Comunidade Autónoma. No caso de que se financien con fondos finalistas, as achegas realizaranse atendendo ao ritmo de execución do gasto destes fondos nos organismos ou entidades.

Tres. As achegas de capital libraranse atendendo o ritmo de execución do gasto de capital da entidade.

Catro. Os convenios que se formalicen para regular o réxime de libramentos das transferencias de financiamento non precisarán da autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.


Cinco. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante o uso das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e mais nas normas que a desenvolven.



Artigo 48. Xestión dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

No marco da xestión dos fondos provenientes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro, cando a entidade executora do expediente financiado co Mecanismo non coincida co órgano xestor, segundo a terminoloxía das Ordes HFP/1031/2021 e HFP/1030/2021, de 29 de setembro, a asignación de recursos para executar os expedientes de gasto deberá articularse mediante acordo interno no que se concreten:


- a) O código identificador único do subproxecto ou liña de acción asignado polo sistema de información de xestión e seguimento.
- b) A fonte ou fontes de financiación.
- c) Os fitos e obxectivos.
- d) Os indicadores.
- e) As partidas orzamentarias da entidade executora a través das que se financia o subproxecto ou actuación.
- f) Unha descrición breve da finalidade que se pretende acadar.
- g) As datas de inicio e finalización.
- h) Custo estimado.
- i) Outra información relevante.



Artigo 49. Subvencións nominativas

Un. Non poderán incrementarse os créditos previstos nesta lei para subvencións nominativas.

Dous. Os convenios ou as resolucións en que se estableza a concesión de subvencións nominativas regularán así mesmo o réxime de xustificación, pagamentos e anticipos que, se é o caso, se poidan librar. Estes convenios ou resolucións só necesitarán a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia cando de xeito excepcional, logo da xustificación da súa ineludible necesidade, prevexan un pagamento á conta ou un anticipo superior aos permitidos nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.






Artigo 50. Concesión directa de axudas e subvencións

A resolución de concesión de subvencións correntes e de capital que con carácter excepcional se realicen ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirá autorización do Consello da Xunta de Galicia cando a súa contía supere o importe de seis mil dez euros por beneficiario ou beneficiaria e ano, ou as concedidas por cada departamento da Administración autonómica excedan globalmente os sesenta mil cen euros no exercicio, exceptuadas as que vaian ser formalizadas mediante un convenio ou instrumento bilateral, ás cales lles será aplicable o réxime xeral previsto no artigo 26.3 da devandita Lei 9/2007. Os importes elevaranse a doce mil euros e cento vinte mil trescentos euros, respectivamente, para a sección 04, servizo 10, Secretaría Xeral da Presidencia.

Artigo 51. Simplificación da acreditación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social

De acordo co previsto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a obrigación de presentar a certificación que acredita o cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma poderá ser substituída pola declaración responsable da persoa solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos seguintes casos:

- a) As subvencións ou axudas que se concedan con cargo ao artigo 77 do orzamento de gastos, cando non superen por beneficiario ou beneficiaria e axuda o importe de mil cincocentos euros.
- b) As concedidas aos beneficiarios e ás beneficiarias para a mellora da condición de financiamento que se paguen a través das entidades financeiras correspondentes.
- c) As axudas que se concedan para incentivar a contratación de seguros no sector agrario e acuícola, amparados no Plan de seguros agrarios combinados.
- d) As axudas que se concedan con carácter de compensación ou indemnizatorio.




Artigo 52. Exoneración da obriga de constituír garantías para os beneficiarios e as beneficiarias de axudas e subvencións

De acordo co previsto no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, quedan exoneradas da constitución de garantía as universidades públicas e as entidades vinculadas ou dependentes delas.

Artigo 53. Pagamento das axudas e subvencións

O pagamento, mediante aboamentos mensuais, das bolsas que se concedan a persoas físicas beneficiarias directas, destinadas expresamente a financiaren estudos e investigación en centros públicos ou privados, poderá efectuarse de forma anticipada, con suxeición ao establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 54. Préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma

Un. Sen prexuízo da análise de riscos, competencia e responsabilidade do centro xestor do gasto, será preceptivo e vinculante o informe da Consellería de Facenda e Administración Pública para a concesión de préstamos con cargo aos créditos do capítulo VIII dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O citado informe terá por obxecto determinar o efecto que as condicións de concesión dos préstamos poidan ter sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e, atendendo as devanditas consideracións, determinará a procedencia da concesión das operacións propostas.

No suposto de préstamos que se vaian conceder a través de procedementos de concorrencia, o citado informe emitirase no momento anterior á aprobación da convocatoria.

Dous. As persoas beneficiarias dos préstamos deberán acreditar que se encontran ao corrente do pagamento das obrigas de reembolso de calquera outro préstamo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Corresponde ao centro xestor do gasto comprobar o cumprimento destas condicións con anterioridade ao pagamento, exixindo, cando non se poida acreditar doutro xeito, unha declaración responsable da persoa beneficiaria ou unha certificación do órgano competente de este ser unha administración pública.

Tres. Mediante unha orde da Consellería de Facenda e Administración Pública poderanse ditar as instrucións que sexan precisas para o cumprimento desta disposición.



Artigo 55. Expedientes de dotación artística

Para a aplicación do previsto no artigo 119 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a porcentaxe correspondente ao ano 2022 será do dous por cento, quedando excluídas da base de aplicación desta porcentaxe as obras por uns importes inferiores a cento vinte mil euros.

Artigo 56. Módulo económico de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados

Un. De acordo co establecido nas alíneas 2 e 3 do artigo 117 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o importe do módulo económico por unidade escolar, para os efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ao sostemento dos centros concertados para o ano 2022, é o fixado no anexo IV desta lei.

Dous. As retribucións do persoal docente terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2022, sen prexuízo da data en que se asinen as táboas salariais para o 2022 do Convenio colectivo de empresas do ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos. A Administración autonómica poderá aceptar pagamentos á conta, logo de solicitude expresa e coincidente de todas as organizacións patronais e de consulta coas sindicais, ata o momento en que se produza o asinamento das correspondentes táboas, considerándose que estes pagamentos á conta terán efecto desde o 1 de xaneiro de 2022.

As contías sinaladas para salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais, serán aboadas directamente pola administración, mediante o pagamento delegado, sen prexuízo da relación laboral entre o profesorado e o titular do centro respectivo. A distribución dos importes que integran os «Gastos variables» efectuarase de acordo co establecido nas disposicións reguladoras do réxime de concertos.

A administración só aboará as categorías funcionais directivas de director ou directora e xefe ou xefa de estudos do centro, así como os trienios destas dúas categorías. Non aboará ningunha outra categoría funcional directiva, e singularmente as denominadas «xefaturas de departamento», aínda que iso figure expresamente recollido no convenio colectivo vixente. No ano 2022 a Administración autonómica tampouco subscribirá acordos nin ditará instrucións ou resolucións para o aboamento da paga extraordinaria por antigüidade na empresa prevista no Convenio colectivo de empresas do ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos.

Os compoñentes do módulo destinados a «Outros gastos» e «Persoal complementario» terán efectos a partir do 1 de xaneiro de 2022.

As contías correspondentes ao módulo de «Outros gastos» aboaranse mensualmente, e os centros poden xustificar a súa aplicación ao rematar o



correspondente exercicio económico de forma conxunta para todas as ensinanzas concertadas do centro.

As contías correspondentes ao módulo de «Persoal complementario» tamén se aboarán mensualmente, e os centros deberán xustificar estes importes ao remate do exercicio económico e separadamente do módulo de «Outros gastos».

Tres. Os centros que impartan os catro cursos da educación secundaria obrigatoria serán dotados do financiamento dos servizos de orientación educativa. Esta dotación realizarase sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do ou da profesional axeitado para estas tarefas, en función do número de unidades de educación secundaria obrigatoria que teña concertadas o centro e ata un máximo de vinte e cinco horas por centro. Os custos da persoa orientadora, que se incluírán na nómina do pagamento delegado do centro, serán os correspondentes ao salario, os gastos variables e o complemento retributivo segundo o establecido nos módulos económicos por unidade escolar do primeiro e segundo cursos ou do terceiro e cuarto cursos de educación secundaria obrigatoria, respectivamente.

Catro. Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para fixar as relacións profesor ou profesora por unidade concertada adecuadas para impartir o plan de estudos vixente en cada nivel obxecto do concerto, calculadas con base nas xornadas de profesor ou profesora con vinte e cinco horas semanais.

A Administración non asumirá os incrementos retributivos, as reducións horarias ou calquera outra circunstancia que conduza a superar o previsto para cada centro nos correspondentes módulos económicos, segundo o establecido no anexo IV desta lei.

Cinco. A relación profesor ou profesora por unidade dos centros concertados poderá ser incrementada en función do número total de profesorado afectado polas medidas de recolocación que se viñesen adoptando ata o momento da entrada en vigor desta lei e se atopen en pagamento delegado.



XUNTA
DE GALICIA

TÍTULO V
Corporacións locais



CAPÍTULO I

Financiamento e cooperación económica coas corporacións locais

Artigo 57. Créditos asignados ás corporacións locais

O montante total dos créditos que se asignan ás corporacións locais nos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, derivados da súa participación no Fondo de Cooperación Local e da subscripción de convenios e da concesión de subvencións, ascende a 488.618.681 euros, coa distribución funcional que figura no anexo V.

Artigo 58. Dotación e distribución do Fondo de Cooperación Local

Un. Consonte o indicado na disposición adicional quinta da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, homoxeneizados como se indica no parágrafo seguinte, queda establecida no 2,3200880 por cento para o exercicio de 2022.

O índice de evolución correspondente á recadación dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, homoxeneizada coas variacións dos tipos impositivos estatais do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais comunicadas polo Estado ese exercicio, é positivo con respecto á de 2011, que é utilizada na determinación da porcentaxe de participación sinalada.

Ademais, de xeito extraordinario no exercicio 2022, para calcular o importe dos ingresos dos capítulos I e II non se terá en conta as contías das liquidacións do sistema de financiamento autonómico do imposto sobre a renda das persoas físicas, do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais do ano 2020.

En consecuencia, no ano 2022 repartirase un fondo adicional entre os concellos, e a porcentaxe de participación desagregase da forma seguinte:

- a) O 2,0808924 por cento corresponde ao fondo base.
- b) O 0,2391955 por cento corresponde ao fondo adicional.

Dous. O crédito orzamentario inicial destinado ao pagamento das entregas á conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma ascende a 125.958.864 euros, dos cales 112.972.806 euros corresponden ao fondo base e 12.986.058 euros ao fondo adicional.

Tres. Con anterioridade á repartición do fondo base deducirase un importe de 600.000 euros anuais, que se destinarán aos gastos de mantemento propios da Federación Galega de Municipios e Provincias. A cantidade restante será obxecto de distribución entre todos os concellos de Galicia, conforme os coeficientes que se establecen no anexo VI.

Catro. Consonte o acordo acadado na Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local, con anterioridade á repartición do fondo adicional deducirase un importe de



271.058 euros, que se destinará á Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxecto de actualizar as dotacións financiadoras dos seus gastos de funcionamento. O resto da dotación deste fondo repartirase en función dos seguintes criterios:

- cento corenta e cinco mil euros aos concellos con institucións penitenciarias no seu termo municipal.
- dous millóns catrocentos setenta mil euros aos concellos de menos de cincuenta mil habitantes que teñen que asumir os gastos de funcionamento dos centros de saúde da súa titularidade.
- novecentos mil euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos custos de mantemento dos conservatorios de grao medio.
- un millón cincocentos mil euros aos concellos resultantes dun proceso de fusión, en cumprimento do sinalado no artigo 13.un, alíneas a) e f), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia. A repartición deste importe realizarase nas condicións que estableza a consellaría competente en materia de Administración local.
- dous millóns setecentos mil euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal.
- dous millóns de euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa para a prevención de incendios.
- un millón dous centos mil euros aos concellos integrados no Plan de retirada sistemática de niños do tártago negro de patas amarelas (*Vespa velutina nigrithorax*).
- un millón oitocentos mil euros en función do gasto realizado polos concellos na renovación do parque municipal de motobombas contra incendios e en camiións de recollida de lixo. A repartición deste importe realizarase nas condicións que estableza mediante orde a consellaría competente en materia de Administración local que priorizará que sexan vehículos eficientes e sostibles.

Mediante un acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local determinaranse tanto as

variables que se van utilizar na repartición de cada un dos bloques sinalados neste punto como os módulos unitarios que se van considerar en relación con cada unha desas variables, e sinalarase a contía que corresponde a cada concello polo fondo adicional de 2022.

Para o caso dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal, das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa para a prevención de incendios e do Plan de retirada sistemática de niños do tártago negro de patas amarelas (*Vespa velutina nigrithorax*), a Administración autonómica poderá optar, de conformidade co acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias, por asumir directamente a xestión das actuacións. Neste suposto, as dotacións antes expresadas e precisas para o seu financiamento adscribiranse ás correspondentes aplicacións do orzamento de gastos das consellarías competentes, polo que non se precisará a súa repartición entre os concellos.

Cinco. O disposto nos puntos un e tres será aplicable na distribución da entrega á conta e da liquidación definitiva do exercicio 2022.

No caso do fondo adicional, se a diferenza entre o importe total da liquidación definitiva e o correspondente ás entregas á conta realizadas é positiva, esta distribuirase exclusivamente entre os concellos con poboación de dereito inferior a quince mil habitantes, de acordo cos seguintes criterios de ponderación: habitantes, cincuenta e cinco por cento; maiores de sesenta e cinco anos, dez por cento; superficie, quince por cento; núcleos de poboación, vinte por cento. Os datos considerados para a aplicación dos criterios previstos nos puntos anteriores serán os oficialmente dispoñibles o 1 de xaneiro do ano 2022.

As cantidades asignadas a cada concello na repartición deste resto do fondo adicional, conforme os criterios precedentes, modularanse mediante a aplicación, con efectos redistributivos e unha ponderación do cinco por cento, da variable esforzo fiscal, co que se obteñen así as participacións finais de cada concello.

O índice de esforzo fiscal municipal obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$EFM = (RM/RG) - (PM/PG)$$

na que:

– EFM é o índice de esforzo fiscal municipal.



- RM é a recadación dos capítulos I, II e III do concello, excluídos os tributos cedidos polo Estado.
- RG é a recadación dos capítulos I, II e III de todos os concellos, excluídos os tributos cedidos polo Estado.
- PM é a poboación do concello o 1 de xaneiro do ano considerado para a recadación.
- PG é a poboación de todos os concellos na mesma data.

Os datos de recadación para considerar no cálculo do índice de esforzo fiscal son os correspondentes ao último exercicio dispoñible polo Consello de Contas o 1 de xaneiro de 2022 que resulten da liquidación dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da respectiva entidade local, obtidos a partir das contas rendidas no prazo e na forma, de conformidade co exixido pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.

No caso de que o concello non tivese efectuada a rendición de contas no prazo e na forma, atribuiráselle a recadación que resulte de aplicar á súa poboación a menor recadación per cápita dos concellos que a presentasen.

Seis. Para determinar a liquidación definitiva de 2020 tomarase a recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, homoxeneizada coas variacións dos tipos impositivos do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais comunicadas polo Estado como definitivas para ese exercicio.

No que se refire ao fondo base, a distribución desta liquidación definitiva realizarase aplicando a cada concello o coeficiente de repartición e as regras de distribución que lle corresponderon na entrega á conta do exercicio que se liquida.

No caso do fondo adicional, a diferenza entre a liquidación definitiva que lle corresponde e o importe da entrega á conta distribuirase entre os concellos con poboación de dereito inferior a quince mil habitantes, conforme os criterios establecidos para estes concellos no artigo 57.cinco da Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.


Sete. Cando no transcurso do exercicio se poña fin a procedementos de fusión ou de incorporación de concellos, o concello resultante da fusión ou incorporación percibirá a suma das entregas á conta correspondentes a cada



concello fusionado ou incorporado e, se é o caso, as liquidacións definitivas que para cada un deles se satisfagan no ano 2022. Do mesmo xeito, o concello resultante destes procedementos terá dereito a percibir a suma das liquidacións que polo exercicio 2022 correspondan aos concellos fusionados ou incorporados.

Artigo 59. Transferencias derivadas de convenios ou subvencións

As transferencias ás entidades locais de Galicia derivadas da subscripción de convenios ou da concesión de subvencións, que figuran recollidas nos diferentes programas dos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, ascenden a 352.904.753 euros, coa distribución funcional que figura no anexo VII.



CAPÍTULO II

Procedemento de compensación e retención do Fondo de Cooperación Local

Artigo 60. Débedas obxecto de compensación

Un. As cantidades que correspondan a cada concello como participación no Fondo de Cooperación Local serán susceptibles de compensación coas débedas vencidas, líquidas e exixibles que teñan contraídas coa Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas.

Dous. En particular, poderán ser obxecto de compensación as cantidades vencidas, líquidas e exixibles debidas á Administración da Comunidade Autónoma e ás entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas, como danos e perdas derivados do incumprimento de convenios administrativos de colaboración.

Para estes efectos, entenderase que son líquidas as cantidades que a Comunidade Autónoma aboase a terceiros como consecuencia do incumprimento do convenio pola entidade local. Estas cantidades comunicaranse ao concello, coa achega das facturas ou doutros documentos que acrediten os gastos realizados, e tras a audiencia deste aprobaranse por unha resolución motivada.

Tres. Ademais, poderán ser obxecto de compensación coa participación no Fondo de Cooperación Local as achegas dos concellos que teñan a condición de vencidas, líquidas e exixibles, ao abeiro dun convenio coa Administración xeral da Comunidade Autónoma ou as entidades pertencentes ao seu sector público, ou ao abeiro da norma con rango de lei que regule estas achegas no marco de relacións de colaboración ou cofinanciamento de servizos e establezan esta compensación remitíndose ao procedemento de compensación regulado neste capítulo.

Catro. Por último, poderán ser obxecto de retención as cantidades que as entidades locais municipais deban satisfacer ás mancomunidades a que pertencen de acordo co disposto na lexislación da Administración local. Tamén as que deban satisfacerse a outras mancomunidades, concellos e consorcios que xestionen servizos en común, como consecuencia da súa obriga de participar no financiamento e mantemento destes servizos e sempre que así se estableza de xeito expreso no instrumento regulador asinado entre as



partes, e que este instrumento sexa comunicado, con carácter previo ao seu asinamento, á consellería competente en materia de facenda para que autorice a utilización do procedemento de compensación.



Artigo 61. Procedemento para a compensación das débedas e posterior retención nas entregas á conta

Un. No caso de débedas vencidas, líquidas e exixibles coa Xunta de Galicia, os seus organismos autónomos, as axencias públicas e as demais entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio de potestades administrativas, o procedemento de retención iniciárase por solicitude do órgano ao que lle corresponde a competencia no procedemento executivo de recadación da débeda, quen previamente terá ditado o oportuno acordo de compensación desta e o terá notificado ao concello debedor.

Neste suposto, corresponderá ao órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local ditar o acordo de retención, tanto nas entregas á conta do fondo que se deban realizar ao concello debedor durante o exercicio corrente como na liquidación definitiva anual deste que se realice durante o devandito exercicio, tendo en conta o establecido no artigo seguinte en canto á orde de prelación de débedas nos supostos de concorrencia.

Dous. O procedemento previsto no punto anterior tamén se aplicará ás débedas incluídas no punto tres do artigo 60. Porén, cando a propia norma con rango de lei que se menciona no precepto ou o convenio establezan expresamente a posibilidade de realizar a compensación con cargo á participación no Fondo de Cooperación Local, o procedemento limitárase ao sinalado respecto do acordo de retención, á solicitude do órgano ou a entidade interesada.

Tres. No caso de débedas con entidades locais que non dependen da Comunidade Autónoma, o procedemento de retención iniciárase por solicitude do alcalde ou da alcaldesa ou do presidente ou da presidenta da entidade local acreedora da débeda, que axuntará a esta solicitude a certificación do seu responsable de recadación, na cal se faga constar a denominación, o concepto e o importe da débeda cuxa retención se solicita e mais a data en que se produciu o vencemento do período de pagamento comunicado para a facer efectiva. Ademais, á solicitude incorporárase unha copia compulsada do documento (estatutos da entidade, convenio de prestación de servizos ou calquera outro) do que dimane a vinculación xurídica entre as partes e ampare a obrigatoriedade da débeda reclamada, así como tamén se achegará o plan de pagamentos que se propón.

Neste suposto, corresponderá ao órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local ditar o acordo de retención, tanto nas entregas á conta do



fondo que se deben realizar ao concello debedor durante o exercicio corrente como na liquidación definitiva anual que se realice durante o devandito exercicio, tendo en conta o establecido no artigo seguinte en canto á orde de prelación de débedas en supostos de concorrencia.



Artigo 62. Orde de prelación na concorrencia de débedas

Un. Cando concorran varias débedas que deba satisfacer o mesmo concello, a retención practicarase tendo en conta a seguinte orde de prelación:

- 1) a débeda correspondente á liquidación anual do Fondo de Cooperación Local, cando esta tiver carácter negativo
- 2) as restantes débedas previstas no artigo 60.

Dous. No caso de que a liquidación anual do Fondo de Cooperación Local ao concello teña carácter negativo, procederase á súa retención, por partes iguais nas entregas á conta correspondentes ás catro mensuralidades inmediatamente seguintes ao coñecemento da liquidación, podendo alcanzar ata o cen por cento da contía asignada a cada entrega á conta.

Se a contía desta liquidación negativa supera o importe desas catro mensuralidades, continuará a practicarse a retención, conforme as condicións anteriormente sinaladas, nas mensuralidades sucesivas ata que se extinga a débeda.

Tres. Cando o importe que haxa da liquidación anual de carácter negativo o permita e no acordo de retención concorran outras débedas previstas no artigo 60, a retención, ata a extinción total das débedas, poderá alcanzar ata o cen por cento da contía asignada, tanto en cada entrega á conta como na liquidación definitiva anual correspondente á participación no fondo, ao respectivo concello. Esta retención aplicarase ás débedas seguindo estritamente a orde de prelación establecida neste artigo.

Catro. Se no acordo de retención existe a concorrencia das débedas previstas no grupo 2 do punto un deste artigo, e cando a contía de todas elas supere a cantidade máxima susceptible de retención, esta ratearase entre aquelas en función dos seus importes.

Cinco. A contía que haxa que reter no conxunto do exercicio poderase reducir cando se xustifique a existencia de graves desfasamentos de tesouraría xerados pola prestación daquelas obrigas relativas:

- ao cumprimento regular das obrigas de persoal
- á prestación dos servizos públicos obrigatorios en función do número de habitantes do municipio

– á prestación de servizos sociais, protección civil e extinción de incendios, para cuxa realización non se exixa ningunha contraprestación en forma de prezo público ou taxa equivalente ao custo do servizo realizado.

Non se poderá establecer en ningún caso unha porcentaxe de retención para o conxunto das restantes débedas previstas no punto un deste artigo inferior ao cincuenta por cento da entrega á conta ou da liquidación definitiva anual correspondente ao concello.

Nos procedementos de redución da porcentaxe de retención, o órgano xestor do Fondo de Cooperación Local ditará a resolución correspondente, tendo en conta a situación financeira da entidade e a necesidade de garantir a prestación dos servizos públicos obrigatorios.

Para iso, a entidade local deberá achegar, con carácter imprescindible e non exclusivo:

– un certificado expedido polos órganos de recadación das entidades acreedoras no cal se acredite que se atendeu o pagamento das obrigas correntes nos doce meses precedentes ao mes inmediato anterior á data da solicitude da certificación

– un informe da situación financeira actual subscrito polo interventor ou a interventora local, o cal inclúa o cálculo do remanente de tesouraría na data de solicitude da redución da porcentaxe de retención e poña de manifesto os termos en que a dita situación afecta o cumprimento das obrigas recollidas no parágrafo primeiro deste punto

– un plan de saneamento, aprobado polo pleno, que inclúa o exercicio en curso.

Na resolución fixarase o período de tempo en que a porcentaxe de retención deberá ser reducida, sen que caiba a extensión deste máis alá da finalización do exercicio económico. En todo caso, tal redución estará condicionada á aprobación pola entidade local dun plan de saneamento ou á verificación do cumprimento doutro en curso.

Seis. As débedas obxecto de retención nun exercicio que non se extinguisen ao termo deste recibirán, dentro do grupo a que se refire o punto un deste artigo, un tratamento preferente para o exercicio seguinte, de maneira que as débedas pertencentes ao mesmo grupo, cuxa compensación se solicite nese exercicio, concorrerán con aquelas só cando a aplicación dos límites porcentuais que, en cada caso, prevexa este artigo o permita.



Sete. As resolucións en que se declara a extinción das débedas con cargo ás cantidades que se retivesen corresponderán, en cada caso, ao órgano legalmente competente que teña atribuída a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, e producirán os seus efectos, na parte concorrente da débeda, desde o momento en que se efectuou a retención.



XUNTA
DE GALICIA

TÍTULO VI
Normas tributarias

A handwritten signature in dark ink, appearing to be 'N', is written over a faint circular stamp. The stamp contains some illegible text and a central emblem.



CAPÍTULO I
Tributos propios

Artigo 63. Criterios de afectación de determinados tributos

Un. A totalidade dos ingresos previstos polo imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, establecido pola Lei 15/2008, do 19 de decembro, financiará actuacións comprendidas nos programas 541B, 541D e 551B, en concreto os gastos de investimento destinados ao saneamento, á protección e á mellora do medio natural, así como a realización de transferencias para levar a cabo obras e servizos hidráulicos.

Dous. A metade da dotación anual, que cos recursos do canon eólico corresponde ao Fondo de Compensación Ambiental, establecido pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, financiará os gastos de investimento consignados nos programas 541B, 541D, 551B e 733A, así como neste último programa os gastos correspondentes co sinalado no artigo 13.catro.



XUNTA
DE GALICIA

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

A handwritten signature in dark ink, consisting of a large, stylized 'N' with a vertical line through it, is positioned below a circular stamp. The stamp is faint and appears to contain some text, but it is mostly illegible due to the quality of the scan.

Disposición adicional primeira. Información ao Parlamento

Un. A Consellería de Facenda e Administración Pública facilitará mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun soporte informático apto para o tratamento dos datos, a información referida ás seguintes actuacións:

- a) As ampliacións de crédito realizadas para atender o pagamento de obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma.
- b) As operacións de endebedamento por un prazo superior a un ano, formalizadas pola Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas ou as restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, conforme as autorizacións contidas nesta lei.
- c) Os avais amortizados, os pagamentos efectuados por falidos, os importes recuperados e o risco acumulado, tanto no que respecta aos avais concedidos pola Comunidade Autónoma como aos concedidos polas entidades instrumentais do sector público autonómico, tales como o Instituto Galego de Promoción Económica, XesGalicia ou Sodiga.
- d) A enumeración nominal e individualizada das concesións de subvencións ou axudas autorizadas polo Consello da Xunta de Galicia a que se refire o artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Dous. A Consellería de Facenda e Administración Pública facilitará trimestralmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun soporte informático apto para o tratamento dos datos, a información referida á seguinte actuación:

- a) As autorizacións de revisións de prezos en concertos ou convenios que superen o incremento do índice de prezos ao consumo.

Tres. A Consellería de Facenda e Administración Pública comunicará á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun prazo de trinta días:

- a) A realización das adaptacións técnicas dos orzamentos autorizadas consonte o previsto na alínea p) do artigo 5 desta lei.



b) As modificacións efectuadas conforme o indicado no artigo 9.

c) Os orzamentos dos organismos autónomos, das axencias públicas autonómicas, das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas que poidan entrar en funcionamento ao longo de 2022.

Catro. A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. comunicará mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento os plans económico-financeiros que subscriba no desenvolvemento da súa actividade.

Disposición adicional segunda. Orzamento inicial das axencias públicas autonómicas e requisitos de creación

Un. Para as axencias públicas que se poidan constituír ata o 31 de decembro do ano 2022 e asuman funcións doutros centros directivos, organismos ou entidades, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública e por iniciativa da consellaría de que dependa a axencia pública, establecerá as dotacións do seu orzamento inicial, que se deberán remitir para o seu coñecemento ao Parlamento de Galicia.

O orzamento financiarase mediante a minoración dos créditos que teña atribuídos o centro, o organismo ou a entidade cuxas funcións asuma, sen que supoña un incremento do gasto público, e terá a vinculación orzamentaria establecida para as axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Dous. Con todo, cando a axencia que se constituía asuma na súa totalidade funcións dun organismo autónomo, procederase á adaptación do orzamento do organismo ao previsto para as axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de conformidade co seguinte:

a) A vinculación do orzamento a partir da entrada en vigor do estatuto da axencia será a prevista para as axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

b) Para incorporar ao orzamento do organismo os recursos e as dotacións correspondentes ás operacións comerciais que, de ser o caso, realice, tramitarase un expediente de modificación orzamentaria que autorizará a persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública, manténdose o equilibrio orzamentario.

Tres. No caso de que polas datas de aprobación dos estatutos ou por calquera outra circunstancia que dificulte a aplicación do disposto nos puntos anteriores se considere procedente non alterar durante o ano 2022 a estrutura e o réxime orzamentario dos centros ou organismos afectados, esta circunstancia farase constar no decreto polo que se aprobe o correspondente estatuto.




Disposición adicional terceira. Autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Facenda e Administración Pública, a aprobar os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas instrumentais con orzamento estimativo que se constitúan ou entren en funcionamento ao longo do ano 2022. Ditos orzamentos deberanse remitir ao Parlamento de Galicia.

Disposición adicional cuarta. Adecuación dos estados financeiros das entidades instrumentais

Os órganos de goberno das entidades públicas empresariais, das sociedades mercantís públicas autonómicas, das fundacións do sector público autonómico e das demais entidades con orzamento estimativo incluídas no ámbito de aplicación desta lei deberán adecuar os orzamentos de explotación e capital e os demais estados financeiros ás transferencias de financiamento consignadas nos estados de gastos desta lei, no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta norma.



Disposición adicional quinta. Remisión e control de información económico-financeira

Un. Todas as entidades pertencentes ao sector público autonómico, segundo a definición que realiza a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e mais todas as entidades clasificadas como «administracións públicas», segundo a definición que realiza o Sistema europeo de contas estatais e rexionais (SEC2010), están obrigadas a remitir á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a información prevista na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como na súa normativa de desenvolvemento, nos termos e prazos que lles sexan requiridos por esta.

As entidades non incluídas no parágrafo anterior, calquera que sexa a súa forma e natureza xurídica, que teñan a súa sede na comunidade autónoma de Galicia están obrigadas a remitir á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a información que esta lles requira para os efectos de analizar a súa posible clasificación como «administración pública», segundo os criterios fixados no Sistema europeo de contas estatais e rexionais (SEC2010).

Dous. Para os efectos de garantir a exactitude e a coordinación da información económico-financeira subministrada pola Administración xeral e os organismos autónomos, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará mediante técnicas de auditoría que os datos e a información con transcendencia económica proporcionados polos órganos xestores como soporte da información contable reflictan razoablemente as operacións derivadas da súa actividade. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma establecerá o procedemento, o alcance e a periodicidade das actuacións que se deban desenvolver.

As auditorías das contas anuais das axencias públicas autonómicas e dos consorcios adscritos á Comunidade Autónoma realizaraas a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de conformidade co procedemento previsto no título V do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Para a execución das auditorías de contas anuais, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma poderá, no caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, solicitar a colaboración de empresas privadas de auditoría, que deberán axustarse ás normas e instrucións que determine aquela. A


contratación da colaboración nos traballos de auditoría de contas anuais das axencias e dos consorcios que en cada caso se sinala realizaraa a Consellería de Facenda e Administración Pública.

Toda contratación de empresas privadas de auditoría, no ámbito sinalado anteriormente, deberá ir precedida, con carácter anual, dunha orde por parte da Consellería de Facenda e Administración Pública, na cal se especificará a insuficiencia dos servizos da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma que xustifique a dita contratación.

Os auditores e as auditoras que sexan contratados non poderán selo mediante contratacións sucesivas para a realización de traballos sobre unha mesma entidade por máis de dez anos. Posteriormente non poderán ser contratados de novo ata transcorridos dous anos desde a finalización do período anterior. Transcorridos cinco anos desde o contrato inicial, será obrigatoria para as sociedades de auditoría ou os auditores contratados a rotación dos auditores responsables principais dos traballos contratados, que non poderán intervir na realización de traballos sobre a entidade ata que transcorran tres anos desde a finalización do período de cinco anos antes referido, no caso en que siga vixente o período máximo de contratación.

As sociedades de auditoría ou os auditores e as auditoras de contas individuais concorrentes en relación con cada traballo para adxudicar non poderán ser contratados cando, no ano anterior a aquel en que van desenvolver o seu traballo ou nese mesmo ano, realizen ou realicen outros traballos para a entidade, sobre áreas ou materias respecto das cales deba pronunciarse o auditor ou a auditora no seu informe.


No exercicio das súas funcións de control, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma poderá acceder aos papeis de traballo que servisen de base aos informes de auditoría de contas do sector público da Comunidade Autónoma realizados por auditores e auditoras privados.



Disposición adicional sexta. Porcentaxes de gastos xerais de estrutura de contrato de obra


En virtude da previsión establecida no artigo 131.1 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, determínase, con carácter uniforme para todos os contratos de obra que concerten os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público, a seguinte distribución dos gastos xerais de estrutura que sobre eles inciden:

- a) O trece por cento en concepto de gastos xerais da empresa, gastos financeiros, cargas fiscais (imposto sobre o valor engadido excluído), taxas da administración, que inciden sobre o custo das obras, e os demais derivados das obrigas do contrato.
- b) O seis por cento en concepto de beneficio industrial do contratista.



Disposición adicional sétima. Alleamento de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo

Autorízase o Instituto Galego da Vivenda e Solo, nos supostos de alleamento de terreos destinados á creación de solo industrial e residencial, así como a parcelas ou a polígonos empresariais ou residenciais terminados que se realicen a favor das sociedades públicas con participación maioritaria polo anterior organismo, para que o alleamento se poida efectuar con pagamento aprazado non superior a dez anos e sen repercusión de xuros.





Disposición adicional oitava. Adaptación do título II desta lei ao establecido na normativa básica estatal

Un. As retribucións do persoal do sector público recollidas no anexo de persoal para o ano 2022 recollen a previsión dun incremento retributivo do 2 por cento; porén, este importe non será aplicable ata que o habilite a normativa da Administración xeral do Estado.

A consellaría competente en materia de facenda levará a cabo as xestións necesarias para facer efectivo os aumentos retributivos, no seu límite máximo, habilitados pola normativa básica estatal como máximo no mes seguinte, que se contará desde a notificación da autorización estatal que a faculte para implantalos.

Dous. A aplicación do disposto no artigo 12 desta lei en relación coa oferta pública de emprego ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal será efectiva no momento en que entre en vigor a correspondente normativa da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional novena. Retribucións dos consellos de administración

No ano 2022 as retribucións dos consellos de administración das sociedades mercantís públicas ou das entidades públicas empresariais non experimentarán un incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2021.

As retribucións dos membros do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., deberán axustarse ao establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de xaneiro de 2016.



Disposición adicional décima. Modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde


Corresponde ao Servizo Galego de Saúde a autorización das modificacións, dentro de cada centro de xestión, dos cadros de persoal estatutario, de persoal MIR/EIR (persoal médico e enfermeiro interno residente en formación) e de calquera outro tipo de persoal de institucións sanitarias dependentes do organismo non incluído nas relacións de postos de traballo, sempre que a modificación acordada non supoña un incremento dos créditos do artigo correspondente do devandito centro.

En idénticas condicións corresponde ao Servizo Galego de Saúde a autorización da modificación prevista no parágrafo anterior dos cadros de persoal funcionario sanitario pertencentes ás clases de médicos e médicas, practicantes e comadróns e comadroas titulares.

En todo caso, darase conta á Consellería de Facenda e Administración Pública logo de se tramitar a correspondente modificación.

Disposición adicional décimo primeira. Medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia e co Acordo polo que se establecen as condicións especiais de traballo do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais da Xunta de Galicia

Durante o ano 2022 quedará suspendida a aplicación do artigo 19 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Ademais, durante as épocas de perigo baixo, quedará suspendido o primeiro parágrafo do punto 3.3.8 do Acordo polo que se establecen as condicións especiais de traballo do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPDCIF) da Xunta de Galicia.




Disposición adicional décimo segunda. Centros concertados

Un. No ámbito do ensino privado concertado mantense a suspensión do Acordo do 24 de abril de 2008 polo que se autoriza o asinamento do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as organizacións patronais e as organizacións sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia sobre condicións laborais e a calidade do ensino, publicado mediante a Resolución do 15 de maio de 2008, no relativo ao establecido na súa cláusula terceira sobre o incremento interanual do dous por cento no complemento retributivo da Comunidade Autónoma e o incremento de corenta e cinco euros brutos mensuais para todo o profesorado en pagamento delegado e xornada completa.

Dous. No caso dos centros concertados, os módulos económicos para o seu sostemento, que se publican como anexo IV desta lei, recollen un incremento do 2 por cento con respecto aos vixentes o 31 de decembro de 2021. Porén, este incremento non será aplicable ata que se aproben os módulos estatais de distribución de fondos públicos para o sostemento dos centros concertados para o ano 2022. Se os módulos estatais establecen unha variación porcentual distinta aplicarase a mesma porcentaxe aos módulos vixentes o 31 de decembro de 2021.

Se durante o exercicio 2022 se aplicar calquera outra variación adicional dos módulos estatais tamén se aplicará aos módulos vixentes nese momento na Comunidade Autónoma de Galicia.





Disposición adicional décimo terceira. Prestacións extraordinarias para persoas beneficiarias de pensións e subsidios non contributivos

No ano 2022 as persoas beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, de pensións do Fondo de Asistencia Social e do subsidio de garantía de ingresos mínimos terán dereito á percepción dunha prestación única non superior a douscentos dez euros, nas condicións que estableza o Consello da Xunta de Galicia por proposta da consellaría con competencias en materia de benestar social.



Disposición adicional décimo cuarta. Prestación de axuda económica a través da Tarxeta Benvida

As familias que no ano 2022 teñan un fillo ou filla ou adopten un neno ou nena terán dereito a percibir unha axuda económica de mil douscentos euros durante un ano nas condicións que estableza a consellaría con competencia en materia de benestar social. No caso de adopción ou garda con fins adoptivos, o dereito á percepción da axuda producirase desde o mes en que se emita a resolución administrativa ou xudicial.

Para aquelas familias con renda igual ou inferior a vinte e dous mil euros, a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que o neno ou a nena cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos.

A axuda ampliarase nas seguintes contías:


- a) Seiscentos euros por ano, a razón de cincuenta euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o primeiro.
- b) Mil douscentos euros por ano, a razón de cen euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o segundo.
- c) Dous mil catrocentos euros por ano, a razón de douscentos euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos.

Para as familias que residan no rural e para as que teñan o terceiro fillo ou filla e sucesivos, a axuda incrementarase nas condicións que estableza a Consellería de Política Social.

Disposición adicional décimo quinta. Habilitación para efectuar modificaciones orzamentarias

Autorízase a Consellería de Facenda e Administración Pública para:

- 1) Efectuar as modificacións precisas para adaptar as partidas orzamentarias financiadas cos fondos REACT-EU máis co MRR á natureza das actuacións de gasto que finalmente se recollan nos proxectos do programa operativo ou en Conferencia Sectorial.
- 2) Xerar crédito con base nos importes efectivamente asignados á Administración autonómica, financiados polos novos fondos recollidos no instrumento Next Generation EU (Próxima Xeración UE), xestionados pola Administración xeral do Estado ou directamente pola Comisión Europea.
- 3) Realizar as retencións de crédito que sexan precisas nas diferentes seccións orzamentarias e transferir o seu importe ao programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», para o caso de novos episodios de emerxencia sanitaria.
- 4) Para os efectos do cálculo do límite de compromisos de gasto para exercicios futuros a que se refire a alínea 3 do artigo 58 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, non formará parte do crédito inicial que haxa que considerar a parte financiada coas modalidades 4190 e 4390 dos fondos REACT-UE.






DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

A handwritten signature in dark ink is visible in the bottom left corner. Above the signature is a circular stamp, which appears to be a seal or official mark, though its details are not clearly legible.

Disposición transitoria primeira. Adecuación das entidades públicas instrumentais

O disposto nesta lei para as entidades incluídas no punto cinco da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aplicarase ás axencias públicas autonómicas que resulten da adaptación das súas normas estatutarias de organización e funcionamento.





Disposición transitoria segunda. Dotación do fondo de continxencia


A dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, realizarase gradualmente durante o período de consolidación orzamentaria. Para o ano 2022, a dotación será de 45.417.175 euros e poderá empregarse para financiar necesidades inaprazables non previstas no orzamento inicial en calquera capítulo do orzamento consolidado.



DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS


Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento da lei

Facúltase a Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevé nesta lei.




Disposición derradeira segunda. Vixencia

As disposicións desta lei terán vixencia exclusiva para o ano 2022.



Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás o artigo 11, o capítulo II e o capítulo IV do título II e o artigo 56, que terán efectos económicos desde o día 1 de xaneiro de 2022.




Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo



XUNTA
DE GALICIA

ANEXOS



ANEXO I

Artigo 3.un

Entidades públicas empresariais	Explotación	Capital
Portos de Galicia	17.917	15.610
Augas de Galicia	37.412	100.485
Total	55.329	116.094

(Miles de Euros)

Artigo 3.dous


Consortios autonómicos	Explotación	Capital
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	3.920	1.983
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	91.770	5.778
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	1.268	33
Consortio Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	916	58
Consortio para a xestión e expl. da rede básica de abast. de auga aos concellos de Cervo e Burela	386	
Consortio Casco Vello de Vigo	477	2.956
Consortio Local dos Peares	69	6
Total	98.806	10.814

(Miles de Euros)

Artigo 3.tres

Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	9.015	385
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	3.525	926
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	788	
Xesgalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, S.A.	2.338	20
Galicia calidade, S.A.	798	7
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	2.467	182
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	6.095	
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	27.605	102
Xenética Fontao, S.A.	3.802	380
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	16.534	2.472
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	105.886	34.418
Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.	32.836	12
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	112.451	9.109
Total	324.139	48.012

(Miles de Euros)





Artigo 3.catro

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.339	62
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	9.666	5.835
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	77.082	
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	7.154	36
Fundación Galicia Europa	756	4
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas	1.558	5
Fundación Semana Verde de Galicia	3.094	
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	763	5
Fundación Centro Tecnolóxico Supercomputación de Galicia	2.978	6.286
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	215	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	523	29
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.429	64
Instituto Feiral de A Coruña	418	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	1.559	98
Fundación Pública Galega Rof Codina	2.064	10
Fundación Deporte Galego	3.399	10
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	4.182	
Fundación Galega Formación para o Traballo	626	2
Fundación Camilo José Cela	296	
Total	119.100	12.446

(Miles de Euros)

ANEXO II

Artigo 3.cinco

Entidades públicas empresariais	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Portos de Galicia		10.351
Augas de Galicia		67.304
TOTAL	0	77.656

(Miles de Euros)

Sociedades mercantís públicas autonómicas	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.		9.812
Galicia calidade, S.A.	395	220
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	638	635
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	4.566	
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.		5.696
Xenética Fontao, S.A.	150	
Galaría Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	16.421	1.380
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.		24.250
Xestión do solo de Galicia – XESTUR, S.A.		7.500
Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.		250
TOTAL	22.169	49.743

(Miles de Euros)



ANEXO III

Artigo 5.e)

Distribución de taxas e prezos (euros).

SECCIÓNS	TAXAS	PREZOS	TOTAL
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo	2.163.769	85.000	2.248.769
Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	4.162.669	1.750.000	5.912.669
Consellería de Facenda e Administración Pública (Selección persoal)	600.000		600.000
Consellería de Facenda e Administración Pública (Outras)	87.205		87.205
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	2.487.988	171.500	2.659.488
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	3.768.093		3.768.093
Consellería de Cultura, Educación e Universidade	2.936.532	8.174.564	11.111.096
Consellería de Emprego e Igualdade	65.930		65.930
Consellería de Sanidade	3.029.209		3.029.209
Consellería de Política Social	41.879	15.877.757	15.919.636
Consellería do Medio Rural (Produtos e aproveitamentos forestais)		1.000.000	1.000.000
Consellería do Medio Rural (Outros)	1.207.360	434.055	1.641.415
Consellería do Mar	1.017.668	167.932	1.185.600
Total	21.568.302	27.660.808	49.229.110

ANEXO IV

Artigo 56

Conforme ao disposto nese artigo, os importes anuais e a desagregación dos módulos económicos por unidade escolar nos centros concertados dos distintos niveis e modalidades educativas quedan establecidos con efectos do 1 de xaneiro, e ata o 31 de decembro de 2022, do seguinte xeito:

Educación infantil:

(Ratio profesor / unidade: 1,08:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	34.890,98
Gastos variables	4.511,49
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	7.892,23
Outros gastos	6.779,74
Importe total anual	54.074,44

Educación primaria:

Centros de ata 6 unidades de primaria

(Ratio profesor / unidade: 1,40:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	45.229,03
Gastos variables	5.848,23
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	10.230,66
Outros gastos	6.779,74
Importe total anual	68.087,66

Centros de máis de 6 unidades de primaria

(Ratio profesor / unidade: 1,36:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	43.936,79
Gastos variables	5.681,15
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	9.938,37
Outros gastos	6.779,74
Importe total anual	66.336,05

Educación especial (niveis obrigatorios e gratuítos):

I. Educación básica primaria:

(Ratio profesor / unidade: 1,12:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	36.183,25
Gastos variables	4.678,59
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	8.184,51
Outros gastos	7.228,09
Importe total anual	56.274,44

Persoal complementario (Logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador/a), segundo deficiencias:

Psíquicos	22.349,61
Autistas ou problemas graves de personalidade	25.810,10
Auditivos	20.795,42
Plurideficientes	25.810,10

II. Programas de formación para a transición á vida adulta:

(Ratio profesor / unidade: 2:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	64.612,90
Gastos variables	5.480,98
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	14.615,21
Outros gastos	10.172,69
Importe total anual	94.881,78

Persoal complementario (Logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador/a), segundo deficiencias:

Psíquicos	35.684,24
Autistas ou problemas graves de personalidade	39.680,43
Auditivos	27.648,21



Plurideficientes 39.680,43

Educación secundaria obrigatoria:

I. Primeiro e segundo curso:

Centros de ata 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,56:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais 59.182,86

Gastos variables 10.795,64

Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais (*) 14.502,98

Outros gastos 8.797,09

Importe total anual 93.278,57

Centros de máis de 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,52:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais 57.665,33

Gastos variables 10.518,85

Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais (*) 14.131,13

Outros gastos 8.797,09

Importe total anual 91.112,40

II. Terceiro e cuarto curso:

Centros de ata 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,84:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais 69.805,43

Gastos variables 12.733,30

Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais 13.695,75

Outros gastos 9.704,00

Importe total anual 105.938,48

Centros de máis de 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,66:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais 62.976,65

Gastos variables 11.487,69

Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais 12.355,96

Outros gastos 9.704,00

Importe total anual

96.524,30

Ciclos formativos:

(Ratio profesor / unidade grao medio: 1,52:1)

(Ratio profesor / unidade: grao superior: 1,52:1)

I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais:

Grupo1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso

56.293,38

Segundo curso

0,00

Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:

Primeiro curso

56.293,38

Segundo curso

56.293,38

Grupo3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso

56.293,38

Segundo curso

0,00

Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:

Primeiro curso

56.293,38

Segundo curso

56.293,38

II. Gastos variables:

Grupo1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso

7.221,67

Segundo curso

0,00

Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:

Primeiro curso

7.221,67

Segundo curso

7.221,67

Grupo3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso

7.772,84

Segundo curso 0,00

Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:

Primeiro curso 7.772,84

Segundo curso 7.772,84

III. Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais

Ciclos formativos de grao medio 11.313,89

Ciclos formativos de grao superior 11.313,89

IV. Outros gastos:

Grupo 1. Ciclos formativos de:

Animación turística.

Conducción de actividades físico deportivas no medio natural.

Estética persoal decorativa.

Hixiene bucodental.

Química ambiental.

Primeiro curso 11.423,38

Segundo curso 2.658,72

Grupo 2. Ciclos formativos de:

Coidados auxiliares de enfermaría.

Comercio

Curtidos.

Documentación sanitaria.

Fabricación de produtos farmacéuticos e afíns.

Laboratorio de imaxe.

Laboratorio.

Mergullo a media profundidade.

Muiñaría e industrias cerealistas.

Procesos de ennobrecemento téxtil.



Secretariado.
Servizos ao consumidor.
Xestión comercial e márketing.

Primeiro curso	13.877,38
Segundo curso	2.658,72

Grupo 3. Ciclos formativos de:

Industrias de proceso de pasta e papel.
Operacións de ennobrecemento téxtil
Operacións de fabricación de produtos farmacéuticos.
Operacións de transformación de plásticos e caucho.
Plástico e caucho.
Transformación de madeira e cortiza.

Primeiro curso	16.505,51
Segundo curso	2.658,72

Grupo 4. Ciclos formativos de:

Calzado e marroquinaría.
Encadernados e manipulados de papel e cartón.
Fabricación e transformación de produtos de vidro.
Fundición.
Impresión en artes gráficas.
Operacións de fabricación de vidro e transformados.
Procesos téxtiles de fiadura e teceduría de calada
Procesos téxtiles de teceduría de punto.
Producción de fiadura e teceduría de calada.
Producción de tecidos de punto
Tratamentos superficiais e térmicos.

Primeiro curso	19.087,72
Segundo curso	2.658,72

Grupo 5. Ciclos formativos de:



Animación sociocultural.
Asesoría de imaxe persoal.
Integración social (Plan vello).
Radioterapia.
Realización e plans de obra.

Primeiro curso

11.423,38

Segundo curso

4.299,46

Grupo 6. Ciclos formativos de:

Aceite de oliva e viños
Actividades comerciais.
Administración de aplicacións multiplataforma.
Administración de sistemas informáticos en rede.
Administración de sistemas informáticos.
Administración e finanzas.
Anatomía patolóxica e citodiagnóstico.
Anatomía patolóxica e citoloxía.
Animación sociocultural e turística.
Aproveitamento e conservación do medio natural
Asesoría de imaxe persoal e corporativa.
Asistencia á dirección.
Atención a persoas en situación de dependencia.
Atención sociosanitaria.
Audioloxía protésica
Axencias de viaxes e xestión de eventos.
Calzado e complementos de moda.
Caracterización e maquillaxe profesional
Caracterización.
Comercio internacional.
Condución de vehículos de transporte por estrada.
Construción.
Coordinación de emerxencias e protección civil.
Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.
Desenvolvemento de aplicacións web.
Desenvolvemento de produtos de carpintería e moble.



Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas.

Deseño e produción de calzado e complementos.

Deseño técnico en téxtil e pel.

Dietética.

Dirección de cociña.

Dirección de servizos de restauración.

Documentación e administración sanitarias.

Educación infantil.

Elaboración de produtos alimenticios.

Electromedicina clínica

Emerxencias e protección civil.

Emerxencias sanitarias

Estética e beleza.

Estética integral e benestar.

Estética.

Estilismo e dirección de perrucaría.

Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns.

Fabricación e ennobrecemento de produtos téxtiles.

Farmacia e parafarmacia

Gandería e asistencia en sanidade animal

Guía de información e asistencia turísticas.

Hixiene bucodental.

Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear.

Imaxe para o diagnóstico.

Integración social.

Interpretación da lingua de signos.

Laboratorio de diagnóstico clínico e biomédico.

Laboratorio de diagnóstico clínico.

Laboratorios de análises e de control de calidade.

Márketing e publicidade.

Mediación comunicativa.

Navegación e pesca do litoral

Navegación, pesca e transporte marítimo.

Obras de albanelaría.

Obras de formigón.

Operación e mantemento de maquinaria de construción.

Operacións de laboratorio.

Óptica de anteollaría.

Organización e control de obras de construción.
 Ortoprotésica.
 Ortoproteses e produtos de apoio.
 Paisaxismo e medio rural.
 Panadería, repostería e confeitaría.
 Perrucaría estética e capilar.
 Perrucaría.
 Pesca e transporte marítimo.
 Planta química
 Prevención de riscos profesionais
 Produción de audiovisuais e espectáculos.
 Produción de audiovisuais, radio e espectáculos.
 Promoción de igualdade de xénero.
 Proxectos de edificación.
 Proxectos de obra civil.
 Química e saúde ambiental
 Química industrial
 Radiodiagnóstico e densitometría.
 Saúde ambiental.
 Servizos en restauración.
 Termalismo e benestar
 Traballos forestais e de conservación do medio natural.
 Transporte e loxística.
 Transporte marítimo e pesca de altura.
 Vestiario a medida e de espectáculos.
 Xardinaría e floraría.
 Xestión administrativa
 Xestión de aloxamentos turísticos.
 Xestión de vendas e espazos comerciais.
 Xestión do transporte.
 Xestión e organización de empresas agropecuarias.
 Xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos.
 Xestión forestal e do medio natural.

Primeiro curso
 Segundo curso

10.293,65
 12.423,32

Grupo 7. Ciclos formativos de:



Acabados de construción.
Automatización e robótica industrial.
Centrais eléctricas.
Cociña e gastronomía.
Confección e moda.
Desenvolvemento de produtos electrónicos.
Educación e control ambiental.
Enerxías renovables.
Equipos electrónicos de consumo
Instalacións de telecomunicacións.
Instalacións eléctricas e automáticas.
Mantemento aeromecánico de avións con motor de pistón.
Mantemento aeromecánico de avións con motor de turbina.
Mantemento aeromecánico de helicópteros con motor de pistón.
Mantemento aeromecánico de helicópteros con motor de turbina.
Mantemento de aviónica.
Mantemento de embarcacións de recreo.
Mantemento de estruturas de madeira e mobiliario de embarcacións de recreo.
Mantemento de sistemas electrónicos e aviónicos de aeronaves.
Mantemento e control da maquinaria de buques e embarcacións
Mantemento electrónico.
Montaxe de estruturas e instalacións de sistemas aeronáuticos
Obras de interior, decoración e rehabilitación.
Operación, control e mantemento de maquinaria e instalacións do buque.
Operacións subacuáticas e hiperbáricas
Organización e mantemento de maquinaria de buques e embarcacións
Patronaxe e moda.
Producción agroecolóxica.
Producción agropecuaria.
Próteses dentais.
Sistemas de regulación e control automáticos.
Sistemas electrotécnicos e automatizados.

Sistemas microinformáticos e redes.
Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque.

Primeiro curso	12.665,23
Segundo curso	14.449,03

Grupo 8. Ciclos formativos de:

Acondicionamento físico.
Actividades ecuestres.
Animación de actividades físicas e deportivas.
Animacións 3D, xogos e contornos interactivos.
Artista falleiro e construción de escenografías.
Automoción.
Carpintería e moble.
Carrozaría.
Conformado por moldeo de metais e polímeros.
Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e fluídos.
Deseño e amoblamento.
Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia
Deseño e produción editorial.
Deseño e xestión da produción gráfica
Deseño en fabricación mecánica.
Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.
Electromecánica de maquinaria.
Electromecánica de vehículos automóbiles.
Ensinanza e animación sociodeportiva.
Escavacións e sondaxes.
Fabricación a medida e instalación de madeira e moble.
Guía no medio natural e tempo libre.
Iluminación, captación e tratamento da imaxe.
Imaxe.
Instalación e amoblamento.
Instalacións de produción de calor.
Instalacións frigoríficas e de climatización.
Mantemento aeromecánico.
Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.



Pedra natural.
Producción de madeira e moble.
Producción en industrias de artes gráficas.
Producción por fundición e pulvimetalurxia.
Programación da produción en fabricación mecánica.
Programación da produción en moldeo de metais e polímeros.
Realización de audiovisuais e espectáculos.
Realización de proxectos de audiovisuais e espectáculos.
Redes e estacións de tratamento de augas.
Sistemas de telecomunicación e informáticos.
Sistemas de telecomunicacións e informáticos.
Son en audiovisuais e espectáculos.
Son.
Vídeo, Disc Jockey e son.
Xestión de augas.

Primeiro curso	14.886,83
Segundo curso	16.510,61

Grupo 9. Ciclos formativos de:

Acuicultura.
Construcións metálicas.
Cultivos acuícolas.
Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos.
Fabricación de produtos cerámicos
Impresión gráfica.
Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e
conducción de liñas.
Mantemento de equipo industrial.
Mantemento de material rodante ferroviario
Mantemento electromecánico.
Mantemento ferroviario.
Mecanizado.
Mecatrónica industrial.
Postimpresión e acabados gráficos.
Preimpresión dixital.



Preimpresión en artes gráficas.
Procesos de calidade na industria alimentaria.
Producción acuícola.
Soldadura e caldeiraría.
Vitivinicultura.
Xoiaría.

Primeiro curso	17.211,27
Segundo curso	18.451,65

Formación profesional básica
(Ratio profesor / unidade: 1,44:1)


I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	53.330,58
II. Gastos variables	6.841,59
III. Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	10.790,45

IV. Outros gastos (1º e 2º curso):

Acceso e conservación de instalacións deportivas	9.663,01
Actividades agropecuarias	10.856,75
Actividades de panadería e pastelería	10.856,75
Actividades domésticas e limpeza de edificios	10.856,75
Actividades pesqueiras	13.387,41
Agroxardinaría e composicións florais	10.856,75
Aloxamento e lavandaría	10.181,67
Aproveitamentos forestais	10.856,75
Arranxo e reparación de artigos téxtiles e de pel	9.663,01
Artes gráficas	12.498,61
Carpintería e moble	11.787,85
Cociña e restauración	10.856,75
Electricidade e electrónica	10.856,75
Fabricación de elementos metálicos	11.787,85
Fabricación e montaxe	13.387,41
Industrias alimentarias	9.663,01
Informática de oficina	12.206,94
Informática e comunicacións	12.206,94
Instalacións electrotécnicas e mecánicas	10.856,75
Mantemento de embarcacións deportivas e de recreo.	11.787,85

Mantemento de vehículos	11.787,85
Mantemento de vivendas	10.856,75
Perrucaría e estética	9.663,01
Reforma e mantemento de edificios	10.856,75
Servizos administrativos	10.228,17
Servizos comerciais	10.228,17
Tapizaría e cortinaxe	9.663,01
Vidraría e olaría	13.387,41

(*) O importe do complemento retributivo da comunidade autónoma do profesorado licenciado de 1º e 2º curso de educación secundaria obrigatoria axustarase, de xeito que a suma do salario, complemento de equiparación de licenciados e CRCA sexa igual ao salario e CRCA do profesorado de 3º e 4º de ESO.





ANEXO V

Artigo 57

CRÉDITOS ASIGNADOS ÁS CORPORACIÓNS LOCAIS		
12	ADMINISTRACIÓN XERAL	572.614
13	XUSTIZA	815.908
14	ADMINISTRACIÓN LOCAL	12.985.174
15	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	350.000
21	PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE	300.000
31	ACCIÓN SOCIAL E PROMOCIÓN SOCIAL	139.522.156
32	PROMOCIÓN DO EMPREGO E INSTITUCIÓNS DO MERCADO DE TRABALLO	71.136.046
41	SANIDADE	6.108.114
42	EDUCACIÓN	6.708.789
43	CULTURA	8.625.117
44	DEPORTES	2.210.554
45	VIVENDA	5.237.500
51	INFRAESTRUTURAS	4.794.475
52	ORDENACIÓN DO TERRITORIO	4.786.668
54	ACTUACIÓNS AMBIENTAIS	18.813.161
55	ACTUACIÓNS E VALORACIÓN DO MEDIO RURAL	15.270.452
56	INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN	120.000
57	SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	1.053.463
71	DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DO MEDIO RURAL	15.916.712
73	INDUSTRIA, ENERXÍA E MINARÍA	11.351.750
75	COMERCIO	1.274.617
76	TURISMO	22.559.058
81	TRANSFERENCIAS A ENTIDADES LOCAIS	138.106.353
	Total	488.618.681

ANEXO VI

Artigo 58 Coeficientes Fondo Base

CONCELLO	COEFICIENTE	CONCELLO	COEFICIENTE
Abadín	0,2067100	Abegondo	0,2479098
Agolada	0,2207326	Alfoz	0,1469580
Allariz	0,2919105	Ames	0,7217843
Amoeiro	0,1426595	Antas de Ulla	0,1606026
Aranga	0,1629145	Arbo	0,1957850
Ares	0,2114099	Arnoia (A)	0,1310605
Arteixo	0,8392101	Arzúa	0,2792102
Avión	0,1853746	Baiona	0,3736793
Baleira	0,1686745	Baltar	0,1301123
Bande	0,1694552	Baña (A)	0,2529409
Baños de Molgas	0,1590171	Baralla	0,1922172
Barbadás	0,2828940	Barco de Valdeorras (O)	0,4301403
Barreiros	0,1684317	Barro	0,1506496
Beade	0,0786331	Beariz	0,1252191
Becerreá	0,2118851	Begonte	0,1901471
Bergondo	0,2648589	Betanzos	0,3707458
Blancos (Os)	0,1139576	Boborás	0,2002334
Boimorto	0,1754150	Boiro	0,6212726
Bola (A)	0,1312506	Bolo (O)	0,1406423
Boqueixón	0,1991911	Bóveda	0,1631081
Brión	0,3149912	Bueu	0,3480399
Burela	0,2791427	Cabana de Bergantiños	0,2383138
Cabanas	0,1517693	Caldas de Reis	0,3230698
Calvos de Randín	0,1331193	Camariñas	0,2218404
Cambados	0,4482263	Cambre	0,6719665
Campo Lameiro	0,1229686	Cangas	0,6634023
Cañiza (A)	0,2508672	Capela (A)	0,1257712
Carballeda de Avia	0,1288474	Carballeda de Valdeorras	0,2004554
Carballedo	0,1919363	Carballiño (O)	0,4213130
Carballo	1,0189948	Cariño	0,1979143
Carnota	0,2179250	Carral	0,2350158
Cartelle	0,2028462	Castrelo de Miño	0,1507406
Castrelo do Val	0,1423348	Castro Caldelas	0,1581306
Castro de Rei	0,2526847	Castroverde	0,2111839
Catoira	0,1627668	Cedeira	0,2937099
Cee	0,2849336	Celanova	0,2824090
Cenlle	0,1205109	Cerceda	0,2839626



CONCELLO	COEFICIENTE	CONCELLO	COEFICIENTE
Cerdedo-Cotobade	0,3932569	Cerdido	0,1217594
Cervantes	0,2205991	Cervo	0,1849849
Chandrea de Queixa	0,1597812	Chantada	0,3446127
Coirós	0,1277721	Coles	0,1710474
Corcubión	0,1055991	Corgo (O)	0,2202468
Coristanco	0,3444762	Cortegada	0,1236633
Coruña (A)	5,7223532	Cospeito	0,2266415
Covelo	0,1836211	Crecente	0,1518362
Cualedro	0,1536004	Culleredo	0,7511051
Cuntis	0,2313623	Curtis	0,2110332
Dodro	0,1478049	Dozón	0,1461331
Dumbria	0,2163445	Entrimo	0,1343366
Esgos	0,1264033	Estrada (A)	0,9562726
Fene	0,4883731	Ferrol	1,4033745
Fisterra	0,1932941	Folgoso do Courel	0,1775662
Fonsagrada (A)	0,3394342	Forcarei	0,2473005
Fornelos de Montes	0,1459411	Foz	0,3709426
Frades	0,1727013	Friol	0,2882335
Gomesende	0,1079040	Gondomar	0,3970006
Grove (O)	0,3569587	Guarda (A)	0,2949532
Gudiña (A)	0,1633406	Guitiriz	0,3119907
Guntín	0,1943199	Illa de Arousa	0,1693188
Incio (O)	0,1833191	Irixo (O)	0,2078820
Irixoa	0,1396301	Lalín	0,9982437
Lama (A)	0,1983302	Láncara	0,1758728
Laracha (A)	0,4560195	Larouco	0,0845254
Laxe	0,1581089	Laza	0,1930750
Leiro	0,1383458	Lobeira	0,1288513
Lobios	0,1865623	Lourenzá	0,1376373
Lousame	0,1987286	Lugo	2,5333955
Maceda	0,1907220	Malpica de Bergantiños	0,2395000
Manzaneda	0,1534856	Mañón	0,1393901
Marín	0,6390407	Maside	0,1783268
Mazaricos	0,2667398	Meaño	0,2107086
Meira	0,1250533	Meis	0,1878341
Melide	0,3006759	Melón	0,1342874
Merca (A)	0,1512802	Mesía	0,1744095
Mezquita (A)	0,1360767	Miño	0,2151889
Moaña	0,4842483	Moeche	0,1231947
Mondariz	0,2156130	Mondariz-Balneario	0,0796895
Mondoñedo	0,2125114	Monfero	0,1813243
Monforte de Lemos	0,6520722	Montederramo	0,1569510



CONCELLO	COEFICIENTE	CONCELLO	COEFICIENTE
Monterrei	0,1783445	Monterroso	0,2084054
Moraña	0,1916877	Mos	0,4022970
Mugardos	0,1947774	Muiños	0,1680190
Muras	0,1772240	Muros	0,3453491
Muxía	0,2706001	Narón	0,9974763
Navia de Suarna	0,2212575	Neda	0,2321002
Negreira	0,2813109	Negueira de Muñiz	0,1197787
Neves (As)	0,2542056	Nigrán	0,5058670
Nogais (As)	0,1356073	Nogueira de Ramuín	0,1630665
Noia	0,4612592	Oia	0,1657653
Oímbra	0,1379582	Oleiros	0,9481761
Ordes	0,4395715	Oroso	0,2453703
Ortigueira	0,4264662	Ourense	2,3097628
Ourol	0,1769400	Outeiro de Rei	0,2399189
Outes	0,2940857	Oza-Cesuras	0,3195057
Paderne	0,1487551	Paderne de Allariz	0,1371535
Padrenda	0,1513969	Padrón	0,3296071
Palas de Rei	0,2459084	Pantón	0,2128593
Parada de Sil	0,1172362	Paradela	0,1531719
Páramo (O)	0,1358236	Pastoriza (A)	0,2194690
Pazos de Borbén	0,1428540	Pedrafita do Cebreiro	0,1410910
Pereiro de Aguiar (O)	0,2566432	Peroxa (A)	0,1567819
Petín	0,1003707	Pino (O)	0,2582749
Piñor	0,1451013	Pobra de Trives (A)	0,1629020
Pobra do Brollón (A)	0,1865164	Pobra do Caramiñal (A)	0,3261184
Poio	0,4483062	Pol	0,1541515
Ponte Caldelas	0,2526736	Ponteareas	0,6334176
Ponteceso	0,2787591	Pontecesures	0,1277450
Pontedeume	0,2807872	Pontedeva	0,0820633
Pontenova (A)	0,1822977	Pontes de García Rodríguez (As)	0,4372170
Pontevedra	1,8681825	Porqueira	0,1116060
Porriño (O)	0,4597799	Portas	0,1305640
Porto do Son	0,3665155	Portomarín	0,1577170
Punxín	0,1010716	Quintela de Leirado	0,0993316
Quiroga	0,2921735	Rábade	0,1055933
Rairiz de Veiga	0,1471563	Ramirás	0,1624678
Redondela	0,7225794	Rianxo	0,4083984
Ribadavia	0,2011900	Ribadeo	0,3782688
Ribadumia	0,1766549	Ribas de Sil	0,1254150
Ribeira	0,7736127	Ribeira de Piquín	0,1232201
Riós	0,1745836	Riotorto	0,1293748
Rodeiro	0,2182113	Roís	0,2334656



CONCELLO	COEFICIENTE	CONCELLO	COEFICIENTE
Rosal (O)	0,2516182	Rúa (A)	0,1860883
Rubiá	0,1480093	Sada	0,5214888
Salceda de Caselas	0,2820813	Salvaterra de Miño	0,3643964
Samos	0,1684774	San Amaro	0,1293733
San Cibrao das Viñas	0,1953176	San Cristovo de Cea	0,1943198
San Sadurniño	0,1788866	San Xoán de Río	0,1338677
Sandiás	0,1283188	Santa Comba	0,4360316
Santiago de Compostela	3,1499361	Santiso	0,1255453
Sanxenxo	0,6310835	Sarreus	0,1405659
Sarria	0,4774302	Saviñao (O)	0,2543443
Silleda	0,3386039	Sober	0,1822770
Sobrado	0,1592228	Somozas (As)	0,1481358
Soutomaior	0,2145708	Taboada	0,2127435
Taboadela	0,1331254	Teixeira (A)	0,0940781
Teo	0,5681940	Toén	0,1459673
Tomiño	0,4233385	Toques	0,1333309
Tordoia	0,2273073	Touro	0,2510451
Trabada	0,1389962	Trasmiras	0,1311433
Trazo	0,2010742	Triacastela	0,1181743
Tui	0,4561952	Val do Dubra	0,1944456
Valadouro (O)	0,1725363	Valdoviño	0,2572379
Valga	0,2063086	Vedra	0,2422174
Veiga (A)	0,2162933	Verea	0,1514325
Verín	0,4558821	Viana do Bolo	0,2706319
Vicedo (O)	0,1482499	Vigo	5,5167858
Vila de Cruces	0,3158629	Vilaboa	0,1987554
Vilagarcía de Arousa	1,0356627	Vilalba	0,8180374
Vilamarín	0,1412373	Vilamartín de Valdeorras	0,1403873
Vilanova de Arousa	0,2946715	Vilar de Barrio	0,1546345
Vilar de Santos	0,0957600	Vilardevós	0,1824825
Vilariño de Conso	0,1573604	Vilarmaior	0,1144978
Vilasantar	0,1344608	Vimianzo	0,3596027
Viveiro	0,4734862	Xermade	0,1864818
Xínzo de Limia	0,3506220	Xove	0,2105751
Xunqueira de Ambía	0,1506371	Xunqueira de Espadanedo	0,1042797
Zas	0,2614845		
Total			100,00



ANEXO VII

Artigo 59

CONVENIOS E SUBVENCÍONS CON ENTIDADES LOCAIS

121A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL	146.200
05.21.121A.760.0 PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO DOS ENTES LOCAIS	146.200
122B-FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA C.A.	426.414
07.81.122B.460.1 SUBVENCÍONS A CORPORACIÓNS LOCAIS PARA FORMACIÓN	426.414
131A-ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	815.908
05.22.131A.461.0 SUBVENCIÓN GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS XULGADOS DE PAZ	565.908
05.22.131A.461.1 AXUDAS A CORPORACIÓNS LOCAIS SECRETARIAS XULGADOS DE PAZ	250.000
141A-ADMINISTRACIÓN LOCAL	12.985.174
05.23.141A.460.0 AXUDAS PARA A CONTRATACION DE AUXILIARES DE POLICIA LOCAL	70.000
05.23.141A.460.1 SUBVENCÍONS A ENTIDADES DE CARÁCTER SUPRAMUNICIPAL E ENTIDADES LOCAIS MENORES	70.000
05.23.141A.461.0 ACTUACIÓNS GLOBAIS DESTINADAS Á CONSERVACIÓN, REPOSICIÓN E RESTAURACIÓN DO MEDIOAMBIENTE	3.782.587
05.23.141A.461.1 FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL.CONVENIOS GRUPOS EMERXENCIA	1.030.000
05.23.141A.760.2 CREACIÓN, MELLORA E AMPLIACIÓN DE SERVIZOS LOCAIS BÁSICOS	3.500.000
05.23.141A.761.0 ACTUACIÓNS GLOBAIS DESTINADAS Á CONSERVACIÓN, REPOSICIÓN E RESTAURACIÓN DO MEDIOAMBIENTE	3.932.587
05.23.141A.761.1 OUTRAS ACTUACIÓNS ESPECIFICAS DE PROTECCION DO MEDIOAMBIENTE	600.000
151A-FOMENTO DA LINGUA GALEGA	350.000
10.50.151A.460.0 TRANSFERENCIAS CORRENTES A CORPORACIÓNS LOCAIS	350.000
212A-PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	300.000
05.25.212A.460.1 SUBVENCÍONS Á FEGAMP PARA FUNCIONAMENTO DOS GES	300.000
312B-PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	1.500.000
13.02.312B.460.01 PROGRAMA MUNICIPAL DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA PARA CONCILIACIÓN	1.000.000



CONVENIOS E SUBVENCIÓNS CON ENTIDADES LOCAIS

13.02.312B.460.01	GRATUIDADE 2º FILLO/A E SUCEIVOS/AS EN ESCOLAS INFANTÍS	500.000
312C-SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS		495.000
13.03.312C.460.0	ACTUACIÓNS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL REACT-UE	495.000
312D-PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA		101.647.127
13.05.312D.460.0	PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA	101.647.127
312E-PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES		7.878.721
13.04.312E.460.0	TRANSFERENCIAS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS	729.231
13.04.312E.460.1	FSE PO 2014-2020 SERVIZOS E RECURSOS DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ	5.865.990
13.04.312E.760.2	PLAN DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE NOS CONCELLOS DE GALICIA	700.000
13.05.312E.460.0	CONVENIOS PARA ACTUACIÓNS NA PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA	583.500
312F-PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE		165.000
13.06.312F.460.0	ACTUACIÓNS DE FOMENTO DO VOLUNTARIADO	165.000
312G-APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL		1.417.240
11.02.312G.460.1	FOMENTO DA CONCILIACIÓN E DA CORRESPONSABILIDADE	1.417.240
313A-SERVIZOS Á XUVENTUDE		250.000
13.06.313A.460.0	PROXECTO PRÁCTICAS FORMATIVAS PARA A XUVENTUDE	250.000
313B-ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER		4.490.000
11.02.313B.460.0	ACCÍÓNS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA A DESENVOLVER POLAS ENTIDADES LOCAIS	3.990.000
11.02.313B.460.0	ACCÍÓNS DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO A DESENVOLVER POR EELL	500.000
313C-SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS		19.223.052
13.03.313C.460.0	SERVIZOS SOCIOCOMUNITARIOS	663.112
13.03.313C.460.1	PLAN DESENVOLVEMENTO XITANO	37.563
13.03.313C.460.1	ACTUACIÓNS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL REACT-UE	704.148
13.03.313C.460.2	PLAN CONCERTADO DE PRESTACIÓNS SOCIAIS BÁSICAS	14.202.229
13.03.313C.460.2	ACTUACIÓNS DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL REACT-UE	3.616.000
313D-PROTECCIÓN E APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO		2.456.016



CONVENIOS E SUBVENCIÓNS CON ENTIDADES LOCAIS

11.02.313D.460.0	DESENVOLVEMENTO LEI INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO -CENTROS DE ACOLLIDA	232.000
11.02.313D.460.1	PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	2.224.016
322A-MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE		48.876.661
11.05.322A.460.0	PROGRAMAS EMPREGO MULLER AMBITO RURAL-URBANO	2.814.688
11.05.322A.460.1	ESCOLAS OBRADOIRO, OBRADOIROS DE EMPREGO E UPD	856.500
11.05.322A.460.2	ESCOLAS OBRADOIRO, OBRADOIROS DE EMPREGO E UPD	35.007.269
11.05.322A.460.2	PROGRAMAS MIXTOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO MOZOS MENORES EIXE 1	3.498.204
11.05.322A.460.3	PROGRAMAS INTEGRADOS PARA O EMPREGO	4.000.000
11.05.322A.460.4	INFORMACION, ORIENTACION E BUSCA DE EMPREGO	2.700.000
322C-PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO		18.398.398
11.04.322C.460.1	AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	2.200.000
11.04.322C.460.2	PROGRAMAS ADQUISICIÓN EXPERIENCIA DESEMPREGADOS	1.500.000
11.04.322C.460.3	PROGRAMAS ADQUISICIÓN EXPERIENCIA RISGA	7.698.398
11.04.322C.460.5	FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)	7.000.000
323A-FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS		3.800.987
11.05.323A.460.1	FORMACION PRIORITARIA DESEMPREGADOS	38.025
11.05.323A.460.1	FORMACIÓN CERTIFICABLE PERSOAS DESEMPREGADAS	3.762.962
324C-PROMOCIÓN DA ECONOMIA SOCIAL		60.000
11.04.324C.460.0	REDE EUSUMO	60.000
412B-ATENCIÓN PRIMARIA		1.300.000
12.80.412B.760.0	REFORMA DE CENTROS DE SAUDE DE TITULARIDADE MUNICIPAL	300.000
12.80.412B.760.0	CONVENIO CENTRO SAÚDE SANTA LUCÍA - A CORUÑA	1.000.000
413A-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA		4.808.114
12.02.413A.460.1	PROGRAMA PREVENCIÓN DROGAS	785.314
12.80.413A.460.0	CONVENIO COA FEGAMP PARA A ATENCIÓN EN DROGODEPENDENCIAS	4.022.800

CONVENIOS E SUBVENCIÓNS CON ENTIDADES LOCAIS

422A-EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO	5.000.000
10.10.422A.760.0 CONVENIOS MELLORA INFRAESTRUTURAS EDUCATIVAS	5.000.000
422E-ENSINANZAS ARTÍSTICAS	350.000
10.10.422E.760.0 CONVENIOS MELLORA INFRAESTRUTURAS EDUCATIVAS	350.000
423A-SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	1.358.789
10.10.423A.460.0 TRANSPORTE E COMEDORES ESCOLARES	699.924
10.10.423A.460.1 CONVENIO CONCELLOS CPIS E SERVIZO LIMPEZA PROPIO	658.865
431A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	1.000.000
10.10.431A.760.0 CONVENIOS MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E BENS CULTURAIS	1.000.000
432A-BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS	973.000
10.40.432A.760.0 ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN, XESTIÓN, ADQUISICIÓN E DIRECCIÓN DE ARQUIVOS	110.000
10.40.432A.760.1 LOTES FUNDACIONAIS E ADQUISICIÓNS DE FONDOS BIBLIOGRAFICOS - REDE BIBLIOTECAS DE GALICIA	362.000
10.40.432A.760.2 LOTES FUNDACIONAIS E ADQUISICIÓNS DE FONDOS BIBLIOGRAFICOS - REDE BIBLIOTECAS DE GALICIA	200.000
10.40.432A.760.3 ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DO LIBRO E DA LECTURA	201.000
10.40.432A.760.4 INVESTIMENTOS E OUTROS GASTOS EN MUSEOS E INFRAESTRUTURAS CULTURAIS	100.000
432B-FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS	6.552.117
10.40.432B.460.0 ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	75.000
10.40.432B.460.1 TRANSFERENCIAS CORRENTES Ó CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MÚSICA	2.700.000
10.40.432B.760.0 ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	2.488.403
10.40.432B.760.1 ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL	100.000
10.A1.432B.460.0 AXUDAS EN MATERIA CULTURAL	238.714
10.A1.432B.760.0 AXUDAS EN MATERIA CULTURAL	200.000
10.A1.432B.760.0 INFRAESTRUTURAS E CIRCUITOS DIFUSIÓN INTERTERRITORIAL.MODERNIZACIÓN, XESTIÓN SOSTIBLE E FOMENTO	750.000
433A-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO ECULTURAL	100.000



CONVENIOS E SUBVENCIONS CON ENTIDADES LOCAIS

10.41.433A.760.0	AXUDAS E CONVENIOS PARA CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	100.000
441A-PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA		2.210.554
04.40.441A.760.0	SUBVENCIONS PARA INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS	2.210.554
451A-FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA		2.550.000
08.81.451A.760.0	INFRAVIVENDA	370.000
08.81.451A.760.1	REHABILITACIÓN ANTIGAS VIVENDAS DE MESTRES E OUTROS COLECTIVOS	2.100.000
08.81.451A.760.3	ACTUACIONS DE IMPULSO E DIFUSIÓN EN MATERIA DE REHABILITACIÓN	80.000
451B-ACCESO Á VIVENDA		2.687.500
08.81.451B.760.8	PROGRAMA DE AXUDA Á CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS EN ALUGUEIRO SOCIAL EN EDIFICIOS ENERXÉTICAMENTE EFICIENTES (MRR)	2.687.500
512A-ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE		764.220
09.02.512A.760.0	ESTACIÓN INTERMODAL EN VIGO (INTEGRACIÓN ESTACIÓN AUTOBUSES)	764.220
512B-CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS		4.030.255
09.A1.512B.760.0	CONVENIOS CON CORPORACIONS LOCAIS	3.594.455
09.A1.512B.760.0	CONVENIO CONCELLO CERDEDO/COTOBAD VIAL CERDEDO-CAROI	35.800
09.A1.512B.760.0	CONVENIO CONCELLOS CERDEDO/COTOBAD. TRAVESÍA DE TENORIO	200.000
09.A1.512B.760.0	CONVENIO CONCELLO CERVO ESTRADA A QUINTÁS	200.000
521A-URBANISMO		4.786.668
08.04.521A.760.0	AXUDAS PARA REDACCIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO.	3.223.998
08.04.521A.762.0	AXUDAS A CONCELLOS PARA ACTUACIONS EN ENTORNOS URBANOS -PLANHURBE-	1.562.670
541B-CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL		6.527.309
08.03.541B.460.0	ACTUACIONS VINCULADAS COA PROTECCIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍAABANDONADOS	230.000
08.03.541B.460.0	FONDOS MRR. COMPONENTE 4 DO PRTR. AXUDAS RESERVA DA BIOSFERA	369.119
08.03.541B.760.0	AXUDAS PARA A CONSERVACION DAS ARBORES SENLLEIRAS	25.000
08.03.541B.760.0	INFRAESTRUTURAS DE SANEAMIENTO, PROTECCIÓN E MELLORA MEDIO AMBIENTE	100.000
08.03.541B.760.0	AXUDAS NATURA 2000 E ESPAZOS NATURAIS	1.157.617



CONVENIOS E SUBVENCIÓNS CON ENTIDADES LOCAIS

08.03.541B.760.0	CONSERVACIÓN E SENSIBILIZACIÓN VINCULADAS AO DESENVOLVEMENTO RURAL	64.995
08.03.541B.760.0	FONDOS MRR. COMPONENTE 4 DO PRTR. AXUDAS RESERVA DA BIOSFERA	4.180.578
08.03.541B.760.2	FONDOS MRR. COMPONENTE 4 DO PRTR. AXUDAS AREAS INFLUENCIA SOCIOECONÓMICA NO PNIA	400.000
541D-CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS		10.965.352
08.02.541D.760.1	AXUDAS A ENTIDADES LOCALES PARA ACTUACIÓNS EN MELLORA DA XESTIÓN DOS BIORRESIDUOS	6.738.156
08.02.541D.760.1	AXUDAS EE.LL. CONSTRUCCIÓN PUNTOS LIMPOS FIXOS	1.750.000
08.02.541D.760.1	AXUDAS EELL RECOLLIDA SEPARADA ACEITES, TEXTIS E PUNTOS LIMPOS	2.213.583
08.02.541D.760.1	PROGRAMA DE ECONOMÍA CIRCULAR E PIMA RESIDUOS	162.355
08.02.541D.760.1	PROGRAMA DE IMPLEMENTACIÓN DA ECONOMÍA CIRCULAR	101.258
541E-COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE		1.320.500
08.80.541E.760.00	DESENVOLVEMENTO E XESTIÓN DA ESTRATÉXIA DA PAISAXE GALEGA	320.500
08.80.541E.760.00	SUBVENCIÓNS: ACTUACIÓNS DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS	1.000.000
551B-ACCÍONS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL		15.270.452
14.02.551B.760.0	CONVENIOS COS CONCELLOS EN MATERIA DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS	10.072.445
14.02.551B.760.0	PREVENCIÓN DE DANOS CAUSADOS POR INCENDIOS DESASTRES NATURAIS E CATÁSTROFES	5.198.007
561A-PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA		120.000
06.A2.561A.760.0	GALICIA TRANSFIRE	120.000
571A-FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO		1.053.463
04.A1.571A.460.0	DESENVOLVEMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	813.000
04.A1.571A.760.0	AXUDAS PARA A DIXITALIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA	240.463
712A-FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL		15.646.212
14.A1.712A.760.0	IMPLEMENTACIÓNS DE OPERACIÓNS LEADER	3.215.161
14.A1.712A.760.0	MELLORA DE CAMIÑOS	10.937.718



CONVENIOS E SUBVENCIÓNS CON ENTIDADES LOCAIS

14.A1.712A.760.0	ACTUACIÓNS SENLLEIRAS DE MELLORA DO PATRIMONIO RURAL	400.000
14.A1.712A.760.0	INFRAESTURURAS DE SERVIZOS Á POBOACIÓN RURAL	1.093.333
713B-ORDENACIÓN DAS PRODUCIÓNS FORESTAIS		204.500
14.03.713B.760.0	ESTABLECEMENTO E MANTEMENTO DE SISTEMAS AGROFORESTAIS	60.500
14.03.713B.760.0	INVESTIMENTOS EN TRABALLOS SILVICOLAS PARA AUMENTAR A RESILENCIA E O VALOR MEDIOAMBIENTAL DOS ECOSISTEMAS FORESTAIS	72.000
14.03.713B.760.0	SILVICULTURA PREVENTIVA PARA PREVENCIÓN DE DANOS CAUSADOS POR INCENDIOS, DESASTRES NATURAIS E CATÁSTROFES	72.000
713D-MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA		48.000
14.A2.713D.760.0	CONTROL DA CALIDADE	48.000
713E-BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL		18.000
14.04.713E.460.1	DEFENSA SANITARIA GANDEIRA	18.000
731A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA		12.000
06.01.731A.460.1	SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO	12.000
732A-REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL		6.000.000
06.02.732A.760.0	MELLORA DE INFRAESTRUTURAS EN PARQUES EMPRESARIAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL	3.250.000
06.02.732A.760.0	REFORZO DE LIÑAS ELÉCTRICAS DE ALIMENTACIÓN EN POLÍGONOS INDUSTRIAIS	1.600.737
06.02.732A.760.1	CREACIÓN DE VIVEIROS INDUSTRIAIS DE EMPRESAS EN PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	750.000
06.02.732A.760.2	CONVENIO DEPUTACIÓN DA CORUÑA OFICINAS REINDUSTRIALIZACIÓN	150.000
06.02.732A.760.3	SUBVENCIÓN CONCELLO DE AS PONTES CENTRO LOXÍSTICO	249.263
733A-EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES		4.279.750
06.A3.733A.760.1	MELLORA DA ILUMINACIÓN DE EDIFICIOS HISTÓRICOS	500.000
06.A3.733A.760.5	AXUDAS A PROXECTOS DE BIOMASA - FEDER 2014-2020	335.281
06.A3.733A.760.5	MRR. ENERXÍAS RENOVABLES TÉRMICAS	365.000
06.A3.733A.760.8	AXUDAS A ENERXIAS RENOVABLES DE XERACION ELECTRICA - FEDER 2014-2020	100.000
06.A3.733A.760.8	MRR. ALMACENAMENTO ELÉCTRICO	140.000



CONVENIOS E SUBVENCIÓNS CON ENTIDADES LOCAIS

06.A3.733A.760.8	MRR. AUTOCONSUMO ELÉCTRICO	1.450.000
06.A3.733A.760.9	CONVENIOS EN MATERIA DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXETICA E DAS ENERXIAS RENOVABLES	624.469
06.A3.733A.760.9	MRR. ENERXÍAS RENOVABLES TÉRMICAS	365.000
06.A3.733A.762.1	MRR. MOBILIDADE ELÉCTRICA	400.000
734A-FOMENTO DA MINARÍA		1.060.000
06.02.734A.760.1	AXUDAS PARA OS APROVEITAMENTOS LÚDICOS DE AUGAS TERMAIS	1.000.000
06.02.734A.760.2	CONVENIOS COS CONCELLOS PARA VALORIZACIÓN RECURSOS	60.000
751A-ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA		1.274.617
06.03.751A.761.2	EQUIPAMENTOS COMERCIAIS MUNICIPAIS REDE GALEGA DE MERCADOS E PRAZAS DE ABASTOS	10.500
06.03.751A.761.3	EQUIPAMENTOS COMERCIAIS MUNICIPAIS REDE GALEGA DE MERCADOS E PRAZAS DE ABASTOS	730.000
06.03.751A.761.5	ACTUACIÓNS EN ARTESANÍA E PROMOCIÓN MARCA ARTESANÍA DE GALICIA	80.000
06.03.751A.761.6	EQUIPAMENTOS COMERCIAIS MUNICIPAIS REDE GALEGA DE MERCADOS E PRAZAS DE ABASTOS	454.117
761A-POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO		22.559.058
05.A2.761A.460.0	PROMOCIÓN E POTENCIACION DO TURISMO	85.000
05.A2.761A.760.0	PROMOCIÓN E POTENCIACION DO TURISMO	573.058
05.A2.761A.760.0	AXUDAS PARA ACCIÓNS DE EMBELECEMENTO: GALICIA PARABÉNS	450.000
05.A2.761A.760.0	MECANISMO DE RECUPERACIÓN RESILIENCIA (MRR)	20.000.000
05.A2.761A.760.1	AXUDAS PARA FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO E OUTRAS ACCIÓNS PROMOCIONAIS	851.000
05.A2.761A.760.3	PROMOCIÓN E POTENCIACION DO TURISMO	600.000
811C-OUTROS SOPORTES FINANCEIROS ÁS ENTIDADES LOCAIS		2.392.425
23.01.811C.460.0	TRANSFERENCIAS PARA SUFRAGAR OS GASTOS OCASIONADOS POLA CONDICIÓN DE CAPITALIDADE DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	2.392.425

Total

352.904.753



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA O ANO 2022

Os orzamentos de 2022 veñen condicionados pola situación, de crise sanitaria a nivel mundial motivada pola irrupción do virus SARS-CoV-2, que afortunadamente en Galicia xa está a superarse. Porén, as consecuencias derivadas da pandemia da COVID-19 e da situación de emerxencia sanitaria declarada en marzo de 2020 deixaron importantes leccións que condicionan o deseño e a prestación dos servizos públicos básicos do futuro.

Deste xeito, se a actividade sanitaria do ano 2020 veu marcada pola abordaxe da situación epidemiolóxica e desenvolvemento de ferramentas de detección e control do virus, o ano 2021 supuxo o desenvolvemento loxístico dun dispositivo de vacinación que logrou o éxito da inmunización da inmensa maioría da poboación galega.

Así, superada a peor etapa da pandemia, 2022 preséntase como o ano da recuperación económica e da actividade sanitaria ordinaria. Mais, mantendo algunhas peculiaridades respecto aos anos previos á pandemia, en especial no que atinxe á vixilancia epidemiolóxica e ao control de gromos, así como a eventuais novas campañas de vacinación segundo o consenso científico recomende novas terceiras doses ou a vacinación das persoas menores de 12 anos.

Por conseguinte, os orzamentos 2022 suporán unha volta á senda de crecemento san que viña caracterizando ás finanzas galegas, baseada nun desenvolvemento sostible dos servizos públicos, un endebedamento controlado e uns impostos á baixa para impulsar a actividade económica e o emprego, garantindo a protección e o benestar das familias e das empresas, o que permitirá recuperar, a mediados do ano 2022, o nivel de riqueza precovid.

Antes de xurdir a pandemia, Galicia levaba unha senda ininterrompida de crecemento de seis anos; con todo, no ano 2019 o crecemento moderouse, medrando case un dous por cento. España o fixo nun dous por cento e os países da nosa contorna tamén experimentaron esta moderación; en concreto, as economías da área do euro acadaron un 1,4 por cento. Se ben é certo que





dentro da senda da economía mundial xa se prevía unha desaceleración progresiva, a chegada da COVID-19 supuxo unha muda total, orixinando un abrupto parón da actividade económica e a conseguinte caída do produto interior bruto (PIB). Caída que supuxo unha contracción do PIB mundial dun 4,3%, nos países da zona euro do 6,5% e do 10,8 % no conxunto da economía nacional.

Na nosa comunidade o comportamento foi mellor que na economía nacional, sendo a caída do PIB galego dun 8,9% no 2020, taxa case dous puntos inferior á media nacional. A menor dependencia do turismo, a importancia do sector primario no PIB, a estabilidade nas exportacións e un maior control da pandemia a resultados das políticas implementadas e seguimento das recomendacións do Comité de Expertos, creado pola Xunta, son algúns dos factores que explican a maior resistencia da economía galega fronte a crise.

Se no 2021 iniciouse a recuperación económica, cuxas estimacións últimas segundo o IGE sitúan o crecemento do PIB galego no 5,5%, o ano 2022 preséntase como o ano da consolidación da recuperación. As previsións económicas aprecian unha importante recuperación da economía, pois sitúan a suba do PIB arredor do 6% para a nosa economía. Este panorama require que o orzamento, principal instrumento do Goberno galego para o desenvolvemento da súa política económica, sexa a canle principal para o retorno á senda de crecemento san xa indicada.

Por iso, as prioridades asignativas das contas do ano 2022, comezan pola garantía de financiamento dos servizos públicos básicos, acompañando o gasto sanitario na volta á normalidade e continuando co programa de investimentos pendentes, garantindo o desenvolvemento con normalidade do ano académico e avanzando cara á modernización e dixitalización no eido educativo, apoiando con decisión unha formación profesional e unha educación universitaria de calidade e evolucionando o modelo de servizos e prestacións sociais mellorando a capacidade, calidade e seguridade das existentes.

Os orzamentos do 2022 mobilizarán os recursos financeiros precisos para apoiar o crecemento sostible da nosa economía e a xeración de emprego estable e de calidade, reforzando a aposta por modernizar e impulsar as reformas estruturais que fagan máis resistente e competitivo ao noso tecido produtivo, adaptándose aos requirimentos das transicións verde e dixital.

Os recursos que sustentarán as políticas de gasto recollidas nas contas do 2022 van ter unhas características especiais motivadas pola realidade que conformou a crise sanitaria e os instrumentos dos que se dotaron a administracións para enfrontala.

Nas actuais circunstancias, é previsible unha sólida recuperación da recadación tributaria.

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
Edifícios administrativos San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno.: 981 54 51 10 - Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal

2

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021.....



AÑO FUNCIONARIO.

Santa Susana Blanco



Porén, volta a evidenciarse que o sistema de financiamento autonómico non está deseñado para enfrontar perturbacións extraordinarias como a presente, o que deriva novamente nunha importante liquidación negativa, se ben neste caso se habilita unha partida extraordinaria para paliar este axuste negativo (uns 367,6 millóns de euros é a estimación de liquidación negativa para Galicia), o que non evita unha baixa sistemática de recursos neste apartado respecto ao ano 2021 ao pasar dunha liquidación de 376 millóns de euros a cero.

A anterior merma vese compensada en parte polo pago da sentenza sobre a retención indebida dunha mensualidade do IVE, na liquidación de 2017, estimada en 211 millóns de euros máis intereses. Galicia tivo que acudir aos tribunais para reclamar esta contía en compensación dos efectos negativos na recadación do IVE dimanantes da implantación do sistema de información inmediata impulsada polo Ministerio de Hacienda, tras o fallo favorable do Tribunal Supremo no pasado mes de maio que recoñece o dereito de Galicia a ser compensada pola mensualidade do IVE de 2017 –máis os xuros de demora– no Consello de Política fiscal e Financeira acordouse indemnizar a todas as CCAA por este concepto. Este ingreso extraordinario, colaborará parcialmente a paliar a merma da liquidación do SFA, e a desaparición dos fondos extraordinarios COVID.

Pero sen dúbida o impacto de maior calado nos recursos autonómicos é que a Administración xeral do Estado deixa de aportar fondos para enfrontar os efectos residuais da pandemia ao non habilitar un fondo COVID para 2022, isto supón unha merma de 685 millóns de euros sobre o orzamento inicial de 2021.

No que refire aos fondos finalistas e europeos, ao igual que no 2021, no 2022 o importante paquete de apoio financeiro aprobado pola Comisión Europea contribuirá a afianzar as políticas de gasto encamiñadas a reformas e modernización dos servizos públicos e do tecido económico. Polo miúdo, dos fondos Next Generation EU as contas autonómicas recollen 508 millóns de euros da parte que xestionará a comunidade autónoma dos recursos vinculados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Regulamento (UE) 2021/241) e 249 millóns procedentes da Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa, REACT-EU, un novo instrumento que segue a lóxica do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e do Fondo Social Europeo (FSE) para financiar proxectos de impacto contra os efectos da crise.

No que atinxe ao financiamento procedente do resto dos fondos europeos, estímase unha baixa do 9,9 %, debido á finalización dos recursos do período 14-20, e de que aínda non se puideron presentar os programas operativos dos fondos estruturais e de investimento 21-27.

Como consecuencia da extraordinaria situación, a Comisión Europea, ao igual que fixera para 2020 e 2021, confirmou en xuño o mantemento da activación





da cláusula xeral de salvagarda do Pacto de estabilidade e crecemento. A cláusula, tal como se recolle no artigo 5, alínea 1, no artigo 6, alínea 3, no artigo 9, alínea 1, e no artigo 10, alínea 3, do Regulamento (CE) nº 1466/97 e no artigo 3, alínea 5, e no artigo 5, alínea 2, do Regulamento (CE) nº 1467/97, facilita a coordinación das políticas orzamentarias en tempos de grave recesión económica.

Na súa comunicación inicial de marzo ao Consello, *Un ano despois da pandemia COVID-19: resposta en materia de política orzamentaria*, a Comisión, tendo en conta o nivel da actividade económica na UE ou na zona euro en comparación aos niveis anteriores a crise (finais 2019), considera que se dá cumprimento a os requisitos para manter en vigor a cláusula xeral de salvagarda para este ano 2022, retrasando a súa desactivación ata 2023. A activación da cláusula xeral de salvagarda permite unha desviación temporal respecto da traxectoria de axuste cara ao obxectivo orzamentario no mediano prazo, sempre que esta non poña en perigo a sustentabilidade orzamentaria a medio prazo. Así, ten posibilitado que os Estados membros adoptaran medidas moi importantes en materia de gastos e ingresos para minimizar o impacto social da pandemia.

En aplicación desta, o Consello de Ministros do pasado 27 de xullo aprobou a suspensión das regras fiscais para o ano 2022, que se substitúen por unhas taxas de referencia ao déficit e á débeda pública, co obxecto de paliar a deterioración que produce esta crise sanitaria.

Na nosa comunidade, o 29 de xullo deste ano, aprobouse o Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, ao cal se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Este acordo establece o límite do gasto para o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en 11.571 millóns de euros. Este límite de gasto modifícase á alza pola inclusión de novos fondos do MRR asignados nos últimos meses por importe de 73,1 millóns adicionais aos previstos no límite de gasto, e á baixa en 16,7 millóns de euros polo impacto das baixadas de tributación en ITP-AJD e xogo. O que deixa o límite de gasto non financeiro en 11.627 millóns de euros, 64 millóns de euros adicionais ao gasto non financeiro contido nos orzamentos consolidados de 2021.

Se desbotamos os fondos COVID, o crecemento do gasto non financeiro acada os 749 millóns de euros un 6,9% superior ao do exercicio corrente, mostra palmaria do esforzo de consolidación dos servizos públicos e o impulso económico que se quere acelerar no 2022.

En efecto, continuando a senda xa iniciada en 2021, a Xunta de Galicia non reparará en medios para mobilizar todos os recursos dispoñibles que acheguen



Josefa Barreiro Blanco



a suficiente masa crítica financeira para impulsar as políticas de gasto que permitan consolidar o crecemento e modernizar a nosa estrutura económica.

O punto de partida dunhas finanzas saneadas e rigorosas e unha débeda moderada facilitarán esta achega extraordinaria de recursos. Galicia segundo os derradeiros datos de débeda do Protocolo de Déficit Excesivo (PDE) publicados polo Banco de España segue a ser a terceira comunidade de réxime común con menor endebedamento de toda España.

Na liña xa iniciada de achega extraordinaria de recursos, a Xunta está a emprender diferentes actuacións de consolidación do crecemento económico, que priorizarán a recuperación da actividade económica e do emprego mobilizando recursos e impulsando proxectos públicos e privados baseados na estratexia Next Generation Galicia e o Plan Estratéxico de Galicia, que apostan por un crecemento sustentable e cohesión social e territorialmente, pero non só miramos aos demais tamén froito dunha avaliación crítica da xestión interna se aposta por afondar na modernización administrativa e revisión de procedementos que fagan posible executar estes recursos con eficacia e mellorar a prestación de servizos á cidadanía.

O apoio aos sectores produtivos estratéxicos resulta prioritario, en especial á industria, fomentando un tecido produtivo moderno, eficiente, innovador, internacionalizado e sustentable que xere mais empregos e de máis calidade a través da transición verde e dixital.

A outra gran prioridade é a garantía dos medios e o persoal precisos nos eidos sanitario, educativo e social para seguir a prestar uns servizos públicos de calidade; e reforzar as políticas sociais para garantir que a recuperación chegue a todos os galegos e galegas en especial a os colectivos mais vulnerables.

No eido da planificación económica e orzamentaria, no 2022 verán a luz o Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 e a programación do novo período 2021-2027 dos fondos estruturais e de investimento europeos. O Plan estratéxico de Galicia 2021-2030 fundamentará a estratexia de crecemento a medio prazo de Galicia arredor de catro eixes de actuación: a dinamización demográfica e o benestar, a transición ecolóxica, a competitividade e a cohesión social e territorial.

En materia de fondos europeos, no 2022 intensificarase a execución do eixe REACT-EU, iniciado en 2021, así como os novos fondos MRR, para impulsar a recuperación e crecemento económico e reforzar e modernizar os servizos públicos, en especial as capacidades do sistema sanitario no contexto da crise asociada á pandemia COVID-19, a educación e a política social.



Así mesmo, no marco do Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia, aprobado no 2021, impulsarase a transparencia e a axilización dos procedementos administrativos, a través de melloras tecnolóxicas nos eidos da participación cidadá na elaboración de normas e plans, de atención á cidadanía e no marco da contratación pública

Como en exercicios anteriores, os presupostos recollerán unha visión transversal das políticas de gasto con perspectiva de xénero, de infancia e en termos de obxectivos ODS.

Xa por último, débese salientar que no próximo ano segue a celebrarse o Xacobeo iniciado en 2021. Así, os beneficios do xubileo prorrogaranse durante 2022 debido as circunstancias especiais da pandemia do COVID-19 que se estenderon a boa parte de 2021, tras unha demanda que respostaba ao sentir de todo o pobo galego e apoiada dende a Xunta.

Declarado acontecemento de «excepcional interese público» na Lei 6/2018, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, na súa disposición adicional octoxésima sétima, o Xacobeo constitúe un acontecemento de singular importancia para a nosa comunidade, tanto dende o punto de vista económico como social. O seu impulso durante o 2022 tenta consolidar a Galicia como un destino turístico sostible, atractivo e seguro a nivel mundial.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021

AO FUNCIONARIO,



Josefa Barreiro Blanco

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2021
O director xeral de Planificación e Orzamentos
Miguel Corgos López-Prado



INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2022

Solicitante: Consellería de Facenda e Administración Pública. Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Expediente: 2021/117

FEITOS

A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública solicítalle a esta Secretaría Xeral da Igualdade que emita informe de impacto de xénero relativo ao anteproxecto de Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 PERTINENCIA DO INFORME

Segundo o disposto no artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (en diante, Decreto legislativo 2/2015) "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 545 371
xestion-contable.igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal>

1

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal
Santiago de Compostela, 18 de Oct. 2021.....



VO FUNCIONARIO
Xosé Manuel Barreiro





[Handwritten signature: Xosé Manuel Barreiro Blanco]



Do citado precepto despréndese a obrigatoriedade de valorar, con carácter previo ao debate parlamentario, calquera iniciativa legislativa para determinar se a súa posta en práctica afectará de forma diferente a mulleres e homes, co fin de adaptala para neutralizar os posibles efectos discriminatorios e fomentar a igualdade, integrando deste xeito o principio de transversalidade.

Os orzamentos constitúen a concreción da política económica e social que se vai desenvolver, e permiten unha análise cuantitativa e cualitativa, así como a previsión dos efectos das medidas que neles se recollen sobre o territorio e sobre a poboación que o habita. A integración da perspectiva de xénero na política orzamentaria ten unha dobre dimensión: igualdade e eficiencia económica, que contribúen a deseñar políticas máis efectivas. Un orzamento responsable co xénero favorece e facilita a redución da desigualdade de xénero.

De acordo co VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 (en diante, VII Plan para a igualdade de oportunidades), é unha prioridade de actuación do goberno autonómico consolidar a transversalidade de xénero nos orzamentos. Deste xeito, a perspectiva de xénero debe ser considerada no deseño de normas e programas orzamentarios como fórmula que permita, dunha banda, evidenciar o impacto da distribución orzamentaria na vida de mulleres e homes e, doutra, favorecer unha actuación pública que incida nas desigualdades detectadas. Avanzar neste ámbito é, pois, esencial na procura dunha sociedade máis xusta, na que se realice unha distribución equitativa dos recursos públicos.

Aplicar a perspectiva de xénero nos orzamentos da Comunidade Autónoma supón detectar as desigualdades entre mulleres e homes que podan existir nos distintos ámbitos para tratalas, o que dota de maior eficacia e eficiencia a asignación dos recursos públicos, ao mesmo tempo que achega riqueza e cohesión social, e constitúe unha oportunidade para avanzar cara un orzamento orientado a resultados.

Un orzamento con perspectiva de xénero é o resultado de aplicar a transversalidade de xénero no proceso orzamentario para promover a igualdade oportunidades entre mulleres e homes.

2 INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

I A necesidade de incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas queda xa patente no Tratado da Comunidade Europea (TCE), que recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3) e considera como misión da





Isela Bonazo Blanco

Comunidade a consecución da igualdade de xénero: "A unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)". Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introducilo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

No ámbito estatal a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (artigos 14 e 15) así como, no caso galego, o citado Decreto legislativo 2/2015, reiteran o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

En virtude deste mandato de presenza transversal de loita contra as desigualdades, débese procurar que todas as normas emitidas, na medida do posible e se o obxecto da materia o fai procedente, inclúan explicitamente a incorporación da perspectiva de xénero.

II Segundo se indica na Orde do 22 de xuño de 2021, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 (DOG núm. 123 do 30 de xuño de 2021), "Os orzamentos recollerán nun tomo a visión transversal das políticas de gasto con perspectiva de xénero, do orzamento en clave de infancia e un informe do orzamento en clave de obxectivos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable" Neste senso, cómpre sinalar que dentro dos obxectivos da Axenda 2030, a Igualdade de xénero constitúe un ODS específico, o ODS 5, que ademais é transversal aos demais ODS, posto que as desigualdades de xénero maniféstanse en todas e cada unha das dimensións do desenvolvemento sustentable.

A dita orde tamén recolle no seu artigo 5.Un que na elaboración dos orzamentos participará un grupo de análise de xénero que analizará o impacto dos programas de gasto na erradicación das fendas de xénero detectadas e realizará as recomendacións precisas para a incorporación da perspectiva de xénero aos orzamentos . Ademais, no artigo 9.Seis establécese que, a Secretaría Xeral de Igualdade, en colaboración coa Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e co Instituto Galego de Estatística (IGE), elaborará un informe que permita coñecer a situación diferencial das mulleres e dos homes en relación cos distintos ámbitos prioritarios de intervención e a análise do impacto de xénero dos diferentes programas de gasto.

Dende o ano 2013 (orzamentos de 2014), o informe de impacto de xénero, como documentación anexa ao anteproxecto de Lei de orzamentos, é clave na estratexia de





Irma Baucero Blou

orçamento con perspectiva de xénero, e ten como principal obxectivo valorar a incidencia das políticas públicas dende a dita perspectiva, así como visibilizar as medidas que se van desenvolver para corrixir os desequilibrios existentes entre mulleres e homes.

III De acordo co exposto anteriormente, no presente informe sobre o texto articulado do anteproxecto de Lei de orzamentos só se van analizar aqueles aspectos positivos que aparecen nel e que se refiren a cuestións que poden ter relevancia dende o punto de vista do xénero.

Con carácter xeral, na exposición de motivos do anteproxecto de Lei de orzamentos indícase as prioridades significativas das contas do ano 2022, comezan pola garantía do financiamento dos servizos públicos básicos, acompañando o gasto sanitario na volta á normalidade e continuando co programa de investimentos pendentes, garantindo o desenvolvemento con normalidade do ano académico e avanzando cara á modernización e dixitalización no eido educativo, apoiando con decisión unha formación profesinonal e unha educación universitaria de calidade e evolucionando o modelo de servizos e prestacións sociais mellorando a capacidade, calidade e seguridade das existentes. O orzamentos do 2022 mobilizarán os recursos financeiros precisos para apoiar o crecemento sostible da economía e a xeración de emprego estable e de calidade.

En relación ao impacto dos efectos da pandemia entre as mulleres, o Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades publicou un informe no que analiza este impacto, sinalando que a tripla dimensión da pandemia, sanitaria, social e económica, aféctalle de diferente forma ás mulleres e aos homes, debido principalmente ás seguintes circunstancias:

- Sobrecarga do traballo sanitario e dos servizos esenciais: as mulleres representan o 70% do persoal sanitario en todo o mundo, e son maioría en sectores do comercio de alimentación e dos servizos de limpeza hospitalaria e de residencias, que son esenciais para o mantemento das poboacións.
- Centralidade das tarefas de coidados: as mulleres seguen realizando a maior parte do traballo doméstico e de coidado de persoas dependentes, remunerado e non remunerado, asumindo tamén unha maior carga mental derivada da mesma. Ademais, moitas mulleres vense abocadas a non poder seguir traballando, por ter que facer fronte ás tarefas de coidado ao atoparse os centros escolares pechados.
- As mulleres sofren maior precariedade e pobreza laboral, o cal as sitúa nun peor lugar para afrontar un novo período de crise (especialmente mulleres novas, as mulleres con





Josefa Barreiro Blanco

baixa cualificación e as mulleres migrantes), ademais algúns dos sectores máis afectados, como o comercio, turismo e hostalería, están altamente feminizados.

- Aumento do risco de violencia de xénero e outros tipos de violencia contra as mulleres derivado da situación de confinamento.

Conclúese no informe que os condicionantes de xénero determinan a diferenza do impacto da crise en mulleres e homes. O rol tradicional de coidadoras asignado ás mulleres outórgalles un grao de presenza na resposta á enfermidade que debe ser tido en conta na abordaxe da crise. Ignorar o impacto de xénero nas consecuencias económicas e sociais agravará as desigualdades. Para evitalo, as mulleres deben formar parte tanto da resposta directa como da toma de decisións, é dicir, non poden ser só quen proporciona saúde global mentres os homes lideran. Deste xeito, resulta imprescindible integrar a perspectiva de xénero na resposta á crise, sanitaria, social e económica, causada pola pandemia.

Continúa a exposición de motivos do anteproxecto de Lei de orzamentos sinalando que no ano 2022 verán a luz o Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 e a programación do novo período 2021-2027 dos fondos estruturais e de investimento europeos. O Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 fundamentará a estratexia de crecemento a medio prazo en Galicia arredor de catro eixes de actuación: a dinamización demográfica e o benestar, o cambio climático, a competitividade e a cohesión social e territorial. En relación a estes catros eixes de actuación, é preciso ter en conta, de acordo co vixente Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, que a posta en marcha de políticas efectivas en materia de conciliación e corresponsabilidade é un dos mellores instrumentos para a revitalización demográfica. Na actualidade existe un amplo consenso á hora de recoñecer que entre as accións máis eficaces para a dinamización demográfica ocupan un lugar central as políticas de conciliación e de corresponsabilidade. Hoxe en día os países con índices de fecundidade máis elevados son aqueles nos que a maioría das mulleres, incluíndo as nais de nenas e nenos pequenos, están no mercado de traballo.

Tamén a perspectiva de xénero é esencial para loitar contra o cambio climático, xa que homes e mulleres contan con diferentes hábitos respecto ao consumo e ao tratamento de residuos, e non teñen a mesma relación co medio ambiente, pois esta ven condicionada polos roles sociais e os estereotipos de xénero. Diversos estudos a nivel internacional converxen na idea de que as mulleres contaminan menos que os homes, e as súas actividades teñen un menor impacto sobre o deterioro do medio ambiente e do clima, de xeito que a "pegada ecolóxica" das mulleres é menor que a dos homes.





Isabel Blanco
Isabel Blanco Blanco

En relación ao benestar e á cohesión social, cómpre recordar que a igualdade de xénero é un principio horizontal que impregna todos os eixes e obxectivos de actuación do vixente PEG 2015-2020, non obstante, as actuacións máis directamente relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes condénsanse no eixe prioritario 2, "Benestar das persoas e as familias e cohesión social", no que se recollen os obxectivos estratéxicos de: a) mellorar a conciliación da vida familiar e laboral e promover a corresponsabilidade entre mulleres e homes para contribuír a acadar o principio de igualdade por razón de xénero; b) impulsar a igualdade de oportunidades por razón de xénero, a inclusión e mellora social, o acceso á actividade e ao emprego das mulleres; e c) reducir a violencia de xénero articulando unha resposta global e coordinada en calquera das súas modalidades e consecuencias.

Así mesmo, no tocante á competitividade, o VII Plan para a igualdade de oportunidades pon de manifesto a necesidade de aproveitar o potencial feminino galego no mercado laboral e na actividade económica de Galicia en clave de igualdade efectiva, e inclúe como un dos seus obxectivos estratéxicos reducir as brechas de xénero no acceso, permanencia e promoción no emprego e favorecer a autonomía económica e o desenvolvemento profesional das mulleres desde unha cultura da innovación. É imprescindible potenciar a capacitación das mulleres na creación e uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a equiparación e a inserción laboral efectiva das mulleres e o fomento do empresariado feminino.

Conclúe o apartado I da exposición de motivos do anteproxecto de Lei de orzamentos coa referencia ao Xacobeo 2021 que se segue a celebrar no ano 2022, prorrogándose debido ás circunstancias especiais da pandemia do COVID-19 que se estenderon a unha boa parte de 2021, tendando consolidar a Galicia como destino turístico sostible, atractivo e seguro a nivel mundial. Segundo o informe do Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades sobre os efectos da pandemia entre as mulleres, os sectores do comercio, a hostalería e os servizos, que contan cunha importante presenza de mulleres, son os que en maior medida están a sufrir a crise económica derivada da pandemia. Neste senso, será preciso ter en conta a perspectiva de xénero para que nos sectores do turismo e da hostalaría, que antes da pandemia se atopaban altamente feminizados, se manteñan os niveis de emprego das mulleres e, ademais, se aproveite o impulso que supón o Xacobeo 2021 no tocante á creación de emprego para que se reduzan as diferencias salariais, se eliminen as fendas de xénero e, en xeral, se melloren as condicións de traballo das mulleres nestes sectores.





Josefa Botana Blanco

Na parte dispositiva do anteproxecto de lei de orzamentos para 2022 mantéñense as previsións relativas a cuestións que poden ter relevancia dende o punto de vista do xénero que xa se viñan aplicando con anterioridade:

1 Créditos que teñen a consideración de ampliáveis

Así, hai que valorar positivamente a consideración de ampliable do crédito para atender os pagamentos das axudas periódicas a mulleres que sofren violencia de xénero, tal e como se establece no artigo 7.Un h), do proxecto de lei. Isto supón unha garantía para que ningunha vítima de violencia de xénero con dereito a estas axudas deixe de percibilas aínda que se esgote o crédito inicial previsto. Estas axudas constitúen un recurso fundamental para que as mulleres que se atopan nunha situación de dependencia económica do agresor poidan afrontar o seu futuro en condicións suficientes de independencia económica, co fin de dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación en que corren perigo. Tamén se establece o carácter de ampliable para o crédito destinado ás axudas establecidas no artigo no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, baixo a modalidade de pago único, o que merece unha valoración positiva.

Igual valoración positiva merece a configuración como ampliáveis dos créditos destinados ao pagamento do complemento autonómico ás pensións non contributivas (artigo 7.Un k), xa que a maior parte das persoas que perciben actualmente estas pensións son mulleres, que pola asunción de cargas familiares ou os roles e estereotipos de xénero asociados á distribución do traballo non realizaron non pasado unha actividade laboral remunerada para xerar unha pensión contributiva.

Tamén é ampliable o crédito destinado á renda de integración social de Galicia, RISGA (artigo 7.Un l), e tendo en conta que o perfil maioritario das persoas beneficiarias, obtido dos informes estatísticos, é dunha muller de entre 35 e 54 anos, solteira, casada ou separada con cargas familiares que vive soa ou coa familia nuclear en zona urbana, posibilitará que se atenda a persoas e familias en risco de exclusión social que na súa meirande parte son poboación feminina.

Esa mesma consideración de ampliable dáselle tamén ao crédito destinado a financiar a gratuidade da educación infantil de 0-3 anos para o segundo fillo ou filla e sucesivos (artigo 7.Un s), medida coa que se pretende retomar a senda do crecemento demográfico. Hai que ter en conta que para conseguir este obxectivo, será imprescindible implementar a perspectiva de xénero nas políticas públicas que teñan relación directa ou indirecta con el, e especialmente nas que se refiran ao fomento da conciliación corresponsable.





José Bañero Blanco

2 Transferencias de crédito

Valórase tamén de xeito positivo que no artigo 8.Seis se exceptúe aos créditos vinculados aos proxectos que van financiar as medidas postas en marcha polo Plan especial contra a violencia de xénero das limitacións previstas no anteproxecto de Lei así como no artigo 68 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, para as transferencias de crédito, xa que isto suporá unha maior flexibilidade á hora de planificar e desenvolver as medidas, proxectos e programas que se vaian levar a cabo.

3 Gatos de persoal

No artigo 13.Tres j) exímese da necesidade de solicitar autorización conxunta as contratacións para as seguintes substitucións: "persoal que se encontre en situación de permiso por parto, adopción ou acollemento ou permiso de paternidade, así como na situación de excedencia por coidado de fillos ou fillas menores". De acordo coa modificación do artigo 49 do Estatuto Básico del Empregado Público efectuada polo Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, propónse a seguinte redacción alternativa para o artigo 13.Tres j): "persoal que se encontre en situación de permiso por nacemento da nai biolóxica, permiso por nacemento do proxenitor diferente da nai biolóxica, adopción ou acollemento, así como na situación de excedencia por coidado de fillos ou fillas menores".

En materia de persoal, mantense a previsión do establecemento dun complemento persoal para vítimas de violencia de xénero (artigo 26), aplicable ao persoal que lle sexa adxudicado provisionalmente un posto de traballo noutra Administración Pública por razón de violencia de xénero. Neste caso, non se poderán percibir retribucións inferiores ás que tivera asignadas no posto de traballo que desempeñase na Xunta de Galicia polo que, de producirse esta circunstancia, a vítima terá dereito a percibir un complemento persoal equivalente á diferenza entre a totalidade dos conceptos retributivos, básicos e complementarios, do posto de orixe, con exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións que lle correspondan polo posto que ocupe na Administración de destino.

Tamén hai que valorar de xeito positivo a previsión recollida no artigo 31 relativa a que " No caso de ser necesario o nomeamento para praza a tempo parcial, daráselle preferencia para optar a estas ao profesorado que voluntariamente queira acceder a elas, sobre todo a aquelas persoas que aleguen necesidades de conciliación da vida familiar e laboral", tanto porque a conciliación é unha ferramenta importante para





DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu dixital.
Santiago de Compostela, 18/09/2021.....
A/O FUNCIONARIO,



Sofía Barreiro Blanco

acadar a igualdade entre homes e mulleres, como polo feito de que ao ser a educación un sector moi feminizado esta medida favorece directamente a calidade de vida das docentes que desexen acollerse a ela.

4 Pensións e subsidios non contributivos

Mantense a prestación extraordinaria para persoas beneficiarias de pensións e subsidios non contributivos, un complemento que beneficia maioritariamente as mulleres. Esta prestación axuda a paliar a situación de vulnerabilidade na que se atopan moitas mulleres que non cotizaron durante a súa vida á Seguridade Social e que non poden agora ter dereito a unha pensión contributiva, aínda que se mantén o límite superior na mesma cantidade dos exercicios pasados.

A ela se refire a disposición adicional décimo terceira nos seguintes termos: "Prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos. No ano 2022 as persoas beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, de pensións do Fondo de Asistencia Social e do subsidio de garantía de ingresos mínimos terán dereito á percepción dunha prestación única non superior a 210 euros, nas condicións que estableza o Consello da Xunta por proposta da consellería con competencias en materia de benestar social". Como se indicou anteriormente, trátase dun crédito ampliable do artigo 7.Un k) o que, segundo di o texto, busca "que permitan dar cobertura a todas as persoas beneficiarias delas que cumpran os requisitos esixidos pola Administración."

5 Tarxeta Benvida

Tamén merece unha valoración positiva a prestación da axuda económica a través da Tarxeta Benvida, incluída na disposición adicional décimo cuarta, xa que supón un pequeno estímulo á natalidade.

3 UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

Os artigos 11 e 12 do Decreto legislativo 2/2015 e a liña 11 do artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, determinan a utilización institucional dunha linguaxe non sexista. De acordo co artigo 11 do Decreto legislativo 2/2015, "O uso non sexista da linguaxe consiste na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino". Con carácter xeral, o





Luís Barreiro Blanco

texto é respectuoso coa utilización dunha linguaxe normativa inclusiva e non sexista e só procede efectuar algunhas recomendacións puntuais ao respecto.

Así, nalgúns casos emprégase o masculino con carácter absoluto, o que pode invisibilizar o feminino ou situalo nun plano secundario respecto do masculino, polo que se recomenda empregar expresións alternativas:

- No artigo 12. Seis fálase de "funcionarios interinos" e propónse substituílo por "persoal funcionario interino". No artigo 13. Tres emprégase a expresión "polos responsables de xestión" e recoméndase dicir "polas persoas responsables da xestión". Igualmente, no artigo 30. Dous, en lugar de empregar a expresión "agás naqueles supostos en que sexan nomeados (...) " debería dicirse, por concordancia gramatical, "agás naqueles supostos en que sexan nomeadas (...)".
- No artigo 38. Tres recoméndase cambiar "director ou directora xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos" pola fórmula xenérica "persoa titular da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos".
- Na disposición adicional sexta fálase "do contratista" e suxírese empregar "da persoa contratista".

Por outra banda, é frecuente que no texto se empregue conxuntamente a forma masculina e feminina dun mesmo substantivo como fórmula para integrar o principio de linguaxe inclusiva. Esta opción, que se considera perfectamente válida, pode sen embargo dificultar a lectura do texto cando se emprega de xeito reiterado. Por iso, para facilitar a lectura do texto propónse substituír, sempre que sexa posible, a utilización conxunta da forma masculina e feminina dun mesmo substantivo por fórmulas xenéricas: así, en lugar de "profesor e profesora" recoméndase falar con carácter xenérico de "docentes", en lugar de "beneficiarios e beneficiarias" propónse "persoas beneficiarias", etc.

En concreto, para evitar o uso reiterado da forma masculina e feminina dun mesmo substantivo propónse a seguinte redacción alternativa nestes casos:

- Artigo 60. Tres: "o procedemento de retención iniciárase por solicitude da persoa titular da alcaldía ou da persoa titular da presidencia da entidade local acreedora da débeda, que axuntará a esta solicitude a certificación da persoa responsable da recadación".
- Artigo 61. Cinco: "Un informe da situación financeira actual subscrito pola persoa que teña atribuídas as funcións de intervención local".





- Na disposición adicional quinta.Dous, propónse substituír en todos os casos "auditores e auditoras" e o masculino absoluto "os auditores" ou "o auditor", pola fórmula xenérica "o persoal de auditoría" ou "o persoal auditor".

De acordo con todo o indicado, INFORMO:

Que a norma analizada é respectuosa co principio de igualdade por razón de xénero e coa normativa en materia de igualdade entre mulleres e homes e, en xeral, os orzamentos recollen unha visión transversal das políticas de gasto con perspectiva de xénero.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 Out. 2021.....
A/O FUNCIONARIO,



[Signature]
Xosé Barreiro Blasco





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

INFORME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2022

I.- ANTECEDENTES

Solicitado informe sobre o anteproxecto de lei de referencia, emítese este con carácter de urxencia habida conta de que está prevista a súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia do día 18 de outubro.

II.- OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

Primeira.- Competencia

A competencia para a emisión deste informe establécese no artigo 8.a) da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, no artigo 8.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia e no artigo 11.1.a) do Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Segunda.- Procedemento

O procedemento de elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma se regula no artigo 51 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a teor do cal:

Artigo 51. Elaboración dos orzamentos xerais.

O procedemento para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma axustarase ás seguintes normas:

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021
AVO FUNCIONARIO,



Josefa Barreiro Blanco



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

1. Os órganos estatutarios da Comunidade Autónoma e as consellerías remitirán á de Economía e Facenda antes do 1 de xullo os seus respectivos estados de gastos debidamente documentados e axustados ás normas que lles sexan aplicables e ás directrices establecidas pola Xunta.

2. Dentro do mesmo prazo e coas mesmas formalidades indicadas no punto anterior, cada unha das consellerías remitirá:

a) Os anteproxectos de orzamentos de gastos e ingresos dos organismos autónomos que teñan adscritos, formando un só orzamento para cada organismo, incluíndo nos que teñan carácter comercial, industrial ou financeiro os estados financeiros a que fai referencia o artigo 82º da presente lei.

b) Os anteproxectos de orzamentos de ingresos e gastos dos entes públicos aos que fai referencia o artigo 12º desta lei que lle estean adscritos.

c) Os anteproxectos de orzamentos de explotación e capital das sociedades públicas que teñan adscritas.

3. O anteproxecto de orzamento de ingresos da Comunidade Autónoma no que se recolla a estimación dos recursos derivados das súas fontes xerais de financiamento o elaborará a Consellería de Economía e Facenda.

4. Tendo en conta os estados de ingresos e gastos mencionados e o marco macroeconómico no que se conteña a previsible actividade económica, do exercicio orzamentario seguinte, a Consellería de Economía e Facenda formulará o anteproxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e o someterá a acordo da Xunta.

5. Xunto co anteproxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma remitirase ao Consello da Xunta a seguinte documentación:

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18/06/2021

A/O FUNCIONARIO.



Josefa Barreiro

Blanco



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 898
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

- a) *A conta consolidada dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.*
- b) *Unha memoria explicativa do seu contido e das principais diferenzas existentes nos mesmos en relación co orzamento en vigor.*
- c) *A liquidación dos orzamentos do ano anterior e un avance dos do exercicio corrente.*
- d) *Un informe económico e financeiro.*
- e) *Un anexo de inversións reais, que conterá a valoración dos proxectos de inversión pública que se van realizar e a súa distribución territorial. No caso de inversións plurianuais, indicarse a inversión de cada ano. Dentro do dito anexo de inversións reais distinguiranse os proxectos de inversión en vinculantes e non vinculantes. Os créditos destinados a proxectos de inversión aos que se lles dea carácter vinculante non poderán destinarse ao financiamento doutros proxectos, salvo por autorización do conselleiro de Economía e Facenda. Trimestralmente comunicarse á Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, do Parlamento de Galicia a relación das autorizacións realizadas, no caso de habelas.*
- f) *Un anexo de transferencias.*
- g) *Un anexo de persoal.*

III.- MARCO NORMATIVO

Cómpre comezar cunha referencia á doutrina do Tribunal Constitucional en relación coa natureza e o contido das leis de orzamentos. Como recorda, entre outras, a STC 9/2013, do 28 de xaneiro:

(...) Sentado que la Ley de presupuestos es ley en sentido pleno y superada la antigua controversia sobre su carácter formal o material (SSTC 27/1981, de 20 de julio, FJ 2; 63/1986, de 21 de mayo, FJ 5; 68/1987, de 21 de mayo, FJ 4; 76/1992, de 14 de mayo, FJ

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2021.....
A/O FUNCIONARIO.



Isela Barreiro Blasco ³



4; 274/2000, de 15 de noviembre, FJ 4; y 3/2003, de 16 de enero, FJ 4), este Tribunal ha insistido reiteradamente en que el contenido que le corresponde está constitucionalmente delimitado, en tanto que norma de ordenación jurídica del gasto público ex art. 134 CE. La Constitución establece la reserva de un contenido de ley de presupuestos, lo que significa que la norma debe ceñirse a ese contenido y también que ese contenido sólo puede ser regulado por ella (STC 3/2003, FJ 4).

Esta limitación de contenido deriva del art. 134 CE y se justifica, como reiteramos en la STC 32/2000, de 3 de febrero (FJ 5), con cita de otras anteriores, «no sólo por la función específica que le atribuye la Constitución..., sino también porque se trata de una Ley que, por las peculiaridades y especificidades que presenta su tramitación parlamentaria, conlleva restricciones a las facultades de los órganos legislativos en relación con la tramitación de otros proyectos o proposiciones de Ley», de manera que dicha limitación es «una exigencia del principio de seguridad jurídica constitucionalmente garantizado (art. 9.3 CE) esto es, de la certeza del Derecho que exige que una Ley de contenido constitucionalmente definido, como es la Ley de Presupuestos Generales del Estado, no contenga más disposiciones que las que guardan correspondencia con su función constitucional (arts. 66.2 y 134.2 CE), debido a la incertidumbre que una regulación de este tipo indudablemente origina» (STC 32/2000, FJ 5).

Por tanto, la función constitucional de la norma con las consecuentes restricciones al debate parlamentario (apartados 1, 6 y 7 del art. 134 CE) fundamenta en última instancia la limitación del contenido posible de las leyes de presupuestos. Además, estas desempeñan un cometido esencial dentro de un Estado de Derecho, al permitir a los ciudadanos tener una idea cabal, una visión de conjunto, del plan económico del Gobierno, lo que se traduce en la exigencia de que incluyan «la totalidad de los gastos e ingresos de sector público estatal» (STC 3/2003, de 16 de enero, FJ 4, con cita de otras

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUTA 2021
A/O FUNCIONARIO.



Jorge Barreiro Blanco



muchas). Pues bien, estas limitaciones objetivas se manifiestan concretamente en un doble contenido, esencial y eventual:

- a) El primero es el contenido propio, o núcleo esencial, del presupuesto y está formado por la previsión de ingresos y la habilitación de gastos para un ejercicio económico, así como por las normas que directamente desarrollan y aclaran los estados cifrados (SSTC 3/2003, de 16 de enero, FJ 4; 202/2003, de 17 de noviembre, FJ 9; 34/2005, de 17 de febrero, FJ 4; 238/2007, de 21 de noviembre, FJ 4; y 248/2007, de 13 de diciembre, FJ 4). Este contenido mínimo, formado fundamentalmente por las correspondientes partidas presupuestarias, debe ser coherente con el ordenamiento jurídico vigente, como declaramos en las SSTC 238/2007, de 21 de noviembre, FJ 4; y 248/2007, de 13 de diciembre, FJ 4: «la Ley de presupuestos, como previsión de ingresos y autorización de gastos para un ejercicio dado, debe respetar, en tanto no las modifique expresamente, las exigencias previstas en el ordenamiento jurídico a cuya ejecución responde, so pena de poder provocar, con su desconocimiento, situaciones de inseguridad jurídica contrarias al art. 9.3 CE ». Dicho de otra manera, la ley de presupuestos, o innova el ordenamiento jurídico expresamente y con carácter de permanencia -lo que sólo es constitucionalmente admisible cuando la previsión reformadora pueda formar parte del contenido que es propio de este tipo legislativo- o concreta, mediante las correspondientes partidas, las consecuencias que el ordenamiento jurídico vigente proyecta sobre el presupuesto, sin que en este caso sus disposiciones puedan ejecutar modificaciones implícitas.*
- b) El segundo, que venimos calificando de «eventual o disponible», se refiere a todas aquellas disposiciones que, sin constituir directamente una previsión de ingresos o habilitación de gastos, guardan «una relación directa con los ingresos o gastos del Estado, responden a los criterios de política económica del Gobierno o, en fin, se*

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021

A/O FUNCIONARIO



Josef Blanco

**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 898
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

dirigen a una mayor inteligencia o mejor ejecución del presupuesto» (por todas, con cita de anteriores, STC 248/2007, de 13 de diciembre, FJ 4). De esta manera, aunque es posible que la ley de presupuestos sea un «instrumento para la mera adaptación circunstancial de las distintas normas», no tienen en ella cabida las modificaciones sustantivas del ordenamiento jurídico a menos que guarden «una conexión económica (relación directa con los ingresos o gastos del Estado o vehículo director de la política económica del Gobierno) o presupuestaria (para una mayor inteligencia o mejor ejecución del presupuesto)» (STC 109/2001, de 26 de abril, FJ 6, con cita de anteriores). Así, hemos considerado que forma parte del contenido eventual una medida que tiene como consecuencia directa la reducción del gasto público (STC 65/1990, de 5 de abril, FJ 3, sobre normas de incompatibilidad de percepción de haberes activos y de pensiones) o su aumento (STC 237/1992, de 15 de diciembre, relativa al incremento de retribuciones salariales para el personal al servicio de las Administraciones públicas), así como la creación de un complemento retributivo para determinados cargos públicos (STC 32/2000, de 3 de febrero). Pero hemos situado extramuros del contenido constitucionalmente admisible múltiples previsiones no directamente económicas o presupuestarias. Así, en materia de función pública, por ejemplo, las relativas a los procedimientos de acceso de los funcionarios sanitarios locales interinos a la categoría de funcionarios de carrera (STC 174/1998, de 23 de julio, FFJJ 6 y 7) o de provisión de los puestos de trabajo del personal sanitario (STC 203/1998, de 15 de octubre, FFJJ 3 a 5); y a la edad de pase a la situación de segunda actividad de los funcionarios del Cuerpo Nacional de Policía (STC 234/1999, de 16 de diciembre, FFJJ 4 y 5).

O TC vén esixir así a existencia dunha “relación «directa» de la norma con los ingresos o gastos estatales, con la política económica del gobierno o con la inteligencia y ejecución

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orxinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021
A/O FUNCIONARIO.



Lorela Bañeira Blázquez



del presupuesto. Son muchísimas las medidas normativas susceptibles de tener alguna incidencia en cualquiera de estos aspectos, pero si esto fuera suficiente, los límites materiales que afectan a las leyes de presupuestos quedarían desnaturalizados; se diluirían hasta devenir prácticamente inoperantes (por todas, STC 234/1999, de 16 de diciembre)."

A doutrina anterior, é aplicable non só ás leis de orzamentos xerais do Estado senón tamén ás leis autonómicas de orzamentos. Como sinala, entre outras, a STC 3/2003, do 16 de xaneiro:

"En efecto, aunque de la literalidad del art. 134 CE examinado se deduce, en principio, que las reglas en él contenidas tienen como objeto directo la regulación de una institución estatal, de modo que «de los preceptos constitucionales que regulan las instituciones del Estado no pueden inferirse, sin más, reglas y principios de aplicación, por vía analógica, a las instituciones autonómicas homólogas», es evidente que existen una serie de reglas y principios constitucionales que son predicables de toda institución presupuestaria, estatal o autonómica. En este sentido, hemos dicho que la regulación aplicable a las instituciones autonómicas --en este caso, al Presupuesto de la Comunidad Autónoma del País Vasco--, no es solo la contenida en sus respectivos Estatutos de Autonomía, en las leyes estatales que, dentro del marco constitucional, se hubiesen dictado para delimitar las competencias del Estado y las Comunidades Autónomas [singularmente la LOFCA] y en las reglas y principios constitucionales específicamente dirigidos a las Comunidades Autónomas, sino también, «por supuesto, en las reglas y principios constitucionales aplicables a todos los poderes públicos que conforman el Estado entendido en sentido amplio» (STC 116/1994, de 18 Abr., FJ 5, en relación con los Presupuestos Generales de Navarra para 1985; también las SSTC 174/1998, de 23 Jul., FJ 6; 130/1999, de 1 Jul., FJ 5; 180/2000)."

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2021.
A/O FUNCIONARIO,



José Barreiro Blanco



Con carácter xeral, o artigo 21.1 da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas expresa:

"Artigo 21

Un. Os orzamentos das Comunidades Autónomas terán carácter anual e igual período que os do Estado, atenderán ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, incluírán a totalidade dos gastos e ingresos dos organismos e entidades integrantes da mesma, e neles consignarase o importe dos beneficios fiscais que afecten a tributos atribuídos ás referidas Comunidades.

Dos. Se os Orzamentos Xerais das Comunidades Autónomas non foran aprobados antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, quedará automaticamente prorrogada a vixencia dos anteriores.

Tres. Os Orzamentos das Comunidades Autónomas serán elaborados con criterios homoxéneos, de forma que sexa posible a súa consolidación cos Orzamentos Xerais do Estado."

O Estatuto de Autonomía de Galicia prevé no seu artigo 53.1:

"1. Corresponde á Xunta ou Goberno a elaboración e aplicación do orzamento da Comunidade Autónoma galega, e ao Parlamento o seu exame, emenda, aprobación e control. O orzamento será único e incluírá a totalidade dos gastos e ingresos da Comunidade Autónoma galega e dos organismos, institucións e empresas dela dependentes."

Conforme ao disposto no artigo 4.2 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, corresponde á Xunta de Galicia elaborar os orzamentos da Comunidade Autónoma e remitilos ao Parlamento para a súa aprobación.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021.....
A/O FUNCIONARIO,



Soreja Barreiro Blanco



Tamén debe citarse o Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Conforme ao disposto no seu artigo 1.2 constitúe unha materia propia da Facenda pública de Galicia, o procedemento orzamentario nas súas distintas fases de elaboración, xestión e liquidación.

Conforme ao disposto no artigo 3 do mesmo texto normativo, apartados 2 e 4:

"2. A actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia rexerase:

a) Pola presente lei e polas demais leis especiais e normas concordantes que sobre a materia dite o Parlamento de Galicia.

b) Polas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

c) Polas normas regulamentarias que se diten en desenvolvemento da presente lei.

(...)

4. As leis anuais de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma poderán conter normas relacionadas coa súa actividade económico-financeira con vixencia permanente ou con vixencia temporal, superior ao período anual ao que as mesmas correspondan.

Cando nas ditas normas legais concorra algunha destas circunstancias haberá que ter en conta o seguinte:

a) De tratarse de normas de vixencia permanente, establecerase así de forma expresa, incluíndo, no seu caso, a táboa de derogacións motivada pola entrada en vigor da nova norma legal.

b) De tratarse de normas de vixencia temporal, definirase con precisión o seu prazo de vixencia e as normas do ordenamento xurídico que quedan afectadas, así como os efectos

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021.....
A/O FUNCIONARIO,



Josefina Blanco



sobre as mesmas á entrada en vigor da nova normativa ao longo do prazo no que a mesma sexa aplicable."

De acordo do artigo 6:

"Será competencia do Consello da Xunta no marco das materias reguladas nesta lei:

(...)

b) A elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma."

E conforme ao artigo 7.c) é competencia da actual Consellería de Facenda a elaboración do anteproxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Interesa en especial o contido do Título III do texto normativo, relativo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. No Capítulo I, relativo ao seu contido e aprobación, se indica:

"Artigo 46. Concepto

1. Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática de:

a) As obrigas que, como máximo, poderanse recoñecer e os dereitos que se prevean liquidar por parte da Comunidade e dos seus organismos autónomos durante o exercicio orzamentario.

b) Os obxectivos que se pretendan conseguir coa utilización dos recursos financeiros consignados nos mesmos.

c) As estimacións dos fluxos financeiros das sociedades públicas.

d) A totalidade dos gastos e ingresos dos demais entes públicos.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OCT. 2021
A/O FUNCIONARIO,



Isela Barrero Blanco



e) Os beneficios fiscais estimados.

2. Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma enmarcaranse nun escenario plurianual que conteña as liñas básicas da actuación a medio prazo do sector público galego.

3. Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma presentaranse e aprobaranse de forma que os estados de gastos non superen os recursos totais previstos nos respectivos estados de ingresos.

4. Previa autorización do conselleiro de Economía e Facenda poderán xestionarse como operacións extra orzamentarias aquelas nas que a actividade da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das sociedades públicas autonómicas de carácter non mercantil se limite á realización de funcións de intermediación na súa xestión.

En todo caso, terán a consideración de operacións extra orzamentarias aquelas xeradas nos procedementos de liquidación dos patrimonios diferidos a favor da Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia de procesos de sucesión legal intestada. No momento de adquirir firmeza a resolución de liquidación, procederase a imputar ao orzamento os dereitos e obrigas que correspondan á Comunidade Autónoma."

O artigo 47 regula o exercicio orzamentario. Polo que respecta ao contido dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, conforme ao disposto no artigo 48:

"Artigo 48. Contido

1. Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma estarán integrados:

a) Polo orzamento da Comunidade.

b) Polos orzamentos dos organismos autónomos.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 1.8 OUT. 2021.....
A/O FUNCIONARIO



Josefa Barreiro Barreiro



c) Polos orzamentos das axencias públicas autonómicas.

d) Polos orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís do artigo 12 desta lei e daquelas nas que concorran os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

e) Polos orzamentos dos entes públicos a que fai referencia o artigo 12 desta lei.

f) Polos orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico nas que concorran os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

g) Polos orzamentos dos consorcios nos que concorran os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

h) En todo caso, polos orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo coas normas do Sistema Europeo de Contas, salvo as universidades públicas.

2. Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma conterán:

a) Os estados de gastos, nos que se especificarán na forma establecida os créditos necesarios para dar cumprimento ás obrigas.

b) Os estados de ingresos, nos que se detallarán as estimacións dos dereitos económicos que se liquidarán durante o exercicio orzamentario.

c) Os estados financeiros dos organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros a que fai referencia o artigo 11 desta lei.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 13 de Outubro de 2021.



Josefa Barreiro Blasco



d) Os estados financeiros das sociedades públicas autonómicas, entes de dereito público e demais entidades con personalidade xurídica propia que formen parte do sector administracións públicas, segundo o Sistema Europeo de Contas."

No artigo 49 se recollen as regras ás que debe axustarse a estrutura dos orzamentos e do artigo 50 se contemplan regras competenciais.

O artigo 51 regula o procedemento de elaboración dos orzamentos xerais e xa foi transcrito máis arriba. Tamén se recolleu anteriormente o contido do artigo 52 en relación coa remisión do proxecto de lei ao Parlamento.

IV.- OBSERVACIÓNS AO TEXTO


O texto sometido a informe coincide substancialmente, dende o punto de vista xurídico, en canto a súa estrutura e contido coas previsións de leis de orzamentos doutros exercicios anteriores, sen que existan particulares observacións a realizar dende a perspectiva xurídica indicada.

IV.- CONCLUSIÓN

Esta Asesoría Xurídica, entende que o anteproxecto remitido para informe enmárcase nas competencias da Comunidade autónoma de Galicia e se axusta ao bloque da constitucionalidade, axustándose o seu articulado á técnica xurídica e normativa.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2021


O director Xeral da Asesoría Xurídica Xeral


Manuel Pillado Quintáns



DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 Oct. 2021
AVO FUNCIONARIO,




Xosé Manuel Barreiro Blanco



En cumprimento do disposto no artigo 7 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade sobre o *Anteproxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022*, con base nas seguintes consideracións:

I.- Competencia.

A Comunidade Autónoma galega, en exercicio da autonomía recoñecida polos artigos 2 e 137 da Constitución Española, ten a competencia necesaria para aprobar os seus orzamentos xerais, que representan a expresión cifrada dos ingresos e dos gastos cos que durante o exercicio orzamentario do 2022 se vai facer fronte á xestión dos intereses polos que debe velar.

A elaboración do anteproxecto de lei foi realizada pola Consellería de Facenda e Administración Pública, a través da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, de conformidade co previsto no artigo 51.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro e no artigo 19.1. do Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

No ámbito da Administración autonómica resta que a Consellería de Facenda e Administración Pública someta ó Consello da Xunta o mencionado anteproxecto de lei, para que, trala súa aprobación, sexa remitido ó Parlamento galego para a súa tramitación e aprobación final, de acordo cos artigos 10.1.b) e 53.1 do Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, e polos artigos 51.4 e 52 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

II.- O principio de anualidade.

Segundo os artigos 4.1 e 47 do citado texto refundido, a actividade económico-financieira da Comunidade Autónoma de Galicia estará sometida ao réxime de orzamento anual e o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2021.....

AO FUNCIONARIO,

1



Jonfa Barreiro Blanco



DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2021.

A/O FUNCIONARIO,



[Signature]

III.- Contido.

Na parte dispositiva, a lei estrutúrase en seis títulos, quince disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, relativo á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, por canto no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Aprobación dos créditos e do seu financiamento», se aproban os ingresos e gastos que compoñen os orzamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramento e consulta –que, para os efectos orzamentarios, teñen a consideración de organismos autónomos–, os das axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais, consorcios autonómicos, sociedades mercantís e fundacións.

O capítulo II deste título, «Das modificacións orzamentarias», regula os principios e as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias, as regras de vinculación que afectan ós créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de créditos ampliáveis, entre os que se inclúen os créditos que financien a gratuidade na educación infantil de 0 a 3 anos para o segundo fillo ou filla e sucesivos, e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.

O título II, relativo aos «Gastos de persoal», estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, establece a evolución da masa salarial en función do que regule a normativa básica do Estado na materia, recollendo as previsións que figuran no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado.

O capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», establece que as retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo, así como as das persoas



titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior, do persoal funcionario, do persoal laboral, do persoal ao servizo das institucións sanitarias e do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza experimentarán un incremento do 2 por cento en relación coas vixentes o 31 de decembro do 2021. Tal e como se establece na disposición adicional oitava, estes incrementos serán aplicables no momento en que se habilite pola normativa da Administración xeral do Estado.

O capítulo III está dedicado a «Outras disposicións en materia de réxime de persoal activo».

O capítulo IV, dedicado ás «Universidades», fixa o límite máximo dos custos de persoal das tres universidades galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a obriga de comunicación mensual da provisión de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables.

O título III, «Operacións de endebedamento e garantía», estrutúrase en dous capítulos, relativos ás operacións de crédito e ao afianzamento por aval.

No título IV, «Xestión orzamentaria», mantéñense, entre outros, os preceptos relativos á intervención limitada, á fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma, á fiscalización dos nomeamentos ou dos contratos de substitución do persoal, á identificación dos proxectos de investimento e á autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto.

O título V, dedicado ás «Corporacións locais», estrutúrase en dous capítulos: o primeiro deles está dedicado ao financiamento e á cooperación con estas entidades; o capítulo II regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos concellos contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local, de maneira similar ao ano 2021.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 de OUT. 2021.
A/O FUNCIONARIO,



Josefa Banares Blanco



No título VI, relativo ás «Normas tributarias», inclúese un único precepto para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico.

O contido desta Lei de orzamentos complétase coas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras citadas, nas que se recollen preceptos de índole moi variada.


IV.- Tramitación e conclusión.

O anteproxecto de lei conta cunha memoria xustificativa, o informe da Asesoría Xurídica Xeral e o informe de impacto de xénero, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

De acordo co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o anteproxecto de lei de referencia por estimar que queda garantida a legalidade da disposición.

Santiago de Compostela, a 18 de outubro de 2021.

O secretario xeral técnico e do Patrimonio





Jorge Afán Castro

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal
Santiago de Compostela, 18/OUT/2021
A/O FUNCIONARIO,



Xosé Barreiro Blanco



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia polo procedemento de urxencia e coa preferencia prevista para as leis de orzamentos no Regulamento da Cámara, pola súa vinculación co *Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022*, achégolle o "**Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 18 de outubro de 2021.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello da Xunta, co visto e praxe do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, e documentación complementaria.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E SECRETARIO
DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,



CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezoito de outubro de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:


"Aprobar, de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, o *Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas*, e a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación polo procedemento de urxencia e coa preferencia prevista para as leis de orzamentos no Regulamento da Cámara, pola súa vinculación co Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022".

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a dezoito de outubro de dous mil vinte e un.

Vº. e Prace
O PRESIDENTE




**PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS
FISCAIS E ADMINISTRATIVAS**



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas. O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa de que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos en que desenvolve a súa acción. Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se expoñen na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, esta lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria. Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter e organización administrativos.




II

A estrutura desta lei divídese en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo, ás de carácter administrativo. O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. Así, no que atinxe ao imposto sobre a renda das persoas físicas, na senda iniciada pola Xunta de Galicia no 2014 e continuada no 2016, modifícase a escala aplicable ao tramo autonómico do IRPF a partir do 1/1/2022 para o 90% dos contribuíntes, co obxectivo de seguir a reducir e redistribuír a carga tributaria, aumentando a renda dispoñible en mans das familias, fomentando o aforro e o investimento e mellorando a competitividade das empresas, ademais de conseguir un sistema tributario máis equitativo, para as rendas medias e baixas.

En relación ao imposto sobre o patrimonio, establécese unha bonificación do 25% da cota, co obxectivo de adaptarnos ao noso entorno da UE.



Co fin de favorecer a reactivación económica, á vez que se manteñen tódolos tipos bonificados, redúcese nun punto porcentual o tipo de gravame xeral do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, na súa modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, de xeito que as operacións gravadas ao 10% por este imposto pasan a tributar ao 9% a partir do 1 de xaneiro de 2022. Deste xeito, as operacións inmobiliarias, que son as gravadas principalmente polo imposto, van poder manter ou incluso aumentar a evolución positiva do número de operacións que experimentou no último semestre do ano 2021. Polo que considérase adecuado establecer, unha minoración no tipo xeral, co fin de acompañar esa dinamización do mercado inmobiliario.

Por outro lado, e dada a situación de crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19, os establecementos de xogo e os establecementos de restauración, locais nos que se instalan as máquinas de xogo, tiveron que pechar a partir do 27 de xaneiro de 2021, mantendo esta situación durante un período de tempo no primeiro trimestre do ano 2021. A partir desta data, os establecementos nos que se poden instalar as máquinas foron abrindo aínda que con diferentes calendarios e con diferentes restricións segundo a tipoloxía do establecemento e dependendo do concello de ubicación.



Os subsectores de bingo, casinos e apostas tributan na taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar polo *win*, e, polo tanto, mentres non xeren actividade non devindican a taxa. Non obstante, o subsector das máquinas tributa mediante cota fixa, con independencia de que haxa actividade de xogo. Por ese motivo, para poñer nunha situación de equivalencia ao subsector de máquinas en termos de tributación na taxa fiscal do xogo, adóptase unha medida no sentido de que tributen dun xeito proporcional ao período no que puideron desenvolver a actividade, establecendo unha bonificación que varía segundo estiveran instaladas no momento do peche en establecementos de xogo ou en establecementos de hostalería. Así o fixeron tamén as diferentes CCAA, ao longo do ano 2021, no que adoptaron medidas polas que se estableceron diferentes bonificacións. As medidas adoptadas o foron só para o subsector de máquinas.

O capítulo II, relativo aos tributos propios, soamente está integrado por un precepto sobre as taxas no que, por unha banda, elévanse os tipos das taxas de contía fixa e, por outra banda, se introducen diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación dalgunhas vixentes.

O título II, relativo ás medidas administrativas, está dividido en catorce capítulos.

O capítulo I aborda diversas medidas en materia de emprego público. Por unha parte, se levan a cabo, ademais de modificacións puntuais de carácter organizativo, outras modificacións referidas, á modificación do artigo 25 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, coa finalidade de adaptar a súa redacción á normativa básica estatal. Modifícase a regulación do prazo da toma de posesión para permitir a súa determinación nas convocatorias dos procesos selectivos á vista das circunstancias. Introdúcese a excepción de non ter que reservar prazas para promoción interna cando se trate de convocatorias de procesos de estabilización de emprego temporal coa finalidade de optimizar a pretendida estabilización. Adáptase a regulación dos concursos de traslados para que o persoal que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, e a normativa de desenvolvemento da mesma, poida participar nos concursos ordinarios desde o momento da devandita adquisición, sempre que tivese unha antigüidade mínima de dous anos na



categoría profesional equivalente ao corpo ou escala na que se realizou a súa funcionarización. Modifícase a duración máxima do traslado voluntario previsto no artigo 100 da Lei 2/2015, do 29 de abril, tendo en conta que esta figura pode pasar a ter unha maior importancia coa posible chegada dos fondos europeos. Así mesmo, trátase de introducir unha mellora nas condicións do traslado por violencia de xénero, establecendo que o posto de traballo que se asigne se ocupará con carácter definitivo, evitando que o persoal nesta situación poida verse obrigada a concursar. Por outra parte, considérase necesario recoller a regulación da protección e á asistencia social integral, ao persoal funcionario que sufrise danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, introducindo un novo apartado no artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril. Modifícase tamén o réxime de infraccións e sancións para contemplar expresamente o fraude nos procesos selectivos. Para acadar unha maior especialización no persoal da administración, na escala de enxeñeiros engádense as especialidades de enxeñería química e aeronáutica, e na escala de ciencias, engádense as especialidades de matemáticas e física. Na disposición transitoria primeira elimínase a expresión "por unha soa vez", limitación que non se recolle no Estatuto Básico do Empregado Público. Na disposición transitoria primeira bis simplifícase a regulación dos aspectos retributivos no suposto do cambio dun vínculo de laboral temporal a funcionario interino. Modifícase a disposición transitoria oitava para, ademais de aclarar a regulación da consolidación de grao, estender o dereito á carreira profesional a todo o persoal funcionario, sexa de carreira e interino, deixando así recollido na normativa os pronunciamentos xudiciais existentes en canto a este extremo.

O capítulo II aborda diversas medidas en materia de medio ambiente. Por unha banda, se modifica a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, co fin de garantir a seguridade xurídica na aplicación da normativa urbanística vixente. Así, para aclarar as numerosas dúbidas que se están a formular na práctica en relación á implantación no solo rústico de campamentos de turismo e zonas de especial acollida para caravanas e autocaravanas en tránsito, procede engadir este uso expresamente entre os admisibles no solo rústico, e matizar que cando a Lei do solo se refire a campamentos de turismo debe entenderse con todas as instalacións, obras e servizos que se contemplan na normativa vixente en materia de turismo, xa que na práctica, está a aplicarse o último inciso da letra modificada, entendendo os concellos que ao abeiro de licenza municipal unicamente poden implantarse campamentos de turismo con obras imprescindibles para o dito uso. Tamén se habilita un procedemento que

permite simplificar o cambio de uso non so dos equipamentos públicos senón de calquera dotación pública a outro uso dotacional público distinto. Asemade, clarifícase que ese carácter público non ten que derivar necesariamente de tal cualificación no planeamento urbanístico, senón que o feito de que xa sexa de titularidade pública xa avalaría para o dito cambio. Por outra banda, se pretende facilitar a implantación de usos industriais ou terciarios nos pequenos concellos que non contan con planeamento urbanístico xeral ou Plan Básico Autonómico, sen limitar a que tales actuacións teñan que ser necesariamente de carácter público. En todo caso, esíxese o cumprimento dos límites de sustentabilidade e das reservas previstas na normativa urbanística vixente para tales ámbitos.

Trátase, por outra banda, de dar resposta ás diferentes interpretacións que se están a adoptar nos diferentes concellos no que se refire á existencia para o outorgamento da licenza urbanística municipal de proxecto básico ou de execución. Así, para evitar calquera dúbida, establécese expresamente que é suficiente con achegar o proxecto básico. Así, o artigo 61.3 do Código Técnico da Edificación define proxecto completo como básico e de execución; pero aos efectos da súa tramitación administrativa, establece que todo proxecto de edificación pode desenvolverse en dúas etapas: a fase de proxecto básico, que definirá as características xerais da obra e as súas prestacións mediante a adopción e xustificación de solucións concretas, e que será suficiente para solicitar a licenza municipal; e a fase de proxecto de execución. En consecuencia, e na liña da dita normativa contemplada no Código Técnico da Edificación, procede facer referencia a proxecto básico, en lugar de proxecto completo.

Modifícase tamén a Lei 5/2019, do 2 de agosto de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia coa finalidade de acadar unha maior seguridade xurídica. Así se precisa, ante as dúbidas xurdidas, que a tramitación dos procedementos de declaración dos lugares de importancia comunitaria e dos parques nacionais, na medida en que son espazos naturais protexidos de ámbito autonómico, lle corresponde en todo caso á consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, sen prexuízo das especialidades que en cada caso poidan preverse na propia lei e no artigo 8 da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de Parques Nacionais. Tamén se axustan os contidos dos plans de xestión dos espazos protexidos da rede Natura 2000 de Galicia ás recomendacións da Comisión Europea e se inclúe unha regulación coa que se busca dar unha resposta a novos usos ou actividades non previstos



nos correspondente instrumento de planificación debido á evolución tecnolóxica ou á implantación de novas estratexias de produción que se pretenden devolver nun espazo natural protexido e que poden ter unha afección sobre os valores polos que se declarou o espazo natural protexido. Así mesmo se inclúe entre as medidas de defensa e protección en materia de xestión da Rede Natura 2000 a referencia á construción de muros de contención e o peche ou valado de terreos como usos ou actividades autorizables na zona 1 dunha zona especial de conservación ou dunha zona de especial protección para as aves da Rede Natura 2000. Suavízanse as esixencias do material empregado para estes peches, co fin de compatibilizar a protección da vida silvestre co desenvolvemento das actividades tradicionais no medio rural.

Procédese tamén a modificar o Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia. Por unha banda, engádesse unha disposición adicional, excluindo da aplicación das ditas Directrices da paisaxe aos plans, proxectos ou programas que sexan competencia do Estado. Ademais, corríxese o réxime transitorio establecido no devandito decreto, pois a súa aplicación está diferida a un momento, a aprobación provisional, que non está contemplada nos procedementos de aprobación de proxectos.



Modifícase a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, para habilitar para que dende o propio Plan Sectorial que servirá de base para o desenvolvemento dos correspondentes Proxectos de Interese Autonómico, poida modificarse a porcentaxe que habilite para reaxustar os ámbitos delimitados no propio Plan, xa que na práctica apréciase que o 10 % resulta en moitos casos insuficiente. Por motivos de seguridade xurídica modifícase a disposición transitoria primeira xa que a redacción actual unicamente facía referencia ao informe ambiental estratéxico, en relación aos instrumentos en tramitación que se tivesen que someter a avaliación ambiental estratéxica simplificada, pero non establecía o momento da tramitación a ter en conta para aplicar o réxime transitorio que na mesma se contempla para o suposto de procedementos sometidos a avaliación ambiental estratéxica ordinaria. En consecuencia, procede engadir a referencia a que se teña elaborado o documento de alcance para o caso dos instrumentos de ordenación do territorio sometidos ao trámite de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, que poderán así continuar a súa tramitación conforme ao sinalado na referida disposición.



Finalmente, se modifica a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Esta norma ampliou a tres anos o prazo para a remisión ao órgano ambiental do expediente completo de avaliación ambiental estratéxica para a formulación da declaración ambiental estratéxica. A experiencia na tramitación dos plans e programas sometidos á avaliación ambiental estratéxica aconsellan prever a posibilidade de establecer una prórroga, incorporándose en todo caso aos plans en tramitación todas as salvagardas medioambientais que se van formulando a través dos distintos informes emitidos polos distintos órganos sectoriais, as achegas no trámite de información pública, así como as determinacións que se establecen na declaración ambiental estratéxica. Esta dificultade na tramitación dáse especialmente nos instrumentos de planeamento urbanístico, o que xustifica que para este tipo de plans, sen prexuízo do cumprimento dos demais prazos previstos na lexislación sectorial aplicable, non se determine un prazo máximo para a remisión ao órgano ambiental do expediente de avaliación ambiental completo para a formulación da declaración ambiental estratéxica. Aclárase tamén na modificación do número 2 da disposición transitoria cuarta, que este prazo se aplica só aos procedementos en tramitación ao abeiro da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O capítulo III aborda diversas medidas en materia de medio rural. Así, se modifica a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais man común, coa finalidade de completar a regulación aplicable á declaración dos montes deste tipo en estado de grave abandono ou degradación. Introdúcense, así mesmo determinadas precisións co obxecto de acadar unha maior coherencia entre a regulación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Tamén se modifica a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais co obxecto clarexar que a obriga de xestionar a biomasa se estende a todo o ano, e de prever un sistema máis áxil e eficaz para a dita xestión, de cara á prevención dos incendios forestais, regulando as consecuencias da falta de atención das advertencias e permitindo a execución subsidiaria daquelas. Ademais se permite activar o procedemento de investigación da titularidade dos inmobles no supostos de que non se coñecese a identidade da persoa responsable.



Pola súa banda, a modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia persegue distintos fins: por unha banda se flexibilizan as exixencias para o emprego de material forestal nas repoboacións forestais, xa que a redacción actual estaba a limitar o emprego de material forestal de reprodución de outras rexións de procedencia que teñen demostrada a súa adaptación aos ecosistemas galegos, con independencia da súa categoría, o que dificultaba a súa recuperación e fomento. Tamén se recolle na lei a habilitación para asinar contratos temporais de xestión pública naqueles montes que alberguen infraestruturas, instalacións ou masas e formacións forestais de especial interese ou que polo seu intenso uso público precisen ser xestionados pola administración forestal. Introdúcense modificacións puntuais por motivos de coherencia.

As modificación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, ademais de incluír modificacións baseadas en motivos de coherencia, contribúen a completar a regulación dos procesos de reestruturación parcelaria, co obxecto de dar cabida a outras situacións, como son a cesión do dereito de uso e aproveitamentos dos terreos, de cara a dispoñer de toda a información que poida resultar de utilidade para reorganizar a terra de forma máis eficaz. Regúlase de forma máis extensa o cambio de titularidade, permitindo que se efectúe en fase de acordo, tanto tomando en consideración as causas de herdanza, como de compravenda. Finalmente, recupérase o contido da disposición transitoria sexta, que fora eliminado por erro con motivo da súa modificación na Lei 11/2021, do 14 de maio.

Amplíase, así mesmo, o prazo establecido na disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para a finalización dos consorcios ou convenios de repoboación coa administración forestal existentes no momento de entrada en vigor da dita lei, xa que é preciso dispoñer de máis tempo para a transición entre o actual modelo de consorcios e convenios e o novo contrato de xestión pública.

Por último modifícase a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, co fin de regular unha ferramenta axeitada para que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poida desenvolver a súa actividade de fomento de diversas actividades que se contemplan na lei, como son obras correspondentes aos polígonos agroforestais, ás aldeas modelo ou ás actuacións de xestión conxunta previstos nela.



O capítulo IV aborda diversas medidas en materia de infraestruturas e mobilidade. O capítulo divídese en tres seccións diferenciadas dedicadas a Infraestruturas de fomento da mobilidade sostible (Sección 1ª), a Infraestruturas complementarias do transporte de viaxeiros /as por estrada (Sección 2ª) e a Estradas (Sección 3ª).

En relación á Sección 1ª, contén unha serie de preceptos para dar cobertura á execución de determinadas infraestruturas de fomento da mobilidade sostible (sendas peonís e/ou ciclistas, aparcadoiros disuasorios, plataformas reservadas para o transporte público, paradas e estacións de transporte público...) que, actualmente carecen dunha lexislación específica que as regule.

Nese sentido, na actualidade, a execución dese tipo de actuación require da súa acomodación ao planeamento urbanístico municipal, o que habitualmente esixe a súa modificación previa ou ben a tramitación dalgún tipo de instrumento de ordenación do territorio que se impoña sobre aquel e lle dea cobertura á actuación proposta.

Porén, tendo en conta a súa condición de infraestruturas públicas de interese xeral, parece axeitado que a súa execución se poidan tramitar segundo procedementos máis áxiles que os previstos, con carácter xeral, na lexislación sobre ordenación do territorio, que está máis pensada para o cambio de clasificación de solos con vistas á súa posterior urbanización e edificación, en xeral dende unha perspectiva de aproveitamento privado do solo.

Para iso, establécese, nun primeiro artigo, a definición do concepto de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible e, a continuación, nos seguinte artigos, regúlanse, en relación a elas, os preceptos relativos á redacción dos seus correspondentes proxectos, á necesidade de información pública e informe das administracións afectadas, á tramitación e aprobación definitiva dos proxectos, aos efectos da súa aprobación e, finalmente, aos mecanismos de coordinación co planeamento urbanístico.

En relación a Sección 2ª contempla unha modificación da Lei 2/2017, do 2 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, coa finalidade de incorporar un novo capítulo dedicado ás Infraestruturas complementarias do transporte de viaxeiros /as por estrada.



A Lei 2/2017, do 2 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, estableceu a principal regulación da nosa Comunidade Autónoma en materia de transporte público de viaxeiros/as. Neste sentido, en defecto dunha norma legal de carácter xeral, a dita lei vén a constituír a regulación sectorial de maior calado neste ámbito.

A pesar disto, apréciase unha lagoa importante na regulación das estacións de transporte de viaxeiros/as, estacións que figuraban reguladas previamente pola normativa estatal, en concreto, polo Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transporte terrestres. Non obstante, esta regulación foi reducida de forma moi significativa pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, deixando tamén sen cobertura legal á norma estatal de desenvolvemento daquela, o Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.

Por tal motivo, estímase preciso introducir unha regulación legal que, en consonancia co que veñen facendo outras Comunidades autónomas, defina os elementos esenciais das estacións de transporte de viaxeiros/as, estableza normas de coordinación para o seu impulso e establecemento entre as dúas administracións con competencias concorrentes, e defina elementos básicos da súa regulación e funcionamento. Ademais, como consecuencia das peculiaridades do sistema de asentamentos de poboación de Galicia e a súa dispersión, a propia normativa autonómica establece singularidades na regulación do desenvolvemento deste servizo público respecto da existente noutros territorios, en aspectos tales como a previsión de integración de servizos de transporte como na necesidade social de habilitar unha tupida rede de servizos e paradas, o que tamén vén afectando á propia configuración destas estacións que máis que como centralizadores da totalidade de servizos de transporte dun municipio ou localidade, deben actuar como centros de intercambio ou transbordo entre servizos e modos de transporte, e de información e coordinación global para o conxunto dos usuarios do sistema e de punto de regulación, en caso de ser necesario, para as expedicións con parada nese concello.

Atendendo ao anterior, por razóns sistemáticas, propónse a introdución desta regulación como un novo capítulo do título III da Lei 2/2017, do 2 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, ao gardar unha estreita vinculación co resto da regulación que se introducira nesta norma, co que se

facilita unha mellor comprensión do seu conxunto. Esta Sección 2ª organízase, á súa vez, en dous artigos, un primeiro destinado a definir a clasificación destas infraestruturas complementarias do transporte, xunto coas regras básicas de ordenación e competencia; e un segundo artigo destinado a regular os réximes de utilización destas estacións de transporte.

Por último a Sección 3ª recolle unha serie de modificacións da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, motivadas na súa maioría pola nova lexislación de ordenación do territorio de Galicia.

Así, modifícase a definición de travesía, co fin de que sexa mais sinxela a súa delimitación e inventario, que se concretará no seu desenvolvemento regulamentario. Realízase tamén un axuste técnico para suprimir a referencia ás travesías urbanas, dado que se trata dun concepto que formaba parte da redacción orixinal da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, pero que foi suprimida mediante o apartado 2 do artigo único da Lei 6/2015, do 7 de agosto.



Así mesmo, o Plan Director de Estradas de Galicia, regulado pasa a ser un plan sectorial aos efectos da lexislación de ordenación do territorio, dado que a figura anterior á que estaba vinculada, a dos programas coordinados de actuación, desapareceu desa lexislación. Así mesmo, clarifícanse os tipos de determinacións que pode conter o Plan Director de Estradas de Galicia, en concordancia coa nova definición daquelas que se fai na antedita Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Por outro lado, modifícanse os artigos 13 e 14 ao tratarse dunha modificación necesaria para adaptar a redacción da lexislación de estradas de Galicia aos cambios experimentados pola lexislación de ordenación do territorio de Galicia. O artigo 14 indica o contido e tramitación do Plan Director de Estradas de Galicia e dos plans sectoriais de estradas. O seu punto segundo refírese á tramitación destes, que se modifica con fin de incluír que a tramitación destes plans non requiren a notificación individual a todas as persoas titulares dos predios afectados dado que, por defecto, segundo a nova Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, esa notificación sería necesaria, pola vinculación entre as figuras de planificación de estradas e os instrumentos de ordenación do territorio de Galicia.

Así mesmo, faise necesario adaptar a redacción do artigo 23 ás modificacións introducidas pola nova lexislación de ordenación do territorio. En primeiro lugar, a consideración dun determinado proxecto como de incidencia supramunicipal, foi substituída pola consideración de interese autonómico, polo que se debe adaptar esa denominación para os estudos e proxectos en materia de estradas. Ademais, como a nova Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia require que, para que un proxecto teña tal consideración, se realice un trámite previo de declaración de interese autonómico por parte do Consello da Xunta de Galicia, é necesaria unha norma con rango de lei para evitar a necesidade de realizar dito trámite no caso dos estudos e proxectos en materia de estradas dado que, pola súa natureza, é implícito o seu interese autonómico.

Así mesmo, clarifícanse os efectos das determinacións dos estudos e proxectos de estradas que teñan a consideración de proxectos de interese autonómico, en concordancia coa nova definición daquelas que se fai na antedita Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Por outro lado, engádese un novo artigo 23 bis para indicar que no caso de estudos e proxectos non previstos no Plan Director de Estradas de Galicia ou nos plans sectoriais de estradas, non se requirirá a previa modificación destes últimos, cando a aprobación dos primeiros sexa realizada polo Consello da Xunta de Galicia dado que, por defecto, segundo a nova Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, esa modificación sería necesaria, pola vinculación entre as figuras de planificación de estradas e os instrumentos de ordenación do territorio de Galicia.

O artigo 47 regula o réxime xeral autorizatorio ou suxeito a declaración responsable das obras e instalacións ou realización de calquera actividade na zona de dominio público viario e nas súas zonas de protección, cuxa competencia corresponde á administración titular da estrada. A estes efectos, engádese un novo apartado 5 co fin de resaltar e aclarar que os accesos á estrada ou aos seus elementos funcionais afectan directamente á calzada, polo que a súa autorización lle corresponde á administración titular da estrada no que á normativa sectorial se refire. Aínda que tal precepto xa se atopa vixente, na actualidade, no apartado 3 do artigo 113 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio, tendo en conta os seus efectos sobre terceiros, considérase adecuado incorporalo nunha norma con rango de lei. Así mesmo, aproveitase o cambio para aclarar



que esa competencia para o outorgamento das autorizacións de acceso esténdese, incluso, aos que se realicen nos treitos urbanos.

Do mesmo xeito, e pola íntima vinculación cos anteditos accesos á estrada, establécese unha regulación análoga en relación coas parcelacións e segregacións das parcelas lindeiras coas estradas, incluso nos seus treitos urbanos, aclarando que estas tamén quedarán suxeitas á autorización da administración titular da estrada.

A necesidade de autorizar todos os accesos ao dominio público viario ven motivado polo feito de que todos eles lle afectan a el, ao consistir en situacións nas que se permite o paso dende unha parcela lindeira coa estrada ao propio dominio público. No caso das parcelacións e segregacións, é imprescindible un control previo á súa realización para, por unha parte, previr a proliferación de novos accesos nos treitos nos urbanizados das estradas (en aplicación do principio de limitación de accesos xa establecido no actual artigo 52 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia) e, por outra parte, para controlar que as novas fincas xeradas, incluso nos treitos xa urbanizados, cumpran as condicións para dispor, posteriormente, de acceso ás estradas, no caso de que o necesiten, evitando dese xeito situacións indesexables nas que se realicen parcelacións urbanísticas que puidesen levar á perda da condición de solar dalgunha das novas parcelas xeradas, no caso de que, posteriormente, non cumprise as condicións para que se lle puidese outorgar a necesaria autorización de acceso.

Por conseguinte, esta modificación actúa dende unha dobre vertente: por unha parte supón unha garantía de protección do dominio público viario, contribuíndo á mellora da seguridade viaria, mediante a limitación da proliferación de novos accesos; e, por outra parte, mellora a seguridade xurídica das persoas propietarias dos terreos lindeiros coas estradas, ao evitar actuacións que poderían prexudicar, a medio e longo prazo, os seus intereses.

A modificación do artigo 49.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia introducida polo apartado 12 do artigo 20 da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, eliminou a posibilidade de que os concellos, no caso de obras, instalacións ou actividades non executadas pola administración titular da estrada, na parte da zona de dominio público dos treitos urbanos distinta das calzadas e das súas beiravías, outorgaran as autorizacións en materia de estradas, logo do informe vinculante da



administración titular da estrada. Polo tanto, unha vez que os concellos non son competentes para emitir estas autorizacións en estradas que non sexan da súa titularidade, todas as referencias dobres e alternativas á administración titular da estrada e a que outorgou a autorización deben quedar substituídas por unha referencia única á administración titular da estrada, que pasa a ser a única competente para outorgar as autorizacións en materia de estradas e para o seu seguimento, control e supervisión.

A este respecto en canto a finalización das obras, matízase e flexibilízase a regulación para documentar a terminación das obras, ao considerar innecesaria a realización de actas para todos os tipos de autorización, sen prexuízo de realizar a comprobación da finalización das obras en todos os casos. Así, no apartado 3 dáse unha nova redacción en referencia ás actas de terminación, co fin de que se levanten para as obras en dominio público. Nos demais supostos, so será esixible cando a administración titular da estrada condicione, na súa autorización, o uso das obras ou instalacións ao seu levantamento; de non establecerse tal condición, o levantamento da acta poderá ser substituído polos mecanismos de comprobación que se establezan regulamentariamente.

Esta modificación supón unha simplificación da tramitación administrativa necesaria para a realización de actividades nas marxes das estradas autonómicas, polo que se considera positiva para a reactivación económica e está en liña coas máis recentes tendencias en materia de simplificación e racionalización administrativa.

En canto a modificación do artigo 52 ademais do seu título, inclúese un novo apartado 2 co fin de regular a incorporación ao dominio público dos elementos e terreos onde se sitúen estes, correspondentes ao novo acceso. Este precepto xa se atopa vixente, na actualidade, no apartado 2 do artigo 129 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio, pero, tendo en conta os seus efectos sobre terceiros, considérase adecuado incorporalo nunha norma con rango de lei.

Ademais, engádese un novo apartado 3 relativo ás parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas onde se dan as condicións xerais que se deben cumprir para a súa autorización, que terán o seu correspondente desenvolvemento regulamentario. Así, no solo urbano consolidado permitíranse segregacións que incrementen o número de accesos ás estradas,



en atención á propia clasificación urbanística dese solo, por ser o axeitado para ese tipo de desenvolvemento, pero comprobando que todas as novas parcelas xeradas poderán dispoñer del, no caso de que o necesiten, xa sexa a través doutras vías de circulación ou ben a través de novos accesos á estrada que cumpran as condicións que lles sexan esixibles para ser autorizados. En cambio, fóra do solo urbano consolidado, proscribíase a proliferación de novos accesos, en aplicación do principio de limitación de accesos xa establecido no actual artigo 52 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Polo tanto, esta modificación lexislativa actúa dende unha dobre vertente: por unha parte supón unha garantía de protección do dominio público viario, contribuíndo á mellora da seguridade viaria, mediante a limitación da proliferación de novos accesos; e, por outra parte, mellora a seguridade xurídica das persoas propietarias dos terreos lindeiros coas estradas, ao evitar actuacións que poderían prexudicar, a medio e longo prazo, os seus intereses.

En canto ao contido do artigo 53, relativo á publicidade, modifícase para mellorar a súa redacción, ao tempo que se considera necesario incluír unha excepcionalidade ao emprazamento dos rótulos dos establecementos mercantís e industriais indicativos da súa actividade desenvolvida en edificios situados entre a estrada e a liña límite da edificación. Para que se poida dar este suposto, débese xustificar que os rótulos non se poden dispor máis separados da estrada que a liña límite da edificación, que non dispoñan xa doutro rótulo visible desde a calzada e que se trate de rótulos pintados ou instalados na propia edificación sen voar sobre a zona de dominio público.

Coa redacción actual, ao esixir que os anteditos rótulos se sitúen máis separados da estrada que a liña límite de edificación, non sería posible a autorización deste tipo de rótulos sobre edificacións que, por outra parte, a pesar de atoparse nunha situación de fóra de ordenación sectorial, poderían non ser constitutivas de infracción en materia de estradas, sempre e cando se executasen nun tempo no que non lle eran de aplicación as mesmas limitacións á execución de edificacións nas marxes das estradas que están vixentes na actualidade e que son de aplicación nese punto concreto. De feito, a propia disposición adicional primeira da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia reconece e acepta a existencia dese tipo de edificacións e permite o seu mantemento e conservación.



Dado que esas edificacións situadas por diante da liña límite de edificación, en situación de fóra de ordenación sectorial pero non constitutivas de infracción, están xa aceptadas pola normativa en materia de estradas, a colocación dun rótulo sobre a súa fachada, que non voe sobre a zona de dominio público viario, non supón ningún detrimento en relación á seguridade viaria e á protección da estrada. Con esta modificación se produce unha flexibilización das condicións administrativas necesarias para a realización de determinadas actividades nas marxes das estradas autonómicas, polo que se considera positiva para a reactivación económica e está en liña coas máis recentes tendencias en materia de simplificación e racionalización administrativa.

Por outro lado, introdúcese un novo parágrafo no apartado 2 do artigo 58 para detallar con máis precisión as actividades que poden ser indemnizables. Esta concreción dará lugar a unha maior seguridade xurídica nas indemnizacións por danos e perdas causados ao dominio público viario.

En concreto, esténdese a posibilidade de esixir un resarcimento á administración titular da estrada polos traballos de auxilio público mediante persoal, xa sexa a través de medios propios ou contratados, medios de sinalización ou balizamento, custodia de vehículos ou cargas e retirada de restos en caso de accidente ou avaría; aínda cando non se tivesen producido danos directos sobre os elementos do dominio público viario. Esta previsión está en liña co xa previsto no artigo 40 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas do Estado, e dotará de maior seguridade xurídica ás reclamacións que, nese sentido, fagan as administracións titulares das estradas.

Por último, modifícase a disposición adicional primeira da lei para realizar, por unha parte, un pequeno axuste da súa redacción no seu apartado primeiro, de tal xeito que se eviten as referencias internas dentro do texto legal, que poden dar lugar a confusións no caso de posteriores modificacións dos preceptos referidos; e por outra parte, para modificar o seu apartado segundo, onde se regula un mecanismo para a reposición de elementos afectados por obras das estradas. A práctica puxo de manifesto a necesidade de dispor dun prazo máximo dende a finalización das obras para que as persoas administradas poidan realizar as reposicións sinaladas neste punto que ata o de agora carecían de prazo (o que daba lugar a situacións de difícil xustificación e aumentaba a posibilidade de fraude nos casos nos que se facía uso desta excepcionalidade), polo que se considera axeitado fixar un prazo de tres anos dende a data de finalización contractual da obra que lle afectou.




Así mesmo, dado que esta modificación lle será de aplicación ás obras finalizadas trala súa entrada en vigor (ou, en todo caso, para as que finalizaran nos tres anos anteriores), e para evitar o baleiro xurídico que iso podería xerar, para os casos de obras xa finalizadas contractualmente no momento da entrada en vigor desta modificación da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, inclúese unha disposición transitoria para dotar dun prazo de tres anos a contar dende a entrada en vigor da presente lei de medidas.

O capítulo V aborda diversas medidas en materia de mar. Modifícase a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, acométese unha modificación puntual para contemplar expresamente o comiso como sanción accesoria para a infracción grave en materia de comercialización coa finalidade de evitar a comercialización de produtos pesqueiros ilegais durante a tramitación do correspondente procedemento sancionador.


Tamén se inclúen diversas modificacións da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia. Por unha banda, trátase de aclarar o alcance das obrigas de coordinación de actividades empresariais dentro da zona portuaria no ámbito de espazos portuarios outorgados en concesión ou autorización así coma naqueles onde a actividade empresarial estea baixo control e dirección dun empresario que pode actuar coa colaboración de empresas auxiliares e subcontratistas, é este empresario principal o responsable de xeito que non poida imputar tal obriga á autoridade portuaria. Criterio, ademais, seguido pola Administración Xeral do Estado no artigo 65 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da Mariña aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 5 de setembro. Tamén se se introducen determinados matices en materia sancionadora coa finalidade de acadar unha maior proporcionalidade na aplicación das sancións previstas na lei e se fixa cal o prazo máximo de un ano aplicable na tramitación nos procedementos administrativos sancionadores.

O capítulo VI aborda diversas medidas en materia de política social. Así, modifícase a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, respecto da cal se modifica a súa disposición adicional novena en canto o seu título e se engade un novo apartado sete. Este cambio obedece á aplicación de gratuidade na atención educativa das escolas infantís 0-3 para todos os nenos e nenas usuarios destes centros, con independencia do número de irmáns.



Modifícase tamén a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, en relación ao réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa en colaboración cos concellos e mancomunidades, coa finalidade de aclarar e homoxeneizar a terminoloxía utilizada coas previsións contidas nas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma no que atinxe ás débedas susceptibles de compensación a través do Fondo de Cooperación Local. Nese sentido, resulta necesaria a modificación do artigo adicado a tal réxime de cofinanciamento substituíndo o termo de "firmes" aplicado ás débedas obxecto de compensación, que pode dar lugar a confusións, polo de "vencidas", que é a expresión que figura na lexislación de orzamentos e que resulta máis adecuada desde a perspectiva da técnica xurídica, de acordo co sentido do precepto.

Asemade, e tendo en conta o obxectivo de avanzar na sustentabilidade financeira nos servizos que se prestan a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en colaboración cos concellos e mancomunidades, propónse unha redución do prazo previsto para o pagamento da contía das liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento correspondentes ás entidades locais, que pasaría de tres a dous meses.



Por último, sen esquecer a necesaria axilidade na tramitación dos procedementos administrativos e en garantía da seguridade xurídica, propónse, de conformidade co disposto no artigo 21. 2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a introdución dun prazo máximo para a notificación da resolución que pon fin ao procedemento de liquidación, que se fixa en seis meses desde a data do acordo de iniciación, consonte ao previsto no artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, para os procedementos iniciados de oficio.

O capítulo VII aborda diversas medidas en materia de emprego. Así, modifícase por un lado, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e por outro, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico en relación á regulación dos contratos reservados.

Respecto á Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, a modificación ten por obxecto facilitar o exercicio das obrigas de depósito das contas anuais das cooperativas á vista das dificultades xurdidas para a sinatura electrónica das mesmas por parte de todos os membros do consello



reitor, especialmente cando o seu número é elevado. Nese sentido, aclárase na lei que será o presidente do consello reitor, que tamén o é da sociedade cooperativa, o cal ten atribuída a súa representación legal, xunto coa do secretario, ou no seu caso, á do administrador único, os que deberán asinar electrónicamente as contas anuais e o correspondente informe de xestión. De esta forma, permitirase cumprir satisfactoriamente con esta obriga legal e o procedemento de depósito de contas poderá tramitarse electrónicamente na súa integridade.

En relación á Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, modifícase o artigo 26 relativo á reserva obrigatoria de contratos a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción. Transcorridos máis de sete anos dende a aprobación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, algunhas das previsións contidas no antedito artigo precisan ser actualizadas.

Por unha banda, a Lei 9/2017, do 8 de novembro, establece a reserva aos centros especiais de emprego de iniciativa social e ás empresas de inserción, deixando fora aos centros especiais de emprego de iniciativa empresarial que posúen ánimo de lucro e que no poden acollerse a esta reserva. Así na súa Disposición Adicional cuarta establece que mediante Acordo do Consello de Ministros ou do órgano competente no ámbito das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais, fíxanse as porcentaxes mínimas de reserva do dereito a participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes dos mesmos a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción.


Por outro lado, os procedementos negociados por razón da contía deixaron de existir coa entrada en vigor da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Polo tanto, por razóns de seguridade xurídica, evitando acordos interpretativos para utilizar outras figuras contractuais que poidan resultar equivalentes por asimilación, no momento de efectuar o cálculo da reserva, faise imprescindible levar a cabo a modificación proposta.

Por conseguinte, co obxectivo de continuar avanzando cara unha contratación pública responsable e sostible, modifícase á citada lei aos efectos de conciliar e dar coherencia ás previsións recollidas na actual Lei 14/2013, do 26 de decembro coma na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, respecto da reserva obrigatoria de contratos a centros especiais de



emprego de iniciativa social e empresas de inserción, establecendo unha porcentaxe obrigatoria mínima de reserva, que deberá ser respetada polo Consello da Xunta de Galicia; eliminando a porcentaxe máxima de reserva que prevía a lei, substituíndo a referencia do procedemento negociado por razóns da contía polo procedemento aberto simplificado previsto no apartado 6 do artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro e fixando os mecanismos para o seguimento do cumprimento da dita reserva, así como o porcentaxe de reserva a aplicar en cada exercicio orzamentario.

O capítulo VIII aborda diversas medidas en materia de vivenda. Introdúcense así diversas modificacións á Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. Por unha banda, se crea un fondo de cooperación cos concellos cuxa finalidade é que poidan financiar a adquisición e promoción de vivenda de nova construción destinada principalmente a alugueiro social se ben, estas vivendas poderían destinarse a outras finalidades a fin de adaptarse ás necesidades sociais existentes en materia de vivenda e aos programas que, de ser o caso, podan aprobarse xa sexan autonómicos ou estatais. O obxectivo é, pois, que poidan financiar novas promocións que permitan asentar poboación e satisfacer a demanda de vivenda por parte da poboación, principalmente en réxime de alugueiro a rendas accesibles que permitan acceder a unha vivenda ás persoas con maiores dificultades de acceso.



Inclúese na lei un procedemento de adxudicación directa das vivendas protexidas de promoción pública para atender a necesidades urxentes de vivenda. Se ben o réxime xeral de adxudicación das vivendas de promoción pública é o do sorteo entre as persoas inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, para garantir a aplicación dos principios de publicidade, transparencia e concorrencia nos procedementos de adxudicación da vivenda protexida, hai que ter en conta que as vivendas de promoción pública son as vivendas protexidas dirixidas aos colectivos con maiores dificultades de acceso á vivenda e que, en ocasións, presentan unha necesidade urxente de vivenda, polo que, para atender a estas situacións, debe regularse un procedemento extraordinario que posibilita en casos debidamente acreditados, adxudicar vivendas de promoción pública directamente a estas persoas.

Tamén se reduce a contía máxima das sancións por infraccións moi graves cando os responsables destas sexan persoas adxudicatarias, por calquera título, dunha vivenda protexida. Se ben a actual redacción da Lei 8/2012, do 29



de xuño, xa permitía reducir á metade o importe das sancións cando o responsable da infracción fora adxudicatario dunha vivenda protexida, a dita redución no caso das infraccións moi graves é insuficiente, xa que a contía destas sancións podería acadar os 300.000 euros, unha vez aplicada a redución do seu importe á metade. Esta contía resulta excesiva xa que na práctica supón que persoas cun baixo nivel de ingresos poidan ser sancionadas con multas que poden chegar a quintuplicar o valor da vivenda. Déixase a salvo, non obstante, a posibilidade xa prevista na actualidade de incrementar o importe da sanción na contía necesaria para acadar a equivalente ao beneficio económico que, no seu caso, fora obtido coa comisión da infracción.

Por outra banda, regúlanse cun maior nivel de detalle cales son os efectos do silencio administrativo en determinados procedementos iniciados a solicitude do interesado, coa finalidade de acadar así unha maior seguridade xurídica. Na liña da anterior regulación, establécese que o dito silencio sexa negativo, na medida en que o silencio se produce no marco de procedementos que teñen por obxecto vivendas protexidas que se destinan aos colectivos con maiores dificultades de acceso á vivenda. A propia natureza das vivendas protexidas determina que non se poidan asumir por silencio dereitos ou facultades que poidan afectar á finalidade última de interese pública para a que están destinadas.

Por último, recóllese que as axudas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas pola Administración autonómica teñen a consideración de axudas prestacionais de carácter asistencial dada a especial vulnerabilidade do colectivo do que forman parte as persoas beneficiarias delas.

O capítulo IX, dedicado a Sanidade, modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Neste sentido cómpre indicar que A Administración xeral do Estado interpuxo, o 6 de abril de 2021, recurso de inconstitucionalidade contra o apartado cinco do artigo único da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, en canto da unha nova redacción ao artigo 38.2 da lei modificada. Producida esa interposición a Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral del Estado-Comunidade Autónoma de Galicia acordou tratar de acadar un acordo extraprocesual ao respecto das discrepancias manifestadas na interposición de tal recurso de inconstitucionalidade. Finalmente, tal Comisión Bilateral chegou a un acordo en virtude do cal ambas



as dúas partes consideraron resoltas aquelas discrepancias de conformidade cunha de serie de compromisos e consideracións como foi, entre outras, a de que se promovera unha iniciativa lexislativa co obxecto de introducir no texto da Lei de saúde de Galicia unha disposición adicional segunda, relativa á aplicación das medidas de vacinación no marco das competencias estatais de coordinación xeral da sanidade e da estratexia nacional de vacinación. Procede, polo tanto, introducir o texto da disposición indicada na Lei 8/2008, tal e como foi acordado coa Administración Xeral do Estado, para desenvolver e precisar a regulación da medida mediante a indicación do marco competencial e normativo no que se insire. Tamén se acordou que, con base nese acordo, unha vez producida tal modificación normativa a Administración xeral do Estado desistirá do recurso interposto ante o Tribunal Constitucional.

Por outra banda, engádese un novo artigo á presente lei relativo a unha serie de medidas extraordinarias en materia de planificación e ordenación de recursos humanos para o fortalecemento da atención primaria en Galicia.

A creación da categoría profesional que se propón resulta necesaria como medida extraordinaria e urxente para paliar o déficit de persoal médico dispoñible para servizos asistenciais en atención primaria. Nos próximos cinco anos o relevo xeracional de persoal médico de familia non está garantido. Tendo en conta tanto o persoal que previsiblemente vai a optar pola xubilación nos próximos cinco anos, como as vacantes actuais non cubertas actualmente, o persoal en formación que rematará a súa especialidade de medicina familiar e comunitaria o próximo ano e os catro seguintes, non serán suficientes para cubrir as necesidades asistenciais en atención primaria.

Por outra banda, as condicións de traballo actuais en atención primaria están organizadas en dúas tipoloxías de postos de traballo de médico de familia. Un deles é específico de PAC (dispositivos de atención urxente extrahospitalarios) e outro posto que cubre a atención ordinaria en centros de saúde.

Os documentos de planificación, nomeadamente o Plan Galego de Atención primaria (obxectivo 3.4), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 16 de maio de 2019 e o documento "Por unha atención primaria vertebradora do sistema", apuntan á necesidade de que o persoal médico de familia preste servizos tanto en atención primaria como en PAC. Así tamén, a Comisión de Seguimento do documento citado por unha atención primaria vertebradora,



ten manifestado a necesidade de que os médicos de familia presten servizos en PAC e tamén en atención ordinaria.

De acordo coa estratexia marcada e ante esta grave situación, compre establecer cambios no modelo de prestación asistencial e na ordenación dos recursos humanos dos equipos de atención primaria configurando unha nova categoría profesional que permita a prestación conxunta tanto en ordinaria como en PAC. As funcións desta categoría profesional desenvolveranse coas regras especiais en canto aos lugares de prestación do servizo, dispoñibilidade e xornada, que particularizan as súas especificidades. Esta nova categoría prestaría servizos nas novas prazas que se creen, na reconversión das vacantes actuais e tamén nas que se produzan por baixas definitivas derivadas de xubilación e outras causas nos próximos cinco anos.

Por outra banda, outras das medidas extraordinarias recollidas é o reforzo de equipos de apoio no ámbito da atención primaria. O artigo 3 do Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade autónoma de Galicia, contempla o chamado persoal técnico en saúde como un recurso de apoio para os servizos de atención primaria.

En atención ás circunstancias anteriormente sinaladas, prevese a posibilidade de que por parte do Servizo Galego de Saúde, se acuda ao nomeamento de persoal estatutario temporal de carácter eventual, como persoal médico técnico de saúde, que desenvolva funcións de apoio na atención primaria nos ámbitos da xestión da incapacidade temporal, prevención da enfermidade ou calquera outro que demanden as necesidades da atención sanitaria e a protección da saúde. Do mesmo xeito que a anterior, a presente medida ten tamén un carácter extraordinario e temporal.

O capítulo X aborda diversas medidas en materia de Industria, comercio e consumo. Nese sentido, modifícase o Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aos efectos de aclarar o procedemento para a declaración e implantación de proxectos industriais estratéxicos, tanto respecto da súa tramitación coma dos órganos competentes.

Así mesmo, modifícase a Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, no marco dos procedementos de



disolución e extinción das cámaras de comercio. En particular, aclárase no precepto dedicado a asunción de funcións por outra cámara, a non vinculación, directa ou indirecta, polos saldos debedores derivados da liquidación da cámara extinguida.

Por outra banda, modifícase a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, co obxectivo de incrementar a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, tanto en materia de seguridade como en materia de información e transparencia. Nese sentido, modifícanse determinados apartados no capítulo das infraccións e sancións co fin aclarar e evitar interpretacións diverxentes, adaptar a regulación ás modificacións da normativa básica e engadir novos tipos sancionadores.

Por último, modifícase a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental. En particular, engádese unha nova disposición adicional quinta aos efectos de regular na norma as distancias respecto dos núcleos de poboación das instalacións eólicas como medio para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo. Tamén se contempla un réxime transitorio para a aplicación de tales distancias nunha nova disposición transitoria sétima, respecto das novas solicitudes ou modificacións substanciais de proxectos que requiran unha nova tramitación ambiental e aquelas solicitudes que se atopen pendentes de admisión.

Por outro lado, incorporase unha nova disposición adicional sexta, adicada á planificación de novas solicitudes de parques eólicos, debido ao número dos proxectos de parques eólicos admitidos e actualmente en tramitación e á cifra de MW prevista nestes proxectos. En particular, co obxecto de procurar unha ordenación racional do sector, faise necesario que durante o prazo de 18 meses dende a entrada en vigor da presente lei, non sexa admitidas a trámite novas solicitudes coas excepcións que contempla a norma.

Finalmente, incorporase tamén unha nova disposición transitoria oitava na que se regula o réxime xurídico aplicable daqueles expedientes que se atopan sen permisos de acceso e conexión e cuxa existencia se derivou da entrada en vigor da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.



O capítulo XI aborda diversas medidas en materia de coordinación de policía locais. Neste sentido, modifícase a Lei 4/2007 de coordinación de policía locais. A principal novidade consiste na regulación da mobilidade, que pasa de configurarse como un sistema de acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local a configurarse como un sistema de provisión. Así, o persoal funcionario de carreira dos corpos de policía local de Galicia pertencente ás categorías de policía, oficial, inspector, inspector principal, intendente, intendente principal e superintendente, poderá participar nos procesos de provisión de postos vacantes da súa mesma categoría noutros corpos de policía local da comunidade autónoma. Tamén se introduce no texto da lei a exigencia dun informe que deberá emitir a dirección xeral competente en materia de coordinación de policía locais, sobre as bases das convocatorias dos distintos sistemas de acceso e provisión previstos na norma. Por último e coa finalidade de acadar unha maior seguridade xurídica pasan a recollerse na lei os requisitos exixidos para o acceso aos corpos de policía locais.

O capítulo XII aborda diversas medidas en materia de Universidades. Nese sentido, modifícase a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, aos efectos de fortalecer e apoiar as estruturas de investigación e innovación universitarias e por outro lado, a adaptación de determinados preceptos en materia de duración do mandato do presidente do consello social, eliminando as limitacións temporais na súa renovación.

Os diferentes Plans de investigación e innovación da administración autonómica, así como os seus instrumentos financeiros, veñen recoñecendo a importancia dunha investigación interdisciplinar de excelencia e de alto impacto, que xorde como consecuencia da agregación das capacidades de diferentes grupos de investigación e do fomento da investigación cooperativa entre eles, en ámbitos e estruturas organizativas ben definidas co obxecto de asumir novos retos e aumentar a capacidade competitiva.

Para tal fin, en diferentes anualidades, convocáronse axudas para fomentar as estratexias de cooperación supragrupo de investigación, que permitise incrementar tanto a calidade das actuacións en I+D como a capacidade para asumir os novos retos, mediante a creación de agrupacións estratéxicas que debían constituír a cerna en que se cimentasen futuras políticas de apoio.

Polo tanto, a Comunidade Autónoma atópase ante a oportunidade de estruturar máis adecuadamente as actividades e grupos de investigación de



excelencia, na contorna do Sistema Universitario de Galicia, co obxectivo estratéxico de alcanzar un maior e máis sólido protagonismo no futuro espazo europeo de investigación.

No marco das súas competencias de fomento da investigación recoñecidas no artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía de Galicia, prevese na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, un procedemento para xestionar a acreditación dos centros e estruturas de I+D+i universitarias de Galicia. A actuación ten a finalidade de impulsar a calidade e o impacto da investigación realizada en Galicia e potenciar o efecto tractor que estas unidades exercitan sobre o conxunto do sistema.

Os centros e estruturas de I+D+i universitarios acreditados favorecerán ao Sistema Universitario de Galicia ao garantir un nivel de excelencia de calidade dos servizos I+D+i e incentivar a mellora continua da calidade dos resultados de I+D+i, impulsando o uso eficiente dos recursos e o seu axuste multidisciplinar con grupos de excelencia doutras institucións, así como promover as liñas de colaboración entre centros do propio Sistema e cos doutras institucións públicas ou privadas con obxectivos I+D+i, posibilitando a competencia, a través dun recoñecemento institucional que facilite o aumento dos recursos humanos, infraestruturas e novas tecnoloxías para ampliar e consolidar a calidade e cantidade das liñas de investigación e a coherencia e consolidación dos equipos, e implicar aos profesionais na mellora continua da calidade a través da motivación e incentivación para manter a acreditación das súas actividades. Por outra banda, a acreditación supón para os centros e estruturas de I+D+i un elemento de difusión das súas actividades de investigación.

Así mesmo, para a Administración autonómica, a acreditación dos centros e estruturas de I+D+i universitarios constitúe unha garantía do correcto financiamento da investigación, asegurando o bo uso dos recursos públicos e privados e unha correcta práctica investigadora e transferencia dos resultados da investigación á sociedade; permítelle igualmente identificar as institucións investigadoras de excelencia e os seus indicadores temáticos, de calidade, eficacia, eficiencia, oportunidade e pertinencia da actividade investigadora que faciliten unha mellor planificación dos obxectivos e unha xestión óptima dos recursos financiados con subvencións públicas.

Por outra banda, en canto a modificación relativa aos consellos sociais, a estes órganos de goberno de cada universidade correspóndelles a supervisión das actividades de carácter económico da universidade e do rendemento dos seus servizos e promover a colaboración da sociedade no financiamento da universidade, así como cantas outras funcións lle sexan atribuídas por esta lei e a demais normativa aplicable.

De conformidade co previsto no artigo 83.1 da Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, o presidente ou presidenta do Consello Social será designado ou designada pola Presidencia da Xunta de Galicia, entre personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral e social non pertencentes á comunidade universitaria, por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de universidades, logo de escoitar o reitor ou reitora da universidade.

Dada a natureza destes órganos, como nexo de unión e participación da sociedade nas universidades, estímase oportuno que o órgano unipersoal da presidencia do mesmo, non teña limitado temporalmente a renovación do mandato, favorecendo deste xeito a continuidade das funcións de representación, dirección e planificación xeral da actividade do consello social.

O capítulo XIII relativo ao procedemento e organización administrativa inclúe unha modificación da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público co obxecto de garantir o cumprimento do principio de autoprovisión e dos obxectivos de interese público na asistencia xurídica do sector público autonómico xa recollidos no artigo 5 da dita lei e na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Ao mesmo tempo pretende garantir a coherencia e calidade da asistencia xurídica de todo o sector público autonómico.

O capítulo XIV, en materia de réxime financeiro e orzamentario, aborda a modificación do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia xa que, a súa redacción so permite dar tratamento orzamentario aos anticipos reembolsables, sendo necesario que se poda estender este tratamento aos non reembolsables, debido especialmente aos fluxos dos novos fondos correspondentes ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) procedentes do Regulamento (UE) 2021/241 e á necesidade de garantir o seu

adecuado control e a neutralidade financeira nas contas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido, cómpre indicar que segundo os criterios de imputación establecidos no Sistema Europeo de Contas (SEC), os anticipos realizados entre administracións para o financiamento de execución de gastos deben estar incluídos nas contas financeiras de cada administración. En aplicación dos criterios do SEC, debe poder darse carácter financeiro ao tratamento orzamentario destes anticipos, con independencia de se se configuran como reembolsables ou non reembolsables.

Na súa parte final, a lei recolle unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

Introdúcese unha disposición adicional única en relación coas medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino durante o ano 2022, como consecuencia da escaseza de persoal de perfil sanitario agravada pola situación derivada da pandemia da covid-19, e para garantir a dispoñibilidade do dito persoal, continuando a liña da disposición adicional terceira da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas.

A disposición transitoria única prevé un réxime de aplicación a procesos selectivos para o acceso aos corpos de policía local da comunidade autónoma xa convocados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei.


Por último, a lei recolle a derogación expresa de disposicións concretas, así como de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela.

Pola súa banda, a disposición derradeira primeira refírese á modificación das disposicións regulamentarias; a disposición derradeira segunda establece que as medidas de defensa e protección en materia de xestión da Rede Natura 2000 introducidas por medio da presente lei serán aplicables dende a entrada en vigor desta lei, sen prexuízo da ulterior adaptación do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. A disposición derradeira terceira recolle a habilitación para o seu desenvolvemento normativo e a cuarta a previsión sobre a súa entrada en vigor.



XUNTA
DE GALICIA

Esta lei axústase así aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, ao responderen as medidas previstas nela á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, ao se recolleren na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación como exige o principio de transparencia, e ao se introduciren a través dela, conforme o principio de seguridade xurídica, as modificacións precisas nas disposicións vixentes.





XUNTA
DE GALICIA

TÍTULO I
MEDIDAS FISCAIS




CAPÍTULO I

Tributos cedidos*Artigo 1. Imposto sobre a renda das persoas físicas*

Modifícase o artigo 4 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto Legislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

"Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A escala autonómica aplicable á base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:



Base liquidable	Cota íntegra	Resto base liquidable	Tipo aplicable
Ata euros	Euros	Ata euros	Porcentaxe
0,00	0,00	12.450,00	9,40
12.450,00	1.170,30	7.750,00	11,65
20.200,00	2.073,18	15.000,00	14,90
35.200,00	4.308,18	24.800,00	18,40
60.000,00	8.871,38	40.000,00	22,50
100.000,00	17.871,38	En diante	23,50



Artigo 2. Bonificación do imposto sobre o patrimonio

Engádese o artigo 13 quater ao Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:


«Artigo 13 quater. Bonificación na cota íntegra

Sobre a cota íntegra do imposto aplicarase unha bonificación do 25% do seu importe».

Artigo 3. Redución do tipo de gravame xeral na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas

Modifícase o número 1 do apartado Un do artigo 14 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos aprobado polo Decreto Legislativo 1/2011, do 28 de xullo, quedando redactado como segue:

"1. Con carácter xeral, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable á transmisión de bens inmoables, así como na constitución e cesión de dereitos reais que recaian sobre estes, agás os dereitos reais de garantía, será do 9 %."





Artigo 4. Bonificación da taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, modalidade máquinas ou aparellos automáticos.

Un.- Os suxeitos pasivos da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar, modalidade máquinas ou aparellos automáticos, poderán aplicar unha bonificación que acadará o importe equivalente ao:

- a) 46% da cota trimestral devindicada no primeiro trimestre do ano 2021, para aquelas máquinas instaladas en casinos, salas de bingo, salóns de xogo e tendas de apostas.
- b) 33% da cota trimestral devindicada no primeiro trimestre do ano 2021, para aquelas máquinas en situación de alta que non estean instaladas nos establecementos aos que se refire a letra anterior.

Os suxeitos pasivos poderán aplicar a bonificación anterior, sempre que a autorización estivera en situación de alta nalgún día do dito período. Para os efectos de determinar a porcentaxe terase en conta a tipoloxía do establecemento en que a máquina estivera instalada o día 27 de xaneiro de 2021.

A aplicación da bonificación que proceda deberán realizala de xeito acumulado de ser o caso, na primeira autoliquidación que presenten no ano 2022 en período voluntario, sen que esta poda ser negativa. No caso de que non puideran aplicar a bonificación de xeito completo por ser superior o seu importe ao importe a ingresar da autoliquidación, a cantidade que reste aplicarana nas subseguintes autoliquidacións ata esgotala.

No caso de que o suxeito pasivo non tivera que presentar ningunha autoliquidación polos períodos impositivos que se declaran durante o ano 2022, poderá solicitar a rectificación da autoliquidación presentada correspondente ao primeiro trimestre do ano 2021.

Dous.- Habilítase á persoa titular da consellaría competente en materia de facenda para ditar as disposicións necesarias para a aplicación da bonificación establecida neste artigo. Así mesmo, a persoa titular da dirección da Axencia Tributaria de Galicia poderá actualizar, de ser necesario, os modelos de autoliquidación da taxa fiscal sobre os xogos de sorte, envite e azar co fin de adaptalos á regulación da dita bonificación, e ditar as instrucións para completalos, mediante resolución publicada no Diario Oficial de Galicia.

CAPÍTULO II

Tributos propios

Artigo 5. Taxas

1. Elévanse os tipos das taxas de contía fixa vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia ata a cantidade que resulte da aplicación do coeficiente do 1,02 ás contías exixibles no momento da entrada en vigor desta lei, exceptuando as tarifas que experimenten algunha modificación na contía no número 2 deste artigo. Este coeficiente será de aplicación tanto ás contías, de carácter mínimo ou máximo, como ás deducións que se establecen en todo tipo de tarifas, tanto de taxas de contía fixa como variable

Considéranse taxas de contía fixa cando non están determinadas por unha porcentaxe sobre unha base ou esta non se valora en unidades monetarias.

Exceptúanse do incremento establecido anteriormente aquelas taxas que se recadan mediante efectos timbrados, así como a establecida na subalínea 11 da alínea 14 do anexo 1, «Licenza única interautonómica en materia de pesca continental», e a establecida na subalínea 05 da alínea 15 do anexo 1, «Licenza única interautonómica en materia de caza», da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 23, que queda redactado como segue:

«Gozarán de exención da presente taxa:

1. A expedición de certificados de retribucións satisfeitas pola Xunta de Galicia co obxecto de xustificación en relación co imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. A expedición de certificados e compulsa que o persoal da administración solicite respecto de necesidades propias do posto de traballo ou da relación de servizos.
3. Os alumnos por calquera actuación en materia de ensinanzas non universitarias.

4. As compulsas realizadas nas oficinas de emprego para os desempregados na tramitación de expedientes que sexan competencia das devanditas oficinas.

5. A inscrición nas convocatorias para a selección de persoal da Comunidade Autónoma, logo de xustificación documental, solicitada por:

- Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicarase unha bonificación do 50% á inscrición solicitada por:

- Persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- Persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes á data da convocatoria de probas selectivas de persoal nas que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.
- As vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste artigo, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

6. A expedición de certificados relativos á situación fiscal.

7. O Estado e os demais entes públicos territoriais ou institucionais, sempre que os servizos ou as actividades dos que sexan beneficiarios se presten ou realicen no marco do principio de colaboración entre administracións.

8. As vítimas de actos terroristas así como os seus cónxuxes e os seus fillos por calquera actuación en materia educativa realizada en centros oficiais de estudos en tódolos niveis de ensino.

9. Os membros dos organismos consultivos da Administración pública galega respecto dos certificados emitidos polos devanditos organismos.

10. A participación nas probas para a obtención do certificado de profesionalidade, logo de xustificación documental, con referencia ás seguintes persoas:

- As que figuren inscritas como desempregadas nas oficinas de emprego.
- As que teñan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%.


11. A inscrición nas probas homologadas para a acreditación do nivel de competencia en lingua galega e mais a acreditación do nivel correspondente, logo da xustificación documental, solicitada por persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.

12. As persoas menores de idade e as maiores de sesenta e cinco anos pola tramitación da licenza de pesca continental.

13. As inscricións e modificacións no Censo de Solo Empresarial de Galicia.

14. A declaración polos letrados da Xunta da suficiencia dos documentos xustificativos dos poderes ou facultades dos que actúan en representación doutros».

Dous. Modifícase o apartado i) do número 2 do artigo 40, que queda redactado como segue:



«i) Cando a ocupación do dominio público portuario teña por destino a explotación de superficies destinadas a varadoiro para embarcacións profesionais do sector pesqueiro e/ou marisqueiro, o importe da bonificación será do 50% sobre a taxa de ocupación de terreos resultante, sempre que a instalación se destine en exclusiva ao servizo da frota profesional pesqueira e marisqueira. Cando na instalación, de xeito complementario, se autorice prestar servizo a outro tipo de embarcacións non vinculadas ao sector pesqueiro ou marisqueiro a bonificación que se aplicará sobre a taxa de ocupación de terreos resultante será do 35%.

Esta bonificación será aplicable exclusivamente ás superficies destinadas ás zonas de depósito para estancia e reparación de embarcación e non será de aplicación ás infraestruturas tales como fosos, ramplas ou parcelas edificadas de servizo a esta actividade».

Tres. Elimínase a alínea 06 do anexo 1.

Catro. Modifícase a subalínea 3 da alínea 20 do anexo 1, que queda redactado como segue:

«Expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola LOE e dos seus duplicados:

Títulos/Tarifas (en €)	Tarifa Normal	Familia numerosa categoría Xeral	Familia numerosa categoría especial	Duplicado
Bacharel	54,00	27,03	0	4,98
Técnico	22,07	11,06	0	2,55
Técnico Superior	54,00	27,03	0	4,98
Título Superior de Conservación e restauración de bens culturais	70,73	35,38	0	7,09
Expedición de certificados de idiomas nivel intermedio B2 e nivel avanzado C1 e C2	25,91	12,97	0	2,55
Expedición do certificado do curso de especialización de ciclo medio ou superior de formación profesional	25,91	12,97	0	2,55
Profesional de Música	25,80	12,90	0	2,40
Profesional de Danza	25,80	12,90	0	2,40
Título Superior de Música	70,73	35,38	0	7,09
Título Superior de Danza	70,73	35,38	0	7,09
Título Deportivo	22,51	11,27	0	2,59
Título Deportivo Superior	55,07	27,58	0	5,07
Título Superior de Deseño	70,73	35,38	0	7,09
Título Superior de Artes plásticas	70,73	35,38	0	7,09
Título Superior de Arte dramática	70,73	35,38	0	7,09




Cinco. Elimínase a alínea 28 do anexo 1.

Seis. Modifícase o primeiro parágrafo da subalínea 4 da alínea 7 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«Expedición de documentación oficial sanitaria de movemento, nacional ou intracomunitario, de animais vivos e produtos de orixe animal procedentes da gandaría ou da acuicultura, agás que sexa realizada de forma telemática a través das aplicacións informáticas habilitadas accesibles nas consellerías competentes en materia de gandaría ou acuicultura, a través da aplicación do sistema Traces ou que os operadores a obteñan directamente a través destas aplicación (mínimo 3,03€ por certificación)».

Sete. Modifícase a subalínea 6 da alínea 7 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Autorizacións e rexistros de centros/equipos de produtos reprodutivos de animais de renda e autorizacións de paradas de sementais, revisións anuais dos mesmos e emisión de certificados zoosanitarios:



- Por autorización e/ou rexistro de centros de recollida, produción e transformación de produtos reprodutivos (centros de recollida de seme, equipos de recollida/produción de embrións, centros de transformación):	101,42
- Por revisión anual	49,28
- Por autorización e/ou rexistro de depósitos de produtos reprodutivos (centros de almacenamento, distribuidores)	73,88
- Por revisión anual:	29,61
- Por autorización de paradas de sementais	22,78
- Por revisión de sementais	



- Equinos e bovinos (por unidade)	7,60
- Ovinos, caprinos e porcinos (por unidade)	1,52
- Por emisión de certificados zoosanitarios de acompañamento de produtos reprodutivos destinado a intercambios intracomunitarios ou exportación a terceiros países	
Mínimo (por certificado)	3,19
Máximo (por certificado)	10,63

Oito. Modifícase subalínea 33 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Autorización e/ou rexistro de explotacións avícolas, cunícolas, porcinas, apícolas e de peletería, agás as de tipo autoconsumo (porcino, avicultura e apicultura), reducidas (porcino) e artesanais (avicultura):

- | | |
|---|--------|
| - Pola xestión e tramitación do expediente de rexistro completo, incluíndo as visitas de inspección correspondentes (explotacións avícolas, cunícolas, porcinas e de peletería) | 106,26 |
| - Pola xestión e tramitación do expediente de rexistro completo así como de expedientes de ampliación, modificación da primeira inscrición, incluíndo as visitas de inspección correspondentes en explotacións de apicultura distintas de autoconsumo. Custo para a tramitación dun asentamento (incrementase en 15 euros por cada asentamento adicional a partir do primeiro solicitado ata un máximo de 85 euros) | 25,00 |
| - Pola xestión e tramitación de expedientes de ampliación, modificación da primeira inscrición ou exencións contempladas na normativa de aplicación, incluíndo as | 53,14» |



visitas de inspección correspondentes (explotacións
avícolas, cunícolas, porcinas e de peletería)

Nove. Modifícase subalínea 37 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada
como segue:

« Supervisión da corentena de animais de compañía 30,60
procedentes de terceiros países

Por cada visita de supervisión adicional á primeira visita 30,60»

Dez. Engádese a subalínea 38 na alínea 07 do anexo 2, que queda redactada
como segue:

« Autorización para a realización de certames,
concursos, exposicións ou concentracións de animais no 14,73»
ámbito gandeiro

Once. Modifícase a subalínea 4 da alínea 44 do anexo 2, que queda redactado
como segue:

«Análises de contaminantes de orixe química en moluscos e outros
organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura:

- Determinación de hidrocarburos aromáticos 299,65
policíclicos (HAPs) mediante cromatografía
líquida con detección de fluorescencia



- | | |
|--|---------|
| - Análise de PCBs e pesticidas por Cromatografía de Gases/Espectrometría de Masas en tándem, GC-MS/MS. | 489,50 |
| - Análise de PCBs por Cromatografía de Gases/Espectrometría de Masas en tándem, GC-MS/MS | 311,97 |
| - Análise de pesticidas por Cromatografía de Gases/Espectrometría de Masas en tándem, GC-MS/MS | 311,97» |

Doce. Modifícase a subalínea 4 da alínea 52 do anexo 3, que queda redactado como segue:

«Inscripción no Rexistro Xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia:

- | | |
|--|--------|
| - Pequeno produtor de residuos perigosos (<10 t/ano) | 187,45 |
| - Produtor de residuos perigosos (>10 t/ano) | 187,45 |
| - Produtores de residuos non perigosos (>1.000 t/ano) | 187,45 |
| - Produtor de lodos con destino á agricultura | 187,45 |
| - Transportista profesional de residuos perigosos e de residuos non perigosos | 187,45 |
| - Recolledor profesional sen instalación de residuos perigosos e non perigosos | 187,45 |
| - Negociante para residuos perigosos e para residuos non perigosos | 187,45 |



- Axente para residuos perigosos e para residuos non perigosos 187,45

Trece. Engádese a subalínea 25 na alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Comunicación da actividade de compostaxe comunitaria de bioresiduos 50,00»

Catorce. Engádese a subalínea 26 na alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

« Traslados de residuos nas fronteiras exteriores e no traslado polo interior da CAG 520,00»

Quince. Engádese a subalínea 27 na alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Realización de inspeccións previas ao outorgamento das autorizacións para as operacións de tratamento de residuos 419,00»

Dezaseis. Engádese a subalínea 28 na alínea 52 do anexo 3, que queda redactada como segue:

« Comunicación da actividade de proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación en materia de residuos. 146,00»

Dezasete. Engádesse as subalíneas 03 e 04 na alínea 57 do anexo 3, que quedan redactadas como segue:

- | | |
|--|---------|
| - 03. IPPC distintas das recollidas no epígrafe 9.3 do Real Decreto Legislativo 1/2016 (instalacións industriais IPPC) | 950,00 |
| - 04. IPPC recollidas no epígrafe 9.3 do Real Decreto Legislativo 1/2016 (granxas IPPC) | 742,00» |

Dezaoito. Modifícase á alínea 68 do anexo 3 nos seguintes termos:

- | | |
|--|--------|
| «68. Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, por metro cúbico de auga captado. | 0,021» |
|--|--------|

Dezanove. Modifícase a regra terceira da tarifa X-2 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Terceira. As bases para a liquidación desta tarifa serán a eslora máxima do barco, o calado do peirao e o tempo que o barco permaneza no atracadoiro ou no amarre.

Nos supostos de que un buque transporte calquera tipo de mercadoría perigosa e como consecuencia diso sexa necesario dispoñer dunhas zonas de seguridade a proa e/ou popa, considerarase como base para efectos da tarifa a eslora máxima do barco, incrementada na lonxitude das mencionadas zonas.

A contía básica desta tarifa é de 1,023138 € por cada metro de eslora ou fracción e por cada período de vinte e catro horas ou fracción que permaneza atracado ou amarrado, cos seguintes coeficientes por calado do peirao medido en B.M.V.E.:

- Por calado do peirao igual ou maior a 7 metros, coeficiente = 1.
- Por calado do peirao inferior aos 7 metros, coeficiente = 0,5.

Por períodos de tempo inferiores ás seis horas aplicarase unha redución do 50% da contía da tarifa indicada anteriormente.

Naquelas terminais nas que Portos de Galicia preste vixilancia presencial específica a tarifa base resultante incrementarase en 299,05 € por cada 24 horas ou fracción de estancia vixiada, agás para escalas inferiores a 12 horas, caso en que este incremento será de 149,53 € A franxa horaria, aos efectos do cálculo da tarifa por vixilancia presencial, iniciárase 60 minutos

antes da hora da reserva de atraque e finalizará 60 minutos despois da hora da saída efectiva do buque do porto. A esta contía non lle será de aplicación ningunha das bonificacións ou reducións incluídas na presente tarifa X-2».

Vinte. Modifícase a regra primeira da tarifa X-6 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Primeira.- O feito imponible desta tarifa abrangue a dispoñibilidade do servizo de recepción de refugалlos, incluídos os de carga, xerados por buques, e, de ser o caso, a súa prestación efectiva, e a dita taxa seralles aplicable, na contía e nas condicións que se indican máis adiante, a todos os barcos que entren nas augas do porto.

O feito imponible da taxa incluírá, así mesmo, a emisión do certificado pola prestación do servizo de recepción de refugалlos segundo o disposto no Convenio internacional para previr a contaminación polos buques, do 2 de novembro de 1973 (convenio MARPOL), pola escala ou o período incluído no servizo segundo a súa tipoloxía».

Vinte e un. Modifícase a regra terceira da tarifa X-6 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Terceira.- Son suxeitos pasivos obrigados ao pagamento desta tarifa os armadores ou os seus representantes ou os consignatarios dos barcos que entren nas augas do porto pola dispoñibilidade dos servizos, pola súa prestación efectiva ou pola emisión dos certificados correspondentes.

Para as embarcacións deportivas e de lecer, serán suxeitos pasivos, con carácter solidario, o titular da embarcación ou o seu representante autorizado e, de ser o caso, o titular do dereito de uso preferente do amarre ou da ancoraxe.



Para as embarcacións do sector de acuicultura, cando se adhiran a un convenio por pertenza a unha asociación profesional do sector, a asociación será o substituto do contribuínte e terá que cumprir no lugar daquel as obrigas formais e materiais derivadas da obriga tributaria.

Son responsables subsidiarios do pagamento da tarifa o capitán da embarcación e o seu patrón».

Vinte e dous. Modifícase o apartado b) da regra quinta da tarifa X-6 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«b) Para embarcacións pesqueiras e do sector da acuicultura, que teñan base ou operen habitualmente nun porto dependente de Portos de Galicia, aplicaranse as seguintes contías fixas:

Para embarcacións pesqueiras:

- Se eslora $\leq$ 7 m: 17,40 €/ano.
- Se eslora $>$ 7 m e $\leq$ 10 m : 45,85 €/ano.
- Se eslora $>$ 10 m e $\leq$ 15 m : 88,20 €/ano.
- Se eslora $>$ 15 m e $\leq$ 20 m : 151,20 €/ano.
- Se eslora $>$ 20 m e $\leq$ 25 m : 226,80 €/ano.
- Se eslora $>$ 25 m: 277,20 €/ano.

Para as embarcacións auxiliares de acuicultura:

- Se eslora $\leq$ 10 m: 69,40 €/ano.
- Se eslora $>$ 10 m: 104,10 €/ano.

A tarifa liquidarase anualmente por adiantado.

Para as embarcacións pesqueiras liquidarase empregando os datos das embarcacións de base nos portos dependentes de Portos de Galicia, e, no seu defecto, poderá empregarse o rexistro de embarcacións pesqueiras de Galicia, elaborado pola consellaría competente en materia de mar.



Para as embarcacións do sector de acuicultura que se adhiran a un convenio anual descrito na regra decima da tarifa X-1, décimo quinta da tarifa X-2 e décima da tarifa X-3, por pertenza a unha asociación profesional do sector, a liquidación da taxa X-6 poderase incluír no citado convenio.

Para as embarcacións pesqueiras e do sector da acuicultura que non teñan base nin operen habitualmente nun porto dependente de Portos de Galicia, aplicaranse as seguintes contías fixas por escala:

Para embarcacións pesqueiras:

- Se eslora ≤ 10 m: 16,84 €/escala.
- Se eslora > 10 m e ≤ 15 m : 21,89 €/escala.
- Se eslora > 15 m e ≤ 20 m : 26,94 €/escala.
- Se eslora > 20 m e ≤ 25 m : 50,51 €/escala.
- Se eslora > 25 m: 84,19 €/escala.

Para as embarcacións auxiliares de acuicultura:

- Se eslora ≤ 10 m: 21,69 €/escala.
- Se eslora > 10 m: 32,53 €/escala.

O certificado emitido pola escala da embarcación de paso polo porto terá validez por tres meses en calquera porto dependente de Portos de Galicia nese período».

Vinte e tres. Modifícase o apartado c) da regra quinta da tarifa X-6 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«c) Para as embarcacións deportivas e de lecer, con base nun porto dependente de Portos de Galicia, aplicaranse as seguintes contías fixas:

- Se eslora ≤ 8 m: 9,68 €/semestre.
- Se eslora > 8 m e ≤ 10 m: 12,80 €/semestre.

- Se eslora > 10 m é ≤ 12 m: 17,02 €/semestre.
- Se eslora > 12 m é ≤ 14 m: 23,89 €/semestre.
- Se eslora > 14 m é ≤ 16 m: 33,56 €/semestre.
- Se eslora > 16 m é ≤ 18 m: 38,40 €/semestre.
- Se eslora > 18 m: 43,24 €/semestre.

A liquidación realizarase conxuntamente coa tarifa X-5 por semestres (1º e 2º semestre do ano) adiantados.

No caso de embarcacións deportivas e de lecer que non teñan a condición de embarcacións de base en ningún porto dependente de Portos de Galicia, aplicarase por cada escala a seguinte contía:

- Se eslora ≤ 8 m 1,29 €/escala.
- Se eslora > 8 m e ≤ 12 m: 3,87 €/escala.
- Se eslora > 12 m: 4,65 €/escala.



O certificado emitido pola escala da embarcación de paso polo porto terá validez por un mes en calquera porto dependente de Portos de Galicia nese período, e emitirase previa petición do usuario, segundo o procedemento que se estableza.

A liquidación realizarase, segundo a declaración realizada polo xestor a Portos de Galicia, consonte o procedemento e formato que sinala Portos de Galicia.

Neste caso o xestor da instalación subrogarase na obriga dos suxeitos pasivos no relativo á tarifa X-6 podendo repercutila ós usuarios destes servizos de recollida de refugallo».

Vinte e catro. Modifícase a regra sexta da tarifa X-6 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Sexta.- O aboamento da taxa X-6 nun porto dependente de Portos de Galicia, polos períodos indicados na regra quinta da presente tarifa en función da tipoloxía da embarcación, exime do pagamento da tarifa noutro porto dependente de Portos de Galicia nese período, pola dispoñibilidade ou prestación do servizo de recollida de refugallos xerados por buques».

Vinte e cinco. Modifícase a regra sexta da tarifa E-2 contida na sublínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Sexta.- Os espazos destinados ó tránsito e almacenamento de mercadorías ou doutros elementos clasifícanse en catro zonas:

- Zona de manobra e tránsito: inmediata á de atracada dos buques (ata 12 m do cantil do peirao nos portos incluídos nos grupos A e B e ata 5 m nos portos incluídos no grupo C). Nesta zona non se permite o depósito de mercadorías sen autorización previa e expresa en cada caso da dirección do porto correspondente.

- Zonas especificamente habilitadas por Portos de Galicia para o depósito autorizado de aparellos vinculados á actividade da pesca profesional en manobra e tránsito, segundo a definición indicada no parágrafo anterior. Estas zonas serán delimitadas por Portos de Galicia en función da dispoñibilidade e configuración da infraestrutura portuaria.

- Zonas de almacenamento: as restantes zonas de depósitos do porto, agás a lámina de auga.

- Zonas de lámina de auga: a ocupación da lámina de auga incluída dentro da zona de servizo do porto.

Vinte e seis. Modifícase a regra sétima da tarifa E-2 contida na sublínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Sétima.- As contías, expresadas en euros, serán, por metro cadrado ou fracción e día natural ou fracción, as seguintes:



Zona de manobra e tránsito			
(no caso de existir autorización)	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Días 1 ó 10	0,038963	0,025954	0,019513
Días 11 ó 20	0,119337	0,079537	0,059699
Días 21 e seguintes	0,235386	0,156946	0,117726
Zonas habilitadas para ó depósito de aparellos vinculados á actividade da pesca profesional (no caso de existir autorización)	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Superficie descuberta	0,04251	0,02834	0,021253
Zona de almacenamento	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Superficie descuberta	0,021253	0,014169	0,010626
Superficie cuberta	0,081662	0,054419	0,040766
Zona de lámina de auga	Grupo A	Grupo B	Grupo C
A menos de 20 do cantil	0,074372	0,049532	0,037185
A máis de 20 do cantil	0,033993	0,022642	0,017025
Zona terrestre	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Días 1 ó 10	0,105314	0,07084	0,053134
Días 11 e seguintes	0,21254	0,14168	0,106268
Zona de lámina de auga	Grupo A	Grupo B	Grupo C
A menos de 20 do cantil	0,743721	0,495316	0,371856
A máis de 20 do cantil	0,339935	0,226427	0,170246

Na zona de almacenamento situada a máis de 35 m do cantil do peirao dos portos incluídos nos grupos A e B aplicarase a tarifa do grupo inmediato inferior correspondente.

Na zona de lámina de auga será de aplicación a contía para menos de 20 m do cantil, a todo o artefacto ou estrutura aínda que se atope parcialmente a menos desta distancia.

Aos elementos mecánicos tales como guindastres ou cintas móbiles que ocupen superficie descuberta e que sirvan de apoio ás operacións de carga e descarga de mercadorías de toda índole realizadas por vía marítima, que deban estar na zona de manobra e tránsito con carácter fixo ou eventual, seranlles aplicables as contías definidas no cadro anterior para a zona de almacenamento en superficie descuberta aplicada ao grupo correspondente e á superficie ocupada polo aparello e á súa zona de manobra.

En ocupación de superficies cubertas que dispoñan de varios andares, a tarifa que se aplicará segundo o cadro anterior será o sumatorio de cada un dos andares, aplicando o 100% dela para a planta baixa e o 50% para os andares primeiro e seguintes, considerando en cada caso a superficie útil correspondente. No caso de que se trate de edificios de departamentos para armadores, exportadores e comercializadores relacionados coas actividades do sector pesqueiro e marisqueiro que sexan de planta baixa ou de planta baixa máis un andar, a tarifa que se aplicará será soamente o 100% da superficie en planta baixa.

Na ocupación de tubaxes, canalización ou instalacións soterradas xerais do porto, a tarifa será o 50% do que lle correspondería segundo os cadros anteriores agás que o seu uso impida a utilización da superficie exterior. Neste caso a tarifa sería a indicada nesta regra para a superficie descuberta. A superficie a considerar para canalizacións será a da proxección horizontal da tubaxe ou instalación de que se trate, cunha superficie mínima de 0,5 m² por cada metro lineal de canalización.

As contías da tarifa para as ocupacións de superficie destinadas a usos non relacionados directamente coas actividades portuarias serán as seguintes:

Zona terrestre	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Días 1 ó 10	0,105314	0,070840	0,053134
Días 11 e seguintes	0,212540	0,141680	0,106268
Zona de lámina de auga	Grupo A	Grupo B	Grupo C
A menos de 20 do cantil	0,743721	0,495316	0,371856
A máis de 20 do cantil	0,339935	0,226427	0,170246

Vinte e sete. Modifícase a regra cuarta da tarifa E-3 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Cuarta.- As contías da tarifa por subministración de auga potable serán as seguintes:

- Por metro cúbico de auga ou fracción subministrada a través das tomas propiedade de Portos de Galicia: 1,515834 €.

- Por metro cúbico de auga ou fracción subministrada nas restantes instalacións: 1,082700 €.

As contías indicadas nos dous parágrafos anteriores serán incrementadas sempre que as mesmas sexan inferiores a contía global aplicable por parte da empresa subministradora a Portos de Galicia. Nese suposto as contías da tarifa por m³ de auga subministrada serán as seguintes:

A tarifa global aplicada pola empresa subministradora a Portos de Galicia cun recargo do 35%, cando esta sexa superior a 1,515834 €/m³ incluído o canon de saneamento, para tomas propiedade de portos de Galicia.

A tarifa global aplicada pola empresa subministradora a Portos de Galicia cun recargo do 10%, cando esta sexa superior a 1,082700 €/m³ incluído o canon de saneamento, para o resto das instalacións.

A facturación mínima tanto no primeiro caso como no segundo caso será de 4,080525€».

Vinte e oito. Modifícase a regra quinta da tarifa E-3 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Quinta.— As contías da tarifa por subministración de enerxía eléctrica serán as seguintes:

a) Por KWh ou fracción subministrada a través das tomas propiedade de Portos de Galicia: 0,383286 €. A facturación mínima será de 4,435379 €.

b) As contías da taxa para as restantes instalacións:

As bases de cálculo da taxa portuaria defínense segundo os conceptos de enerxía establecidos en referencia directa ao cálculo da factura eléctrica do mercado retalista español, tendo en conta unha única franxa horaria, segundo a formulación seguinte:

Taxas E-3 no período de devindicación = $(PA+EA) \times R_v \times IE + Ct$. Sendo:

— Concepto de potencia accesible (PA): resulta da aplicación do prezo da potencia vixente no ano natural de devindicación.

Fíxase para o exercicio 2022 e seguintes unha contía de 0,103680 €/kW. día, multiplicado pola potencia dispoñible da instalación, que ven determinada polo calibre do interruptor xeral de protección da liña de acometida (kW), multiplicado polos días comprendidos no período de facturación.

No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.

— Concepto de enerxía activa (EA): resulta da aplicación do prezo da enerxía vixente no ano natural de devindicación, multiplicado pola diferenza de lecturas do equipo de medida tomadas o primeiro día e o último do período de devindicación en kWh.

O prezo da enerxía vixente no ano natural será unha contía fixa, sendo este valor, para o exercicio 2022 e seguintes, de 0,162080 €/Kwh.

No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.

– Recarga polo volume de kwh consumidos (Rv): Establécese unha recarga da tarifa base consumida comprendida entre o 2% e o 10%, dependendo a dita porcentaxe do consumo medio diario realizado durante o período de devindicación, segundo a seguinte táboa:

Media dos Kwh consumidos por día durante o período liquidado Recargo (%)

Igual ou superior a 300 kWh/día 10%

Igual ou superior a 200 kWh/día e inferior a 300 kWh/día 8%

Igual ou superior a 100 kWh/día e inferior a 200 kWh/día 6%

Igual ou superior a 10 kWh/día e inferior a 100 kWh/día 4%

Igual ou superior a 5 kWh/día e inferior a 10 kWh/día 2%

Onde:

$$Rv = 1 + \text{Recargo (\%)} / 100$$

– Imposto eléctrico (IE): sobre o concepto de potencia accesible e o concepto de enerxía activa será de aplicación a porcentaxe correspondente ao imposto eléctrico legalmente establecido polo organismo competente. O imposto eléctrico para o exercicio 2022 e seguintes é dun 5,11269632%. Non obstante, no suposto de que sufra variacións durante este exercicio, adaptárase a formulación ó imposto vixente no período de devindicación.

Onde:

$$IE = 1 + \text{Gravame imposto eléctrico (\%)} / 100 = 1 + 5,11269632 / 100 = 1,0511269632.$$


– Contía por posta a disposición de contador (Ct): polos traballos de conexión, desconexión e tramitacións administrativa de instalación e seguimento establece unha contía fixa de 0,05 €/día en subministracións efectuadas en baixa tensión e de 0,5 €/día en subministracións efectuadas en media tensión, polos días comprendidos entre o primeiro e o último do período de devindicación».

Vinte e nove. Engádesse unha subalínea 04 na alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:



« Inspección, vixilancia e mantemento anual das axudas a navegación instaladas para a sinalización de cada viveiro flotante.

54,16»






XUNTA
DE GALICIA

TÍTULO II

MEDIDAS ADMINISTRATIVAS



CAPÍTULO I

Emprego público

Artigo 6. Modifícase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádesse unha nova letra u) ao número 2 do artigo 14:

"u) A resolución das solicitudes de recoñecemento da progresión acadada na carreira administrativa prevista na disposición transitoria oitava da presente Lei."

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 25, que queda redactado como segue:

"1. Ao persoal funcionario interino élle aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición temporal e ao carácter extraordinario e urxente do seu nomeamento, o réxime xeral do persoal funcionario de carreira, salvo aqueles dereitos inherentes á condición de funcionario de carreira."

Tres. Modifícase o número 6 do artigo 38, que queda redactado como segue:

"6. As relacións de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico poderán prever a clasificación de postos co rango de subdirección xeral ou xefatura de servizo para a súa provisión por persoal sanitario, docente ou da Administración de xustiza."

Catro. Modifícase a letra e) do artigo 60, que queda redactado como segue:

"e) Toma de posesión dentro do prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento ou dentro do prazo previsto na correspondente convocatoria do proceso selectivo, que non poderá ser superior a dous anos."

Cinco. Modifícase o artigo 61, que queda redactado como segue:


"A adquisición da condición de persoal funcionario interino exige, unha vez seleccionado nos termos previstos na alínea primeira do artigo 24, ademais do correspondente nomeamento, o cumprimento sucesivo do requisito establecido na letra d) do artigo 60 e a correspondente toma de posesión."

Seis. Modifícase o artigo 62, que queda redactado como segue:

"A adquisición da condición de persoal eventual exige, en todo caso, ademais do correspondente nomeamento, o cumprimento sucesivo do requisito establecido na letra d) e a correspondente toma de posesión."

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 80, que queda redactado como segue:

"1. Nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública, con excepción de aqueles procesos que teñan por obxecto a estabilización do emprego temporal, un mínimo dun vinte e cinco por cento das prazas convocadas reservarase para persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, inmediatamente inferior que reúna os seguintes requisitos:

- 
- a) Posuír a titulación e os demais requisitos exixidos.
 - b) Ter prestado servizos efectivos na condición de persoal funcionario durante polo menos dous anos no subgrupo ou grupo de clasificación profesional desde o que se pretenda promocionar.
 - c) Non superar a idade de xubilación forzosa.

As prazas reservadas para a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre, sempre que se trate dun proceso selectivo único rexido por unha mesma convocatoria."

Oito. Modifícase o número 2 do artigo 90, que queda redactado como segue:

"2. O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de dous anos para poder participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo.

No suposto do persoal funcionario de novo ingreso, é requisito necesario para poder participar nestes concursos, en todo caso, unha antigüidade mínima de dous anos desde o nomeamento como persoal funcionario de carreira.

O persoal que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira da presente lei e a normativa de desenvolvemento da mesma, poderá participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo desde o momento da devandita adquisición, sempre que tivese unha antigüidade mínima de dous anos na categoría profesional equivalente ao corpo ou escala na que se realizou a súa funcionarización."

Nove. Modifícase o número 2 do artigo 100, que queda redactado como segue:

"2. O traslado regulado neste artigo, de carácter voluntario, levarase a cabo mediante comisión de servizos, que terá unha duración dun ano, prorrogable excepcionalmente por outro no caso de que se manteñan as necesidades de servizo ou funcionais."

Dez. Modifícase o número 3 do artigo 102, que queda redactado como segue:

"3. O posto de traballo que se asigne se ocupará con carácter definitivo. Regulamentariamente determinaranse as condicións do traslado previsto neste artigo."

Once. Engádese un número 7 ao artigo 106, que queda redactado como segue:

"7. De conformidade coa lexislación básica estatal, para facer efectivo o seu dereito á protección e á asistencia social integral, o persoal funcionario que sufrise danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, e os fillos dos feridos e falecidos, sempre que teñan a condición de persoal funcionario e de vítimas do terrorismo de acordo coa lexislación vixente, así como o persoal funcionario ameazado nos termos do artigo 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, contando co previo recoñecemento do Ministerio do Interior ou cunha sentenza xudicial firme, terán dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución, ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que estableza a Administración competente en cada caso.



As ditas medidas serán adoptadas e mantidas no tempo en tanto que resulten necesarias para a protección e asistencia social integral da persoa a que se concede, xa sexa por razón das secuelas provocadas pola acción terrorista, xa sexa pola ameaza a que se encontra sometida, nos termos previstos regulamentariamente."

Doce. Engádese unha letra p) no número 1 do artigo 185, que queda redactado como segue:

"p) Cometer fraude nun proceso selectivo a través de calquera comportamento tendente a obter anticipadamente as probas, obter mediante dispositivos electrónicos ou utilizando outro tipo de mecanismos os seus resultados no momento da súa realización, ou alterar os resultados das probas unha vez realizadas."

Trece. Engádese unha letra y) ao número 1 do artigo 186, que queda redactado como segue:

y) Cometer fraude nun proceso selectivo a través de calquera comportamento tendente a obter os resultados no momento da súa realización copiándoos doutro aspirante do proceso.

Catorce. Engádese unha letra f) ao do artigo 188, que queda redactado como segue:

"f) No caso de sanción pola falta prescrita na letra p) do artigo 185, a imposibilidade de participar en procesos selectivos por un período de 5 anos."

Quince. Engádese unha letra f) ao do artigo 189, que queda redactado como segue:

"f) No caso de sanción pola falta prescrita na letra y) do artigo 186, a imposibilidade de participar en procesos selectivos por un período de 2 anos."

Dezaseis. Modifícanse os cadros do número 1 da disposición adicional novena correspondentes á escala de enxeñeiros para a creación das especialidades de enxeñaría química e aeronáutica, así coma os cadros relativos á escala de ciencias, para a creación das especialidades de matemáticas e física, engadindo á redacción existente o seguinte:

DENOMINACIÓN	ESPECIALIDADES	SUBGRUPO	FUNCIONES	TITULACIÓN
Escala de enxeñeiros	Enxeñaría química	A1	- Estudo, xestión, execución, proposta e inspección de carácter facultativo superior, de acordo coa titulación exixida e coas funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo.	Enxeñeiro químico ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro de químico
	Enxeñaría aeronáutica	A1	- Estudo, xestión, execución, proposta e inspección de carácter facultativo superior, de acordo coa titulación exixida e coas funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo.	Enxeñeiro aeronáutico ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro aeronáutico
Escala de ciencias	Matemáticas	A1	- Estudo, xestión, execución, proposta e inspección de carácter facultativo superior, de acordo coa titulación exixida e coas funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo	Licenciado ou graduado nunha titulación da rama de ciencias
	Física	A1	-Estudo, xestión, execución, proposta e inspección de carácter facultativo superior, de acordo coa titulación exixida e coas funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo	Licenciado ou graduado nunha titulación da rama de ciencias

Dezasete. No cadro do número 4.bis, da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no apartado referido á Escala de gardas de recursos naturais, do subgrupo C2, engádesse a seguinte función a desempeñar polo persoal desta escala.

“-Recollida e traslado da fauna silvestre”.

Dezaoito. Modifícase o número 2 da disposición transitoria primeira bis, que queda redactada como segue:

"2. Coa finalidade de facer posible o cumprimento das normas establecidas nesta lei en canto aos postos que deben ser cubertos por persoal funcionario, os principios de organización, racionalización e ordenación do persoal, así como para homoxeneizar o réxime xurídico e condicións de traballo aplicables a este, co fin de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos, a Administración expedirá un nomeamento de natureza funcional interina, no correspondente corpo ou escala de clasificación, ao persoal laboral temporal que, de acordo co establecido no apartado anterior, ocupe postos previstos como de natureza funcional nas relacións de postos de traballo, sempre que reúna os requisitos para a ocupación do posto e fose seleccionado como laboral temporal segundo os procedementos de acceso á condición de laboral temporal establecidos pola normativa vixente.

Este nomeamento requirirá a aceptación do persoal interesado e suporá a novación da relación xurídica existente coa Administración, sen solución de continuidade na prestación dos servizos, e a transformación daquela nun vínculo xurídico de natureza funcional interina, rexido pola presente lei. De existir diferenza de retribucións, esta farase efectiva de conformidade co disposto na presente lei."

Dezanove. Modifícase o número 3 da disposición transitoria primeira, que queda redactado como segue:

"3. O persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comprendido no apartado primeiro desta disposición poderá participar nun proceso selectivo de promoción interna que se convocará polo sistema de concurso-oposición, de forma independente aos procesos selectivos de libre concorrência, en cada un dos corpos ou escalas de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia aos que figuren adscritas as funcións que realice ou os postos que desempeñe, sempre que posúa a titulación necesaria e reúna os restantes requisitos esixidos, valorándose para estes efectos como mérito os servizos efectivos prestados como persoal laboral fixo e as probas selectivas superadas para acceder a esta condición.

O persoal laboral fixo que posúe dita condición no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público,

e adquirise posteriormente outra categoría profesional como persoal laboral fixo polo procedemento de promoción interna, poderá participar no proceso a que se refire o parágrafo anterior desde esta última categoría profesional."

Vinte. Modifícase a letra f) do número 1 da disposición transitoria oitava, que queda redactada como segue:

"f) O persoal funcionario de novo ingreso e o persoal que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira da presente lei e a normativa de desenvolvemento da mesma, comezará a consolidar o grao correspondente ao nivel básico do seu corpo ou escala, con independencia do nivel do posto de traballo que pase a desempeñar."

Vinte e un. Modifícase o número 3 da disposición transitoria oitava, que queda redactada como segue:

"3.A norma regulamentaria que desenvolva o sistema de carreira horizontal do persoal funcionario establecerá as equivalencias entre os actuais graos persoais e as novas categorías profesionais e graos de ascenso, de xeito que o persoal afectado se incorpore ao sistema de carreira horizontal con pleno recoñecemento da progresión profesional xa acadada. En todo caso, garantirase ao persoal afectado o nivel retributivo con que conte no momento de implantación do novo sistema."

Vinte e dous. Modifícase o número 4 da disposición transitoria oitava, que queda redactada como segue:

"4. Sen prexuízo do establecido no número 3 desta disposición e en tanto non se implante o sistema de carreira profesional establecido no artigo 77, poderase establecer un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal previsto nesta disposición, que permita ao persoal funcionario da Administración da Xunta de Galicia progresar de maneira voluntaria e individualizada e que promova a súa actualización e o perfeccionamento da súa cualificación profesional.

No regulamento que desenvolva este sistema transitorio poderán fixarse os graos e requisitos para o seu recoñecemento e ascensos, así como a avaliación necesaria da traxectoria e actuación profesional, na que se terán en conta os coñecementos adquiridos, a formación, experiencia e outros méritos e aptitudes que se establezan.



O persoal funcionario que quede encadrado neste sistema poderá percibir, de acordo co que se estableza regulamentariamente, unha retribución adicional ao complemento de destino segundo o grupo ou subgrupo profesional de pertenza, que remunerare a progresión profesional acadada.

Esta retribución adicional percibirase en todo caso na situación de servizo activo no correspondente corpo ou escala ou durante o desempeño de postos ou cargos no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou nos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma relacionados na disposición adicional primeira, da presente lei. Tamén percibirán este complemento os liberados sindicais.

O persoal funcionario de carreira que se atope na situación de servizos especiais polo desempeño de postos ou cargos no ámbito delimitado no parágrafo anterior percibirá dentro das retribucións do posto ou cargo que desempeñe unha contía equivalente á correspondente á retribución adicional que lle sería de aplicación de acordo con esta disposición.

Cando se implante o sistema de carreira profesional previsto no artigo 77, terase en conta o desenvolvemento profesional alcanzado e consolidado de acordo co establecido nesta disposición."

CAPÍTULO II

Medio ambiente e territorio*Artigo 7. Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra d) do número 1 do artigo 35, que queda redactada como segue:

"d) Campamentos de turismo coas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido na dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate."

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 42, que queda redactado como segue:

"5. O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos ou dotacións públicos, por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En todo caso, deberá garantirse o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42.

Aos efectos do disposto neste número, entenderase que teñen tamén a condición de equipamentos ou dotacións públicos os que sexan de titularidade pública, aínda que non figuren no planeamento urbanístico con tal condición."

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 70, que queda redactado como segue:

"3. Así mesmo, nos concellos sen planeamento xeral ou que contén con plan básico municipal, poderán formularse plans especiais que teñan por obxecto



crear solo urbano con destino a usos industriais ou terciarios, a equipamentos públicos ou a construción de vivendas de promoción pública.

Aos efectos do apartado anterior, deberán aplicarse os límites de sustentabilidade previstos no artigo 41.3 para os usos industriais e terciarios e no artigo 41.2 para os usos residencias, e, en todo caso, as reservas previstas no artigo 42.2."

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 143, que queda redactado como segue:

"3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto básico redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel."

Artigo 8. Modifícase a Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia

A Lei 5/2019, do 2 de agosto de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, queda redactada como segue:


Un. Modifícase o número 1 do artigo 38, que queda redactado como segue:

"1. Corresponde á consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural a tramitación dos procedementos de declaración dun espazo natural protexido de ámbito autonómico.

A Administración autonómica poderá promover ante os organismos que corresponda a declaración doutras figuras de protección de ámbito supraautonómico".

Dous. Engádesse un número 3 ao artigo 60, coa seguinte redacción:

"3. No suposto do espazo protexido Rede Natura 2000, o contido mínimo do plan de xestión será o seguinte:

- 
- a) Delimitación do ámbito territorial.
 - b) Caracterización socioeconómica.
 - c) Diagnóstico dos elementos da biodiversidade.
 - d) Identificación das prioridades de conservación.
 - e) Obxectivos de conservación do lugar.
 - f) Medidas de conservación.
 - g) Zonificación, en caso de considerarse necesaria.
 - h) Sistema de seguimento do lugar.
 - i) Valoración económica.
 - j) Avaliación e indicadores de xestión."

Tres. Modifícase o artigo 68, que queda redactado como segue:

"Artigo 68. Regulación dos usos e actividades

1. Aos efectos da presente lei, os correspondentes instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos clasificarán os posibles usos e actividades a desenvolver no correspondente espazo como permitidos, autorizables ou prohibidos, en función da súa incidencia sobre os valores que motivaron a súa declaración.

2. No caso de que se pretendan desenvolver, no ámbito dun espazo natural protexido, usos ou actividades que non estean previstos no correspondente instrumento de planificación, aplicaranse os criterios establecidos nos artigos 69 a 71, ámbolos dous incluídos, para determinar o réxime xurídico aplicable. En particular, a consellería competente en materia de patrimonio natural, previa comunicación por parte da persoa interesada, determinará se, de conformidade co disposto nos artigos indicados, os ditos usos ou actividades resultan compatibles ou non compatibles cos obxectivos da declaración do espazo natural protexido ou se, deben someterse a un réxime de intervención administrativa co fin de evitar posibles efectos apreciables á conservación dos valores relevantes do espazo natural protexido.

O disposto neste número entenderase sen prexuízo da necesidade de revisión do instrumento de planificación co obxecto de recoller nel os ditos usos e actividades, clasificándoos como permitidos, autorizables ou prohibidos."

Catro. Engádese un número 3 á disposición adicional sexta, coa seguinte redacción:

"3.Terá a consideración de uso ou actividade autorizable na zona 1 dunha zona especial de conservación ou dunha zona de especial protección para as aves da Rede Natura 2000 a construción de muros de contención e o peche ou valado de terreos gardando as distancias coas vías públicas que regulamentariamente se establezan na lexislación ou na planificación sectorial vixente. Os peches e valados serán preferentemente vexetais, con especies autóctonas, incluíndo tamén os feitos de madeira ou estacas de madeira e arame ou empregando o pastor eléctrico, sen que os realizados con material opaco de fábrica superen a altura de 1 metro, salvo en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50



metros. Nos peches e valados deberán empregarse, de forma preferente, os materiais tradicionais do medio rural no que se empracen, sen que se permita o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, salvo que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine. Ademais, os ditos muros realizaranse de modo que permitan a permeabilidade dos hábitats e o fluxo ou circulación das especies de interese para a conservación, e que non favorezan polo tanto a fragmentación dos ecosistemas nin o illamento das poboacións, colocando os dispositivos necesarios para que cumpran a dita función

Cando os peches destinados á protección do gando ou dos cultivos agrícolas fronte a especies de fauna silvestre empreguen mallas metálicas, estas terán unha altura máxima de 2 metros, cunha separación mínima entre os dous arames horizontais mais baixos de 15 centímetros”.

Artigo 9. Modificación do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe

O Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe, queda redactado como segue:

Un. Engádese unha disposición adicional, coa seguinte redacción:

"Disposición Adicional. Plans, proxectos ou programas competencia do Estado

Exclúese a aplicación das directrices da paisaxe aos plans, proxectos ou programas que sexan competencia do Estado, en tanto as mesmas directrices no sexan compatibles coa normativa estatal de aplicación".

Dous. Modifícase a disposición transitoria única, que queda redactada como segue:

"Disposición transitoria única. Incorporación das Directrices de paisaxe a plans e proxectos

A incorporación das Directrices de paisaxe a plans e proxectos rexerase polas seguintes regras:

a) Os instrumentos de planeamento territorial e urbanístico en tramitación que, á entrada en vigor destas directrices, tivesen acadado o informe ambiental estratéxico ou, no seu caso, tiveran formulado o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, non terán que adaptarse a elas.

b) Os proxectos en tramitación que, á entrada en vigor destas directrices, tivesen acadado o informe de impacto ambiental ou se tivera acordado o seu sometemento a información pública, non terán que incorporar as determinacións das Directrices de paisaxe."

Artigo 10. Modificación da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia

A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, queda redactada como segue:

Un. Modifícase a letra b), do número 1, do artigo 44, que queda redactada como segue:


"b) Identificación da localización das actuacións obxecto do proxecto, de acordo coa delimitación establecida no correspondente plan sectorial, de ser o caso, ou delimitación do ámbito no caso dun proxecto de interese autonómico non previsto, e descrición dos terreos nel comprendidos e das súas características, usos do solo e aproveitamentos existentes e previstos para o seu adecuado funcionamento.

No caso de proxectos de interese autonómico previstos nun plan sectorial, o proxecto poderá, xustificadamente, reaxustar o ámbito delimitado polo plan, sempre que non supoña unha alteración superior ao 10 % del, mesmo cando o reaxuste afecte a clasificación urbanística do solo, agás que no propio plan sectorial se exima de tal limitación. En todo caso, no procedemento de aprobación do proxecto deberá darse audiencia ás persoas propietarias afectadas."

Dous. Modifícase a disposición transitoria primeira, que queda redactada como segue:

"Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio dos procedementos*

Os procedementos de aprobación de instrumentos de ordenación do territorio nos que se formulase o informe ambiental estratéxico ou, no seu caso, o documento de alcance, antes da entrada en vigor desta lei, poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva conforme o disposto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal."



Artigo 11. Modifícase a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra b) do artigo 35 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que queda redactado como segue:

"b) Para a elaboración do estudo ambiental estratéxico, a realización da información pública e as consultas, desde a notificación ao promotor do documento de alcance, non resultará aplicable o prazo previsto no artigo 17.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, podendo remitirse ao órgano ambiental o expediente completo de avaliación ambiental estratéxica para a formulación da declaración ambiental estratéxica sempre que non transcorresen máis de catro anos desde a notificación ao promotor do documento de alcance ou o prazo que se poida establecer por lei para determinados plans ou programas. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga do dito prazo, que non exceda da metade do mesmo, previa solicitude formulada polo promotor.

Este prazo non será de aplicación na tramitación de instrumentos de planeamento urbanístico, podendo neste caso remitirse ao órgano ambiental o expediente completo de avaliación ambiental estratéxica sempre que se tivesen realizado os trámites anteriores en tempo e forma conforme co disposto na lexislación sectorial aplicable."

Dous. Modifícase o número 2 da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que queda redactado como segue:

"2. Nos procedementos de avaliación ambiental estratéxica ordinaria de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en tramitación na data de entrada en vigor desta lei ao abeiro da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, aplicarase o prazo establecido no artigo 35.1.b) para a remisión ao órgano ambiental do expediente completo de avaliación ambiental estratéxica, desde a notificación ao promotor do documento de alcance."

CAPÍTULO III

Medio rural

Artigo 12. Modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais man común

A Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais man común, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 20, que queda redactado como segue:

"Artigo 20. Inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños

1. En situacións xurídicas de pendencia por inexistencia, extinción ou desaparición da Comunidade de veciños titular do monte, e ata que, no seu caso, se reconstitúa a comunidade, a defensa dos seus intereses e a xestión cautelar do monte corresponderán ao concello onde radique o monte, que actuará como titular provisional do aproveitamento do monte en beneficio da comunidade.

2. No caso de que o monte se atope situado no territorio de máis dun concello, a xestión cautelar corresponderá a aquel en que se sitúe a súa maior superficie.

3. Considérase que unha comunidade de veciños atópase en situación de pendencia por inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños cando concorra algún incumprimento das esixencias de organización das comunidades previstas no Título IV do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de montes veciñais en man común ou normativa que lle substitúa.

Corresponde á persoa titular da consellería competente en materia de montes a competencia para declarar a situación de pendencia por inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños, a proposta da persoa titular da dirección xeral que teña as atribucións na mesma materia, quen terá a competencia para a iniciación do procedemento.

4. A xestión cautelar implicará a obrigação para o concello de presentar ante a consellería competente en materia de montes un instrumento de ordenación

ou xestión forestal, que deberá ser aprobado polo órgano forestal ou subscribir un contrato temporal de xestión pública co devandito órgano."

Dous. Modifícase o artigo 27, que queda redactado como segue:

"Artigo 27. Xestión cautelar

1. Nos casos de inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños a dirección xeral competente en materia de montes comunicará dita inexistencia, extinción ou desaparición ao concello onde radique o monte, ou se o monte se atopase situado no territorio de máis dun concello, comunicarao ao concello en que se sitúe a maior superficie do monte. Nesta comunicación a dirección xeral concederá ao correspondente concello o prazo de 3 meses para que opte, ben pola xestión cautelar do mesmo, ou ben pola renuncia á devandita xestión.

Se o concello renuncia á xestión cautelar ou non contesta dentro o prazo concedido, o monte será xestionado preventivamente pola consellería competente en materia de montes ata que se reconstitúa a comunidade e se cumpran os requisitos para o reinicio da actividade previstos no punto 4 deste artigo, sempre respectando o estipulado no contrato de xestión pública que, de ser o caso, se formalizase e de conformidade coa normativa vixente.

2. Así mesmo, pasarán a ser xestionados pola consellería competente en materia de montes a través do órgano forestal:

a) aqueles montes respecto dos cales a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia informe á consellería que non existe iniciativa do sector privado, sexa agrogandeira ou forestal, para efectuar a xestión.

b) aqueles montes respecto dos que a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia emita un informe técnico en que xustifique que razóns de índole técnica, agronómica ou forestal, limitan ou impidan a aptitude da finca para o seu arrendamento nos destinos e actividades previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, de acordo co previsto no seu artigo 50.e).

3. A consellería competente en materia de montes poderá exercer a xestión cautelar prevista neste artigo mediante os seus propios órganos ou mediante a súa encomenda a entidades instrumentais do sector público autonómico.

4. Para o exercicio da xestión cautelar a consellería competente en materia de montes mentres non elabore e aprobe o proxecto de ordenación forestal xestionará o monte de acordo cos modelos silvícolas ou de xestión forestal que mellor se axusten ás características do monte. Todos os gastos derivados da xestión cautelar do monte incorporaranse á contabilidade do monte.

5. Para o reinicio da actividade da comunidade veciñal extinguida ou desaparecida deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) A presentación da solicitude por parte dunha xunta provisional do monte veciñal.

b) A acreditación da existencia dunha comunidade veciñal formada por comuneiros de pleno dereito e elección dunha xunta provisional consonte o disposto nesta lei respecto dos órganos das comunidades veciñais.

c) O compromiso notarial da xunta provisional de asunción do estado contable do monte, que implicará o recoñecemento e, no seu caso, devolución da débeda existente, e asunción do instrumento de ordenación ou xestión forestal vixente.

d) No caso de que, como consecuencia da inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade veciñal, o Banco de Terras de Galicia cedese ou arrendase con anterioridade o uso e aproveitamento dos montes a outra persoa ou entidade beneficiaria, o reinicio da actividade solicitada pola xunta provisional non será posible ata o remate da cesión ou arrendamento realizado polo Banco de Terras de Galicia, salvo que exista acordo entre as partes.

Unha vez cumpridos os requisitos previstos neste punto 5, a devolución efectiva do monte veciñal á comunidade quedará condicionada á constitución da Xunta Reitora de conformidade co previsto na normativa de aplicación».

Tres. Modifícase o artigo 28, que queda redactado como segue:

“Artigo 28. Montes veciñais en estado de grave abandono ou degradación

1. Entenderase por monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación aquel que, de modo manifesto, sufrise unha grave deterioración ecolóxica, non sexa explotado de acordo cos seus recursos ou sufra unha extracción abusiva deles.

2. Corresponde á persoa titular da consellaría competente en materia de montes a competencia para declarar por razóns de utilidade pública e interese xeral o estado de grave abandono ou degradación, por proposta da persoa titular da dirección xeral que teña as atribucións na mesma materia, quen terá así mesmo a competencia para iniciar o procedemento.

Na elaboración da proposta de declaración do estado de grave abandono ou degradación do monte terase en conta o informe emitido polos servizos técnicos da consellería respecto da determinación do estado de grave abandono ou degradación dos montes. No devandito informe consideraranse, entre outros aspectos, os seguintes extremos:

- a) O grao de aproveitamento da extensión superficial.
- b) O grao de manifesto desuso.
- c) O grao de acomodación aos aproveitamentos establecidos en instrumentos de ordenación ou xestión forestal, de ser o caso, independentemente de que se refira a aproveitamentos madeireiros, de pastos ou outros.
- d) O carácter depredador producido sobre o monte.
- e) O perigo manifesto de degradación das terras.
- f) O reiterado incumprimento dos deberes e obrigacións establecidas na normativa vixente.

Unha vez emitido o informe e con carácter previo á elaboración da proposta, darase audiencia á comunidade veciñal para os efectos previstos no artigo seguinte.

3. Durante a tramitación do procedemento poderán adoptarse medidas provisionais relativas á limpeza, mantemento e xestión de biomasa e, de ser o caso, retirada de especies arbóreas, nos termos establecidos na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou norma que a substitúa, así como outras medidas provisionais ou cautelares previstas na normativa de aplicación.

O custo destas medidas repercutirase á comunidade veciñal ou, de ser o caso, á administración á que corresponda a xestión cautelar do monte veciñal.

4. No caso de inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños non se aplicará o disposto nos puntos anteriores deste artigo, senón as previsións contempladas nos artigos 20 e 27 desta lei."

Catro. Modifícase o artigo 29, que queda redactado como segue:

"Artigo 29. Declaración do monte en estado de grave abandono ou degradación

O procedemento para a declaración dun monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación, iniciado pola Dirección Xeral competente en materia de montes de conformidade co disposto no artigo anterior, desenvolverase conforme aos seguintes trámites:

a) Unha vez emitido o informe a que se refire o apartado 2 do artigo 28, a consellería, conxuntamente co trámite de audiencia, requirirá á comunidade de veciños para que presente un instrumento de ordenación ou xestión forestal no que se exprese o prazo para a súa execución ou ben opte por algunha das seguintes alternativas:

1º Presentación da documentación acreditativa de ter subscrito un acto de disposición voluntario en favor de terceiros dos previstos no Título I desta lei ou no Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de montes veciñais en man común.

2º Solicitud da incorporación voluntaria do monte ao Banco de Terras de Galicia.

b) Requirida a comunidade, e no marco do trámite de audiencia, esta terá un prazo de tres meses, prorrogable por outros tres, para atender ao devandito requirimento e presentar a documentación correspondente para os efectos do apartado anterior.

c) No caso de que a comunidade presente un instrumento de ordenación ou xestión forestal e este sexa aprobado pola consellería, incluírase esta circunstancia de oficio no Rexistro de Montes Ordenados e declarárase a finalización do procedemento, sen prexuízo das facultades de control do cumprimento do devandito instrumento.

De verificarse o incumprimento do devandito instrumento, estarase ao disposto no artigo 83 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e, no

caso de que subsistan as condicións para a declaración de grave abandono ou degradación, ditarase resolución sen máis trámite, declarando o monte en estado de grave abandono ou degradación.

d) No caso de que a comunidade non presentase o instrumento ou de que non fose aprobado o presentado por non axustarse aos obxectivos previstos para conseguir a xestión e mellora integral do monte e que a comunidade tampouco optase pola alternativa de presentación da documentación acreditativa de ter subscrito un acto de disposición voluntario en favor de terceiros prevista no apartado a). 1º deste artigo, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de montes elevará á persoa titular da súa consellería a proposta para que o monte sexa declarado en estado de grave abandono ou degradación e seguirase o procedemento previsto no artigo 30 desta lei.

e) No caso de que a comunidade optase pola alternativa de presentar a documentación acreditativa de ter subscrito un acto de disposición voluntario en favor de terceiros prevista no artigo 29.a) 1º declararase a finalización do procedemento por esta circunstancia.

f) No caso de que a comunidade optase pola alternativa de solicitar a incorporación voluntaria do monte ao Banco de Terras, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de montes elevará á persoa titular da súa consellería a proposta para que o monte sexa declarado en estado de grave abandono ou degradación e seguirase o procedemento previsto no artigo 30 desta lei."

Cinco. Modifícase o artigo 30, que queda redactado como segue:

"Artigo 30. Incorporación ao Banco de Terras de Galicia

1. Cando se declare un monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación, a dirección xeral competente en materia de montes acordará a remisión da dita declaración ao Banco de Terras de Galicia, co fin de que a entidade xestora deste poida ceder o seu uso e aproveitamento nos termos previstos pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou norma que a substitúa.

A declaración de monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación substituirá a declaración como predio abandonado regulada na Lei 11/2021, do

14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia ou norma que a substitúa.

2. Na cesión do uso e aproveitamento dos montes veciñais poderá darse prioridade de acceso á condición de cesionario ás agrupacións nas que participen persoas comuneiras do monte veciñal afectado ou a outras comunidades de montes veciñais que teñan acreditada a adecuada xestión dos seus montes e estean rexistradas no rexistro de silvicultores activos. Poderá complementarse a dita prioridade cos criterios de selección previstos para os polígonos agroforestais de interese público regulados na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. En calquera caso, a cesión do uso e aproveitamento dos montes veciñais en estado de grave abandono ou degradación requirirá a previa presentación pola persoa solicitante ante a consellería competente en materia de montes dun instrumento de ordenación ou xestión forestal para a súa aprobación. A cesión non poderá formalizarse sen que conste a aprobación deste instrumento.

3. Formalizada a cesión do uso e aproveitamento do monte, corresponderá á comunidade de veciños a percepción da contraprestación económica que se prevexa no instrumento de cesión do uso, que será abonada pola persoa beneficiaria da cesión, descontados, de ser o caso, os gastos de xestión realizados pola entidade xestora do Banco de Terras de Galicia. De non existir comunidade de veciños, percibirá a contraprestación a Administración forestal, que a destinará ao fondo de melloras regulado no artigo 124 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

4. A cesión do uso e aproveitamento dos montes veciñais en estado de grave abandono ou degradación non poderá superar o prazo de 50 anos.

5. A recuperación, por parte dunha comunidade veciñal existente ou que reinicie a súa actividade, da xestión dun monte veciñal declarado en estado de grave abandono ou degradación non poderá ter lugar ata a finalización do período de cesión, arrendamento ou, se é o caso, terminación do contrato temporal de xestión pública que afecte ao devandito monte veciñal e se cumpran as condicións esixidas na normativa de aplicación, de acordo co previsto na Disposición final terceira desta lei."

Seis. Engádesse unha disposición final terceira, coa seguinte redacción:

"Disposición final terceira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de montes para concretar mediante orde os extremos determinantes do estado de grave abandono ou degradación dos montes regulados no artigo 28.2 desta lei, así como para concretar as condicións de recuperación reguladas no artigo 30.5 desta lei.”

Artigo 13. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 22, que queda redactado como segue:

Artigo 22. Procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas

«1. As persoas que resulten responsables consonte co artigo 21 ter procederán á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, de ser o caso, a retirada de especies arbóreas, durante todo o ano, debendo estar rematada a dita xestión, en todo caso, antes de que finalice o mes de maio de cada ano.

Exceptúanse os supostos en que, pola extensión ou especial dificultade das labores de xestión de biomasa ou retirada de especies, sexa precisa a elaboración dunha planificación anual das actuacións, que terá que ser aprobada pola Administración forestal. Esta planificación coordinarase coa actuación doutras administracións públicas responsables da xestión da biomasa e retirada de especies respecto a infraestruturas da súa titularidade, especialmente atendendo á seguridade nas zonas de interface urbano-forestal, conforme ao establecido no artigo 44 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, ou norma que a substitúa.

A xestión da biomasa e a retirada de especies arbóreas realizarase conforme aos criterios establecidos mediante orde da consellería competente en materia forestal.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 22, que queda redactado como segue:

“2. No suposto de incumprimento do establecido no número anterior, a Administración pública competente, de oficio ou a solicitude de persoa interesada, enviará á persoa responsable unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas e se lle concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das faixas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación.

Esta comunicación incluírá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o dito prazo, procederase á execución subsidiaria con repercusión dos costes de xestión da biomasa e, se é o caso, decomiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración, nas condicións establecidas neste precepto, así como que, ante a falta de atención do dito apercibimento, as obrigas de xestión para os anos seguintes deberán estar completadas antes do primeiro de abril. Así mesmo, nesta comunicación informarase de que a falta de cumprimento das obrigas indicadas é constitutiva de infracción administrativa, polo que dará lugar ao inicio do procedemento sancionador que corresponda, no que poderán adoptarse medidas de carácter provisional consistentes en traballos preventivos de xestión de la biomasa e retirada de especies arbóreas co obxecto de evitar os incendios forestais e decomiso das indicadas especies.

Naqueles casos nos que as persoas responsables non tiveran atendido a advertencia que lle efectuaran o ano anterior para o cumprimento das súas obrigas de xestión da biomasa e retirada de especies, a dita xestión deberá estar finalizada con anterioridade ao primeiro día de abril de cada ano. Transcorrida a dita data e comprobado polos servizos técnicos da administración competente a falta de xestión poderá procederse de modo inmediato, sen máis trámite, á execución subsidiaria dela».

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 22, que queda redactado como segue:

"3. Cando non se puidese determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, cando se ignore o lugar de notificación ou cando, tentada esta, non puidese practicarse a notificación da comunicación prevista no número anterior, farase por medio dun anuncio publicado no "Diario Oficial de Galicia", no "Boletín Oficial do Estado" e no taboleiro de anuncios do concello, e conterá os datos catastrais da parcela. Nestes supostos, o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no "Boletín Oficial do Estado".

No suposto previsto no parágrafo anterior, a publicación no "Diario Oficial de Galicia" non suporá ningún custo para as entidades locais, sen que poida aplicarse ningunha taxa pola devandita publicación.

No caso de que non puidese determinarse a identidade da persoa responsable, poderase promover a investigación da titularidade dos inmobles a que se refire o artigo 19 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de

Galicia, coa aplicación das consecuencias derivadas da tramitación do dito procedemento.


No marco dos procedementos de investigación da titularidade ou mobilización de terras poderanse adoptar medidas provisionais de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas."

Catro. Modifícase a disposición final segunda, que queda redactada como segue:

"Disposición final segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

«Facúltase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento regulamentario e a aplicación desta lei.

Sen prexuízo do anterior, e en atención ás circunstancias de cada ano, que poidan supoñer un incremento do risco de incendio, a consellería competente en materia de prevención e defensa contra incendios forestais poderá modificar, mediante orde, as datas indicadas nos apartados 1 e 2 do artigo 22 desta lei.»





Artigo 14. Modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 112, que queda redactado como segue:

"4. O material forestal empregado nas repoboacións forestais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia deberá ter como orixe a rexión de procedencia en que se inclúa a superficie que se vai repoboar ou, excepcionalmente, poderá facerse con material procedente doutras rexións de procedencia, previa resolución da administración forestal que autorice a súa utilización, unha vez comprobada a idoneidade e a capacidade de adaptación do dito material forestal."

Dous. Modifícase a letra b) do número 1 do artigo 123, que queda redactado como segue:

"b) Comunidades de montes veciñais en man común que carezan de recursos económicos e financeiros suficientes e cuxa sustentabilidade económica, social e ambiental non estea garantida, ou que se atopen en estado de grave abandono ou degradación ou en situación xurídica de pendencia por inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños titular do monte."

Tres. Engádese a letra g) ao número 1 do artigo 123 á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coa seguinte redacción:

"g) Propietarios de montes ou terreos forestais nos que se manifeste un interese público atendendo á existencia neles de infraestruturas, instalacións ou masas e formacións forestais de especial interese, ao seu uso público e/ou outras circunstancias que se determinen regulamentariamente."

Catro. Engádese o número 9 do artigo 123, coa seguinte redacción:

"9. Nos supostos nos que o monte veciñal se encontre en estado de grave abandono ou degradación e a comunidade de veciños non asine o contrato temporal de xestión pública ou ben a súa Asemblea non aprobe o Proxecto de ordenación elaborado, o órgano forestal asumirá a xestión cautelar do dito monte veciñal."

Artigo 15. Modificación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado como segue:

"Artigo 3. Tipos de procesos de mellora da estrutura territorial agraria

Atendendo o seu carácter, os procesos de mellora da estrutura territorial agraria son:

- a) Reestruturación parcelaria de carácter público.
- b) Reestruturación da propiedade de predios de vocación agraria polas persoas particulares.
- c) Procesos especiais inherentes aos casos dos proxectos de grandes obras públicas lineais e coutos mineiros.
- d) Actuacións intensivas en zonas rurais."

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 11, que queda redactado como segue:


«4. Publicado o decreto polo que se declara a reestruturación parcelaria dunha zona, o servizo provincial competente por razón da materia elaborará e porá á disposición de todas as persoas interesadas unha listaxe de persoas titulares que desexen adquirir, allear, permutar, arrendar ou ceder o uso ou aproveitamento dos terreos achegados ao proceso.

A inclusión na referida listaxe poderá levarse a cabo ata a declaración da firmeza de bases e será necesario que, xunto coa solicitude, se autorice a Administración ao tratamento dos datos achegados co único fin de facilitalos a terceiras persoas que acrediten o seu interese na adquisición, alleamento, permuta, arredamento ou cesión do uso ou aproveitamento dos terreos afectados polo proceso de reestruturación e incluídos na listaxe elaborada».

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 41, que queda redactado como segue:

"3. Unha vez aprobadas as bases, só se tramitarán as solicitudes de cambio de titularidade de parcelas de achega que se presenten antes da data límite que determine para cada zona a dirección xeral competente en materia de reestruturación parcelaria, por proposta do servizo provincial. Esta resolución será obxecto de publicación nos termos establecidos no número 1 do artigo 42 desta lei.

Transcorrido o dito prazo e ata o momento de aprobación do acordo, unicamente se admitirán as solicitudes de cambio de titularidade das parcelas de achega, sempre e cando o cambio afecte a totalidade das parcelas achegadas por unha persoa titular e a transmisión se faga integramente a outra, coa excepción dos cambios derivados de sentenzas xudiciais firmes, que serán tramitadas sempre. En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.



Aprobado o acordo de reestruturación, nos casos de compravenda, tramitaranse os cambios de titularidade dos predios de substitución que se presenten antes da data límite que se determine mediante resolución da dirección xeral competente en materia de reestruturación parcelaria, a proposta do servizo provincial correspondente, e sempre e cando se trate de predios íntegros, coa excepción dos cambios derivados de sentenzas xudiciais firmes, que serán tramitadas sempre. Nestes supostos de cambio de titularidade por compravenda esixírase escritura pública e que estea liquidado o correspondente imposto. O cambio de titularidade, en principio, non suporá a alteración da configuración e superficies correspondentes ao novo adxudicatario. O dito cambio implicará a subrogación do adxudicatario na posición da anterior persoa titular coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

No caso de falecemento dun titular e cando exista partición de herdanza, procederase á tramitación do cambio de titularidade, ata a firmeza do acordo, sempre e cando esta partición afecte parcelas de substitución íntegras. En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

Catro. Modifícase a disposición transitoria primeira, que queda redactada como segue:


"Disposición transitoria primeira. *Da irretroactividade da norma*

As disposicións que introduce este texto legal aplicaranse aos procedementos de concentración parcelaria en curso sen retroceder nos trámites, adaptándose, de ser posible, á fase en que se encontren. No caso de non poder levar a cabo esta adaptación, esta lei aplicarase no inicio da fase seguinte.

Con independencia da lei que se aplique ao procedemento, resultarán de aplicación as previsións sobre cambios de titularidade reguladas no artigo 41.3 desta lei."

Cinco. Modifícase a disposición transitoria sexta da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que queda redactado como segue:

"Disposición transitoria sexta. *Coordinación catastral*



1. Ao abeiro do artigo 9.b) da Lei hipotecaria, e de acordo coa normativa hipotecaria, procederase á conversión gráfica dos datos alfanuméricos dos predios de substitución das zonas nas que, á entrada en vigor desta lei, o seu acordo sexa firme ou se outorgase a acta de reorganización da propiedade, sempre e cando non se inscribisen no rexistro da propiedade os títulos dos predios de substitución.

2. A resolución de autorización da conversión gráfica, unha vez acordada pola dirección xeral competente por razón da materia, será obxecto de notificación individual así como de publicación mediante aviso insertado no Diario Oficial de Galicia, na web da consellería e no diario de maior tirada da provincia, así como nos lugares de costume. Contra a dita resolución poderase recorrer consonte o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Terase dereito a compensación no caso de que, como consecuencia da antedita conversión, a atribución das persoas interesadas quede por debaixo do valor reducido correspondente a cada persoa titular, para o cal se empregarán os predios da masa común da zona que sexan necesarios, aínda que sexan titularidade da entidade xestora do Banco de Terras.



4. As actuacións a que se refiren os apartados anteriores deberán levarse a cabo dentro do prazo de sete anos seguintes á entrada en vigor da presente lei.

5. Cumprimentadas as actuacións establecidas nos números 1, 2 y 3 desta disposición, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de concentración e reestruturación parcelaria ditará a correspondente resolución na que manifestará, aos efectos previstos no artigo 9 da Lei hipotecaria, que se estima que existe correspondencia entre a representación gráfica e os datos alfanuméricos das fincas obxecto de inscrición por ser a diferenza de cabida, se existise, igual o inferior ao 10 %."



Artigo 16. Modificación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Modifícase a letra b) do número 1 da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que queda redactada como segue:

"b) Finalización nun prazo que rematará o 31 de decembro de 2023, momento en que deberá asinarse un contrato temporal de xestión pública que substitúa o consorcio ou o convenio finalizado. No caso de non se formalizar o devandito contrato no prazo establecido, o titular do monte deberá aboar o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á Comunidade Autónoma; para iso, poderá aboalo nun único pagamento ou a través dun plan de devolución plurianual. No caso de non se producir o aboamento total ou da cota anual disposta no devandito plan, procederase á súa anotación preventiva, en concepto de carga real, das cantidades debidas á Comunidade Autónoma de Galicia no correspondente rexistro da propiedade, e non poderán ter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a súa situación nos termos previstos nesta lei.

Previamente á cancelación do convenio ou consorcio, deberá existir aprobado un instrumento de ordenación ou xestión forestal dos previstos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que garanta a continuidade da xestión forestal sustentable."

Artigo 17. Modificación da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia

Engádese a letra i) ao número 1 do artigo 126 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia coa seguinte redacción:

“i) Concertar contratos temporais cos axentes produtivos, de carácter voluntario, para a execución das obras correspondentes aos polígonos agroforestais, ás aldeas modelo ou ás actuacións de xestión conxunta previstos nesta lei, de acordo coas prioridades que fixe a dita Axencia.

Para estes efectos, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobará as condicións xerais en que se realizarán estas obras e os servizos asociados, así como os negocios xurídicos derivados deles, que serán obxecto de publicación na súa páxina web, e deberán ser aceptadas polos axentes produtivos, en caso de optar pola sinatura dos ditos contratos.

Os investimentos iniciais para as obras e os servizos realizados con cargo a estes contratos poderán ser realizados pola Administración directamente ou por medio dos seus entes instrumentais. Estes investimentos terán a natureza de anticipo reintegrable, e compensaranse con cargo ás tarifas que fixe a Axencia, cuxa contía e prazo de reintegro se determinarán con base á tipoloxía do aproveitamento a realizar.

Esta actividade de prestación de servizos que se pon á disposición dos axentes produtivos terá a consideración de servizo público e rexerase polo disposto nesta lei.”

CAPÍTULO IV

Infraestruturas e mobilidade.

Sección 1ª Infraestruturas de fomento da mobilidade sostible


Artigo 18 . Concepto de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible

Terán a consideración de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible aquelas que contribúan a un maior uso dos modos de transporte non motorizados ou do transporte público colectivo, en detrimento do uso dos vehículos privados de tracción mecánica, tales como vías ou camiños destinados á circulación peonil o de vehículos de tracción humana, como as beirarrúas, as sendas peonís e os carrís para a circulación de bicicletas, os aparcadoiros disuasorios, as plataformas reservadas para o seu uso por parte de vehículos de transporte público colectivo, as paradas e estacións de transporte e, en xeral, todas as que realicen unha función de interconexión entre elas.



Artigo 19. Proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible

1. Os proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible consisten no desenvolvemento completo da solución óptima, co detalle suficiente para facer factible a súa construción e posterior explotación. Para iso, deberán redactarse cos datos e precisión necesarios para permitir executalas obras e explotalas posteriormente sen a intervención das súas persoas autoras.
2. Os proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible deben ser redactados baixo a dirección ou inspección e a supervisión do órgano competente da administración promotora da actuación e serán subscritos por profesional técnico competente.
3. Os proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible incluírán a documentación esixible pola normativa de contratación do sector público, cando vaian a servir de base a unha licitación pública, e, naqueles casos nos que a actuación non viñese prevista no planeamento urbanístico municipal, unha análise da súa incidencia neste, con indicación das determinacións do antedito planeamento que resultarán modificadas conxuntamente coa aprobación do proxecto.



Artigo 20. Información pública e informe das administracións afectadas

1. Será preceptivo o sometemento dos proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas no caso da construción de novas infraestruturas de fomento da mobilidade sostible que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.

2. O trámite de información pública levarase a cabo durante un prazo mínimo de trinta días hábiles, ampliable a xuízo da administración promotora da actuación, mediante un anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, nos taboleiros de anuncios dos concellos afectados e, como mínimo, en dous medios de comunicación de entre os de máis difusión no ámbito da actuación. A documentación que compón proxecto estará a disposición da cidadanía na sede central da administración promotora da actuación, na sede territorial desta que abranga o ámbito da actuación, se é o caso, e nos concellos afectados. As alegacións presentadas neste procedemento deberán versar sobre a concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, no seu caso.

3. Simultaneamente, os proxectos sometidos ao trámite de información pública aos que se refiren os puntos anteriores tamén se someterán ao informe das administracións territoriais afectadas polo ámbito da actuación para que, nun prazo de trinta días hábiles, ampliable a xuízo da administración promotora da actuación, examinen se o deseño proposto é o máis adecuado para os seus intereses e informen sobre ese aspecto. Transcorrido ese prazo sen que as administracións consultadas emitisen o citado informe, entenderase que amosan a súa conformidade co deseño proposto.

4. Transcorridos os prazos dos trámites de información pública e informe das administracións afectadas e recibidas as alegacións e informes presentados, darase resposta motivada ás alegacións formuladas. O informe resultante poñerase á disposición das persoas interesadas e notificaráselles ás administracións ás que se lles dese trámite de informe e aos particulares que presentasen alegacións.

Artigo 21. Aprobación definitiva

1. Os proxectos serán aprobados de xeito definitivo, cando non teñan que ser posteriormente sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, polo órgano competente da administración promotora da actuación, logo da emisión do preceptivo informe de supervisión.

2. No caso de proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste. A resolución tamén pode deixar sen efecto a tramitación do proxecto ou parte deste, ou ben pode acordar a suspensión, total ou parcial, da súa tramitación.

Na resolución pódense introducir as prescricións de carácter técnico, social, territorial e de protección ambiental e patrimonial que se consideren necesarias, para ter en conta nos proxectos que desenvolvan posteriormente o proxecto ou, cando aquelas sexan significativas, nun novo proxecto que sexa sometido á mesma tramitación ca o orixinal.

3. No caso de que o informe dalgunha das administracións ás que se lles dese trámite de informe preceptivo expresar de xeito motivado a súa falta de conformidade co deseño proposto no proxecto, o expediente remitirase ao Consello da Xunta de Galicia, que será o competente para emitir a resolución de aprobación definitiva do proxecto, logo do informe da consellaría competente en materia de mobilidade.

4. A aprobación definitiva dos proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible, cando non estean incluídos no planeamento urbanístico municipal, corresponderalle ao Consello da Xunta de Galicia, logo do informe da consellaría competente en materia de mobilidade no caso de actuacións promovidas polas entidades locais.

Artigo 22. Efectos da aprobación definitiva

1. A aprobación definitiva dos proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible implicará a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados, sempre que veñan previstos no seu proxecto, así como para a traza de planta do proxecto e as modificacións desta que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.

2. As obras relativas aos proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible promovidas pola Administración autonómica ou polas entidades locais de Galicia, incluídas todas as actuacións necesarias para a súa execución, constitúen actuacións de interese xeral e, por tanto, non están sometidas a licenza ou a calquera outro acto de control preventivo municipal previsto na lexislación reguladora das bases do réxime local. Para os efectos do previsto neste artigo, enténdense como necesarias para a execución das obras as actuacións derivadas da necesidade de repoñer os servizos afectados, independentemente da súa titularidade.

A execución das devanditas obras, sempre que se realice de acordo cos proxectos aprobados, unicamente poderá ser suspendida pola propia administración promotora ou pola autoridade xudicial.



Artigo 23. Coordinación co planeamento urbanístico

As determinacións contidas nos proxectos de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente. As entidades locais nas que se asenten as infraestruturas obxecto do proxecto deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no que se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Sección 2ª Infraestruturas complementarias do transporte de viaxeiros /as por estrada

Artigo 24. Modificación Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Engádesse un novo Capítulo V da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, coa seguinte redacción:

"Capítulo V. Infraestruturas complementarias do transporte de viaxeiros/as por estrada

Artigo 83 Bis. Clases, competencia e ordenación.

1. As infraestruturas complementarias do transporte de viaxeiros/as por estrada clasifícanse en:


a) Estacións de transporte de viaxeiros, que son as infraestruturas que teñen por obxecto a integración da rede de servizos de transporte público facilitando o transbordo entre modos e servizos de transporte, centralizando as súas saídas, chegadas e tránsitos ás poboacións, e prestando actividades de carácter complementario a persoas usuarias e operadores de transporte.

b) Instalacións auxiliares, que son as restantes infraestruturas complementarias ao transporte, e que teñen por obxecto apoiar o adecuado desenvolvemento do transporte público de viaxeiros e viaxeiras por estrada. Terán esta consideración as marquesiñas ou refuxios de espera, que teñen como función facilitar as esperas, chegadas e tránsitos das persoas usuarias da rede de transporte público. Terán tamén a consideración de instalacións auxiliares os puntos de información, paneis, postes e instalacións similares de carácter complementario para a ordenación e xestión do transporte.

2. As estacións de transporte de viaxeiros/as deberán cumprir cos seguintes requisitos:

a) Accesos para entradas e saídas dos vehículos, configurados de modo que non produzan interferencias entre os mesmos, nin alteracións sensibles na capacidade de circulación normal das vías lindeiras.

- b) Accesos independentes para vehículos e persoas.
- c) Dársenas cubertas, en número suficiente, para os estacionamentos simultáneos que se precisen.
- d) Plataformas cubertas para subida e baixada das persoas usuarias.
- e) Zonas de espera para as persoas, cubertas e independentes das plataformas.
- f) Instalacións de servizos sanitarios para as persoas usuarias.
- g) Dependencias ou instalacións, de uso común ou individualizado, para a facturación, consigna e venda de billetes, así como puntos de información.
- h) Servizo de información da totalidade de servizos de transporte que se presten no termo municipal correspondente e, de xeito específico, das chegadas e saídas da propia estación en tempo real. Este servizo poderá ser prestado por medios audiovisuais accesibles e poderá ser consultado polos usuarios nunha páxina web específica da estación de autobuseservizo WIFI.



As estacións de transporte de viaxeiros/as que prestan servizo a menos de dez mil expedicións anuais, estarán eximidas do cumprimento dos apartados c) e g) do punto anterior. En calquera caso, o conxunto de estacións de transporte deberán estar adaptadas para a circulación de persoas con mobilidade reducida.

3. A consellería con competencias en materia de transporte poderá acordar o establecemento de estándares mínimos esixibles para as instalacións auxiliares, tanto de calidade, seguridade e accesibilidade, como de homoxeneidade de deseño, requisitos que serán esixibles para calquera nova dotación que se realice. Igualmente, poderá establecer un inventario de paradas nas que o conxunto de administracións titulares das vías deberán inscribir as dotacións existentes, a súa substitución, a instalación de novas ou calquera incidencia ao respecto.

4. A competencia para o establecemento das estacións de transporte de viaxeiros corresponderá á Comunidade Autónoma ou as entidades locais, que poderán exercela ben de oficio ou a instancia de terceiros interesados.

En caso de iniciativa municipal, deberase presentar para a súa aprobación, ante a consellería competente en materia de transportes, un proxecto que incluíra necesariamente un estudo económico de viabilidade, e un estudo técnico que xustifique a súa dotación como elemento necesario para facilitar a integración de modos e servizos de transporte, a idoneidade da localización elixida, tanto en canto ao seu entroncamento co tecido urbano, minimizando os desprazamentos motorizados, como na planificación urbanística; o estudo técnico incorporará tamén un estudo de tráfico que garanta a suficiencia dos viais existentes, ou que se programen no propio proxecto, tanto para o acceso das persoas usuarias como dos vehículos de transporte público. Igualmente, tamén deberá incorporarse unha proposta de ordenación dos servizos e paradas de transporte público no ámbito municipal que, logo da análise dos puntos de orixe ou destino final dos desprazamentos das persoas usuarias, garanta a máxima accesibilidade das persoas usuarias do sistema de transporte público sen custos adicionais de carácter temporal nin económico.

O estudo económico de viabilidade deberá concretar os custos económicos que se repercutirán ás persoas e operadores con parada no termo municipal, tanto no suposto de utilización directa das indicadas instalacións como nos casos de exención da súa utilización por habilitación de paradas alternativas no termo municipal.

A dirección xeral competente en materia de transporte deberá emitir un informe vinculante no prazo de tres meses dende a recepción da proposta municipal, no que se terá en conta especialmente a garantía da máxima accesibilidade das persoas usuarias aos seus puntos de destino. Igualmente, poderá emitir informe desfavorable no suposto de reservarse a Comunidade Autónoma a súa iniciativa, por presentar un especial interese supramunicipal en canto garantía da mobilidade das persoas.

Igualmente, no caso de modificacións posteriores das tarifas que correspondan ás persoas usuarias ou aos operadores que non estea expresamente prevista no estudo económico inicialmente remitido, deberá ser igualmente remitida á consellería competente en materia de transportes, xunto cun novo estudo económico e un informe técnico da súa incidencia no sistema de transporte, quen emitirá un informe vinculante no prazo de tres meses dende a súa presentación completa no que se terá especialmente en consideración a eventual incidencia que a dita modificación poida provocar na elección do transporte público por parte das persoas usuarias.

Artigo 83 ter. Réximes de utilización das estacións de transporte de viaxeiros/as.

1. Naqueles concellos que contén con estación de transporte de viaxeiros/as, sexan de titularidade municipal ou autonómica, con carácter xeral establecerase a dita estación como punto de parada obrigatoria na totalidade de servizos públicos regulares de viaxeiros/as en autobús, agás nos casos seguintes:

a) Servizos integrados, no sentido previsto no artigo 79 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

b) Servizos con orixe, destino ou tránsito no termo municipal que non teñan parada no núcleo urbano no que se localice a estación de transporte de viaxeiros/as.

c) Servizos respecto dos que tendo parada no mesmo núcleo urbano no que se localice a estación de transportes de viaxeiros/as, sexan eximidos de tal obriga pola administración competente sobre eles ao fixar puntos de parada diferentes por resultar máis adecuados para garantir a maior accesibilidade urbana das persoas usuarias, seguindo os procedementos legalmente establecidos para tal efecto.

d) Calquera outro servizo que sexa expresamente exceptuado pola administración competente sobre el, atendendo á concorrencia de circunstancias singulares, como pode ser a hora ou período temporal de prestación, ou os colectivos de usuarios/as para os que estea especialmente previsto ou deseñado o dito servizo.

2. As estacións de transporte de viaxeiros/as terán dereito a percibir das persoas usuarias e dos operadores de transporte tarifas pola prestación do servizo que ofrecen. Con carácter xeral, as ditas tarifas percibiranas directamente das empresas operadoras respecto da totalidade de servizos de transporte que estas estivesen obrigadas a ofrecer ás persoas usuarias consonte cos seus respectivos títulos, tanto no caso dos que teñan parada na estación como no daqueles que tendo parada no termo municipal estean exentos de acceder a aquela, agás os servizos integrados.

3. O funcionamento de cada estación de transporte de viaxeiros/as será obxecto dun regulamento de réxime interior, aprobado pola Administración titular da mesma.

Sección 3ª Estradas

Artigo 25. Modificación da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 8 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia que queda redactado como segue:

" Artigo 8. *Travesías*

1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada que discorre a través dun núcleo de poboación, nos termos establecidos regulamentariamente.

2. As travesías de titularidade da Comunidade Autónoma ou das entidades locais de Galicia, ou treitos delas, adquirirán a condición de vías urbanas cando o seu tráfico sexa maioritariamente urbano e non resulten necesarias para manter a continuidade e a coherencia das redes de estradas, nos termos establecidos regulamentariamente.

3. As travesías de titularidade da Comunidade Autónoma ou das entidades locais de Galicia que adquiran a condición de vías urbanas entregaranse ao concello polo que estas discorran, seguindo os procedementos de cambios de titularidade previstos nesta lei."

Dous. Modifícase os apartados 2 e 3 do artigo 12 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia que queda redactado como segue:

"2. O Plan Director de Estradas de Galicia, logo de ser aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, ten a consideración de plan sectorial, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio.

3. As determinacións do Plan Director de Estradas de Galicia terán a eficacia que sexa congruente coa súa finalidade, e expresarán de forma clara e inequívoca o alcance co que deberán operar.

A ese respecto, o Plan Director de Estradas de Galicia poderá conter:

a) Determinacións de aplicación directa, que prevalecerán sobre os instrumentos de ordenación urbanística. Neses casos, o Plan Director de Estradas de Galicia precisará os aspectos concretos nos que prevalecerá sobre aqueles.

b) Determinacións vinculantes, que implicarán a necesidade de modificar os instrumentos de ordenación urbanística vixentes. Neses casos, os anteditos instrumentos de ordenación urbanística vixentes deberán adaptarse a esas determinacións no prazo dun ano desde a data da aprobación do Plan Director de Estradas de Galicia, ou con ocasión da súa primeira modificación ou revisión, no caso de que sexa anterior, agás no caso de que o propio Plan Director de Estradas de Galicia precise un momento ou uns prazos diferentes para levar a cabo a adaptación ás ditas determinacións.

c) Determinacións pendentes de desenvolvemento, que non modificarán directamente os instrumentos de ordenación urbanística vixentes. Neses casos, cando as obras ou actuacións previstas no Plan Director de Estradas de Galicia esixan unha modificación das determinacións dos instrumentos de ordenación urbanística vixentes, procederase, unha vez definida a obra ou actuación de que se trate a nivel de plan sectorial, estudo ou proxecto aprobado definitivamente, á adaptación dos devanditos instrumentos de ordenación urbanística, segundo as determinacións que se establezan neses documentos.

Tres. Modifícase o artigo 13 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia que queda redactado como segue:

"Artigo 13. Plans sectoriais de estradas

1. Os plans sectoriais de estradas son os instrumentos técnicos e xurídicos de desenvolvemento do Plan Director de Estradas de Galicia, nun determinado ámbito territorial inferior ao da totalidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia ou en relación á rede de estradas de titularidade dunha determinada administración.

2. Os plans sectoriais de estradas terán a consideración de plan sectorial, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio.

3. Os plans sectoriais de estradas prevalecerán sobre a ordenación urbanística nos aspectos relativos ao sistema viario e de comunicacións.



Para estes efectos, poderán conter:

- a) Determinacións de aplicación directa, que prevalecerán sobre os instrumentos de ordenación urbanística. Neses casos, o plan sectorial de estradas precisará os aspectos concretos nos que prevalecerá sobre aqueles.
- b) Determinacións vinculantes, que implicarán a necesidade de modificar os instrumentos de ordenación urbanística vixentes. Neses casos, os anteditos instrumentos de ordenación urbanística vixentes deberán adaptarse a esas determinacións no prazo dun ano desde a data da aprobación do plan sectorial de estradas, ou con ocasión da súa primeira modificación ou revisión, no caso de que sexa anterior, agás no caso de que o propio plan sectorial de estradas precise un momento ou uns prazos diferentes para levar a cabo a adaptación ás ditas determinacións.
- c) Determinacións pendentes de desenvolvemento, que non modificarán directamente os instrumentos de ordenación urbanística vixentes. Neses casos, cando as obras ou actuacións previstas no plan sectorial de estradas esixan unha modificación das determinacións dos instrumentos de ordenación urbanística vixentes, procederase, unha vez definida a obra ou actuación de que se trate a nivel de estudo ou proxecto aprobado definitivamente, á adaptación dos devanditos instrumentos de ordenación urbanística, segundo as determinacións que se establezan neses documentos.

Catro. Modifícase o apartado 2 do artigo 14 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia que queda redactado como segue:

" 2. O procedemento para a tramitación do Plan director de estradas de Galicia e dos plans sectoriais de estradas establecerase regulamentariamente.

Para a tramitación do Plan director de estradas de Galicia e dos plans sectoriais de estradas non será necesaria a notificación individual a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

O procedemento realizarase de xeito simultáneo co de avaliación ambiental de plans e programas, establecido pola lexislación básica sobre a materia."



Cinco. Modifícase o apartado 1 do artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia que queda redactado como segue:

"1. Os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos de interese autonómico, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, sen que sexa precisa unha declaración previa de interese autonómico por parte do Consello da Xunta de Galicia.

As determinacións contidas nos estudos e proxectos de estradas que teñan a consideración de proxectos de interese autonómico terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente. As entidades locais nas que se asenten as infraestruturas obxecto do estudo ou proxecto de estradas deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido naquel, para o que se establecerán nel as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano desde esa data e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión, agás no caso de que o propio estudo ou proxecto de estradas precise un momento ou uns prazos diferentes para levar a cabo a adaptación das ditas determinacións."

Seis. Engádese un artigo 23 bis na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia coa seguinte redacción:

"Artigo 23 bis. *Coordinación coa ordenación do territorio.*

A realización, dentro do obxecto e ámbito delimitado polo Plan director de estradas de Galicia ou polos plans sectoriais de estradas, de actuacións derivadas de estudos ou proxectos en materia de estradas que non veñan previstas naqueles non requirirá da previa modificación dos anteditos plans, cando a aprobación deses estudos ou proxectos sexa realizada polo Consello da Xunta de Galicia."

Sete. Engádese un novo apartado 5 ao artigo 47 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia coa seguinte redacción:

"5. Considérase que as autorizacións de acceso á estrada ou aos seus elementos funcionais afectan directamente ás súas calzadas e, en



consecuencia, o outorgamento das autorizacións correspóndelle, en todos os casos, á administración titular da estrada, incluso cando se realicen nos seus treitos urbanos.

Do mesmo xeito, como consecuencia da súa relación cos anteditos accesos ás estradas, as parcelacións e segregacións de todas as parcelas lindeiras coas estradas requirirán a autorización da administración titular da estrada, incluso nos treitos urbanos."

Oito. Modifícase os apartado 2 do artigo 49 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

"2. As actuacións poderán ser inspeccionadas en todo momento polo persoal da administración titular da estrada."

Nove. Modifícase os apartado 3 do artigo 49 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

"3. Finalizadas as obras ou instalacións autorizadas, a administración titular da estrada comprobará a súa terminación, o seu estado e a súa conformidade cos termos da autorización. De ser o caso, faranse constar as obxeccións de xeito pormenorizado e concederase un prazo proporcionado para a súa corrección.

Será preceptivo o levantamento dunha acta de terminación no caso de todas as obras ou instalacións levadas a cabo na zona de dominio público. Nos demais supostos, so será esixible cando a administración titular da estrada condicione, na súa autorización, o uso das obras ou instalacións ao seu levantamento; de non establecerse tal condición, o levantamento da acta poderá ser substituído polos mecanismos de comprobación que se establezan regulamentariamente.

Nos casos nos que esta sexa esixible, a acta de terminación implicará o permiso de uso das obras ou instalacións das que se acredite a súa conformidade.

A acta de terminación das obras ou instalacións será elaborada pola administración titular da estrada, nos casos nos que sexa esixible, e será posta a disposición da persoa titular da autorización, quen poderá manifestar o que considere oportuno, no seu caso."

Dez. Modifícase o artigo 52 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

"Artigo 52. Accesos, parcelacións e segregacións

1. A administración titular da rede poderá limitar e ordenar os accesos ás estradas e establecer, con carácter obrigatorio, os lugares e as condicións en que tales accesos se poidan construír, atendendo á normativa vixente e aplicando criterios de intensidade de tráfico, seguridade viaria e de funcionalidade e explotación da estrada. En todo caso, será prioritario o emprego de accesos existentes.

2. Incorporaranse ao dominio público viario os elementos do novo acceso que se sitúen sobre a zona de dominio público.

Tamén se incorporarán ao dominio público viario os enlaces, interseccións, glorietas, pasos inferiores e superiores, vías de servizo, elementos de cambio de velocidade e aqueloutras ampliacións da plataforma da estrada ou vía de servizo orixinal que se executen como parte do proxecto do acceso, así como todos os terreos sobre os que se sitúen todos eses elementos, aínda no caso de que pertencesen ou fosen adquiridos pola persoa solicitante da autorización para executar o acceso.

A cesión dos elementos e terreos formalizarase mediante a sinatura dun documento a tal efecto. A sinatura do antedito documento de formalización da cesión será requisito previo para a celebración do acto no que se documentará a terminación das obras do acceso, o seu estado e a súa conformidade cos termos da autorización.

3. As autorizacións referidas ás parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas, cando se pretendan levar a cabo fóra do solo urbano consolidado, só se emitirán en sentido favorable naqueles casos nos que esas actuacións non impliquen un incremento do número de accesos á estrada, nos termos establecidos regulamentariamente.

Pola súa parte, as autorizacións referidas ás parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas, cando se pretenden levar a cabo no solo urbano consolidado, só se emitirán en sentido favorable naqueles casos nos

que todas as novas parcelas xeradas podan resolver o seu acceso a través doutras vías de circulación ou ben cumpran as condicións para que os seus accesos poidan ser autorizados pola administración titular da estrada.

Once. Modifícase a letra b) do apartado 3 do artigo 53 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

"b) Os rótulos dos establecementos mercantís ou industriais que sexan indicativos da súa actividade, sempre que se cumpran, simultaneamente, as seguintes condicións:

1º Que se sitúen nos edificios ou terreos en que aqueles desenvolvan a súa actividade.

2º Que se sitúen máis separados da estrada que a liña límite de edificación e a unha distancia da calzada non inferior á súa altura.

No caso de edificacións preexistentes entre a calzada e a liña límite de edificación, admitiranse tamén aqueles casos nos que se xustifique que non se poden instalar rótulos máis separados da estrada que a liña límite de edificación, non se dispoña xa doutro rótulo visible dende a calzada e se trate de rótulos pintados ou instalados na propia edificación, sen voar sobre a zona de dominio público.

3º Que non inclúan comunicación adicional tendente a promover a contratación de bens ou servizos."

Doce. Modifícase o apartado 2 do artigo 58 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactado como segue:

"2. A persoa causante dos danos deberá aboarlle á administración titular da estrada a indemnización polos danos e perdas ocasionados, no prazo que, para tal efecto, se lle conceda.

Así mesmo, a administración titular da estrada poderá esixirlle á persoa causante dos danos o resarcimento dos gastos que supoña a súa intervención para o auxilio público mediante persoal, xa sexa a través de medios propios ou contratados, medios de sinalización ou balizamento, a custodia de vehículos ou cargas e a retirada de restos en caso de accidente ou avaría.

No caso de que un asegurador asumise o risco derivado da responsabilidade civil da persoa causante dos danos, a administración titular da estrada poderá requirirlle directamente a aquel o pagamento da indemnización polos danos e perdas causados ao dominio público viario e polo resto de gastos aos que se refire o parágrafo anterior."

Trece. Modifícase disposición adicional primeira da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que queda redactada como segue:

"Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límite de edificación poderán ser autorizadas, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable nos casos previstos nesta lei, no que á lexislación sectorial en materia de estradas se refire, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non se produza cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por debaixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social así cualificados.

2. As edificacións, instalacións e peches preexistentes que se vexan afectados por obras de reforma da estrada e que contén con autorización, sempre que lles fose esixible, poderán ser repostos, no prazo máximo de tres anos dende a data de finalización contractual da obra que lle afectou, pola súa persoa propietaria ou pola administración titular da actuación, coas mesmas características que tivesen e, en todo caso, fóra da zona de dominio público."

Catorce. Engádesse unha disposición transitoria cuarta na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, coa seguinte redacción:

Disposición transitoria cuarta. Reposición de edificacións, instalacións e peches preexistentes.



En relación co previsto no apartado 2 da disposición adicional primeira da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, no caso de edificacións, instalacións e peches preexistentes que se vexan afectados por obras de reforma da estrada que foran finalizadas contractualmente con anterioridade á entrada en vigor da Lei XX/XX, de xxx, de medidas fiscais e administrativas, e que contén con autorización, sempre que lles fora esixible, poderán ser repostos, pola súa persoa propietaria, coas mesmas características que tivesen e, en todo caso, fóra da zona de dominio público, no prazo máximo de tres anos dende a entrada en vigor da Lei XX/XX, de xxx, de medidas fiscais e administrativas.


CAPÍTULO V

Mar

Artigo 26. Modificación da Lei 8/2011, do 3 de decembro, de pesca de Galicia

A letra a) do número 2 do artigo 148 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, queda redactada como segue :

"a) O comiso dos produtos ou dos bens obtidos ilegalmente, as infraccións previstas no artigo 137.G), números 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 10."



Artigo 27. Modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia

A Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 1 ao artigo 49, coa seguinte redacción:

"1. Portos de Galicia controlará no ámbito portuario o cumprimento da normativa que afecte á admisión, manipulación e almacenamento de mercadorías perigosas e da normativa que afecte á protección do medio ambiente, así como os sistemas de seguridade, incluídos os que se refiran á protección ante actos antisociais e terroristas, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros órganos das administracións públicas, en particular as que ostenta a Administración xeral do Estado, a persoa titular da consellería competente en materia de protección civil e xestión de urxencias e a Axencia Galega de Emerxencias, e das responsabilidades que nesta materia correspondan ás persoas usuarias do porto.

Para os efectos previstos neste número, corresponderá aos titulares de concesións e autorizacións o cumprimento das obrigacións de coordinación de actividades empresariais en calidade de titulares do centro de traballo. Nos espazos non outorgados en réxime de concesión ou autorización, o consignatario que actúe en representación do armador responderá do cumprimento das obrigacións de coordinación durante as manobras de atracada, desatraque e fondeo do buque, e en xeral durante a estancia do mesmo no porto salvo para as operacións de carga, estiba, desestiba, descarga ou transbordo de mercadorías ou de embarque ou desembarque de pasaxeiros. Se se realizan estas operacións ou as de entrega, recepción, almacenamento, depósito e transporte horizontal de mercadorías en espazos non outorgados en concesión ou autorización, responderá do cumprimento das obrigacións de coordinación a empresa prestadora do servizo correspondente."

Dous. O número 1 do artigo 137 queda redactado como segue:

"1. As infraccións reguladas na presente lei sancionaranse coas multas seguintes:

- a. As infraccións leves, con multas de ata 60.000 euros.
- b. As infraccións graves, con multas de ata 300.000 euros.
- c. As infraccións moi graves, con multas de ata 600.000 euros."



Tres. Engádesse un número 6 ao artigo 143, que queda redactado como segue:

"6. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución que poña fin ao procedemento sancionador será de un ano dende a data do acordo de iniciación do dito procedemento."

CAPÍTULO VI

Política social

Artigo 28. Modificación da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia queda modificada como segue:

Un. Modifícase o título da Disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, que queda redactado como segue "*Actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos*".

Dous. Engádesse un novo apartado 7 na disposición adicional novena coa seguinte redacción:

"7. De acordo co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar, 2022-2023, estenderase o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo ou filla da unidade familiar, de acordo coa regulación nela establecida para os distintos supostos que contempla."



Artigo 29. Modificación da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

A Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o parágrafo primeiro do apartado 2 do artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que queda modificada como segue:

"As cantidades que corresponda aboar ás entidades locais derivadas do réxime de cofinanciamento previsto neste artigo terán a consideración de débedas vencidas, líquidas e esixibles, e poderán ser obxecto de compensación coa participación daquelas non Fondo de Cooperación Local, de acordo co disposto na súa regulación".

Dous. Modifícase o apartado 4 do artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que queda modificada como segue:

"4. O Consorcio ou ente que o substitúa expedirá semestralmente as liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento correspondentes ás entidades locais, nas que se indique o número de usuarios e as cantidades aplicables de acordo co establecido no anexo I desta lei. As entidades locais deberán aboalas no prazo de dous meses. Nos casos de discrepancia na contía, se non se acada acordo na comisión de seguimento establecida nos convenios formalizados no seu día, o Consorcio ou ente que o substitúa ditará resolución motivada e fixará a contía, nun prazo máximo de seis meses desde o acordo do inicio do expediente de liquidación, sen prexuízo de que a entidade local poida recorrer na vía xurisdiccional contencioso-administrativa".

CAPÍTULO VII

Emprego

Artigo 30. Modificación da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

A Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o apartado 3 do artigo 73 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado coma segue:

"3. O consello reitor presentará asinada electrónicamente para o seu depósito no rexistro de cooperativas competente, dentro do prazo de dous meses, contados desde a súa aprobación pola asemblea xeral as contas anuais e o informe de xestión asinados por quen exerza a presidencia e a secretaría, ou administrador único e, se procede, o informe do órgano de intervención ou, se é o caso, o informe de auditoría externa, as certificacións acreditativas do acordo de aprobación das contas anuais e da distribución ou imputación dos resultados así como do número de cooperativistas."


Dous. Un. Modifícase o apartado 4 do artigo 73 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que queda redactado coma segue:

"4. Con carácter complementario ao depósito dos documentos indicados no número anterior, poderá depositarse no rexistro de cooperativas a memoria social asinada electrónicamente consonte aos modelos aprobados polo Consello Galego de Cooperativas."

Artigo 31. Modificación da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico .

Modifícase o artigo 26 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico, que queda redactado coma segue:

"Artigo 26. Reserva de contratos a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción sociolaboral



1. De conformidade co disposto na Disposición Adicional Cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia, fíxase a porcentaxe mínima de reserva do dereito para participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes dos mesmos, a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción reguladas, respectivamente, no texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobada mediante Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, e na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, que cumpran cos requisitos establecidos na dita normativa para ter esta consideración, ou unha porcentaxe mínima de reserva da execución destes contratos no marco de programas de emprego protexido, a condición de que a porcentaxe de traballadores/as con discapacidade ou en situación de exclusión social dos centros especiais de emprego de iniciativa social, das empresas de inserción ou dos programas sexa o previsto na súa normativa de referencia e, en todo caso, polo menos o 30 por 100. No referido Acordo do Consello da Xunta de Galicia, fíxanse as condicións mínimas para garantir o cumprimento do establecido neste parágrafo.

2. Será susceptible de reserva calquera obxecto contractual, sector de actividade, procedemento de adxudicación e contía. A consellería con competencias en materia de economía social porá a disposición dos órganos de contratación a información que posúa sobre a existencia de centros especiais de emprego de iniciativa social ou empresas de inserción que realicen ou se dediquen á actividade obxecto do contrato, a fin de facilitar, de ser o caso, a súa cualificación como reservado.

A reserva deberá mencionarse no título do contrato e no anuncio de licitación.

Cando, tras seguirse un procedemento dun contrato reservado, non se presentase ningunha oferta ou as ofertas non foran adecuadas, poderase licitar de novo o contrato sen efectuar a reserva inicialmente prevista, sempre que non se modifiquen substancialmente as condicións iniciais. O importe de dito contrato computará a efectos de integrar a porcentaxe de reserva que se teña establecido para ese exercicio.

3. O importe global dos contratos reservados será, como mínimo, dun 5% calculado sobre a suma dos importes de adxudicación, con IVE, dos contratos menores e contratos abertos simplificados aos que se refire o apartado 6 do artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, incluídos nos códigos CPV recollidos no anexo VI da dita Lei 9/2017, de 8 de novembro e adxudicados no exercicio orzamentario inmediatamente anterior polo sector público autonómico.

4. A Xunta de Galicia fomentará ao máximo criterios sociais nas contratacións que realice, e potenciará a xeración de emprego para as persoas con discapacidade.


5. As empresas e entidades beneficiarias da reserva deberán estar legalmente constituídas e cumprir os requisitos necesarios para o exercicio da súa actividade.

6. Nos procedementos de contratación nos que se aplique a reserva, non procederá a esixencia de garantías provisionais ou definitivas, salvo nos casos en que o órgano de contratación, por motivos excepcionais, o considere necesario e así o xustifique motivadamente no expediente.

7. Constituirase unha Comisión de Seguimento, formada por unha persoa en representación da Xunta de Galicia, unha persoa representante da patronal maioritaria dos centros especiais de emprego de iniciativa social de Galicia e outra das empresas de inserción para que, con carácter trimestral, poda valorar a aplicación da reserva de contratos. A Comisión de Seguimento propondrá, á persoa titular da consellería con competencias en materia de economía social, a fixación da porcentaxe mínima de reserva á que se refire o apartado 1 deste artigo, para a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

8. Tras o peche de cada exercicio orzamentario, e para os efectos de realizar un adecuado seguimento da reserva de contratos, presentárase ante a Comisión de Seguimento un informe detallado que conterá a listaxe e o

importe total dos contratos, ou lotes dos mesmos, reservados e adxudicados a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, reflectindo a execución da reserva no exercicio orzamentario pechado. Dito informe publicarase no Portal web institucional da Xunta de Galicia."



CAPÍTULO VIII

Vivenda

Artigo 32. Modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 33, que queda redactado como segue:

"3. O importe das fianzas depositadas poderá ser destinado a investimentos para a promoción, construción e rehabilitación de vivendas protexidas de promoción pública, a actuacións directas en núcleos antigos ou suxeitos a un proceso de renovación urbana, á dotación de fondos de cooperación cos concellos para o impulso de actuacións de rehabilitación, rexeneración ou renovación urbana así como para a adquisición e promoción de vivenda de nova construción, a medidas de fomento do alugamento e a políticas de fomento do dereito á vivenda previstas nesta lei, sempre que quede garantida a devolución das fianzas que sexan reclamadas no tempo e na forma que proceda."

Dous. Engádesse un artigo 74 bis, coa seguinte redacción:

"Artigo 74 bis. Procedemento extraordinario de adxudicación directa das vivendas protexidas de promoción pública de titularidade do Instituto galego da vivenda e solo

1. As vivendas de promoción pública de titularidade do Instituto galego da vivenda e solo poderán adxudicarse directamente, previa tramitación do procedemento extraordinario previsto neste artigo, sempre que se trate de satisfacer as necesidades urxentes de vivenda daquelas persoas que non poidan acollerse a outro programa do Instituto galego da vivenda e solo e que se atopen nalgunha das seguintes circunstancias:

- a) Perda da vivenda habitual como consecuencia de catástrofes naturais, estragos ou outros supostos análogos de forza maior.
- b) Especial vulnerabilidade social ou risco de exclusión.

c) Mulleres vítimas de violencia de xénero en situación de precariedade económica que cesaran a convivencia co agresor no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de emisión do informe dos servizos sociais municipais que conste no expediente para a adxudicación directa da vivenda, así como as fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, calquera que sexa a natureza da súa filiación, que se encontrasen nunha situación de dependencia económica da nai ou do agresor no momento do falecemento da vítima.

d) As que se establezan con base noutras circunstancias extraordinarias que se determinen nos programas específicos de acceso á vivenda protexida que aprobe a administración autonómica.

2.O procedemento de adxudicación iniciárase por acordo da Comisión Provincial da Vivenda, por propia iniciativa da dita comisión ou a instancia da Dirección Xeral do Instituto galego da vivenda e solo . Acordado o inicio do expediente solicitarase informe dos servizos sociais do concello do último domicilio da unidade de convivencia, se non constase xa xunto coa solicitude. Este informe terá o carácter de preceptivo e non vinculante. Ademais, a Comisión Provincial poderá solicitar cantos informes e documentos adicionais estime procedentes. A Presidencia do Instituto galego da vivenda e solo , á vista da proposta da Comisión Provincial de Vivenda e, se é o caso, de cantos informes e documentos estime procedentes, resolverá sobre o asunto. A dita resolución pon fin á vía administrativa.

3.A adxudicación directa efectuarase en réxime de arrendamento, agás que o programa específico ao que se acolla a persoa adxudicataria prevea a posibilidade de ocupación temporal en atención aos seus ingresos.

4. As vivendas de promoción pública que poderán ser obxecto do procedemento de adxudicación directa regulado neste artigo deberán ser adecuadas para atender ás concretas necesidades de vivenda da persoa interesada. Non poderán ser obxecto deste procedemento as vivendas de promoción pública incluídas nun procedemento ordinario de adxudicación en tanto se manteñan vixentes as listas resultantes do correspondente sorteo."

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 108, que queda redactado como segue:

"2. Sen prexuízo do disposto no punto 5 deste artigo, cando a persoa responsable da infracción sexa unha persoa adxudicataria, por calquera título, dunha vivenda protexida, as contías das sancións serán as seguintes:

- a) As infraccións leves, con multa de 150 ata 1.500 euros.
- b) As infraccións graves, con multa de 1.501 ata 15.000 euros.
- c) As infraccións moi graves, con multa de 15.001 ata 30.000 euros."

Catro. Modifícase a disposición adicional terceira , que queda redactada como segue:

"Disposición adicional terceira. *Efectos do silencio administrativo*

As solicitudes de cualificación, modificación de cualificación ou descualificación de vivendas protexidas, así como as solicitudes de autorización de disposición ou de visado de contratos de vivendas protexida ou as solicitudes de actuacións protexidas reguladas nesta lei entenderanse desestimadas por silencio administrativo, conforme o disposto no punto 1 do artigo 24 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Os mesmos efectos terá o silencio administrativo en relación coas renuncias e coas solicitudes de adxudicación de vivendas e locais de propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, de cambio de réxime das vivendas de promoción pública e, en xeral, con todas as solicitudes que impliquen a asunción de dereitos ou facultades sobre as vivendas protexidas que, segundo o previsto nesta Lei deban ser obxecto de autorización por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo."

Cinco. Modifícase a disposición adicional vixésimo primeira, que queda redactada como segue:

"Disposición adicional vixésima primeira. *Axudas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas pola Administración autonómica*

1. Para efectos do previsto na alínea a) do número 2 do artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas



pola Administración autonómica teñen a consideración de axudas prestacionais de carácter asistencial.

2. A normativa reguladora das devanditas axudas determinará os requisitos para ter a condición de persoa beneficiaria e o procedemento para a súa concesión no que deberán cumprirse os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación."

Seis. Engádesse a disposición adicional vixésimo segunda, que queda redactada como segue:

"Disposición adicional vixésimo segunda. Fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da adquisición e promoción de vivenda de nova construción

1. Créase o fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da adquisición e promoción de vivenda como un fondo sen personalidade xurídica de seu, para a xestión de instrumentos financeiros de préstamos sen xuros aos concellos para a adquisición e promoción de vivenda de nova construción.

2. Poderanse acoller ao fondo os concellos que cumpran as condicións que se establezan mediante resolución da Presidencia do IGVS, co obxecto de financiar, mediante un préstamo, sen xuros, concedido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, a adquisición e promoción de vivenda de nova construción con destino ao alugueiro social ou a aquelas outras finalidades que se determinen por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

3. O fondo dotarase a partir dos depósitos procedentes das fianzas de arrendamento co importe máximo que, logo da autorización por parte da consellería competente en materia de facenda, se estableza mediante unha resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo. As devolucións efectuadas polos concellos pasarán novamente a formar parte do fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da adquisición e promoción de vivenda para que poida ser reutilizado en novas disposicións por parte dos concellos.

4. O devandito fondo será xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, quen determinará o procedemento de solicitudes, condicións e procedemento



de concesión dos préstamos, e contará cunha contabilidade separada da do ente instrumental, coa que presentará os seus estados orzamentarios e contables de xeito consolidado. En todo caso, estará sometido ao réxime de auditoría, control e rendición de contas que lle resulte aplicable ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.

5. Os recursos asignados ao fondo e os seus rendementos deberán estar vinculados a unha conta operativa propia e separada das do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

6. Tendo en conta a procedencia e a afectación das cantidades que dotan este fondo, os concellos non poderán compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, poidan deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou outras entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público autonómico.

7. As cantidades dispostas e non reintegradas ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, chegada a data de vencemento parcial ou total do préstamo, consideraranse vencidas, líquidas e exixibles, para os efectos da súa compensación con cargo ao Fondo de Cooperación Local."

CAPÍTULO IX

Sanidade

Artigo 33. Modificación da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Engádesse unha nova Disposición adicional segunda na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia coa seguinte redacción:

"Disposición adicional segunda. Aplicación das medidas de vacinación no marco das competencias estatais de coordinación xeral da sanidade e da estratexia nacional de vacinación.

A medida prevista no número 5 da letra b) do número 2 do artigo 38, se entenderá sen prexuízo do carácter voluntario da vacinación con carácter xeral e aplicarase sempre de acordo co establecido para cada patoloxía pola Administración Xeral do Estado no exercicio das súas competencias de coordinación xeral da sanidade, na Estratexia Nacional de vacinación que estea vixente en cada momento e no marco do que se determine polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. As campañas articularanse sobre o principio da colaboración voluntaria das persoas afectadas coas autoridades sanitarias e estas ofrecerán información, en todo caso, dos posibles riscos relacionados coa adopción ou non adopción destas medidas.

Artigo 34. Medidas extraordinarias en materia de planificación e ordenación de recursos humanos para o fortalecemento da atención primaria en Galicia.

1. Co obxecto de dar resposta adecuada ás necesidades actuais da atención primaria, garantindo a continuidade asistencial con criterios de calidade e tendo en conta as dificultades excepcionais relacionadas coa escaseza de profesionais médicos de familia, as actuacións previstas no Plan galego de atención primaria 2019-2021, e a necesidade de establecer cambios na prestación asistencial e na ordenación dos recursos humanos dos equipos de atención primaria, adóptanse con carácter extraordinario as medidas que figuran neste artigo, sen afectar aos dereitos que a normativa vixente reconece ao persoal médico que presta actualmente servizos con vínculo de fixeza nese nivel asistencial.

2. Créase, no Servizo Galego de Saúde, a categoría estatutaria de facultativo/a especialista de atención primaria, dentro do colectivo de persoal estatutario sanitario de formación universitaria, de nivel licenciado ou graduado con título de especialista en ciencias da saúde (subgrupo A1).

As funcións desta categoría serán as funcións inherentes ás competencias profesionais especificadas no programa de formación de médico/a especialista en Medicina Familiar e Comunitaria. As devanditas funcións desenvolveranse coas regras especiais en canto aos lugares de prestación do servizo, dispoñibilidade e xornada previstas neste artigo, que particularizan as especificidades desta categoría.

En particular, por necesidades derivadas da garantía da continuidade asistencial en todos os dispositivos de atención primaria, dentro das tarefas específicas deste persoal, establécese o desenvolvemento necesariamente das súas funcións e prestación de servizos, tanto nos centros de saúde como nos puntos de atención continuada. Os lugares concretos de prestación de servizos concretaranse, para cada praza ofertada, na correspondente convocatoria.



3. Para acceder á categoría de facultativo/a especialista de atención primaria, como persoal estatutario fixo ou temporal, será indispensable estar en posesión do título oficial de médico/a especialista en Medicina Familiar e Comunitaria e superar as correspondentes probas de selección, consonte o establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, e na restante normativa aplicable.

4. Dentro do respecto ao réxime de xornada tanto ordinaria como complementaria que establece o Estatuto Marco, a xornada do persoal facultativo/a especialista de atención primaria será a vixente como ordinaria para o persoal médico de familia, máis a complementaria para prestar servizos de atención continuada nun tramo que se concretará, para cada praza ofertada, na correspondente convocatoria.

5. Sen prexuízo do disposto nos números 2 e 4 anteriores, as xerencias das áreas sanitarias poderán ofertar ao persoal da nova categoría a realización de atención continuada nos servizos de urxencia hospitalaria. Esta prestación terá carácter voluntario para os/as profesionais.

6. As retribucións do persoal facultativo/a especialista de atención primaria serán, por unha parte, as vixentes para o persoal médico de familia das unidades de atención primaria. Se é o caso polo seu ámbito de prestación, os factores do complemento de produtividade fixa aboaranse tendo en conta a media do dito complemento nos diversos centros de traballo.

Dadas as condicións de traballo especiais desta categoría, con xornada superior e prestación en unidades e puntos de atención continuada, dispoñibilidade e diferentes localizacións, os seus postos de traballo contarán cunha retribución complementaria adicional, de carácter fixo e periódico e devindicación mensual, para atender a esa singularidade.

A atención continuada efectivamente realizada, tanto nos puntos de atención continuada como, de ser o caso, nos servizos de urxencia hospitalaria, retribuirase coas contías correspondentes ás gardas do persoal facultativo.

O persoal facultativo/a especialista de atención primaria poderá participar de acordo coa letra c) do artigo 7 do Decreto 226/96, do 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo do persoal das unidades e servizos de atención primaria, nos obxectivos e programas prefixados polo Servizo Galego de Saúde coa correspondente asignación individual das contías derivadas do grao de cumprimento dos mesmos (complemento de produtividade, factor variable). Os obxectivos e o seu seguimento poderán adaptarse ás peculiaridades da categoría. As contías e demais condicións para a percepción deste complemento serán as mesmas que se establecen con carácter xeral para o persoal médico de atención primaria.

7. O persoal facultativo/a especialista de atención primaria, estatutario fixo da categoría, poderá participar nos procesos de selección das categorías de médico/a de familia, médico/a de urxencias hospitalarias e persoal médico de hospitalización a domicilio, pola quenda de promoción interna, cando cumpra os requisitos comúns, estea en situación de servizo activo naquela categoría e acredite dous anos de permanencia nesa situación administrativa.

8. O persoal da nova categoría poderá solicitar o grao I de carreira profesional da mesma cando acredite un período de tres anos de servizo activo, no seu grao inicial, o último día do prazo que a convocatoria anual estableza para a presentación de solicitudes. Esta medida excepcional aplicárase ata a convocatoria de acceso aos graos de carreira profesional do ano 2027.

9. En atención ás circunstancias expresadas no número 1 deste artigo, e, en particular, ao grave déficit de persoal médico no ámbito da atención primaria, o Servizo Galego de Saúde, baixo a supervisión e control da consellería con competencias en materia de sanidade, poderá nomear persoal estatutario temporal de carácter eventual, como persoal médico técnico de saúde, que desenvolverá funcións de apoio en atención primaria nos ámbitos da xestión da incapacidade temporal, prevención da enfermidade ou calquera outro que demanden as necesidades da atención sanitaria e a protección da saúde. Estes nomeamentos poderán formalizarse ata o 31 de decembro de 2026 .



O ámbito funcional deste persoal respectará a normativa básica en materia de emprego público, ordenación das profesionais sanitarias, réxime da seguridade social e calquera outra que resulte de aplicación ás funcións asignadas.

Para acceder a estes nomeamentos será indispensable estar en posesión do título de grao ou licenciatura en medicina e da formación adicional que, de ser o caso, se estableza en atención ás funcións específicas que deba realizar o persoal nomeado.

CAPÍTULO X

Industria, comercio e consumo

Artigo 35. Modificación do Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

Modifícase o artigo 79 do Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, que queda modificado como segue:

“Artigo 79. Procedemento de declaración e implantación

1. O procedemento para a declaración dunha proposta de investimento como proxecto industrial estratéxico iníciase a instancia de parte mediante solicitude da empresa interesada dirixida á consellería competente en materia de economía, achegando a seguinte documentación:

a) O proxecto de implantación ou de ampliación da instalación industrial, incluíndo a regulamentación detallada do uso pormenorizado, volume, características técnicas e funcionais e condicións de deseño e adaptación ao medio ambiente.

b) A memoria descritiva detallada das características técnicas das infraestruturas, dotacións ou instalacións obxecto do proxecto, así como do ámbito territorial afectado. Na devandita memoria inclúiranse os planos de situación e localización, a escala adecuada, das instalacións, así como a determinación gráfica do trazado e das características dos accesos viarios e das redes de condución e distribución.

c) Unha memoria na que se xustifique:

1.º A maneira en que a proposta, de ser realizada, dará lugar a unha expansión significativa do tecido industrial galego ou á consolidación deste.

2.º A viabilidade económico-financeira da actuación.

d) A idoneidade da localización elixida, así como a relación do contido do proxecto co plan urbanístico vixente, coas directrices de ordenación do territorio mediante a correspondente análise de compatibilidade estratéxica e co Plan de ordenación do litoral.

e) O documento ambiental que resulte esixible.

f) A relación detallada dos bens necesarios afectados, describíndoos na forma que determina o artigo 17 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

2. A consellería remitirá a documentación presentada ao Instituto Galego de Promoción Económica, que emitirá informe en que se constate o cumprimento dos requisitos para a declaración. Visto o informe, a persoa titular da consellería elevará proposta ao Consello da Xunta sobre a declaración do proxecto industrial estratéxico.

3. Tras a declaración polo Consello da Xunta do proxecto industrial estratéxico, a consellería competente en materia de economía continuará a tramitación da súa implantación se o é tamén por razón da materia. En caso contrario, remitirá o expediente á consellería a que corresponda a competencia.

4. A consellería competente por razón da materia impulsará de oficio os trámites necesarios para a implantación do proxecto, solicitando todos os informes que resulten precisos para a súa avaliación, en particular os relativos á súa compatibilidade coa ordenación do territorio e co medio ambiente.

Cando o proxecto afecte terreos que, de conformidade coa lexislación urbanística, deban ser clasificados como chan rústico de especial protección, esixirase o informe favorable do organismo que teña a competencia sectorial por razón do correlativo valor obxecto de protección.

5. Os proxectos a que se refire este capítulo serán sometidos a un trámite de información pública de quince días mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e seralles aplicable a normativa en materia de avaliación ambiental.

6. A persoa titular da consellería competente por razón da materia remitiralle ao concello correspondente o proxecto de que se trate, para que no prazo de



quince días notifique a súa conformidade ou desconformidade co plan urbanístico en vigor.

No caso de desconformidade, o expediente seralle remitido á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para a emisión de informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.

7. A persoa titular da consellería competente por razón da materia elevará o expediente ao Consello da Xunta, que decidirá se procede a aprobación do proxecto industrial estratéxico.

8. Aprobado o proxecto polo Consello da Xunta, a persoa titular da consellería competente por razón da materia remitiralle ao concello un exemplar do proxecto de implantación ou de ampliación da instalación industrial, e será posible o inicio das obras.



Artigo 36. Modificación da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia

Engádese un apartado 3 ao artigo 67 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia coa seguinte redacción:

"3. A cámara que asuma tales funcións non quedará, directa ou indirectamente, vinculada polos saldos debedores derivados da liquidación da cámara extinguida, dos cales responderá exclusivamente o seu patrimonio. Así mesmo, o exercicio de tales funcións non implicará, en ningún caso, a asunción de responsabilidade algunha, nin principal nin subsidiaria, en relación cos dereitos e obrigas derivados das actuacións realizadas pola cámara extinguida."

Artigo 37. Modificación da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

Un. Modifícase o apartado 29 do artigo 82 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, que quedan redactado como segue:

"29. A introdución, existencia ou mantemento dunha cláusula abusiva nos contratos cos consumidores."

Dous. Modifícase o apartado 43 do artigo 82 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, que quedan redactado como segue:

"43. Non devolución ou abono aos consumidores de cantidades indebidamente cobradas, retidas ou abonadas polos consumidores por gastos que non lle correspondan, en especial como consecuencia da aplicación de cláusulas abusivas ou a realización de prácticas abusivas, da entrega de bens ou prestación de servizos non solicitados ou non prestados efectivamente, ou do exercicio do dereito de desistimento, revogación, inexistencia de relación de consumo ou calquera outra circunstancia; así como a non remoción dos efectos para os consumidores derivados das accións ou situacións anteriores."

Tres. Engádense os apartados 44, 45, 46 e 47 do artigo 82 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, coa seguinte redacción:

"44. Incumprir as disposicións ou resolucións administrativas sobre a prohibición de venda, comercialización ou distribución de determinados bens ou calquera outra en relación á seguridade dos produtos.

45. Facilitar información, ou introdución ou aplicación de cláusulas non claras ou non transparentes para o consumidor.

46. Sempre que estea permitida a modificación unilateral pola empresa dun contrato cun consumidor, non xustificarse pola empresa que o consumidor foi notificado de xeito fidedigno das modificacións contractuais, os seus efectos e dereitos que lle asisten e que tomou coñecemento pleno disto, ou facelo incumprindo o prazo establecido para elo.



47. Non acreditarse pola empresa o cumprimento dos requisitos de información, claridade e transparencia da información facilitada ou das obrigas de calquera tipo exixidas pola normativa reguladora das comunicacións comerciais a distancia, ou por calquera outra normativa relativa a comunicacións a distancia con consumidores."

A handwritten signature in dark ink is written over a circular, faint stamp. The signature is stylized and appears to be a single continuous stroke. The stamp is circular and contains some illegible text or a logo.



Artigo 38. Modificación da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental

A Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental queda modificada como segue:

Un. Modifícase o apartado 7 do artigo 33, que queda redactado como segue:

"7. A dirección xeral competente en materia de enerxía enviará copia do proxecto sectorial do parque eólico ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, ao efecto de obter, no prazo máximo de vinte días, informe sobre o cumprimento dos requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado, establecidos na disposición adicional quinta."

Dous. Engádesse unha Disposición adicional quinta que queda redactada como segue:

"Disposición adicional quinta. Distancias a núcleos de poboación

Como medio para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo, a distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxe mais pala).

Estes requisitos de distancias serán aplicables a todos os parques eólicos que se constrúan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia."

Tres. Engádesse unha Disposición adicional sexta que queda redactada como segue:

"Disposición adicional sexta. Planificación de novas solicitudes de parques eólicos

1. Atendendo ao número dos proxectos de parques eólicos admitidos e actualmente en tramitación e á cifra de MW prevista nestes proxectos, e co obxecto de procurar unha ordenación racional do sector, durante o prazo de 18 meses dende a entrada en vigor da Lei xx/2021, de medidas fiscais e

administrativas, non se admitirán a trámite novas solicitudes de parques eólicos.

Esta disposición non impedirá a modificación dos proxectos xa admitidos a trámite.

2. Exceptúanse do establecido no número anterior aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de enerxía.

3. Atendendo aos eventuais desistimentos, renunciias, declaracións de caducidade ou resolucións desestimatorias das solicitudes xa presentadas, o Consello da Xunta de Galicia motivadamente poderá reabrir temporalmente o prazo para presentar novas solicitudes utilizando como referencia os MW en trámite."

Catro. Engádese unha Disposición transitoria sétima que queda redactada como segue:

"Disposición transitoria sétima. Réxime transitorio para a aplicación das distancias a núcleos de poboación establecidas na disposición adicional quinta.

1. Os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables ás novas solicitudes e ás modificacións substanciais de proxectos que requiran unha nova tramitación ambiental, que se presenten con posterioridade á entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas.

2. Así mesmo, os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables ás solicitudes de autorización de parques eólicos que se encontren pendentes de admisión á entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas e que se presentaran despois do 20 de outubro de 2021.

Para estes casos, concédese un prazo de tres meses, contado desde a entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas, para que os suxeitos promotores poidan modificar os seus proxectos ou desistir deles. En caso de


que desistan, os promotores terán dereito a recuperar as garantías presentadas."

Cinco. Engádese unha Disposición transitoria oitava que queda redactada como segue:

"Disposición transitoria oitava. *Tramitación de expedientes sen permisos de acceso e conexión*

1. Os proxectos admitidos a trámite con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que non dispoñan de permiso de acceso e conexión, disporán dun prazo de 12 meses dende a entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas, para obter un permiso de acceso e conexión, debendo procederse ao arquivo da solicitude en caso contrario.

2. Os proxectos admitidos a trámite con posterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia que perderan ou perdan a vixencia dos permisos de acceso e conexión, disporán dun prazo de 12 meses, a contar dende a entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas ou dende a data de perda de vixencia se é posterior, para obter un novo permiso de acceso e conexión, debendo procederse ao arquivo da solicitude en caso contrario."





CAPÍTULO XI

Coordinación de policías locais

Artigo 39. Modificación da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais , queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 32, que queda redactado como segue:

"2. Os procesos selectivos iniciaranse mediante convocatoria pública. As bases da convocatoria terán, como mínimo, o seguinte contido:

a) O número de prazas, o subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña subgrupo, o corpo e, no seu caso, a escala ou categoría laboral.

b) As condicións e requisitos que deben reunir as persoas aspirantes.

c) O sistema selectivo de aplicación, con indicación do tipo de probas concretas e os sistemas de cualificación dos exercicios ou, no seu caso, os baremos de puntuación dos méritos.

d) O programa das probas selectivas ou a referencia da súa publicación oficial.

e) A orde de actuación das persoas aspirantes.

f) O réxime de aplicación ao órgano de selección.

g) As características, efectos e duración dos cursos e/ou do período de prácticas que haxan de realizar, no seu caso, as persoas seleccionadas.

Para os efectos do previsto no artigo 16.a) os concellos remitirán as bases das convocatorias, con carácter previo á súa aprobación definitiva, ao centro directivo competente en materia de coordinación de policías locais para a emisión do correspondente informe, que terá carácter preceptivo e será emitido nun prazo de 10 días, a contar dende o seguinte ao da recepción das

bases polo centro directivo competente en materia de coordinación de policía locais."

Dous. Modifícase o artigo 33, que queda redactado como segue:

"Artigo 33. *Requisitos para o acceso*

1. Sen prexuízo do establecido nos artigos 37 a 42, ámbolos dous incluídos, os requisitos para o acceso aos corpos de policía local son os seguintes:

a) Ter nacionalidade española.

b) Ter cumpridos os dezoito anos e non exceder, no seu caso, da idade de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

f) Carecer de antecedentes penais por delito doloso.

g) Calquera outro requisito específico de acceso que garde relación obxectiva e proporcionada coas funcións e tarefas a desenvolver.

2. Para o acceso ás categorías de policía, oficial, inspector, inspector principal, intendente, intendente principal e superintendente, reguladas no artigo 35 e nos artigos 37 a 42, ámbolos dous incluídos, será condición necesaria a superación dos correspondentes cursos selectivos de carácter obrigatorio na Academia Galega de Seguridade Pública.

3. Para os efectos do previsto nos artigos 37.a), 38.a), 39.a), 40.a), 41.a) e 42. a) sobre o acceso mediante promoción interna, esixírase que, ademais dos requisitos establecidos nos referidos artigos, o persoal funcionario se atope

en situación de servizo activo. Nestes supostos, os tres anos de antigüidade mínima exixida en cada caso na categoría inmediata inferior, deben ser continuados e para o seu cómputo se terán en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria tivera a consideración de persoal funcionario en prácticas, así coma os períodos durante os cales se atopase en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación.

Do mesmo xeito, nos supostos previstos nos artigos 38 c), 39.c), e 40.c), para o cómputo dos seis anos de antigüidade mínima exixidos en cada caso nas categorías establecidas nos referidos artigos, se terán en conta os períodos durante os cales a persoa funcionaria tivera a consideración de persoal funcionario en prácticas, así coma os períodos durante os cales se atopase en situación de segunda actividade por causa de embarazo ou lactación."

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 35, que queda redactado como segue:

"3. As probas selectivas de ingreso na categoría de policía serán de carácter teórico e práctico, incluíndose nas mesmas, en todo caso, un recoñecemento médico, un exame psicotécnico, probas de aptitude física e probas de capacitación de coñecementos, tanto xerais como específicos, en materias relacionadas co exercicio profesional, así como a demostración do coñecemento da lingua galega, a través da celebración dun exame, salvo para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente."

Cinco. Modifícase o número 4 do artigo 35, que queda redactado como segue:

"4. Unha vez superadas as probas selectivas, o curso de formación e o período de prácticas, os aspirantes serán nomeados funcionarios de carreira da escala e categoría correspondente.

Seis. Deixase sen contido a letra b) do artigo 37.

Sete. Modifícase a letra c) do artigo 37, que queda redactada como segue:

"c) De non cubrirse a praza ou prazas a través da convocatoria establecida no apartado a) deste artigo e de non cubrirse mediante o procedemento de provisión previsto no artigo 43, poderá/n ser cuberta/s, mediante concurso-oposición, por persoal funcionario doutros corpos de Policía Local de Galicia

coa categoría de policía, en posesión da titulación académica de acceso e unha antigüidade de cinco anos na categoría."

Oito. Deixase sen contido a letra b) do artigo 38.

Nove. Modifícase a letra c) do artigo 38, que queda redactada como segue:

"c) De non cubrirse a praza ou prazas a través da convocatoria establecida no apartado a) deste artigo e de non cubrirse mediante o procedemento de provisión previsto no artigo 43, poderá/n ser cuberta/s mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre o persoal do corpo coa categoría de oficial e policía, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de 6 anos de servizo como persoal funcionario de policía."

Dez. Deixase sen contido a letra b) do artigo 39.

Once. Modifícase a letra c) do artigo 39, que queda redactada como segue:

"c) De non cubrirse a praza ou prazas a través da convocatoria establecida no apartado a) deste artigo e de non cubrirse mediante o procedemento de provisión previsto no artigo 43, poderá/n ser cuberta/s mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre o persoal do corpo coa categoría de inspector/a e oficial, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de 6 anos de servizo como persoal funcionario de policía."

Doce. Deixase sen contido a letra b) do artigo 40.

Trece. Modifícase a letra c) do artigo 40, que queda redactada como segue:

"c) De non cubrirse a praza ou prazas a través da convocatoria establecida no apartado a) deste artigo e de non cubrirse mediante o procedemento de provisión previsto no artigo 43, poderá/n ser cuberta/s mediante concurso-oposición, por promoción interna, entre o persoal do corpo coa categoría de inspector/a principal e inspector/a, en posesión da titulación académica de acceso á categoría e unha antigüidade de 6 anos de servizo como persoal funcionario de policía."

Catorce. Modifícase o artigo 41, que queda redactado como segue:

"Artigo 41. *Acceso á categoría de intendente principal*

O acceso á categoría de intendente principal realizarase por promoción interna, mediante concurso, entre membros do corpo que teñan un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de intendente."

Quince. Modifícase o artigo 42, que queda redactado como segue:

"Artigo 42. Acceso á categoría de superintendente

O acceso á categoría de superintendente realizarase por promoción interna, mediante concurso, entre membros do corpo que teñan un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de intendente principal."

Dezaseis. Modifícase o artigo 43, que queda redactado como segue:

"Artigo 43 . Mobilidade

1. O persoal funcionario de carreira dos corpos de policía local de Galicia pertencente ás categorías de policía, oficial, inspector, inspector principal, intendente, intendente principal e superintendente, poderá participar nos procesos de provisión de postos vacantes da súa mesma categoría noutros corpos de policía local da comunidade autónoma.

2. Para estes efectos, os concellos reservarán, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas vacantes que se oferten para a súa cobertura por mobilidade. Cando non fose posible cubrir as vacantes coa porcentaxe sinalada, as fraccións sobrantes acumularanse á seguinte ou seguintes convocatorias.

3. A provisión por mobilidade de prazas correspondentes as distintas categorías dos corpos de policía local de Galicia levarase a cabo polo procedemento de concurso de acordo co baremo establecido polo centro directivo competente en materia de coordinación de policía locais.

4. Para participar nos procesos de mobilidade ás prazas vacantes ofertadas, será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Atoparse na situación administrativa de servizo activo na categoría da praza ofertada.

b) Ter unha antigüidade mínima de tres anos na mesma categoría.

- c) Levar máis de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino.
- d) Non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, agás os casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.
- e) Estar en posesión da titulación académica esixida para a categoría ou estar en condicións de obtela.
- f) Calquera outro requisito específico que garde relación obxectiva e proporcionada coas funcións e tarefas a desenvolver.

5. Para os efectos do previsto no artigo 16.a) os concellos remitirán as bases das convocatorias, con carácter previo á súa aprobación definitiva, ao centro directivo competente en materia de coordinación de policía locais para a emisión do correspondente informe, que terá carácter preceptivo e será emitido nun prazo de 10 días, a contar dende o seguinte ao da recepción das bases polo centro directivo competente en materia de coordinación de policía locais.

6. Os destinos adxudicados no concurso serán irrenunciabes, agás que con anterioridade ao remate do prazo posesorio se obtivera outro destino mediante convocatoria pública. Neste caso deberase optar e comunicar a opción elixida.

7. O persoal funcionario que ocupe prazas ofertadas por mobilidade horizontal quedará na súa administración de orixe na situación de servizos noutras administracións públicas.

8. A Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes que se vaian a cubrir polo sistema de mobilidade naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración."

Dezasete. Engádese un número 5 ao artigo 87, coa seguinte redacción:

"5. Na resolución pola que se incoe o procedemento sancionador nomearase a unha persoa instrutora e a unha persoa secretaria, a cuxo cargo correrá a súa tramitación. O nomeamento da persoa instrutora recaerá en persoal funcionario pertencente á categoría ou escala igual ou superior á persoa presuntamente infractora, e no caso de que fora igual, deberá ocupar un número anterior no escalafón. No suposto de que exista persoal funcionario



das escalas superior e técnica procurarase que o nomeamento recaía en persoal funcionario pertencente a ditas escalas. En defecto de persoal funcionario de categoría ou escala igual ou superior, nomearase unha persoa funcionaria da Administración local, de igual ou superior grupo de clasificación. Poderá nomearse como persoa secretaria a calquera persoal funcionario municipal coa formación adecuada."

CAPÍTULO XII

Universidades

Artigo 40. Modificación da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese un novo artigo 19 bis. na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, coa seguinte redacción:

"Artigo 19 bis. Acreditación de centros e unidades de I+D+i do sistema universitario de Galicia.

1. A Xunta de Galicia promoverá a integración, interacción, o fortalecemento das capacidades investigadoras e o liderado a través do apoio e financiamento de estruturas organizativas estables de investigación que permitan afrontar os retos que a investigación de excelencia e a transferencia de coñecemento á sociedade precisan.

2. Con tal finalidade, as universidades poderán solicitar respecto dos seus centros e unidades de I+D+i, de ámbito superior ao grupo, definidas no artigo 5 desta Lei, agás as escolas de doutoramento que se sometan a un procedemento de acreditación e análise externo que acredite a súa excelencia científica, técnica ou artística e a súa conveniencia estratéxica para o desenvolvemento económico e social de Galicia.

A citada acreditación permitirá participar a tales centros e unidades nas convocatorias e outros instrumentos que para tales efectos a Administración autonómica poida promover coa finalidade de impulsar a mellora, a calidade e o impacto da investigación realizada en Galicia e potenciar o efecto tractor que estas unidades exercen sobre o conxunto do sistema.

3. Regulamentariamente estableceranse os requisitos, o procedemento para a acreditación, a súa revogación, a renovación das acreditacións e o seu prazo de vixencia. Así mesmo, determinarase a composición e funcións da comisión de avaliación e os criterios aplicables.

4. Correspóndelle á Xunta de Galicia, mediante acordo do Consello da Xunta, a acreditación daqueles centros e unidades de I+D+i que cumpran os citados requisitos.

5. O acordo de acreditación recollerá os seguintes aspectos: a denominación, os centros e as institucións participantes e, se é o caso, as condicións da participación das administracións públicas así como o prazo de vixencia da mesma.

Os centros e unidades de I+D+i que sexan acreditados pola Xunta de Galicia poderán facer mención desa acreditación nos seus nomes e política de comunicación.

6. O prazo de resolución e notificación do procedemento de acreditación a que se refire este artigo será de oito meses, dende a presentación da solicitude de acreditación no rexistro correspondente. A non resolución dentro do prazo indicado faculta aos interesados para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Dous. Modifícase o número 6 do artigo 77 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, coa seguinte redacción: que queda redactado como segue:


6. A duración do mandato dos membros do consello social sinalados no punto 2 será establecida polos estatutos da universidade, e a duración do mandato dos membros do consello social sinalados no punto 3 será de catro anos, renovable por unha soa vez, agás no caso do presidente ou presidenta do consello social que será renovable por períodos de catro anos

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 83 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, que queda redactado como segue:

1. O presidente ou a presidenta do consello social será designado ou designada pola Presidencia da Xunta de Galicia, entre personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral e social non pertencentes á comunidade universitaria, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de universidades, logo de escoitar o reitor ou a reitora da universidade.

O seu mandato é de catro anos, renovable por períodos de igual duración, e élle aplicable o previsto nesta lei con carácter xeral para o cesamento e a substitución dos membros do consello social.

Exerce, no pleno e en todas as comisións, as competencias propias da presidencia dun órgano colexiado, con voto de calidade en caso de empate, e aquelas que lle encomendan esta lei, o regulamento de organización e funcionamento e a restante normativa vixente.



CAPÍTULO XIII

Procedemento e organización administrativa

Artigo 41. Modificación da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público

Engádesse unha nova disposición adicional quinta á Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, co seguinte contido:

"Disposición adicional quinta. Garantía do principio de autoprovisión e dos obxectivos de interese público na asistencia xurídica do sector público autonómico

1. Tendo en conta o establecido no artigo 5 desta lei en canto ao carácter de interese público da prestación de asistencia xurídica e ao principio de autoprovisión dentro do sector público autonómico, as entidades ás que se refire o apartado 3 do artigo 2 deberán acudir con preferencia á Asesoría Xurídica Xeral para obter a prestación da asistencia xurídica mediante a formalización do correspondente acordo, coa excepción daqueles casos nos que a autoprovisión non resulte viable e así sexa apreciado pola Asesoría Xurídica Xeral, de acordo co previsto nesta Lei e no artigo 18 da Lei 14/2013, do 23 de decembro, de racionalización do sector público.


2. A finalización da prestación da asistencia requirirá, así mesmo, que a autoprovisión non resulte viable de acordo co establecido no número anterior, polo que a extinción dos acordos de autoprovisión da asistencia xurídica polo transcurso do tempo previsto neles ou por outras causas non obstará á formalización dun novo acordo salvo que a autoprovisión non resulte viable, manténdose namentres a prestación da asistencia xurídica.

3. De acordo cos principios de simplificación e racionalización administrativa, o Consello da Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias de dirección, organización e coordinación do sector público autonómico, poderá aprobar modelos-tipo dos acordos de autoprovisión da asistencia xurídica así como a compensación económica que se abonará á Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia pola actuación dos letrados da Xunta de Galicia ou, no seu defecto, os criterios para fixala.

4. A Asesoría Xurídica Xeral velará polo reforzamento da asistencia xurídica integral e especializada ás entidades do sector público autonómico, a coordinación da súa defensa xurisdiccional e a especialización e formación dos letrados que leven a cabo dita asistencia xurídica.

5. Coa finalidade de cumprir os obxectivos de interese público previstos no artigo 5 da Lei, a Asesoría Xurídica Xeral continuará prestando ás entidades do sector público autonómico a asistencia xurídica que se está desenvolvendo na actualidade nos termos previstos nos acordos de autoprovisión xa formalizados, sen prexuízo da súa posible revisión e actualización.

Así mesmo, a Asesoría Xurídica Xeral, aínda que non estea formalizado o correspondente acordo de autoprovisión, prestará asistencia xurídica a todas as entidades do sector público autonómico nos casos nos que sexa necesaria esta prestación por non acreditarse a concorrencia das circunstancias que habilitan para a contratación externa, sen prexuízo de que se procure a formalización do acordo de autoprovisión para concretar os termos da asistencia. Neste caso, a compensación económica pola actuación dos letrados da Xunta de Galicia axustarase ao establecido polo Consello da Xunta de acordo co previsto no número 3 desta disposición".



CAPÍTULO XIV

Réxime financeiro e orzamentario

Artigo 42. Modificación do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia

O Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 79, que queda redactado como segue:

"4. Os anticipos de fondos europeos percibidos para financiar gastos en fase de execución poderán ter, transitoriamente, tratamento extraorzamentario ou de pasivo financeiro, que se cancelará no momento en que se certifique o gasto e se efectúe o contraído do recurso e a aplicación do recadado, segundo proceda, como transferencia corrente ou de capital."

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 79, que queda redactado como segue:

"5. Non poderán ter tratamento extraorzamentario os anticipos de fondos previstos no número anterior cando a Administración xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes instrumentais con orzamento de carácter limitativo resulten beneficiarios de axudas financiadas con fondos europeos xestionados pola Administración xeral do Estado para os que se conveña a realización de anticipos reembolsables."

Disposición adicional única. Medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino durante o ano 2022

Como consecuencia da escaseza de persoal de perfil sanitario agravada pola situación derivada da pandemia da covid-19, e para garantir a dispoñibilidade do dito persoal nas listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino, adóptanse as seguintes medidas:

1.No suposto de non existiren aspirantes nas listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II e 3 do grupo IV, do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ou, de ser o caso, para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes ás categorías profesionais indicadas, poderá:

a) solicitarse directamente do Servizo Público de Emprego, sen prexuízo dos demais procedementos establecidos, ou;

b) acudir opcionalmente á relación de penalizados da categoría profesional, corpo ou escala correspondente que solicitaron a reincorporación; ou,

c) acudir aos integrantes das listas que solicitaron a inclusión durante o ano en curso, no caso de que non estean publicadas as listas definitivas e lles corresponda ser admitidos; ou,

d) acudir á relación de penalizados que non solicitaron a reincorporación.

Ademais, en postos pertencentes á categoría profesional de auxiliar de clínica (Grupo IV, categoría 3), poderase acudir a persoal doutras listas de contratación temporal do grupo IV que estean en posesión do título de formación profesional de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou equivalente.

Excepcionalmente, no caso de que non for posible a cobertura de postos da categoría profesional de auxiliar de clínica (IV-3) polos procedementos previstos nos parágrafos anteriores, poderán seleccionarse candidatos que teñan cursados e superados os estudos correspondentes para a obtención do título de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou



equivalente, e o acrediten documentalmente, sempre que cumpran o resto dos requisitos exixidos para o acceso á categoría ou escala.

2. Cando pola inexistencia de persoal integrante das listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II, e 3 do grupo IV, ou para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes, non existan candidatos que estean en posesión do certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente, poderán ser seleccionados candidatos que carezan del, sempre que cumpran os restantes requisitos exixidos para o acceso á categoría de que se trate.

3. O período de penalización nas listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia terá unha duración de seis meses.

4. A solicitude de reincorporación formulada polas persoas integrantes das listas que solicitasen previamente a suspensión das citacións, por non estaren prestando servizos a través delas, producirá efectos ao día seguinte ao da súa presentación.

5. O establecido nesta disposición ten vixencia limitada ao ano 2022.


Disposición transitoria única. Procesos selectivos para o acceso aos corpos de policía local en curso

Os procesos selectivos para o acceso aos corpos de policía local convocados con anterioridade á entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa vixente no momento da súa convocatoria.




Disposición derogatoria única. Derogación normativa

1. Queda expresamente derogada a disposición derradeira terceira da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
2. Quedan, así mesmo, derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na presente lei.



Disposición derradeira primeira. Modificacións regulamentarias

As previsións do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia que son obxecto de modificación pola presente lei poderán ser modificadas por norma do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.






Disposición derradeira segunda. Adaptación do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia

As medidas previstas no número 3 da disposición adicional sexta da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, resultarán de aplicación nos espazos protexidos Rede Natura 2000 de Galicia desde o momento da entrada en vigor desta lei, sen prexuízo da ulterior adaptación do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, aprobado polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, ás previsións contidas na dita disposición adicional.

Disposición derradeira terceira. Habilitación para o desenvolvemento normativo

Habílitate o Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.



Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.




Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO ANTEPROXECTO DA LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS

1.- ANTECEDENTES

A tradicional concepción dos orzamentos como a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, se poderán recoñecer e dos dereitos que se prevé liquidar durante o exercicio orzamentario, pon de manifesto as limitacións, fundamentalmente temporais, que condicionan os preceptos xurídicos contidos nas leis de orzamentos.

Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que pola súa natureza deben adoptar rango de lei e que como precisou o Tribunal Constitucional non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas.

O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.

Dende esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos explicitanse na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade para o ano 2022, e ao obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, o anteproxecto de lei de medidas fiscais e administrativas contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021.

A/O FUNCIONARIO,

1



Xacobeo 21-22



Santa Blanco



orientación plurianual perseguidos pola comunidade a través da execución orzamentaria.

Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen medidas de natureza tributaria, se ben se incorporan outras de carácter e natureza administrativa.

2.- MEMORIA XUSTIFICATIVA

Neste marco, en base ás propostas e ás correspondentes xustificacións formuladas polas consellerías con competencia en cada unha das materias obxecto de regulación, cómpre realizar a análise pormenorizada dos motivos que inciden na adopción de cada unha das medidas que se inclúen no anteproxecto.

MEDIDAS FISCAIS

TRIBUTOS CEDIDOS

As medidas adoptadas no anteproxecto de lei de medidas fiscais e administrativas relativas a tributos cedidos ao abeiro das competencias normativas autonómicas na materia conforme ao disposto na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, e na Lei 17/2010, do 16 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da dita cesión, son as seguintes:

No Imposto sobre a renda das persoas físicas, na senda iniciada pola Xunta de Galicia no 2014 e continuada no 2016, modifícase a escala aplicable ao tramo autonómico do IRPF a partir do 1/1/2022 para o 90% dos contribuíntes, co obxectivo de seguir a reducir e redistribuír a carga tributaria, aumentando a renda dispoñible en mans das familias, fomentando

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2021.
A/O FUNCIONARIO,

2



Xacobeo 21-22



José Bernardo Blanco



o aforro e o investimento e mellorando a competitividade das empresas, ademais de conseguir un sistema tributario máis equitativo, para as rendas medias e baixas.

En materia do Imposto sobre o Patrimonio, establécese unha bonificación do 25% da cota, co obxectivo de adaptarnos ao noso entorno da UE.

Esta bonificación entra en vigor o día 1 de xaneiro de 2022 e terá efectos nos orzamentos do ano 2023 cando se declare o imposto do patrimonio correspondente ao ano 2022.

Coa mesma finalidade, redúcese, á vez que se manteñen tódolos tipos bonificados, nun punto porcentual o tipo de gravame xeral do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, na súa modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, de xeito que as operacións gravadas ao 10% por este imposto pasan a tributar ao 9% a partir do 1 de xaneiro de 2022. Deste xeito, as operacións inmobiliarias, que son as gravadas principalmente polo imposto, van poder manter ou incluso aumentar a evolución positiva do número de operacións que experimentou no último semestre do ano 2021. Polo que, considérase adecuado establecer, unha minoración no tipo xeral, de xeito que esta medida para acompañar esa dinamización no mercado inmobiliario.

Por outro lado, e dada a situación de crise sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19, os establecementos de xogo e os establecementos de restauración, locais nos que se instalan as máquinas de xogo, tiveron que pechar a partir do 27 de xaneiro de 2021, mantendo esta situación durante un período de tempo no primeiro trimestre do ano 2021. A partir desta data, os establecementos nos que se poden instalar as máquinas foron abrindo aínda que con diferentes calendarios e con diferentes restricións segundo a tipoloxía do establecemento e dependendo do concello de ubicación.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021.
A/O FUNCIONARIO,

3



Xacobeo 21-22



Ismael Blanco



Os subsectores de bingo, casinos e apostas tributan na taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar polo *win*, e, polo tanto, mentres non xeren actividade non devengan a taxa. No entanto, o subsector das máquinas tributa mediante cota fixa, con independencia de que haxa actividade de xogo. Por ese motivo, para poñer nunha situación de equivalencia ao subsector de máquinas en termos de tributación na taxa fiscal do xogo, adóptase unha medida no sentido de que tributen dun xeito proporcional ao período no que puideron desenvolver a actividade. Así o fixeron tamén as diferentes CCAA, ao longo do ano 2021, no que adoptaron medidas polas que se estableceron diferentes bonificacións. As medidas adoptadas o foron só para o subsector de máquinas.

Do mesmo xeito esta Comunidade Autónoma aproba unha medida para poñer en igualdade de condicións aos diferentes subsectores do xogo para os efectos da tributación da taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar e, na mesma liña que o resto de CCAA, bonifica a cota fixa das máquinas nun 46% e nun 33%, segundo estiveran instaladas no momento do peche en establecementos de xogo ou en establecementos de hostalería. Esta bonificación, ao igual que xa se regulara no ano anterior, será de aplicación na primeira autoliquidación que se presente no ano 2022 consonte coas regras establecidas no artigo correspondente.

TRIBUTOS PROPIOS

1.- Taxas

En relación coas taxas, por un lado, elévanse os tipos das taxas de contía fixa en 1,02, exceptuando as tarifas que experimenten algunha modificación na contía como consecuencia dos cambios introducidos no Anteproxecto, os que se recaden mediante efectos timbrados e as contías das taxas da licenza única interautonómica de pesca nas augas continentais e da licenza única interautonómica de caza, como consecuencia dos acordos adoptados na Comisión de Control e Seguimento establecida na cláusula décimo

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é 4
reproducción fiel e exacta do seu original
Santiago de Compostela, 1 de OUT. 2021.....
A XUNTA DE GALICIA



Xacobeo 21-22



85534

[Handwritten signature]



sétima do convenio de colaboración entre as administracións das Comunidades Autónomas de Galicia, Asturias, Comunidad Valenciana, Aragón, Extremadura, Madrid, Castilla y León e a Administración Xeral do Estado, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para o establecemento das licenzas interautonómicas de caza e de pesca nas augas continentais para todos os seus territorios. Por outro, modifícanse determinadas tarifas existentes ou créanse novas taxas.

As modificacións introducidas na Lei 6/2003 describíense con carácter xeral e obedecen ás xustificacións que se relacionan seguindo a numeración dos apartados sinalada no artigo 5 do anteproxecto:

- No apartado un modifícanse os números 13 e 14 do artigo 23 para corrixir, no primeiro caso, un erro na numeración dos apartados xa que había dous coa numeración repetida, o número 12, e no segundo caso, suprímese a taxa aplicable ás verificacións da suficiencia de poder realizadas polos letrados da Xunta de Galicia, comúnmente coñecidos como bastanteos, o cal presenta indudables vantaxes para os licitadores ao reducir para eles os custes asociados á contratación pública para as empresas. Adicionalmente, a eliminación da taxa permitirá converter aos bastanteos, sen máis trámites, en documentos dixitais (dado que ata o momento, por razón da utilización dos efectos timbrados previstos na Orde de 30 de xuño de 1992, os bastanteos deben seguir emitíndose en papel), o que adicionalmente permitirá aos licitadores o aforro da taxa pola transformación de documentos en papel en copias dixitais auténticas. Para derrogar esta taxa tamén resulta necesario eliminar, a través do apartado tres, o epígrafe do Anexo 1 onde se grava dita actuación.
- No apartado dous modifícase o número 2 do artigo 40 co fin de aclarar a ámbito no cal procede aplicar a bonificación dentro dunha tipoloxía de instalacións que habitualmente non soamente esta

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orxinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021. 5
A/O FUNCIONARIO,



Sorja Barranto Blanco



formada pola estrita área de varada. Neste sentido identifícase con maior claridade cal é, no total da instalación, a superficie susceptible de ser bonificada. Deste xeito tentase unha aplicación mais doada e automática, que evite outras interpretacións, si ben non modifican a súa aplicación.

- No apartado catro engádesse un feito impositivo na taxa que grava a expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola LOE e dos seus duplicados, concretamente a expedición do certificado do curso de especialización de ciclo medio ou superior de formación profesional.

A expedición e rexistro dos certificados académicos do curso de especialización rexeranse polo Real Decreto 1850/2009, de 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes as ensinanzas establecidas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, no que se establece que o procedemento de expedición de títulos iniciárase a solicitude da persoa interesada e previo pago das taxas correspondentes. A proposta de expedición dun título só poderá efectuarse si a persoa interesada ten cumprido previamente os requisitos que para a súa obtención exigen as normas vixentes e teña aboado, no seu caso, as correspondentes taxas.

Por Orde da Consellería do 17 de xuño de 2021, actualízase a oferta de formación profesional dual e dos cursos de especialización en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021/2022 (DOG do 25 de xuño de 2021), o que implica que á finalización do próximo curso deberán expedirse os correspondentes certificados dos 27 cursos implantados.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal,
Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2021.....
A/O FUNCIONARIO,

6



Xacobeo 21-22



Josefa Francisco Blanco



- No apartado cinco suprimese o feito impoñible contido no Anexo 1, dilixenciado do libro rexistro de prácticas das escolas de navegación de lecer, as comunicacións que facían as Escolas de Navegación de Lecer das prácticas de lecer aos seus alumnos, a través do "libro rexistro de prácticas", coa posta en funcionamento da aplicación informática XESTEN no ano 2019, fanse de xeito telemático, polo que non é necesario a compra e o dilixenciado do libro Rexistro de Prácticas por parte das Academias de lecer.
- Nos apartados seis, sete, oito, nove e dez realízanse varias modificacións en relación a prestación de servizos facultativo-veterinarios, cos seguintes motivos:
 - En primeiro lugar, para restablecer un mínimo que sempre existiu nunha taxa pero que por un erro que se cometeu nunha anterior modificación lexislativa eliminouse.
 - En segundo lugar, propónse modificar a redacción co fin de que o texto contemple a adaptación á nova normativa vixente e as condicións de traballo no campo nas materias de referencia.
 - En terceiro lugar, aclárase no texto segundo a especie da explotación solicitada, concretado o caso das explotacións apícolas que da lugar a dúbidas na redacción actual.
 - A continuación, propónse engadir o segundo parágrafo cun incremento da contía sobre a taxa de supervisión de corentena de animais de compañía procedentes de terceiros países, por si fose necesario máis dunha visita.
 - E, por último, créase unha nova taxa para gravar as autorizacións para a realización de certames, concursos, exposicións ou

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 1.9.2021.....

Año Funcionamento:

7



Isela Barreiro Blanco



concentracións de animais no ámbito gandeiro (especies mantidas con finalidade produtiva).

- No apartado once elimínanse unha serie de epígrafes xa que a determinación deste compostos químicos se realizará utilizando novas técnicas de análise, concretamente, técnicas de espectrometría de masas (MS/MS), incluídos noutros apartados existentes nesta taxa.
- Nos apartados doce, trece, catorce, quince e dezaseis realízanse varios cambios na taxa que grava as actuacións en materia de residuos, polos seguintes motivos:
 - En primeiro lugar, introdúcese a obrigatoriedade de inscrición no Rexistro xeral de produtores e xestores de residuos dos recolletores profesionais sen instalación de residuos xa que no ano 2017 propúxose a súa eliminación xa que non se estaban a tramitar este tipo de expedientes. Sen embargo, na actualidade teñen que tramitarse ao ter cobertura esta figura no marco da lexislación actual, tal e como se recolle no artigo 35.1 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
 - En segundo lugar, a dita Lei, ao abeiro do disposto no seu artigo 35, somete a actividade de compostaxe comunitaria de bioresiduos (sempre que as realicen entidades ou empresas con sede social en Galicia) á necesidade de comunicación previa perante o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de residuos. Esta comunicación supón que a Comunidade Autónoma de Galicia será a encargada de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos e de practicar a correspondente inscrición no rexistro.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021
A/O FUNCIONARIO,

8



Xosé Manuel Blasco



Todo isto implicará uns custos de tramitación por parte da consellería, que terá que asumir ademais da comprobación e rexistro o seu control.

- En terceiro lugar, a normativa esixe ás CC.AA. elaborar plans de inspeccións dos traslados de residuos que cubran todo o territorio da comunidade autónoma respectiva ás entidades e empresas que leven a cabo operacións de tratamento de residuos, ás que recollan ou transporten residuos con carácter profesional, aos axentes e negociantes e aos establecementos e empresas que produzan residuos perigosos. Os controis poderán realizarse no punto de orixe, co produtor, o posuidor ou o notificante; en destino, co destinatario ou a instalación; nas fronteiras exteriores da Comunidade, e/ou durante o traslado polo interior da Comunidade. En concreto, a normativa no que se ampara esta taxa é o artigo 50 do Regulamento (CE) nº 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, modificado polo R.660/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, modificada pola Directiva UE 2018/851, do 30 de maio de 2018. A realización destas inspeccións implicará uns custos para a consellería, derivados tanto do custo do persoal encargado de realizar estas inspeccións como de medios auxiliares necesarios para a súa execución (tales como mantemento, actualización e mellora de equipos e aplicacións necesarias para as inspeccións, desprazamentos e dietas).
- En cuarto lugar, a normativa esixe a realización de inspeccións previas ao outorgamento das autorizacións para as operacións de tratamento de residuos, en concreto o artigo 32 da Lei 6/2021, a realización destas inspeccións implicará uns custos para a consellería, derivados tanto do custo do persoal encargado de

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021
A/O FUNCIONARIO,

9



Xacobeo 21-22



85539

Josefa Boueido Blanco



realizar estas inspeccións como de medios auxiliares necesarios para a súa execución (tales como mantemento, actualización e mellora de equipos e aplicacións necesarias para as inspeccións, desprazamentos e dietas).

- E, por último, no artigo 35 da dita Lei enuméranse unha serie de actividades que implican á necesidade de comunicación previa perante o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de residuos, sempre que as realicen entidades ou empresas con sede social en Galicia. Esta comunicación supón que a Comunidade Autónoma de Galicia será a encargada de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos e de practicar a correspondente inscrición no rexistro. Todo isto implicará uns custos de tramitación por parte da consellería, que terá que asumir ademais da comprobación, rexistro e control.
- No apartado dezasete engádese na taxa que regula as autorizacións ambientais integradas dous novo epígrafes xa que a normativa esixe a realización de inspeccións periódicas ás instalacións IPPC, en concreto o artigo 23 do Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, modificado polo Real decreto 773/2017, do 28 de xullo. A realización destas inspeccións implicará uns custos para a consellería, derivados tanto do custo do persoal encargado de realizar estas inspeccións como de medios auxiliares necesarios para a súa execución (tales como mantemento, actualización e mellora de equipos e aplicacións necesarias para as inspeccións, desprazamentos e dietas). A inspección ambiental inclúe a visita in situ, a medición de emisións, a comprobación de

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021 10
A VOCA FUNCIONARIA/O,



[Handwritten signature]



informes internos e documentos de seguimento, a verificación de autocontrois, a comprobación de técnicas usadas e a adecuación da xestión ambiental da instalación.

- No apartado dezaioito modifícase a tarifa do canon por obras hidráulicas de regulación xestionadas pola administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia de forma que a tarifa resultante para o ano 2022 redúcese a 0,024 €/m3.
- No apartado dezanove modifícase a regra terceira da tarifa X-2 para modificar as contías por vixilancia presencial en terminais afectas ao código PBIP, xa que detectouse que a taxa fixada non cubre o importe real do servizo motivo polo cal é preciso realizar un incremento da taxa para repercutir o custo real do servizo. Esta actualización supón un incremento na facturación por este concepto de aproximadamente 96.000 € para que o servizo non sexa deficitario por mor os custes do novo contrato formalizado.
- No apartado vinte unicamente preténdese emendar un erro producido por omisión da aclaración "incluídos os de carga", xa que os refugallos contemplando no convenio MARPOL non soamente se refire os procedentes da carga dos buques senón tamén os hidrocarburos, augas de sentina, e os residuos en xeral xerados no buque. O obxecto da taxa é repercutir o custe da retirada e tratamento de todos estes residuos pero por erro omitiuse e literalmente a taxa refírese unicamente os de carga, sendo necesario realizar a corrección para ampliálo a todo tipo de residuos, xa que este é o seu obxectivo.
- No apartado vinte e un o fin da modificación é incluír como suxeito pasivo o titular da concesión ou autorización dunha instalación náutico deportiva como substituto do contribuínte no relativo a

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2021
AO FUNCIONARIO,

11



Xacobeo 21-22



Confe. Bañeiro Clauco



embarcación de paso polo porto, xa que nesta tipoloxía de atraque, non de base, o xestor da instalación é o que autoriza o uso do atraque por atópase dentro do seu ámbito concesional, e tendo en conta normalmente de curtas estancias non resulta doado a liquidación individualizada e o cobro da taxa a titulares maioritariamente de fora da comunidade autónoma, polo que deste xeito facilítase a emisión e cobro da taxa, debendo o xestor repercutila taxa o usuario.

- No apartado vinte e dous propónse variar as contías das embarcacións de base, establecendo mais rangos en función da eslora para tratar de repercutir dun xeito mas preciso os custos en función das dimensións da embarcación. Por outra banda, emendase un erro producido nas unidades da contía definida para embarcacións pesqueiras, non de base, de eslora > 25 m, que en lugar de referirse ao ano ten que referirse á escala, como os restantes rengos de esloras. Polo tanto unicamente trata de emendar un erro.
- No apartado vinte e tres a modificación incluída pretende reflectir o modelo de recollida de refugallo prevista por Portos de Galicia, no que se asume de xeito integro a recollida dos refugallo provinte polos buques, incluso dentro de ámbitos concesionados. Deste xeito acadarase unha homoxeneidade na prestación do servizo en todos os portos sen que existan dispersión da calidade do servizo nin no seu custo. Por outra banda tamén se propón variar as contías das embarcacións de base, establecendo mais rangos en función da eslora para tratar de repercutir dun xeito máis preciso os custos en función das dimensións da embarcación.
- No apartado vinte e catro a modificación unicamente pretende emendar un erro producido por omisión da aclaración "incluídos os

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021
A/O FUNCIONARIO,

12



Xacobeo 21-22



José Manuel Blanco



de carga", xa que os refugallos contemplando no convenio MARPOL non soamente se refire os procedentes da carga dos buques senón tamén os hidrocarburos, augas de sentina, e os residuos en xeral xerados no buque. O obxecto da taxa é repercutir o custe da retirada e tratamento de todos estes residuos pero por erro omitiuse e literalmente a taxa refírese unicamente os de carga, sendo necesario realizar a corrección para ampliálo a todo tipo de residuos, xa que este é o seu obxectivo.

- No apartado vinte e cinco trátase crear unha contía da taxa específica para liquidar os habituais depósitos de aparellos de pesca do sector profesional que se producen na maioría dos portos, que que polas características da actividade pesqueira deben permitirse pero de xeito controlado en naquelas zonas que non supoñan un obstáculo para as operacións portuarias. Os abastos en zonas de manobra e tránsito son habituais pola necesidade de proximidade ó cantil, o que supón unha aplicación progresiva da taxa que vai aumentado ata o día 21, supoñendo un custe 11 veces superior en comparación coa zona de almacenamento. Tendo en conta que en determinadas zonas portuarias sería viable habilitar zonas controladas de depósito de aparellos para o sector profesional, que precisa desa proximidade ó cantil, proponse incluír unha zona específica para ordenar estes depósitos.
- No apartado vinte e seis inclúese esta nova zona destinada especificamente o depósito de aparellos de pesca do sector profesional, xustificadas na regra sexta.
- No apartado vinte e sete trátase reflectir de forma máis equilibrada o custe real do m3 de auga fornecido, xa que na actualizada existe unha grande dispersión entre as diferentes tarifas liquidada polos concellos e o repercutido a través da contía da E-3, polo que aínda



[Handwritten signature]



que a propia tarifa posibilita os axustes, compre incrementar a contía mínima para que non exista tanta diferenza.

- No apartado vinte e oito propónse unha modificación co fin de reflectir de forma máis aproximada o custe real da enerxía, tanto no relativo ó custe relacionado co termo de potencia co custe por consumo de kwh. Tendo en conta os recentes cambios legislativos en materia de enerxía o custo da enerxía incrementouse moi considerablemente, existindo unha grande dispersión entre o custe real da enerxía e as contías da tarifa E-3 polo que é preciso realizar os axustes oportunos para acadar un equilibrio entre o custe que asume Portos de Galicia polos fornecementos e a tarifa. Seguindo a estrutura de custe reflectida na normativa enerxética redúcese a contía relativa o concepto de potencia accesible (PA) e incrementase o concepto de enerxía activa (EA, obtendo un incremento medio global do 15,5%.
- No apartado vinte e nove propónse incluír unha nova taxa xa que o artigo 137.2 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro (TRLPEMM), atribúe ás comunidades autónomas ou, de ser o caso, ao concesionario ou autorizado da instalación a obriga de realizar pola súa conta o proxecto de execución, a instalación e o mantemento das axudas á navegación marítima, a instalación e o mantemento do balizamento de instalacións outorgadas en concesión ou autorización, incluídas as destinadas a cultivos mariños e emisarios submarinos, ou doutras instalacións situadas no medio mariño, susceptibles de poderen representar un obstáculo á navegación, así como o balizamento de instalacións e obstáculos artificiais, segundo proceda de conformidade coa normativa e as características técnicas e a localización dos dispositivos que teñan

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal, en data de 14 de outubro de 2021
Santiago de Compostela,

14



Xacobeo 21-22



85544

AUXILIAR FUNCIONARIO,

Lorela Barredo Blanco



sido aprobados por Portos do Estado, logo do ditame da Comisión de Faros. Decídese asignar balizamentos a cada un dos portos, autonómicos e estatais, así como aos demais organismos e particulares, co obxecto de mellorar o balizamento para o acceso aos portos autonómicos e do Estado nas rías galegas, balizando as canles de aproximación de forma que os tráficos queden libres dos obstáculos que representan as instalacións de acuicultura. Estes balizamentos asóciense aos portos correspondentes. Igualmente, propónse o balizamento dos polígonos de acuicultura que, non estando situados en zonas de aproximación ou acceso a algún porto, se consideren un obstáculo para a navegación. Neste caso será responsable de tal balizamento a Consellería do Mar ou o responsable da instalación ou polígono, de ser o caso. O artigo 113.2.e) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia (DOG núm. 236, do 14 de decembro), considera servizos xerais os servizos de sinalización, balizamento e outras axudas á navegación que sirvan de aproximación e acceso do buque ao porto, así como o seu balizamento interior. Pola súa banda, o artigo 51 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, obriga a instalar e manter os dispositivos de axudas á navegación marítima das instalacións outorgadas en réxime de concesión. Se as instalacións se atopan situadas en polígonos ou noutros instrumentos de ordenación da actividade acuícola mariña, a instalación e o mantemento realizaraos a consellería competente en materia de acuicultura, e os gastos correrán a cargo de todas as persoas concesionarias do polígono. Segundo a resolución do 26 de febreiro de 2021 pola que se delega en Portos de Galicia o balizamento dos polígonos de acuicultura das rías galegas, publicada o 15/03/2021 no DOG núm. 50, será este organismo o que asume as funcións de instalación e mantemento do conxunto dos sinais necesarios nos polígonos de acuicultura para

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do documento
Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

15

A/O FUNCIONARIO,



Xacobeo 21-22



[Handwritten signature] *[Handwritten text]*



garantir unha navegación segura nas rías galegas, repercutindo o custe os usuarios.

MEDIDAS ADMINISTRATIVAS

A) EMPREGO PÚBLICO

En materia de emprego público, ao abeiro da competencia autonómica de desenvolvemento lexislativo e execución en materia de réxime xurídico da Administración pública de Galicia e réxime estatutario dos seus funcionarios (artigo 28.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia), o capítulo I aborda diversas medidas en materia de emprego público. Por unha parte, se levan a cabo, ademais de modificacións puntuais de carácter organizativo, outras modificacións referidas, á modificación do artigo 25 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, coa finalidade de adaptar a súa redacción á normativa básica estatal.

Modifícase a regulación do prazo da toma de posesión para permitir a súa determinación nas convocatorias dos procesos selectivos á vista das circunstancias.

Introdúcese a excepción de non ter que reservar prazas para promoción interna cando se trate de convocatorias de procesos de estabilización de emprego temporal coa finalidade de optimizar a pretendida estabilización.

Adáptase a regulación dos concursos de traslados para que o persoal que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, e a normativa de desenvolvemento da mesma, poida participar nos concursos ordinarios desde o momento da devandita adquisición, sempre que tivese unha antigüidade mínima de dous anos na categoría profesional equivalente ao corpo ou escala na que se realizou a súa funcionarización.



Xosé Manuel Barreiro Blanco



Modifícase a duración máxima do traslado voluntario previsto no artigo 100 da Lei 2/2015, do 29 de abril, tendo en conta que esta figura pode pasar a ter unha maior importancia coa posible chegada dos fondos europeos.

Así mesmo, trátase de introducir unha mellora nas condicións do traslado por violencia de xénero, establecendo que o posto de traballo que se asigne se ocupará con carácter definitivo, evitando que o persoal nesta situación poida verse obrigada a concursar.

Por outra parte, considérase necesario recoller a regulación da protección e á asistencia social integral, ao persoal funcionario que sufrise danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, introducindo un novo apartado no artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril.

Modifícase tamén o réxime de infraccións e sancións para contemplar expresamente o fraude nos procesos selectivos. Para acadar unha maior especialización no persoal da administración, na escala de enxeñeiros engádense as especialidades de enxeñería química e aeronáutica, e na escala de ciencias, engádense as especialidades de matemáticas e física.

Na disposición transitoria primeira elimínase a expresión "por unha soa vez", limitación que non se recolle no Estatuto Básico do Empregado Público.

Na disposición transitoria primeira bis simplifícase a regulación dos aspectos retributivos no suposto do cambio dun vínculo de laboral temporal a funcionario interino.

Modifícase a disposición transitoria oitava para, ademais de aclarar a regulación da consolidación de grao, estender o dereito á carreira profesional a todo o persoal funcionario, sexa de carreira e interino, deixando así recollido na normativa os pronunciamentos xudiciais existentes en canto a este extremo.

B) MEDIO AMBIENTE E TERRITORIO





No capítulo II do título II se recollen varias medidas en materia de medio ambiente e territorio, ao abeiro das competencias autonómicas para o establecemento de normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe, sen prexuízo do previsto no artigo 149.1.23 da Constitución (artigo 27.3 do Estatuto de autonomía), e ordenación do territorio e urbanismo (27.3 do Estatuto de Autonomía).

No exercicio das ditas competencias realízanse varios cambios na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En primeiro lugar, e, co fin de garantir a seguridade xurídica na aplicación da normativa urbanística vixente, polas numerosas dúbidas que se están a formular na práctica en relación á implantación no solo rústico de campamentos de turismo e zonas de especial acollida para caravanas e autocaravanas en tránsito, procede modificar o artigo 35.1 d) co fin de engadir este uso expresamente entre os admisibles no solo rústico, e matizar que cando a Lei do solo se refire a campamentos de turismo debe entenderse con todas as instalacións, obras e servizos que se contemplan na normativa vixente en materia de turismo, xa que na práctica, está a aplicarse o último inciso da letra modificada, entendendo os concellos que ao abeiro de licenza municipal unicamente poden implantarse campamentos de turismo con obras imprescindibles para o dito uso.

De conformidade co disposto no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en todas as iniciativas normativas xustificarase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, principios aos que se dá cumprimento a través da modificación proposta.

Así, o cumprimento dos principios sinalados deriva directamente do obxectivo de ofrecer solucións ás necesidades e problemática detectadas durante a

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021
A/O FUNCIONARIO,

18



Xacobeo 21-22



85548

[Handwritten signature]



aplicación práctica da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, dende a súa entrada en vigor, derivadas da propia complexidade da materia, co fin de subsanar, concretar e matizar aquelas cuestións que non resultan suficientemente claras, para evitar dúbidas na súa interpretación, o que contribuirá a garantir a seguridade xurídica, facilitando así a súa aplicación. As modificacións, de conformidade cos principios de proporcionalidade, simplicidade e eficiencia, limítanse ao estritamente imprescindible para solventar os problemas detectados.

En segundo lugar, e, co fin de garantir a seguridade xurídica na aplicación da normativa urbanística vixente, procede habilitar o procedemento previsto no número 5 do artigo 42 para simplificar o cambio de uso non só dos equipamentos públicos senón de calquera dotación pública a outro uso dotacional público distinto. Asemade, clarifícase que ese carácter público non ten que derivar necesariamente de tal cualificación no planeamento urbanístico, senón que o feito de que xa sexa de titularidade pública xa avalaría para o dito cambio.

De conformidade co disposto no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en todas as iniciativas normativas xustificarase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, principios aos que se dá cumprimento a través da modificación proposta.

Así, o cumprimento dos principios sinalados deriva directamente do obxectivo de ofrecer solucións ás necesidades e problemática detectadas durante a aplicación práctica da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, dende a súa entrada en vigor, derivadas da propia complexidade da materia, co fin de subsanar, concretar e matizar aquelas cuestións que non resultan suficientemente claras, para evitar dúbidas na súa interpretación, o que contribuirá a garantir a seguridade xurídica, facilitando así a súa aplicación. As

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2021
A/O FUNCIONARIO,

19



Xacobeo 21-22





modificacións, de conformidade cos principios de proporcionalidade, simplicidade e eficiencia, limitáanse ao estritamente imprescindible para solventar os problemas detectados.

En terceiro lugar, modifícase o número 3 do artigo 70 para facilitar a implantación de usos industriais ou terciarios nos pequenos concellos que non contén con planeamento urbanístico xeral ou Plan Básico Autonómico, sen limitar a que tales actuacións teñan que ser necesariamente de carácter público. En todo caso, esíxese o cumprimento dos límites de sustentabilidade e das reservas previstas na normativa urbanística vixente para tales ámbitos.

De conformidade co disposto no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en todas as iniciativas normativas xustifícase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, principios aos que se dá cumprimento a través da modificación proposta.

Así, o cumprimento dos principios sinalados deriva directamente do obxectivo de ofrecer solucións ás necesidades e problemática detectadas durante a aplicación práctica da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, dende a súa entrada en vigor, derivadas da propia complexidade da materia, co fin de subsanar, concretar e matizar aquelas cuestións que non resultan suficientemente claras, para evitar dúbidas na súa interpretación, o que contribuirá a garantir a seguridade xurídica, facilitando así a súa aplicación. As modificacións, de conformidade cos principios de proporcionalidade, simplicidade e eficiencia, limitáanse ao estritamente imprescindible para solventar os problemas detectados.

E, por último, a derradeira modificación que se propón da Lei 2/2016 consiste en revisar a redacción do artigo 143.3 para dar resposta ás diferentes interpretacións que se están a adoptar nos diferentes concellos no que se refire

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seguinte documento:
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021
A/O FUNCIONARIO,

20



Xacobeo 21-22



[Handwritten signature]



á existencia para o outorgamento da licenza urbanística municipal de proxecto básico ou de execución. Así, para evitar calquera dúbida, establécese expresamente que é suficiente con achegar o proxecto básico. Así, o artigo 61.3 do Código Técnico da Edificación define proxecto completo como básico e de execución; pero aos efectos da súa tramitación administrativa, establece que todo proxecto de edificación pode desenvolverse en dúas etapas: a fase de proxecto básico, que definirá as características xerais da obra e as súas prestacións mediante a adopción e xustificación de solucións concretas, e que será suficiente para solicitar a licenza municipal; e a fase de proxecto de execución. En consecuencia, e na liña da dita normativa contemplada no Código Técnico da Edificación, procede facer referencia a proxecto básico, en lugar de proxecto completo.

De conformidade co disposto no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en todas as iniciativas normativas xustificarase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, principios aos que se dá cumprimento a través da modificación proposta.

Así, o cumprimento dos principios sinalados deriva directamente do obxectivo de ofrecer solucións ás necesidades e problemática detectadas durante a aplicación práctica da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, dende a súa entrada en vigor, derivadas da propia complexidade da materia, co fin de subsanar, concretar e matizar aquelas cuestións que non resultan suficientemente claras, para evitar dúbidas na súa interpretación, o que contribuirá a garantir a seguridade xurídica, facilitando así a súa aplicación. As modificacións, de conformidade cos principios de proporcionalidade, simplicidade e eficiencia, limítanse ao estritamente imprescindible para solventar os problemas detectados.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021
A/O FUNCIONARIO,

21



Xacobeo 21-22



[Handwritten signature]



Tamén se realizan varios cambios na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

Ante as dúbidas xurdidas, modifícase o artigo 38 coa finalidade de precisar que a tramitación dos procedementos de declaración dos lugares de importancia comunitaria e dos parques nacionais, na medida en que son espazos naturais protexidos de ámbito autonómico, lle corresponde en todo caso á consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, sen prexuízo das especialidades que en cada caso poidan preverse na propia lei.

Neste sentido salientase que, se ben é certo que os lugares de importancia comunitaria son aprobados pola Comisión Europea, unha vez aprobada a lista de lugares de importancia é a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural a que eleva a proposta de declaración destes espazos como zonas especiais de conservación ao Consello da Xunta de Galicia para a súa declaración mediante decreto, de acordo co establecido no artigo 43 da Lei 42/2007, do 13 de decembro do patrimonio natural e da biodiversidade. No caso dos parques nacionais, estes son declarados pola Administración estatal, pero a tramitación dos procedementos de declaración son impulsados pola administración autonómica de acordo co establecido no artigo 8 da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de Parques Nacionais.

Modifícase o artigo 60.3 co obxecto de axustar os contidos dos plans de xestión dos espazos protexidos da rede Natura 2000 de Galicia ás recomendacións da Comisión Europea establecidas nos documentos:

- Notas da Comisión sobre o establecementos de obxectivos de conservación dos espazos Natura 2000
- Notas da Comisión sobre o establecemento de medidas de conservación dos espazos Natura 2000

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18/09/2021

A/O FUNCIONARIO,



Xosé María Blanco 22





Así como nas indicacións da Comisión Europea incluídas na Carta de emprazamento 2015/2003 e no escrito da Comisión Europea do 13.05.2020 no que insta ao Estado Español a mellorar a definición dos obxectivos de conservación dentro dos plans de xestión dos espazos protexidos da rede Natura 2000.

Modifícase o artigo 68 para dar unha resposta a novos usos ou actividades (por exemplo, *xeocaching*) que vaian xurdindo debido á evolución tecnolóxica e/ou á implantación de novas estratexias de produción, que poden ter unha afección sobre os valores polos que se declarou o espazo natural protexido.

Entre os principios inspiradores da Lei establecidos no seu artigo 2 figuran os seguintes:

- c) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe.
- g) A precaución nas intervencións que poidan afectar ao patrimonio natural ou á biodiversidade.

A redacción deste apartado busca dar unha resposta a estes dous principios básicos da Lei e así poder levar a cabo unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar.

Ademais prevé a implantación dunha autorización xenérica, no caso de que se demostre que o novo uso ou actividade non previsto non ocasiona afeccións ao espazo natural protexido e pode ser realizada libremente, sen contar cun estudio caso por caso.

E por último, tamén se inclúe entre as medidas de defensa e protección en materia de xestión da Rede Natura 2000 a referencia á construción de muros de contención e o peche ou valado de terreos como usos ou actividades autorizables na zona 1 dunha zona especial de conservación ou dunha zona de especial protección para as aves da Rede Natura 2000. Suavízanse as



Xosé Antonio Blanco



esixencias do material empregado para estes peches, co fin de compatibilizar a protección da vida silvestre co desenvolvemento das actividades tradicionais no medio rural, solventando as discrepancias do xeito de realizar o peches gandeiros e agrícolas, discrepancias xurdidas da actual redacción do Plan director da Rede Natura 2000, aprobado polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo e que están a dificultar o acceso dos gandeiros á liña de axudas promovida pola Administración para poder protexer ao seu gando e cultivos mediante estes valador fronte ás especies da fauna silvestre.

A continuación se revisa a redacción da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. De forma que, en primeiro lugar, modifícase o artigo 44.1 b) para que dende o propio Plan Sectorial que servirá de base para o desenvolvemento dos correspondentes Proxectos de Interese Autonómico, poida modificarse esa porcentaxe que habilite para reaxustar os ámbitos delimitados no propio Plan, xa que na práctica apréciase que ese 10 % resulta en moitos casos insuficiente.

De conformidade co disposto no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en todas as iniciativas normativas xustifícase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, principios aos que se dá cumprimento a través da modificación proposta.

Así, o cumprimento dos principios sinalados deriva directamente do obxectivo de ofrecer solucións ás necesidades e problemática detectadas durante a aplicación práctica da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, dende a súa entrada en vigor, derivadas da propia complexidade da materia, co fin de subsanar, concretar e matizar aquelas cuestións que non resultan suficientemente claras, para evitar dúbidas na súa interpretación, o que contribuirá a garantir a seguridade xurídica, facilitando así a súa aplicación. As modificacións, de conformidade cos principios de proporcionalidade,

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021 24
AO FUNCIONARIO,



Xacobeo 21-22



Josef Antonio (Bueno)



simplicidade e eficiencia, limitáanse ao estritamente imprescindible para solventar os problemas detectados.

E en segundo lugar, modifícase a redacción da disposición transitoria primeira, a cal unicamente fai referencia ao informe ambiental estratéxico, en relación aos instrumentos en tramitación que se tivesen que someter a avaliación ambiental estratéxica simplificada, pero non establecía o momento da tramitación a ter en conta para aplicar o réxime transitorio que na mesma se contempla para o suposto de procedementos sometidos a avaliación ambiental estratéxica ordinaria. En consecuencia, procede engadir a referencia a que se teña elaborado o documento de alcance para o caso dos instrumentos de ordenación do territorio sometidos ao trámite de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, que poderán así continuar a súa tramitación conforme ao sinalado na referida disposición.

De conformidade co disposto no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en todas as iniciativas normativas xustificarase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, principios aos que se dá cumprimento a través da modificación proposta.

Así, o cumprimento dos principios sinalados deriva directamente do obxectivo de ofrecer solucións ás necesidades e problemática detectadas durante a aplicación práctica da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, dende a súa entrada en vigor, derivadas da propia complexidade da materia, co fin de subsanar, concretar e matizar aquelas cuestións que non resultan suficientemente claras, para evitar dúbidas na súa interpretación, o que contribuirá a garantir a seguridade xurídica, facilitando así a súa aplicación. As modificacións, de conformidade cos principios de proporcionalidade,



[Handwritten signature]



simplicidade e eficiencia, limitáanse ao estritamente imprescindible para solventar os problemas detectados.

A derradeira modificación que se fai nesta materia é na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, en concreto, no artigo 35 b) coa seguinte finalidade:

Na actualidade a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten 72 PXOMs e 65 modificacións puntuais ou plans de desenvolvemento urbanístico en tramitación cuxo documento de referencia¹/alcance² foi xa emitido pero non se recibiu aínda a proposta final de plan para formular a memoria ambiental/declaración ambiental estratéxica. Destes plans:

- 52 PXOMs estanse tramitando ao abeiro da Lei 9/2006 (50 contan con aprobación inicial e poden continuar a súa tramitación a teor do disposto na LOUG); todos eles superaron o prazo de tres anos en cuestión.
- Dos 20 PXOMs que se tramitan pola Lei 21/2013, 8 xa esgotaron o prazo de 3 anos mentres que outros 3 están a piques de esgotalo (dos 20 só 3 acadaron a aprobación inicial e ningún a aprobación provisional).
- 49 plans parciais, plans especiais ou modificacións puntuais de planeamento xeral están sendo sometidos ao procedemento ordinario de AAE ao abeiro da Lei 21/2013 (só 12 contan con aprobación inicial); xa esgotaron o prazo de tres anos ou o farán en breve 31.

Estes datos son mostra da elevada complexidade dos procedementos de aprobación do planeamento urbanístico e da dilatación no tempo da súa tramitación, polo que cómpre excluír estes instrumentos dos prazos



Josef Barreiro Placerio



establecidos para a tramitación doutros plans e programas. Esta modificación leva consigo tamén a modificación da disposición transitoria cuarta da lei.

C) MEDIO RURAL

Neste capítulo do Título II modifícanse varias Leis, en primeiro lugar, na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais man común, os seus artigos 20, 27, 28, 30 e se engade unha disposición final 3ª.

A revisión dos artigos 20, 27 e 28 débense a que a cuarta parte do territorio galego, máis de 700.000 hectáreas, corresponde a monte veciñal en man común, xestionado por unhas 3.000 comunidades de montes das que un 40% non compren total ou parcialmente as súas obrigas administrativas como a comunicación de reinvestimentos, a renovación das xuntas ou do censos de comuneiros, esta porcentaxe de incumprimentos e superior ao 60% nalgúns zonas de Lugo e Ourense. É por tanto preciso regular a xestión cautelar dos montes veciñais en man común naqueles caso de inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños atribuíndoa a unha entidade con capacidade técnica e económica suficiente para a dita xestión, evitando o crecente abandono dos montes derivado do envellecemento da poboación e/ou a despoboación, así como os requisitos para o reinicio da actividade da comunidade.

Esta modificación considérase proporcional, non afecta á seguridade xurídica dos administrados -pois a xestión do concello debe ser en beneficio da comunidade e do monte ata a constitución nova dunha comunidade e segundo unha planificación sostible aprobada- e respecta os principios previstos no artigo 37.a da Lei 14/2013 sobre transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia grazas ás modificacións realizadas de modo que no procedemento de declaración do monte en estado de grave abandono ou degradación queden garantidos os dereitos dos veciños comuneiros.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021

27

A/O FUNCIONARIO,



Xacobeo 21-22



Josefa Blasco Placedo



A modificación do artigo 30 é necesaria para adaptar a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

E, por último, considerase necesario dispor de habilitación, mediante a nova disposición final 3ª, para o desenvolvemento mediante orde dos procedementos e condicións regulados nesta modificación da lei sen necesidade de recorrer a unha nova modificación. Esta modificación respecta os principios previstos no artigo 37.a da Lei 14/2013.

Tamén se modifica neste capítulo a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

En primeiro caso, os números 1, 2 e 3 do artigo 22 co obxecto de clarexar a obriga de xestionar a biomasa durante todo o ano, e prever un sistema máis áxil e eficaz para a dita xestión, de cara á prevención dos incendios forestais, prevendo consecuencias para a falta de atención das advertencias e permitindo a execución subsidiaria.

Tamén permite activar o procedemento de investigación da titularidade dos inmobles no suposto de que non se coñecese a identidade da persoa responsable.

E en segundo caso, modifícase a súa disposición final segunda para habilitar á persoa titular da Consellería competente en materia de incendios para que de xeito particular, atendendo ás peculiaridades concorrentes nun ano poida determinar unha data na que ten que estar rematada a xestión da biomasa, de cara á mellora na prevención dos incendios forestais atendendo ás circunstancias que acontecen.

A continuación fanse varias modificacións da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, concretamente, nos seus artigos 112.4, 123.1 b) e g) e engádese un novo apartado 123.9, xa que a redacción actual estaba a limitar o

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal, en data de 18 OUT. 2021
Santiago de Compostela, A/O FUNCIONARIO,

28



Xacobeo 21-22



Jaime Sánchez Blanco



emprego de material forestal de reprodución de outras rexións de procedencia que teñen demostrada a súa adaptación aos ecosistemas galegos, con independencia da súa categoría, o que dificultaba a súa recuperación e fomento.

É preciso dispoñer de habilitación legal para asinar contratos temporais de xestión pública naqueles montes que alberguen infraestruturas, instalacións ou masas e formacións forestais de especial interese (centros diversos, áreas recreativas, hortos sementeiros, etc.) ou que polo seu intenso uso público precisen ser xestionados pola administración forestal. Igualmente é preciso adaptar o contido do artigo ás modificacións introducidas na lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais de man común sobre a declaración do estado de grave abandono ou degradación e sobre a situación xurídica de pendencia por inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños titular do monte. É dicir, esta modificación deriva da que se efectúa na Lei de medidas da Lei de montes veciñais en man común. Esta modificación considérase proporcional, non afecta á seguridade xurídica dos administrados -pois a sinatura dun contrato temporal de xestión pública é sempre voluntaria- e é transparente, accesible, simple e eficaz por ser unha mera ampliación dos casos admitidos.

Tamén se modifica a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

En primeiro lugar, o seu artigo 3, relativo aos tipos de procesos de mellora da estrutura territorial agraria, suprimindo o que estaba regulado no apartado c), relativo á "Reestruturación da propiedade mediante permutas", porque este proceso xa non é obxecto desta lei, senón que foi regulado na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

En segundo lugar, o artigo 11.4, co obxecto de dar cabida a outras situacións, como son a cesión do dereito de uso e aproveitamentos dos terreos, de cara a





dispoñer de toda a información que poida resultar de utilidade para reorganizar a terra de forma máis eficaz.

A continuación, o artigo 41.3, para que o cambio de titularidade a considerar na entrega de títulos abranga non só os casos de falecemento, senón tamén os de compravenda.

Tamén se modifica a Disposición transitoria primeira xa que é preciso que no momento de entrega dos títulos ás persoas afectadas estean actualizados ao máximo os cambios de titularidade que se tiveran producido durante a tramitación do proceso de concentración. Por isto esta nova redacción remítese ás previsións contidas no artigo 41.3, de cara á favorecer aos destinatarios da norma, no sentido de ter actualizados os seus títulos na medida do posible.

E por último, modifícase a disposición transitoria sexta para corrixir un erro.

Tamén se modifica neste capítulo a letra b) do número 1 da Disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas para dispoñer de máis prazo para a transición entre o actual modelo de consorcios e convenios e o novo contrato de xestión pública, cuxo alcance aínda está en proceso de definición e que se atopa regulado no artigo 123 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Respecto do inciso final da disposición a redacción actual fai referencia ao artigo 81 da Lei 7/2012, é preciso ampliar a referencia aos instrumentos de ordenación e xestión forestal previstos na Lei de montes de Galicia, xa que o artigo 79, rubricado, Dos instrumentos de ordenación ou de xestión forestal: categorías, gradúa a necesidade de instrumentos máis ou menos complexos en función da superficie do monte ou terreo forestal.

E, por último, a derradeira lei que se modifica neste capítulo é a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia co fin de establecer unha ferramenta axeitada para que a axencia (AGADER) poida desenvolver a

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021
A/O FUNCIONARIO,

30



Xacobeo 21-22



Josef Isidoro Blanco



súa actividade de fomento de diversas actividades que se contemplan na lei, como son obras correspondentes aos polígonos agroforestais, ás aldeas modelo ou ás actuacións de xestión conxunta previstos nela.

D) INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

As modificacións proxectadas no capítulo IV do título II atopan o seu fundamento nas competencias autonómicas en materia de transporte por estrada e en materia de estradas (artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía).

En primeiro lugar, engádese unha sección neste capítulo para dar cobertura á execución de determinadas infraestruturas de fomento da mobilidade sostible (sendas peonís e/ou ciclistas, aparcadoiros disuasorios, plataformas reservadas para o transporte público, paradas e estacións de transporte público,...) que, actualmente carecen dunha lexislación específica que as regule. Nese sentido, na actualidade, a execución dese tipo de actuación require da súa acomodación ao planeamento urbanístico municipal, o que habitualmente esixe a súa modificación previa ou ben a tramitación dalgún tipo de instrumento de ordenación do territorio que se impoña sobre aquel e lle dea cobertura á actuación proposta. Porén, tendo en conta a súa condición de infraestruturas públicas de interese xeral, parece axeitado que a súa execución se poidan tramitar segundo procedementos máis áxiles que os previstos, con carácter xeral, na lexislación sobre ordenación do territorio, que está máis pensada para o cambio de clasificación de solos con vistas á súa posterior urbanización e edificación, en xeral dende unha perspectiva de aproveitamento privado do solo. Para iso regúlase a definición do concepto de infraestruturas de fomento da mobilidade sostible e, a continuación, os preceptos relativos á redacción dos seus correspondentes proxectos, á necesidade de información pública e informe das administracións afectadas, á tramitación e aprobación definitiva dos proxectos, aos efectos da súa aprobación e, finalmente, aos mecanismos de coordinación co planeamento urbanístico.

DILIXENCIA: Para facer constar cuxa presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do xeral do 18 de outubro de 2021
Santiago de Compostela,
A/O FUNCIONARIO,

31



Xacobeo 21-22



Josefa Benito Blanco



E en segundo lugar, engádese outra sección neste capítulo dedicada as infraestruturas complementarias do transporte de viaxeiros/as por estrada xa que se estima preciso introducir unha regulación legal que, en consonancia co que veñen facendo outras CCAA, defina os elementos esenciais das estacións de transporte de viaxeiros/as, estableza normas de coordinación para o seu impulso e establecemento entre as dúas administracións con competencias concorrentes, e defina elementos básicos da súa regulación e funcionamento.

E, por último, na sección terceira revisase a redacción de varios artigos da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia:

- Modifícase a definición de travesía, artigo 8.1, co fin de que sexa máis sinxela a súa delimitación e inventario, que se concretará vía desenvolvemento regulamentario. Este cambio habilitará para que, a través do desenvolvemento regulamentario, se establezan unhas condicións obxectivas para a definición das travesías que permitan a súa identificación e inventario dun xeito automatizado, a partir do emprego de sistemas de información xeográfica, o cal simplificará a actividade administrativa. Por outra banda, matízanse as condicións que deben cumprir as travesías para adquirir a condición de vía urbana (apartado 2) que tamén se concretarán no desenvolvemento regulamentario. Por último, no apartado 3, realízase un axuste técnico para suprimir a referencia ás travesías urbanas.
- Artigos 12. 2 e 3, trátase dunha modificación necesaria para adaptar a redacción da lexislación de estradas de Galicia aos cambios experimentados pola lexislación de ordenación do territorio de Galicia. Así, a aprobación da Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, fai necesario adaptar a redacción deste artigo, de xeito que o Plan Director de Estradas de Galicia pasa a ser un plan sectorial aos efectos da lexislación de ordenación do territorio, dado que a figura anterior á que estaba vinculada, a dos programas coordinados

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 16 OUT. 2021
A/O FUNCIONARIO,



Xacobeo 21-22



16 OUT. 2021
10616 Rameiro Blanco



de actuación, desapareceu desa lexislación. Así mesmo, clarifícanse os tipos de determinacións que pode conter o Plan Director de Estradas de Galicia, en concordancia coa nova definición daquelas que se fai na antedita Lei 1/2021.

- Artigo 13, trátase dunha modificación necesaria para adaptar a redacción da lexislación de estradas de Galicia aos cambios experimentados pola lexislación de ordenación do territorio de Galicia. Así, a aprobación da Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, fai necesario adaptar a redacción deste artigo, de xeito que os plans sectoriais de estradas pasan a ser plans sectoriais aos efectos da lexislación de ordenación do territorio, adaptándose ao cambio de denominación das figuras anteriores ás que estaba vinculada, os plans sectoriais de incidencia supramunicipal. Así mesmo, clarifícanse os tipos de determinacións que poden conter os plans sectoriais de estradas, en concordancia coa nova definición daquelas que se fai na antedita Lei 1/2021.
- Artigo 14, trátase dunha modificación necesaria para adaptar a redacción da lexislación de estradas de Galicia aos cambios experimentados pola lexislación de ordenación do territorio de Galicia. O artigo 14 indica o contido e tramitación do Plan Director de Estradas de Galicia e dos plans sectoriais de estradas. O seu punto segundo refírese á tramitación destes, que se modifica con fin de incluír que a tramitación destes plans non requiren a notificación individual a todas as persoas titulares dos predios afectados dado que, por defecto, segundo a nova Lei 1/2021, esa notificación sería necesaria, pola vinculación entre as figuras de planificación de estradas e os instrumentos de ordenación do territorio de Galicia. Así, resulta necesaria unha norma con rango de lei para reverter esa obriga, que resulta inviable no caso de instrumentos de

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do original.
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021

AVO FUNCIONARIO

33



Xacobeo 21-22



Josef [Signature]



planificación que lle afectan a un ámbito territorial tan amplo como os de estradas.

- Artigo 23, trátase dunha modificación necesaria para adaptar a redacción da lexislación de estradas de Galicia aos cambios experimentados pola lexislación de ordenación do territorio de Galicia. Así, a aprobación da Lei 1/2021, fai necesario adaptar a redacción deste artigo ás modificacións introducidas por aquela. En primeiro lugar, a consideración dun determinado proxecto como de incidencia supramunicipal, foi substituída pola consideración de interese autonómico, polo que se debe adaptar esa denominación para os estudos e proxectos en materia de estradas. Ademais, como a nova Lei 1/2021, require que, para quen un proxecto teña tal consideración, se realice un trámite previo de declaración de interese autonómico por parte do Consello da Xunta de Galicia, é necesaria unha norma con rango de lei para evitar a necesidade de realizar ese trámite no caso dos estudos e proxectos en materia de estradas dado que, pola súa natureza, é implícito seu interese autonómico. Así mesmo, clarifícanse os efectos das determinacións dos estudos e proxectos de estradas que teñan a consideración de proxectos de interese autonómico, en concordancia coa nova definición daquelas que se fai na antedita Lei 1/2021.
- Artigo 23 bis, trátase dunha modificación necesaria para adaptar a redacción da lexislación de estradas de Galicia aos cambios experimentados pola lexislación de ordenación do territorio de Galicia. Así, créase un novo artigo para indicar que no caso de estudos e proxectos non previstos no Plan Director de Estradas de Galicia ou nos plans sectoriais de estradas, non se requirirá a previa modificación destes últimos, cando a aprobación dos primeiros sexa realizada polo Consello da Xunta de Galicia dado que, por defecto, segundo a nova Lei 1/2021, esa modificación sería necesaria, pola vinculación entre as figuras de planificación de estradas e os instrumentos de ordenación do

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é 34
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 de out. 2021.....
A/O FUNCIONARIO,



Jose C. Barreiro *Blanco*



territorio de Galicia. Así, resulta necesaria unha norma con rango de lei para reverter esa obriga, que penalizaría a axilidade das administracións titulares das estradas para actuar ante as necesidades xurdidas nelas, que habitualmente requiren dunha intervención en prazos máis áxiles que os que permitirían proceder a unha modificación dos instrumentos de planificación sectorial en materia de estradas.

- Artigo 47, engádese un novo apartado 5 co fin de resaltar e aclarar que os accesos á estrada ou aos seus elementos funcionais afectan directamente á calzada, polo que a súa autorización lle corresponde á administración titular da estrada no que á normativa sectorial se refire. Este precepto xa se atopa vixente, na actualidade, no apartado 3 do artigo 113 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, pero, tendo en conta os seus efectos sobre terceiros, considérase adecuado elevalo a unha norma con rango de lei. Aproveitase o cambio para aclarar que esa competencia para o outorgamento das autorizacións de acceso esténdese, incluso, aos que se realicen nos treitos urbanos. Do mesmo xeito, e pola íntima vinculación cos anteditos accesos á estrada, establécese unha regulación análoga en relación coas parcelacións e segregacións das parcelas lindeiras coas estradas, incluso nos seus treitos urbanos, aclarando que estas tamén quedarán suxeitas á autorización da administración titular da estrada.
- Artigo 49, 2 e 3, a modificación do artigo 47.2 introducida pola LM do 2021 eliminou a posibilidade de que os concellos, no caso de obras, instalacións ou actividades non executadas pola administración titular da estrada, na parte da zona de dominio público dos treitos urbanos distinta das calzadas e das súas beiravías, outorgaran as autorizacións en materia de estradas, logo do informe vinculante da administración titular da estrada. Polo tanto, unha vez que os concellos non son competentes para emitir estas autorizacións en estradas que non sexan da súa titularidade, todas as referencias dobres e alternativas á administración

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 de OCT. 2021
A/O FUNCIONARIO,

35



Xacobeo 21-22



85565

Carla Blanco Blanco



titular da estrada e a que outorgou a autorización deben quedar substituídas por unha referencia única á administración titular da estrada, que pasa a ser a única competente para outorgar as autorizacións en materia de estradas e para o seu seguimento, control e supervisión.

- Artigo 52, modifícase o artigo, comezando polo seu título, co fin de incluír a regulación das parcelacións e segregacións. En canto aos accesos, inclúese un novo apartado 2 co fin de regular a incorporación ao dominio público dos elementos e terreos onde se sitúen estes, correspondentes ao novo acceso. Este precepto xa se atopa vixente, na actualidade, no Regulamento Xeral de Estradas, pero, tendo en conta os seus efectos sobre terceiros, considérase adecuado elevalo a unha norma con rango de lei. Ademais, engádese un novo apartado 3 relativo ás parcelacións e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas onde se dan as condicións xerais que se deben cumprir para a súa autorización, que terán o seu correspondente desenvolvemento regulamentario. Así, no solo urbano consolidado permitíranse segregacións que incrementen o número de accesos ás estradas, en atención á propia clasificación urbanística dese solo, por ser o axeitado para ese tipo de desenvolvemento, pero comprobando que todas as novas parcelas xeradas poderán dispoñer del, no caso de que o necesiten, xa sexa a través doutras vías de circulación ou ben a través de novos accesos á estrada que cumpran as condicións que lles sexan esixibles para ser autorizados. En cambio, fóra do solo urbano consolidado, proscribíase a proliferación de novos accesos, en aplicación do principio de limitación de accesos xa establecido no actual artigo 52.
- O artigo 53, relativo á publicidade, sinala no seu apartado 3 os casos que, aos efectos da lexislación de estradas de Galicia, non teñen a consideración de publicidade. Entre outros, no seu apartado b) inclúe os rótulos dos establecementos mercantís e industriais. A este respecto,

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é 36
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2021.
A/O FUNCIONARIO,



Xacobeo 21-22



Josefa Barreiro Barreiro



proponse modificar este apartado para mellorar a súa redacción, ao tempo que se considera necesario incluír unha excepcionalidade ao emprazamento dos rótulos dos establecementos mercantís e industriais indicativos da súa actividade desenvolvida en edificios situados entre a estrada e a liña límite da edificación.

- Artigo 58.2, considérase necesario introducir un novo parágrafo no apartado 2 do artigo 58 para detallar con máis precisión as actividades que poden ser indemnizables. Esta concreción dará lugar a unha maior seguridade xurídica nas indemnizacións por danos e perdas causados ao dominio público viario. En concreto, esténdese a posibilidade de esixir un resarcimento á administración titular da estrada polos traballos de auxilio público mediante persoal, xa sexa a través de medios propios ou contratados, medios de sinalización ou balizamento, custodia de vehículos ou cargas e retirada de restos en caso de accidente ou avaría; aínda cando non se tivesen producido danos directos sobre os elementos do dominio público viario. Esta previsión está en liña co xa previsto no artigo 40 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas do Estado, e dotará de maior seguridade xurídica ás reclamacións que, nese sentido, fagan as administracións titulares das estradas.
- Disposición adicional 1ª, modifícase esta disposición para realizar, por unha parte, un pequeno axuste da súa redacción no seu apartado primeiro, de tal xeito que se eviten as referencias internas dentro do texto legal, que poden dar lugar a confusións no caso de posteriores modificacións dos preceptos referidos. No apartado segundo, onde se regula un mecanismo para a reposición de elementos afectados por obras das estradas, a práctica puxo de manifesto a necesidade de dispor dun prazo máximo dende a finalización das obras para que as persoas administradas poidan realizar as reposicións sinaladas neste punto que ata o de agora carecían de prazo (o que daba lugar a situacións de difícil xustificación e aumentaba a posibilidade de fraude nos casos nos que se

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel o orixinal de seu orixinal.
Santiago de Compostela, 08 OCT 2021....
A/O FUNCIONARIO,

37



Josefa Benito Blanco



facia uso desta excepcionalidade), polo que se considera axeitado fixar un prazo de 3 anos dende a data de finalización contractual da obra que lle afectou. Dado que esta modificación xa só lle será de aplicación ás obras finalizadas trala súa entrada en vigor e para evitar o baleiro xurídico considérase necesario incluír unha disposición transitoria na propia Lei de medidas

E) MAR

No capítulo V do título II contéplase en primeiro lugar, unha modificación da Lei 8/2011, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, xa que na súa redacción actual, o artigo 148.2.a) non establece o comiso como sanción accesoria para a infracción grave en materia de comercialización prevista no artigo 137.G.2, dando lugar a unha situación na que, se ben se podería adoptar como medida cautelar a incautación dos produtos pesqueiros obxecto de actividades ilegais durante a tramitación do procedemento sancionador, no momento de finalizar o procedemento, ao non poder impoñerse como sanción accesoria o comiso dos produtos, habería que proceder a súa devolución, ou ben, no caso de que isto non fose posible -por térselle dado aos produtos un destino incompatible coa devolución-, se tería que indemnizar polo seu valor xa que, na actualidade, dita infracción unicamente se pode sancionar con multa.

Por este motivo, co fin de evitar a comercialización de produtos pesqueiros ilegais, resulta necesario que se poda impoñer como sanción accesoria o seu comiso no suposto da comisión da infracción prevista no número 2 do artigo 137.G), o que esixe a modificación da letra a) do número 2 do artigo 148 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, nos termos sinalados.

A presente proposta cumpre os requirimentos de boa regulación que establece a lexislación do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Así, a necesidade da iniciativa lexislativa vén dada polas razóns de interese xeral que xa se teñen exposto. Cúmrese tamén o principio de eficacia,

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021.
A/O FUNCIONARIO

38



Xacobeo 21-22



Josef Benito Blanco



porque esas medidas só poden ser introducidas a través dunha norma con rango de lei, por afectar a unha materia que está recollida nunha disposición de carácter legal. Respéctase o principio de proporcionalidade, en canto que contén a regulación necesaria para garantir a consecución dos obxectivos que se perseguen, sen que se impongan novas obrigas ou cargas administrativas. Respéctase tamén o principio de seguridade xurídica, en tanto que esta iniciativa lexislativa se exerce de xeito coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e comunitario, e dentro das competencias da Comunidade Autónoma en materia de pesca, marisqueo e acuicultura, e de ordenación do sector pesqueiro. En canto ao principio de transparencia, defínese con claridade os obxectivos da iniciativa normativa e a súa xustificación. Por último, en virtude do principio de eficiencia, non se recollen na proposta de modificación cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

E en segundo lugar, modifícase a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia. O marco competencial e normativo ven constituído polo artigo 148.1.6º e 149.1.20º da Constitución Española e polos artigos 27.9 e 28.6 do Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de decembro, que atribúen competencias exclusivas á Galicia sobre portos que non sexan de interese xeral do Estado, portos de refuxio e portos deportivos, e competencias de desenvolvemento lexislativo e de execución da lexislación do Estado en canto a portos pesqueiros.

Dentro de este marco competencial, aprobouse a mencionada Lei, da que se propón modificar os seus artigos 49, 137 e 143.

A modificación do artigo 49 trae causa de aclarar as obrigas de coordinación e actividades empresariais dentro da zona portuaria, deixando explícito que no ámbito de espazos portuarios de outorgados en concesión ou autorización e naqueles onde a actividade empresarial estea baixo control e dirección dun empresario que pode actuar coa colaboración de empresas auxiliares e subcontratistas, sexa este empresario principal o responsable de xeito que non

DILIGENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021

A/O FUNCIONARIO

39



Isela Beatriz Blanco



poida imputar tal obriga á autoridade portuaria. Criterio, ademais, seguido pola Administración Xeral do Estado no artigo 65 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da Mariña aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 5 de setembro.

A modificación do número 1 do artigo 137, estriba en que a gradación das sancións de multa realizase agora eliminando os importes mínimos para as graves e moi graves a efectos de permitir unha mellor gradación e aplicación do principio de proporcionalidade na determinación das multas, ao observarse que, atendendo ás tipificacións das infraccións, podía darse o caso de que o importe mínimo das multas aplicables ás graves e moi graves suporía un efecto desproporcionado.

Respecto á modificación do artigo 143, a necesidade deriva da dificultade máxima de ditar e notificar resolución expresa nos procedementos sancionadores dentro do prazo ordinario establecido por defecto no artigo 21 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Seguindo o modelo de múltiple normativa comparada, entre a que cabe citar a Lei 11/2008, de pesca de Galicia, propónse a inclusión dun novo apartado que amplíe o prazo da tramitación ata un máximo dun ano garantindo desta maneira a eficacia na tramitación destes procedementos. Trátase, en consecuencia, de establecer un prazo máximo de resolución dos procedementos administrativos sancionadores que permita a súa tramitación sen que se produza a caducidade, evitando a posibilidade de ter que volver a incoalos, o que suporía un incremento da carga de traballo para os limitados efectivos de persoal que teñen asumida esta función. O prazo dun ano fixado están en consonancia con outras normas autonómicas galegas como xa indicamos.

A presente proposta cumpre cos requisitos de boa regulación que establece a lexislación de procedemento administrativo común das Administracións Públicas:



Xacobeo 21:22

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é 40
reproducción fiel e exacta do seu original
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021
A VO FUNCIONARIO



Josefa Barreiro Barreiro



A necesidade da iniciativa lexislativa vén dada polas razóns de interese xeral de facilitar a comprensión e aplicación da normativa portuaria.

Cómprese co principio de eficacia, porque esas medidas so poden ser introducidas por norma con rango de lei, porque afectan a materias que están reguladas en disposición de carácter legal.

A modificación cumpre co principio de proporcionalidade en tanto establece medidas necesarias para acadar a mellora na tramitación de procedementos de ordenación e explotación portuaria sen que se impoñan mais cargas ou obrigas administrativas. A medida considerase eficiente porque non se impoñen maiores cargas accesorias administrativas.

Aténdese especialmente o principio de seguridade xurídica, en tanto que a presente iniciativa lexislativa se exerce respectando e en coherencia co ordenamento xurídico nacional e comunitario, e dentro do bloque constitucional de competencias que ostenta a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de portos.

F) POLÍTICA SOCIAL

O capítulo VI do título II, en materia de política social, ao abeiro da competencia exclusiva autonómica en materia de asistencia social (artigo 27.23 do Estatuto de autonomía), modifica a Disposición adicional na que se regula as actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Este cambio obedece á aplicación de gratuidade na atención educativa das escolas infantís 0-3 para todos os nenos e nenas usuarios destes centros, con independencia do número de irmáns.

A nova redacción desta disposición adicional entrará en vigor o 1 de setembro de 2022, co inicio do curso 2022-23. Ata ese día debe continuar en vigor a actual redacción da lei, para poder dar cobertura a aplicación da gratuidade

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021....
A/O FUNCIONARIO

41



Xacobeo 21-22



Isela Sánchez Placer



para os 2º irmáns e sucesivos da unidade familiar que xa se está a aplicar no curso 2021-22.

G) EMPREGO

No capítulo VII modifícase o artigo 73 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, esta proposta de modificación ten por obxecto facilitar o exercicio das obrigas de depósito das contas anuais das cooperativas á vista das dificultades xurdidas para a sinatura electrónica das mesmas por parte de todos os membros do consello reitor, especialmente cando o seu número é elevado.

O presidente do consello reitor, que tamén o é da sociedade cooperativa, ten atribuída a súa representación legal e a súa actuación axustarase aos acordos da asemblea xeral ou do consello reitor, en virtude do artigo 41 da Lei 5/1998, do 18 de decembro de Cooperativas de Galicia. A súa sinatura, xunto coa do secretario, nas contas anuais permitirán cumprir satisfactoriamente con esta obriga legal e o procedemento de depósito de contas poderá tramitarse electronicamente na súa integridade.

Ademais, a documentación asinada electronicamente non precisará da súa lexitimación notarial xa que o artigo 3.1 da Lei 59/2003, de sinatura electrónica establece que a sinatura electrónica é o conxunto de datos electrónicos que consignado con outros, ou asociado con eles, poden ser utilizados como un medio de identificación do asinante. De tal xeito que, a sinatura electrónica encripta o documento e da fe da súa autenticidade e da súa integridade.

Polo tanto, en aras á consecución da finalidade pretendida con esta modificación, é preciso modificar os números Tres e Catro do artigo 73 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.



[Handwritten signatures and stamps]



A verificación da validez das sinaturas dos documentos pódese realizar a través do código de verificación electrónica (cve) ou empregando a plataforma VALIDe, o validador de sinatura electrónica do portal administracion.es (<https://valide.redsara.es>). Esta verificación equivale á autenticación rexistral das sinaturas.

H) VIVENDA

No capítulo VIII do título II se recollen varias medidas en materia de vivenda, en primeiro lugar, a necesidade de posibilitar a creación dun fondo de cooperación cos concellos similar ao fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído dotado con fondos procedentes dos depósitos das fianzas de arrendamento. Estes cambios realízanse a través da modificación do artigo 33.3 e da disposición adicional 22ª da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

Este fondo destinárase aos concellos para que podan financiar a adquisición e promoción de vivenda de nova construción destinada principalmente a alugueiro social se ben, por resolución da Presidencia do IGVS, estas vivendas poderían destinarse a outras finalidades a fin de adaptarse ás necesidades sociais existentes en materia de vivenda e aos programas que, de ser o caso, podan aprobarse xa sexan autonómicos ou estatais.

O obxectivo é que nestes concellos podan financiar novas promocións que permitan asentar poboación e satisfacer a demanda de vivenda por parte da poboación, principalmente en réxime de alugueiro a rendas accesibles que permitan acceder a unha vivenda ás persoas con maiores dificultades de acceso.

A creación deste fondo está tamén vinculada á posibilitar a execución dos fondos MRR, concretamente ao programa 6, de axuda á construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes. O obxecto

DIRIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021
A/O FUNCIONARIO, 43



[Handwritten signature]



deste programa é o fomento e incremento do parque público de vivendas enerxeticamente eficientes destinadas ao alugueiro social ou a prezo asequible, mediante a promoción de vivendas de nova construción ou rehabilitación de edificios non destinados actualmente a vivenda, sobre terreos de titularidade pública, polas administracións públicas, os organismos públicos e demais entidades de dereito público, así como as empresas públicas, público-privadas e sociedades mercantís participadas maioritariamente polas administracións públicas para ser destinadas ao alugueiro social ou cesión en uso.

Estas promocións poderán ser financiadas na súa totalidade polos promotores públicos si ben, prioritariamente, deberán promoverse fórmulas de colaboración público-privada que optimicen a utilización dos fondos públicos.

□ □erán obter financiamento con cargo ás axudas deste programa as promocións de vivendas de nova construción ou procedentes da rehabilitación de edificios de outros usos que deberán destinarse ao alugueiro social durante un prazo mínimo, en ambos casos, de 50 anos.

As actuacións de rehabilitación poderían financiarse con cargo ao fondo de cooperación existente, pero non así a obra nova, polo que a creación deste novo fondo, permitiría aos concellos financiar a parte non subvencionada polos fondos europeos.

Hai que ter en conta que o artigo 33.e da lei de vivenda de Galicia xa permite utilizar o importe das fianzas depositadas con destino a investimentos para a promoción, construción e rehabilitación de vivendas protexidas de promoción pública, a actuacións directas en núcleos antigos ou suxeitos a un proceso de renovación urbana, á dotación de fondos de cooperación cos concellos para o impulso de actuacións de rehabilitación, rexeneración ou renovación urbana, a medidas de fomento do alugamento e a políticas de fomento do dereito á

DILIXENCIA: Para facer constar que a presenta fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT 2024
A/O FUNCIONARIO,



Xacobeo 21-22



Jose Antonio Sampedro



vivenda previstas nesta lei, sempre que quede garantida a devolución das fianzas que sexan reclamadas no tempo e na forma que proceda.

Con esta nova redacción prevese incluír, especificamente, dentro desas actuacións de política de vivenda financiadas cos fondos.

Tamén se modifica a disposición adicional 21ª da Lei de Vivenda referida á Exención na aplicación dos requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria das axudas e para a realización do pagamento do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero outorgadas pola Administración autonómica coa seguinte finalidade:

ormen sobre ese aspecto. Transcorrido ese prazo sen que as administracións co 10 os requisitos para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora. No apartado 2 do citado artigo establécese que *"Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades nas que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:*

e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen."

O artigo 31.7 da mesma lei establece que *"non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro"*. Así mesmo o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia esixe a verificación do cumprimento destas obrigas para realizar o pagamento da subvención. Este precepto non ten o carácter de básico. En consecuencia, é

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18/OUT/2021
A/O FUNCIONARIO,

45



Xacobeo 21-22



85575

Jose Manuel Blanco

posible que unha lei específica, como a Lei de vivenda, exonere deste requisito para realizar os pagamentos ás persoas beneficiarias das axudas de bono de alugueiro social.

As persoas destinatarias da medida proposta forman parte dun colectivo especialmente vulnerable, amosando na maior parte dos casos imposibilidade ou extrema dificultade para cancelar as débedas que poden ter pendentes coas Administracións tributarias e coa Seguridade Social. A finalidade desta modificación é evitar que as persoas integrantes deste colectivo que contan con débedas tributarias poidan ser desafiuzadas por este motivo, considerando que de acceder ao Programa do bono de alugueiro social (coa subvención ligada de axuda complementaria de concesión directa), o Instituto Galego da Vivenda e Solo aboaríalle o total da renda mensual de alugamento.

A maior parte das persoas que poden acceder ás axudas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para as vítimas de violencia de xénero, están en risco de exclusión social e, na práctica, tivéronse que denegar moitas axudas a persoas que, cumprindo o resto dos requisitos, tiñan débedas anteriores coa administración tributaria ou a Seguridade Social. Tendo en conta o carácter eminentemente social destas axudas considérase que deben eximirse do requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social tanto para obter a condición de persoa beneficiaria como para que se lle efectúe o pagamento, xa que este se fai á persoa arrendadora para garantir a súa aplicación ao pago da renda.

No que respecta ao carácter retroactivo da medida proposta, considérase necesario para salvagardar a intencionalidade da redacción vixente do artigo agora modificado, considerando ademais que se trata dunha medida favorable para as persoas interesadas na obtención da axuda.

I) SANIDADE

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 11 de OUT. 2021

AVO FUNCIONARIO



[Handwritten signature]

46

[Handwritten signature]



Neste ámbito, con fundamento na competencia autonómica en materia de sanidade (artigo 33 do Estatuto de autonomía de Galicia), no capítulo IX modifícase a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia. Neste sentido cómpre indicar que a Administración xeral do Estado interpuxo, o 6 de abril de 2021, recurso de inconstitucionalidade contra o apartado cinco do artigo único da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 8/2021, de 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, en canto da unha nova redacción ao artigo 38.2 da lei modificada. Producida esa interposición a Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral del Estado-Comunidade Autónoma de Galicia acordou tratar de acadar un acordo extraprocesual ao respecto das discrepancias manifestadas na interposición de tal recurso de inconstitucionalidade. Finalmente, tal Comisión Bilateral chegou a un acordo en virtude do cal ambas as dúas partes consideraron resoltas aquelas discrepancias de conformidade cunha de serie de compromisos e consideracións como foi, entre outras, a de que se promovera unha iniciativa lexislativa co obxecto de introducir no texto da Lei de saúde de Galicia unha disposición adicional segunda. Tamén se acordou que, con base nese acordo, unha vez producida tal modificación normativa a Administración xeral do Estado desistirá do recurso interposto ante o Tribunal Constitucional.

Por outra banda, engádese un novo artigo á presente lei relativo a unha serie de medidas extraordinarias en materia de planificación e ordenación de recursos humanos para o fortalecemento da atención primaria en Galicia.

A creación da categoría profesional que se propón resulta necesaria como medida extraordinaria e urxente para paliar o déficit de persoal médico dispoñible para servizos asistenciais en atención primaria. Nos próximos cinco anos o relevo xeracional de persoal médico de familia non está garantido. Tendo en conta tanto o persoal que previsiblemente vai a optar pola xubilación nos próximos cinco anos, como as vacantes actuais non cubertas actualmente, o persoal en formación que rematará a súa especialidade de medicina familiar

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do documento
Santiago de Compostela, 18 de OUTO 2021.
A VO FUNCIONARIO,

47



Xacobeo 21-22



[Handwritten signature]



e comunitaria o próximo ano e os catro seguintes, non serán suficientes para cubrir as necesidades asistenciais en atención primaria.

Por outra banda, as condicións de traballo actuais en atención primaria están organizadas en dúas tipoloxías de postos de traballo de médico de familia. Un deles é específico de PAC (dispositivos de atención urxente extrahospitalarios) e outro posto que cubre a atención ordinaria en centros de saúde.

Os documentos de planificación, nomeadamente o Plan Galego de Atención primaria (obxectivo 3.4), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 16 de maio de 2019 e o documento "Por unha atención primaria vertebradora do sistema", apuntan á necesidade de que o persoal médico de familia preste servizos tanto en atención primaria como en PAC. Así tamén, a Comisión de Seguimento do documento citado por unha atención primaria vertebradora, ten manifestado a necesidade de que os médicos de familia presten servizos en PAC e tamén en atención ordinaria.

De acordo coa estratexia marcada e ante esta grave situación, compre establecer cambios no modelo de prestación asistencial e na ordenación dos recursos humanos dos equipos de atención primaria configurando unha nova categoría profesional que permita a prestación conxunta tanto en ordinaria como en PAC. As funcións desta categoría profesional desenvolveranse coas regras especiais en canto aos lugares de prestación do servizo, dispoñibilidade e xornada, que particularizan as súas especificidades. Esta nova categoría prestaría servizos nas novas prazas que se creen, na reconversión das vacantes actuais e tamén nas que se produzan por baixas definitivas derivadas de xubilación e outras causas nos próximos cinco anos.

Por outra banda, outras das medidas extraordinarias recollidas é o reforzo de equipos de apoio no ámbito da atención primaria. O artigo 3 do Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021
A/O FUNCIONARIO

48



Xacobeo 21-22



Isela Benicio Alvarez



autónoma de Galicia, contempla o chamado persoal técnico en saúde como un recurso de apoio para os servizos de atención primaria.

En atención ás circunstancias anteriormente sinaladas, prevese a posibilidade de que por parte do Servizo Galego de Saúde, se acuda ao nomeamento de persoal estatutario temporal de carácter eventual, como persoal médico técnico de saúde, que desenvolva funcións de apoio na atención primaria nos ámbitos da xestión da incapacidade temporal, prevención da enfermidade ou calquera outro que demanden as necesidades da atención sanitaria e a protección da saúde. Do mesmo xeito que a anterior, a presente medida ten tamén un carácter extraordinario e temporal.

J) INDUSTRIA, COMERCIO E CONSUMO.

Neste Capítulo modifícase, en primeiro lugar, a Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

En primeiro lugar, engádese unha disposición transitoria, co título de Peché do rexistro eólico, xa que na actualidade hai en tramitación autonómica 275 proxectos de parques eólicos que supoñen 7.246,27 MW, que sumados aos 185 parques xa en funcionamento (3.876,89 MW) mais os 51 xa autorizados ou en obras (725,25 MW), alcanza a cifra de 11.848,41 MW totais admitidos a trámite.

Propónse pechar temporalmente a posibilidade de facer novas solicitudes de autorización de parques eólicos por "continxentación" é dicir, cando se alcance un determinado continxente.

O obxectivo do sector para poñer en marcha proxectos estímase en 500-600 MW/ano, polo que ata 2030 suporía aproximadamente 6.000 MW adicionais, amplamente superado polos mais de 7.200 MW que están en tramitación. Propónse un continxente obxectivo de 10.000 MW (en trámite e funcionando).

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021.
A/O FUNCIONARIO,



[Handwritten signature]



En segundo lugar, propónse engadir unha nova disposicional adicional na Lei para tratar de dar seguridade xurídica aos proxectos que queden sen acceso e conexión por incumprimento dos prazos establecidos no Real Decreto Lei 23/2020 e a aqueles que se admitiron a trámite con anterioridade á existencia do permiso de acceso e conexión (modificación introducida na Lei 8/2009 pola Lei 9/2021), dándolles un prazo para conseguir un novo permiso de acceso e conexión antes de archivar os expedientes.

E por último, é necesario modificar o artigo 33.7 da Lei e tamén engadir unha nova Disposición adicional e unha nova disposición transitoria co fin de modificar esta distancia para as novas solicitudes e para aquelas que estén presentadas pendentes de admisión, xa que a distancia actual permitida aos núcleos de poboación é de 500 metros (establecida no Plan sectorial eólico de Galicia), esta distancia debe ser proporcional á altura dos aeroxeradores. Xustifícase polo maior impacto visual, xa que coa evolución da tecnoloxía a altura dos aeros incrementouse considerablemente (ata preto dos 200 m).

Tamén se modifica neste Capítulo o artigo 82 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias coa finalidade de incrementar a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, tanto en materia de seguridade como en materia de información e transparencia. En concreto revísanse as redaccións dos apartados 29 e 43 e engádense os apartados 44, 45, 46 e 47:

- Apartado 29: a actual redacción do apartado 29 foi obxecto de interpretacións diverxentes polos órganos xurisdiccionais o que vai en contra da seguridade xurídica e a finalidade determinada polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea respecto á regulación das cláusulas abusivas pola Unión, por isto, modifícase este apartado coa fin de clarificar e evitar interpretacións diverxentes.



[Handwritten signature]



- Apartado 43: este apartado foi introducido na lei de medidas para o ano 2021, introduciuse un apartado 43 no art. 82 da Lei 2/2012. Non obstante, a Administración do Estado modificou o art. 49 do Real Decreto Legislativo 1/2007, modificando a letra i) do apartado 1 sendo unha infracción de carácter básico. Por todo elo, e co fin de dar unha maior protección aos consumidores modifícase o apartado 43 do art. 82 da Lei 2/2012, tendo en conta a modificación do Real decreto Legislativo 1/2007.
- Novo apartado 44: unha das prioridades en materia de protección dos consumidores é o de garantir a seguridade dos bens e produtos que se ofertan no mercado. Para conseguir dita finalidade as autoridades de Consumo establecen disposicións e resolucións prohibindo a venda, limitando a mesma ou esixindo a recuperación de produtos inseguros no mercado. Así empresas, en determinados supostos, demoran ou incumpren ditas disposicións e resolucións poñendo en risco a seguridade e saúde das persoas consumidoras e usuarias, polo que dito comportamento debe ser considerado como infracción grave.
- Novo apartado 45: polo que respecta a falta de transparencia, tanto o Tribunal de Xustiza da Unión Europea como o Tribunal Supremo consideran que unha cláusula dun contrato pode ser abusiva por falta de transparencia. Por outra banda o propio Tribunal Supremo ratificou a competencia das Autoridades de Consumo para valorar e sancionar as cláusulas dos contratos cos consumidores se as consideran abusivas.
- ~~Artículo 46~~ apartado 46: de igual xeito a normativa de protección dos consumidores, derivada, en moitos supostos de transposicións de normas da Unión Europea ao ordenamento xurídico español exixen que se facilite determinada información previa á

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021
A/O FUNCIONARIO



José Manuel Blanco



contratación. Tendo en conta o anterior, e co fin de garantir unha maior seguridade xurídica e o principio de transparencia que debe presidir as relacións de consumo considérase preciso establecer una infracción específica para sancionar este tipo prácticas. Igualmente debe ser considerado grave aquelas modificacións unilaterais dos contratos coas persoas consumidoras por parte dos axentes económicos realizados sen que conste a toma de coñecemento por parte do consumidor.

- E, por último, novo apartado 47: no caso das comunicacións a distancia precisábase tamén dunha consecuencia específica para o caso do incumprimento da normativa específica (Real Decreto Lexislativo 1/2007) e doutra máis sectorializada.

Por outra parte, tamén variase a redacción do artigo 67 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, introducíndose un novo apartado 3, conforme ao disposto no artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que atribúe á comunidade autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución Española.

Neste sentido, no marco do procedemento de disolución e extinción das cámaras de comercio, en concreto, na fase de extinción, considerase necesario modificar o artigo 67, relativo á asunción de funcións, no sentido de engadir un novo apartado co obxectivo de conseguir unha maior claridade e seguridade xurídica no procedemento de extinción en relación coa posible vinculación dos saldos debedores da cámara a extinguir.

E, por último, modifícase o artigo 79 do Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial. Este



Jose Antonio Alvarez

Galicia, aos efectos de fortalecer e apoiar as estruturas de investigación e innovación universitarias e por outro lado, a adaptación de determinados preceptos en materia de duración do mandato do presidente do consello social, eliminando as limitacións temporais na súa renovación.

Os diferentes Plans de investigación e innovación da administración autonómica, así como os seus instrumentos financeiros, veñen recoñecendo a importancia dunha investigación interdisciplinar de excelencia e de alto impacto, que xorde como consecuencia da agregación das capacidades de diferentes grupos de investigación e do fomento da investigación cooperativa entre eles, en ámbitos e estruturas organizativas ben definidas co obxecto de asumir novos retos e aumentar a capacidade competitiva.

Para tal fin, en diferentes anualidades, convocáronse axudas para fomentar as estratexias de cooperación supragrupo de investigación, que permitise incrementar tanto a calidade das actuacións en I+D como a capacidade para asumir os novos retos, mediante a creación de agrupacións estratéxicas que debían constituír o cerne en que se cimentasen futuras políticas de apoio.

Polo tanto, a Comunidade Autónoma atópase ante a oportunidade de estruturar máis adecuadamente as actividades e grupos de investigación de excelencia, na contorna do Sistema Universitario de Galicia, co obxectivo estratéxico de alcanzar un maior e máis sólido protagonismo no futuro espazo europeo de investigación.


No marco das súas competencias de fomento da investigación recoñecidas no artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía de Galicia, prevese na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, un procedemento para xestionar a acreditación dos centros e estruturas de I+D+i universitarias de Galicia. A actuación ten a finalidade de impulsar a calidade e o impacto da investigación realizada en Galicia e potenciar o efecto tractor que estas unidades exercitan sobre o conxunto do sistema.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 17/8 OUT 2021
A/O FUNCIONARIO,

54

 Xacobeo 21-22







Os centros e estruturas de I+D+i universitarios acreditados favorecerán ao Sistema Universitario de Galicia ao garantir un nivel de excelencia de calidade dos servizos I+D+i e incentivar a mellora continua da calidade dos resultados de I+D+i, impulsando o uso eficiente dos recursos e o seu axuste multidisciplinar con grupos de excelencia doutras institucións, así como promover as liñas de colaboración entre centros do propio Sistema e cos doutras institucións públicas ou privadas con obxectivos I+D+i, posibilitando a competencia, a través dun recoñecemento institucional que facilite o aumento dos recursos humanos, infraestruturas e novas tecnoloxías para ampliar e consolidar a calidade e cantidade das liñas de investigación e a coherencia e consolidación dos equipos, e implicar aos profesionais na mellora continua da calidade a través da motivación e incentivación para manter a acreditación das súas actividades. Por outra banda, a acreditación supón para os centros e estruturas de I+D+i un elemento de difusión das súas actividades de investigación.

Así mesmo, para a Administración autonómica, a acreditación dos centros e estruturas de I+D+i universitarios constitúe unha garantía do correcto financiamento da investigación, asegurando o bo uso dos recursos públicos e privados e unha correcta práctica investigadora e transferencia dos resultados da investigación á sociedade; permítelle igualmente identificar as institucións investigadoras de excelencia e os seus indicadores temáticos, de calidade, eficacia, eficiencia, oportunidade e pertinencia da actividade investigadora que faciliten unha mellor planificación dos obxectivos e unha xestión óptima dos recursos financiados con subvencións públicas.

Por outra banda, en canto a modificación relativa aos consellos sociais, a estes órganos de goberno de cada universidade correspóndelles a supervisión das actividades de carácter económico da universidade e do rendemento dos seus servizos e promover a colaboración da sociedade no financiamento da

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel do texto do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 JUL. 2021.....
A/O FUNCIONARIO,



Xosé Benito Blanco

universidade, así como cantas outras funcións lle sexan atribuídas por esta lei e a demais normativa aplicable.

De conformidade co previsto no artigo 83.1 da Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, a persoa que ocupe a presidencia do Consello Social será designada pola Presidencia da Xunta de Galicia, entre personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral e social non pertencentes á comunidade universitaria, por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de universidades, logo de escoitar o reitor ou reitora da universidade.

Dada a natureza destes órganos, como nexo de unión e participación da sociedade nas universidades, estímase oportuno que o órgano unipersoal da presidencia do mesmo, non teña limitado temporalmente a renovación do mandato, favorecendo deste xeito a continuidade das funcións de representación, dirección e planificación xeral da actividade do consello social

M) PROCEDUREMENTO E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVOS

O capítulo XIII aborda diversas medidas en materia de procedemento e organización administrativa. Inclúese neste capítulo unha modificación da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público co obxecto de garantir o cumprimento do principio de autoprovisión e dos obxectivos de interese público na asistencia xurídica do sector público autonómico xa recollidos no artigo 5 da dita lei e na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Ao mesmo tempo pretende garantir a coherencia e calidade da asistencia xurídica de todo o sector público autonómico.

N) RÉXIME FINANCEIRO E ORZAMENTARIO



No capítulo XIV do título II, contéplase a modificación do artigo 79 do Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

A xustificación da modificación débese a que segundo os criterios de imputación establecidos no Sistema Europeo de Contas (SEC), os anticipos realizados entre administracións para o financiamento de execución de gastos deben estar incluídos nas contas financeiras de cada administración.

En aplicación destes criterios, debe poder darse carácter financeiro ao tratamento orzamentario destes anticipos, con independencia de se se configuran coma reembolsables ou non reembolsables.

A redacción actual dos puntos 4 e 5 do artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia so permite dar tratamento orzamentario aos anticipos reembolsables, sendo necesario que se poda estender este tratamento aos non reembolsables, debido especialmente aos fluxos dos novos fondos correspondentes ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) procedentes do Regulamento (UE) 2021/241 e á necesidade de garantir o seu adecuado control e a neutralidade financeira nas contas da Comunidade Autónoma de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Introdúcese unha disposición adicional única en relación coas medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino durante o ano 2022, como consecuencia da escaseza de persoal de perfil sanitario agravada pola situación derivada da pandemia da COVID-19, e para garantir a dispoñibilidade do dito persoal, continuando a liña da disposición adicional terceira da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas.



[Handwritten signature]



DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

A disposición transitoria única prevé un réxime de aplicación a procesos selectivos para o acceso aos corpos de policía local da comunidade autónoma xa convocados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

O texto conta contén una única disposición derogatoria na que se derroga expresamente a disposición derradeira terceira da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Ademais se derrogan as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na presente lei.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Recóllense no anteproxecto tres disposicións derradeiras.

A primeira establece que as medidas de defensa e protección en materia de xestión da Rede Natura 2000 introducidas por medio da presente lei serán aplicables dende a entrada en vigor desta lei, sen prexuízo da ulterior adaptación do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia

A segunda habilita ao Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da nova lei.

E, por último, a terceira regula a entrada en vigor desta lei.

3. ESTUDIO ECONÓMICO FINANCEIRO

Para dar cumprimento ao previsto no artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a efectos de determinar o impacto económico das medidas contidas neste anteproxecto de lei, e en base

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é 58
reproducción fiel e exacta do seu original
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021
AÑO FUNCIONARIO



Xacobeo 21-22



Jorge Blanco Blanco



á valoración estimativa formulada polas consellerías con competencias en cada unha das materias obxecto de regulación, realízase a continuación a cuantificación daquelas que representan novos beneficios fiscais ou teñen impacto no gasto da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, realízase unha valoración daquelas medidas que representan maiores ingresos nos orzamentos da comunidade.

4. VALORACIÓN ECONÓMICA DAS MEDIDAS FISCAIS

TRIBUTOS CEDIDOS

No IRPF: o impacto económico da modificación da tarifa estímase que terá un custe de 55,8 millóns de euros. Esta medida non ten efecto nos ingresos do ano 2022, terá efecto no ano 2023.

No ITP-AXD: o impacto económico da redución do tipo de gravame xeral para o ano 2022 estímase que terá un custe de 13,7 millóns de euros.

No Imposto sobre o Patrimonio: o impacto económico do establecemento da bonificación estímase que suporá unha menor recadación por importe de 17 millóns de euros. Esta medida non ten efecto nos ingresos do ano 2022, terá efecto no ano 2023.

Na Taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar: a bonificación fiscal establecida para as máquinas ou aparellos automáticos estímase que suporá unha diminución da recadación por importe de 3 millóns de euros.

DILIXENCIA: Para facer constar que se presenta fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021
A VO FUNCIONARIO,



[Signature] 59





TRIBUTOS PROPIOS:

TAXAS

As modificacións introducidas na Lei 6/2003, teñen as seguintes repercusións recadatorias:

- A elevación dos tipos das taxas de contía fixa no 2% ten un impacto recadatorio de 376.097€.
- En **materia de educación**, a modificación na tarifa de expedición de títulos académicos e profesionais supón un incremento da recadación de 13.193€.
- En materia de bastanteo de poderes, o establecemento da exención supón unha menor recadación por importe de 12.000€.
- En **materia de portos**, as modificacións que se realizan nas distintas tarifas supoñen un incremento da recadación de 306.00€.
- En **materia de medio rural**, as modificacións que se realizan nas distintas tarifas supoñen un incremento da recadación de 1.245€.
- En materia de **augas**, a diminución da tarifa do canon por obras hidráulicas de regulación suporá unha menor recadación por importe de 5.660€.

En consecuencia, o impacto económico de todas as medidas en materia de taxas representa unha maior recadación no ano 2022 por importe de 817.963€.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original,
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021
A VO FUNCIONARIO,



Jorge Sánchez Blasco

60





5.- VALORACIÓN ECONÓMICA MEDIDAS ADMINISTRATIVAS

POLÍTICA SOCIAL

A bonificación da atención educativa nas escolas infantís 0-3 anos para os primeiros fillos/as ten un custe de 4.920.000€, o impacto total da gratuidade das escolas 0-3 anos estímase en 30.000.000€ anuais.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2021

O SECRETARIO XERAL TÉCNICO E DO PATRIMONIO

Jorge Atán Castro

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021



lonfe (Carretero) Deco



Refª.- jpd/sxro

INFORME SOSTIBILIDADE FINANCEIRA

SECCIÓN: CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	DATA ENTRADA: 16/10/2021
NORMA/PLAN: LEI DE MEDIDAS FISCALES E ADMINISTRATIVAS	
OBXECTO: Adopción de medidas de carácter fiscal, así como outras de carácter administrativa.	
DATA DE RECEPCIÓN DA MEMORIA ECONÓMICA DEFINITIVA: 16/10/2021	

Contidos que supoñen custo

Medidas que representan novos beneficios fiscais para a Comunidade Autónoma de Galicia:

- Na taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar: a bonificación fiscal establecida para as máquinas ou aparellos automáticos terá un custo recadatorio de 3.000.000€
- No IRPF: o impacto económico da modificación da tarifa estimase que terá un custe de 55,8 millóns de euros. Esta medida non ten efecto nos ingresos do ano 2022, terá efecto no ano 2023.
- No ITP-AXD: o impacto económico da redución do tipo de gravame xeral para o ano 2022 estimase que terá un custe de 13,7 millóns de euros.
- No Imposto sobre o Patrimonio: o impacto económico do establecemento da bonificación estimase que suporá unha menor recadación por importe de 17 millóns de euros. Esta medida non ten efecto nos ingresos do ano 2022, terá efecto no ano 2023.
- A bonificación da atención educativa nas escolas infantís 0-3 anos para os primeiros fillos/as ten un custo de 4.920.000€ no ano 2022, o impacto total da gratuidade das escolas 0-3 anos estimase en 30 millóns de euros anuais.

Financiamento dos mesmos

- En materias de Taxas: as modificacións das taxas suporán un aumento da recadación de 817.963€
- Ademais, con carácter xeral, prodúcese nos orzamentos de 2022 un incremento dos ingresos non financeiros de 252 millóns de euros.

Fundamento normativo


Artigo 42.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
Artigo 3 e 7 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
Artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

INFORME: Favorable, ao adaptarse ás dispoñibilidades orzamentarias vixentes.

Santiago de Compostela, 16 de outubro do 2021

O director xeral de Planificación e Orzamentos

Miguel Corgos López-Prado



DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do original.
Santiago de Compostela, 17/8 OUT. 2021
AVO FUNCIONARIO/O,



[Handwritten signature]
Xosé Xacobo Blasco

**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS

Solicitante: Consellería de Facenda e Administración Pública. Secretaría Xeral
Técnica e do Patrimonio

Expediente: 2021/119

FEITOS

A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública solicítalle a esta Secretaría Xeral da Igualdade que emita informe de impacto de xénero relativo ao anteproxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 PERTINENCIA DO INFORME

Ségundo o disposto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (en diante, Decreto lexislativo 2/2015) "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 957691
igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal>

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do orixinal, en
Santiago de Compostela, 18 OUT 2021.....
AO FUNCIONARIO,



Josec Francisco Blanco

Do citado precepto despréndese a obrigatoriedade de valorar, con carácter previo ao debate parlamentario, calquera iniciativa lexislativa para determinar se a súa posta en práctica afectará de forma diferente a mulleres e homes, co fin de adaptala para neutralizar os posibles efectos discriminatorios e fomentar a igualdade, integrando deste xeito o principio de transversalidade.

O anteproxecto de lei que se somete a informe recolle as medidas fiscais e administrativas necesarias para complementar a aplicación dos orzamentos. Tal e como se recolle na exposición de motivos do anteproxecto, esta lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria. Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter e organización administrativos.

Na parte dispositiva a lei estrutúrase en dous títulos. O título I dedícase ás Medidas fiscais, e consta de dous capítulos, un dedicado aos tributos cedidos e outro aos tributos propios. No título II recóllense as Medidas administrativas, e consta de dez capítulos dedicados a introducir modificacións nas seguintes áreas de actividade: Emprego, Universidades, Infraestruturas de fomento da mobilidade sostible, Infraestruturas complementarias do transporte de viaxeiros/as por estrada, Estradas, Sanidade, Industria, Sector Público Autonómico, Medio Ambiente e Territorio, Mar e Medio Rural.

De acordo co VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 (en diante, VII Plan para a igualdade de oportunidades), é unha prioridade de actuación do goberno autonómico consolidar a transversalidade de xénero nos orzamentos. Deste xeito, a perspectiva de xénero debe ser considerada no deseño de normas e programas orzamentarios como fórmula que permita, dunha banda, evidenciar o impacto da distribución orzamentaria na vida de mulleres e homes e, doutra, favorecer unha actuación pública que incida nas desigualdades detectadas. Avanzar neste ámbito é, pois, esencial na procura dunha sociedade máis xusta, na que se realice unha distribución equitativa dos recursos públicos.

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 957691
igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal>

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 1-8 JUN 2021



1-8 JUN 2021
A/O FOLIO 12021
Xosé Balleiro Balleiro



Atendendo ao contido do proxecto normativo que se acaba de indicar e á necesidade de consolidar a transversalidade de xénero nos orzamentos, este informe estará centrado na identificación das actuacións necesarias para garantir a efectiva integración da perspectiva de xénero neste proxecto normativo así como na utilización dunha linguaxe normativa non sexista.

2 INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

I A necesidade de incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas queda xa patente no Tratado da Comunidade Europea (TCE), que recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3) e considera como misión da Comunidade a consecución da igualdade de xénero: "A unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)". Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introduci-lo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantir-se en todos os ámbitos (art. 23).

No ámbito estatal a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (artigos 14 e 15) así como, no caso galego, o citado Decreto lexislativo 2/2015, reiteran o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

En virtude deste mandato de presenza transversal de loita contra as desigualdades, débese procurar que todas as normas emitidas, na medida do posible e se o obxecto da materia o fai procedente, inclúan explicitamente a incorporación da perspectiva de xénero.

II Dentro das Medidas Fiscais en materia de tributos propios, modifícase o número 5 do artigo 23 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no tocante á bonificación do 50%

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 957691
igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal>

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e correcta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021.....
AVO FUNDACIONARIO,



Josefina Barreiro Olaveiro



no pago das taxas pola inscrición nas convocatorias para a selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia, que se aplicará ás persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral, persoas que figuren como demandantes de emprego e persoas que teñan a condición de vítimas de terrorismo.

En relación aos supostos que dan lugar a esta bonificación no pago das taxas, propónse incluír tamén ás vítimas de violencia de xénero, de acordo coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Ao amparo da última modificación desta norma, a bonificación sinalada beneficiaría non só ás mulleres vítimas, senón tamén ás fillas e fillos da muller vítima, así como a calquera outra persoa estreitamente unida a ela, nos casos de violencia vicaria. Especialmente aplicable pode resultar esta bonificación nos casos dos fillos e fillas de vítimas mortais nos que, ademais, o seu pai e agresor se quite a vida, quedando os fillos e fillas orfos.

Igualmente, propónse estender ás vítimas de violencia de xénero a previsión contida no apartado 8 do artigo 23 da Lei 6/2003, que prevé para as vítimas de actos terroristas a exención do pago de taxas por calquera actuación en materia educativa realizada en centros oficiais de estudos en tódolos niveis de ensino. Cómpre sinalar que exencións e bonificacións similares a estas para as vítimas de violencia de xénero xa se veñen aplicando dentro do ámbito educativo, onde se establece a exención para as vítimas de violencia de xénero nos prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, polo que se suxire estendela exención a calquera actuación en materia educativa realizada en centros oficiais de estudos en tódolos niveis de ensino, tal e como se prevé para as vítimas de actos terroristas.

III En canto ás Medidas de carácter administrativo, son de especial interese dende o punto de vista da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, as seguintes previsións do anteproxecto de lei, as cales cómpre valorar positivamente:

1 Modificación do artigo 26 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico.

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 957691
igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal>

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021.....
A/O FUNCIONARIO,



[Handwritten signature]
Irene Baneiro Blasco



Modifícase o artigo 26 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico, incluíndo no seu apartado 4 que “A Xunta de Galicia fomentará ao máximo criterios sociais nas contratacións que realice, e potenciará a xeración de emprego para as persoas con discapacidade”.

Esta previsión debe ser obxecto dunha valoración positiva, xa que de acordo co artigo 145.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as características sociais dos contratos referiranse, ademais de ao fomento da integración social de persoas con discapacidade, persoas desfavorecidas ou membros de grupos vulnerables e á inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, incluíndo a subcontratación con Centros Especiais de Emprego ou Empresas de Inserción; tamén aos plans de igualdade de xénero que se apliquen na execución do contrato e, en xeral, á igualdade entre mulleres e homes; ao fomento da contratación feminina e á conciliación da vida laboral, persoal e familiar, entre outras finalidades de carácter social.

2 Infraestruturas de fomento da mobilidade sostible e infraestruturas complementarias do transporte de viaxeiros/as por estrada

A Lei de medidas fiscais e administrativas adícalle dous capítulos á regulación, respectivamente, das infraestruturas de fomento da mobilidade sostible e das infraestruturas complementarias do transporte de viaxeiros/as por estrada.

As “infraestruturas de fomento da mobilidade sostible” defínense como aquelas que contribúan a un maior uso dos modos de transporte non motorizados ou do transporte público colectivo, en detrimento do uso dos vehículos privados de tracción mecánica, tales como vías ou camiños destinados á circulación peonil ou de vehículos de tracción humana, como as beirarrúas, as sendas peonís e os carrís para a circulación de bicicletas, os aparcadoiros disuasorios, as plataformas reservadas para o seu uso por parte de vehículos de transporte público colectivo, as paradas e estacións de transporte e, en xeral, todas as que realicen unha función de interconexión entre elas.

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 957691
igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal>

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel a orixinal, en Santiago de Compostela, a 18 de outubro de 2021.
O/A FUNCIONARIO/A,



Josefa Banaño Blasco

A regulación deste tipo de infraestruturas para o fomento da mobilidade sostible, así como o seu desenvolvemento normativo, ten un impacto positivo dende o punto de vista da igualdade entre mulleres e homes, xa que son as mulleres as que empregan maioritariamente este tipo de infraestruturas así como o transporte público colectivo. A mellora e o incremento destas infraestruturas, -como beirarrúas, sendas peonís ou plataformas reservadas para o uso polos vehículos de transporte público colectivo, etc- terá unha repercusión positiva dende o punto de vista do xénero, xa que facilitará o uso e circulación con carriños de bebés ou cadeiras de rodas, posibilitando as tarefas de coidados que seguen a desenvolver maioritariamente as mulleres, debido á división sexual do traballo que aínda se mantén na nosa sociedade, e porque ademais, en xeral, as mulleres empregan menos o transporte privado e máis o transporte público e desprázanse máis a pé que os homes.

As mesmas consideracións poden aplicarse ás “infraestruturas complementarias do transporte de viaxeiros/as por estrada”, concepto dentro do cal se inclúen, non só as estacións de transporte de viaxeiros/as, senón tamén as instalacións auxiliares, como marquesiñas ou refuxios de espera, puntos de información, paneis, postes e instalacións similares de carácter complementario para a ordenación e xestión do transporte. Tal e como xa se indicou, ao ser maioritariamente as mulleres as que usan o transporte público, o incremento e mellora deste tipo de instalacións ten un impacto positivo dende o punto de vista do xénero.

No tocante ao resto das áreas afectadas polas disposicións que se recollen dentro do título II (Emprego, Universidades, Estradas, Sanidade, Industria, Sector Público Autonómico, Medio Ambiente e Territorio, Mar e Medio Rural), a súa regulación ten un carácter eminentemente técnico, que non presenta implicacións directas dende o punto de vista do xénero. Non obstante, aínda que tamén puideran ter repercusións en cuestións de xénero dunha forma indirecta, para poder analízalas e avaliar o seu impacto de xénero, deberíase dispor de indicadores e datos estatísticos desagregados por sexo.

3 UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 957691
igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal>

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 15 de OUT. 2021.....
A/O FUNCIONARIO.....



Jorge Barreiro Blanco



Os artigos 11 e 12 do Decreto legislativo 2/2015 e a liña 11 do artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, determinan a utilización institucional dunha linguaxe non sexista. De acordo co artigo 11 do Decreto legislativo 2/2015, "O uso non sexista da linguaxe consiste na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino". Con carácter xeral, o texto é respectuoso coa utilización dunha linguaxe normativa inclusiva e non sexista e só procede efectuar algunhas recomendacións puntuais ao respecto.

Así, nalgúns casos emprégase o masculino con carácter absoluto, o que pode invisibilizar o feminino ou situalo nun plano secundario respecto do masculino, polo que se recomenda empregar expresións alternativas:

- No número 3 do artigo 23 da Lei 6/2003, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia suxírese cambiar "os alumnos" por "o alumnado".
- Na letra h) do apartado 1 do artigo adicado á regulación das clases, competencia e ordenación das infraestruturas complementarias do transporte de viaxeiros/as por estrada propónse empregar "persoas usuarias" en lugar de "usuarios" e "terceiras persoas interesadas" en lugar de "terceiros interesados".
- No artigo sobre a Coordinación co planeamento urbanístico e no parágrafo segundo do apartado 1 do artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, propónse cambiar "os particulares" por "as persoas particulares".
- Nas distintas modificacións da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas usuarias, recoméndase empregar, en todos os casos, "persoa consumidora" e "persoas consumidoras" en lugar de "consumidor" e "consumidores", respectivamente.
- No apartado 3 do artigo 143 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, recoméndase falar de "persoal técnico" en lugar de "técnico", e de "a persoa autora" en lugar de "o seu autor".
- No número 3 do artigo 70 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e no apartado 6 do artigo 19 bis da Lei 6/2013, do 13 de

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 957691
igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal>

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel a orixinal do seu titular,
Santiago de Compostela, **18 OUT. 2021...**
O ALCALDE, **JOSEFA BARRERO BLANCO**



Josefa Barrero Blanco



xuño, do Sistema universitario de Galicia, recoméndase empregar “persoas interesadas” en lugar de “interesados”.

- Na letra g) do número 1 do artigo 23 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, propónse utilizar “persoas propietarias” en lugar de “propietarios”.

- Na letra b) do número 1 da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas fálase de “o titular” e recoméndase cambialo por “a persoa titular”.

Ademais, para evitar o uso das barras (o/a), que se ben é correcto dende o punto de vista da linguaxe inclusiva, cómpre non empregar na medida do posible para facilitar a lectura do texto, suxírense os seguintes cambios:

- No número apartado 1 do artigo 26 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, propónse empregar “persoas traballadoras” en lugar de “traballadores/as”.

- Na letra d) do apartado 1 do artigo adicado aos réximes de utilización de estacións de viaxeiros/as propónse empregar “colectivos de persoas usuarias” en lugar de “colectivos de usuarios/as”.

De acordo con todo o indicado, INFORMO:

Que a norma analizada é respectuosa co principio de igualdade por razón de xénero e coa normativa en materia de igualdade entre mulleres e homes e, en xeral, as medidas fiscais e administrativas de acompañamento dos orzamentos recollen unha visión transversal das políticas de gasto con perspectiva de xénero.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021.....
A/O FUNCIONARIO



[Handwritten signature]
[Handwritten signature]

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 957691
igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 899
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é

reproducción fiel e exacta da orixinal.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2021

A/O FUNCIONARIO,

Josefa Franco de Tzalo



INFORME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS

I. ANTECEDENTES

Solicitado informe desta Asesoría Xurídica Xeral sobre o anteproxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, emítese o dito informe con carácter de urxencia habida conta de que está prevista a súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia no día 18 de outubro de 2021.

II. OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

Primeira. Competencia

A competencia para a emisión deste informe establécese no artigo 8.a) da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, no artigo 8.1 do Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio.

Segunda. Natureza da regulación proxectada

Sométese a informe un anteproxecto de lei de medidas fiscais e administrativas; lei que se formula como complementaria da futura lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2022.

As leis de “acompañamento” teñen recibido a atención do Tribunal Constitucional que entende que, en palabras da STC 36/2013, do 14 de febreiro (FX2):

“(…) La ley de «acompañamiento» es una ley ordinaria y como tal ley ordinaria (...) «puede entrar a regular cualquier materia no expresamente asignada a otro tipo legislativo, y es que, del bloque de la constitucionalidad no se deriva ni impedimento alguno para que se puedan aprobar lo que califica como “leyes transversales”, ni exigencia de ninguna clase que imponga que cada materia deba ser objeto de un



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 898
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2021

AVO FUNCIONARIO,



Contra Alvarado Blasco

proyecto independiente, dado que las formas de manifestarse la voluntad de las Cámaras sólo tendrán un carácter limitado cuando así se derive del propio texto constitucional. En consecuencia, ningún óbice existe desde el punto de vista constitucional que impida o limite la incorporación a un solo texto legislativo, para su tramitación conjunta en un solo procedimiento, de multitud de medidas normativas de carácter heterogéneo» (STC 136/2011, de 30 septiembre, FJ 3)."

O Tribunal constitucional analiza tamén na citada sentenza 36/2013 a crítica doutrinal habitual a estas leis de que poden afectar á seguridade xurídica, sinalando ao respecto (FX3):

"Esta cuestión ha sido recientemente resuelta por este Tribunal en la STC 136/2011, de 13 de septiembre, FJ 9, en la que concluimos que no cabe apreciar en ello ningún vicio susceptible de afectar a la seguridad jurídica conforme al contenido constitucionalmente garantizado de dicho principio, pues tales leyes de acompañamiento tienen un objeto que, «aunque heterogéneo, está perfectamente delimitado en el momento de presentación del proyecto al Congreso de los Diputados, teniendo todos sus eventuales destinatarios (operadores jurídicos y ciudadanos) conocimiento del mismo mediante su publicación en el "Diario Oficial de las Cortes Generales", como finalmente tienen conocimiento del texto definitivo mediante su inserción en el "Boletín Oficial del Estado"». (en el mismo sentido, STC 120/2012, de 4 de junio, FJ 3)."

Tamén o Tribunal Constitucional na sentenza 136/2011, do 13 de setembro, fronte ás críticas relativas ao pretendido carácter "patolóxico" e de "coxuntura" destas leis e ante as alegacións relativas a unha "imposibilidade constitucional de la existencia de una ley ordinaria que, con carácter anual y contenido impredecible, opere sobre la totalidad del ordenamiento jurídico", entende que (FX 3):

"A este respecto, «convendrá observar, una vez más, que en un plano hay que situar las decisiones políticas y el enjuiciamiento político que tales decisiones merezcan, y en otro



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Cobiño, 1
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 898
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do original.



18/01/2021
A/O FUNCIONARIO.

Josefa Barreiro Blanco

plano distinto la calificación de inconstitucionalidad, que tiene que hacerse con arreglo a criterios estrictamente jurídicos» (STC 11/1981, de 8 de abril, FJ 7). De este modo, la reprobación que hacen los recurrentes en punto al uso de este tipo de leyes es un juicio de evidente valor político, pero no convierte per se a la norma, desde el punto de vista jurídico-constitucional, en contraria a la Constitución al no haber sobrepasado ninguno de sus límites explícitos o implícitos. Ciertamente, el recurso al uso de disposiciones legislativas como la que nos ocupa, dotadas de una gran heterogeneidad, tramitadas además por el procedimiento de urgencia, puede afectar en cierta manera al ejercicio efectivo del derecho a la participación política de los poderes estatuidos. Ahora bien, la eventual existencia de esa afectación, derivada de la forma en la que las Cortes Generales optan por desarrollar su competencia legislativa, en el caso objeto de debate no se ha demostrado sea sustancial. Por ello no puede imputarse a tal plasmación de la competencia legislativa de falta de legitimación democrática ni en su ejercicio ni en su resultado, razón por la cual, aunque la opción elegida pueda ser eventualmente criticable desde el punto de vista de la técnica jurídica, en modo alguno lo es desde la perspectiva constitucional.

(...) podemos afirmar ahora que el dogma de la deseable homogeneidad de un texto legislativo no es obstáculo insalvable que impida al legislador dictar normas multisectoriales, pues tampoco existe en la Constitución precepto alguno, expreso o implícito, que impida que las leyes tengan un contenido heterogéneo.

(...) Descartada ya la existencia de prohibición alguna en el texto constitucional a la existencia de las leyes complejas [así denominábamos, por ejemplo, en la STC 126/1987, de 16 de julio, a la Ley 5/1983, de 29 de junio, de medidas urgentes en materia presupuestaria, financiera y tributaria, que contenía «normas relativas a las operaciones financieras del sector público, normas de contratación y normas tributarias» (FJ 5)], multisectoriales o de contenido heterogéneo, resta por determinar si existe algún límite a su uso o contenido, debiendo responderse a esta cuestión también de forma negativa, pues la Constitución no prevé que el principio de competencia o especialidad obligue a que sólo puedan aprobarse constitucionalmente

**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

normas homogéneas que se refieran a una materia concreta. A este respecto hay que señalar que no cabe duda de que sería una técnica más perfecta la de circunscribir el debate político de un proyecto de ley a una materia específica, lo que alentaría una mayor especialización del mismo y, posiblemente, una mejor pureza técnica del resultado. Sin embargo, los reparos que pudieran oponerse a la técnica de las leyes multisectoriales, por su referencia a un buen número de materias diferentes, no dejan de ser en muchas ocasiones otra cosa que una objeción de simple oportunidad, sin relevancia, por tanto, como juicio de constitucionalidad stricto sensu, tanto más cuanto que una y otra norma legal son obra del legislador democrático.

Por tanto, aun aceptando que una ley como la impugnada puede ser expresión de una deficiente técnica legislativa, no por ello cabe inferir de modo necesario una infracción de la Constitución habida cuenta que el juicio de constitucionalidad que corresponde hacer a este Tribunal «no lo es de técnica legislativa» [SSTC 109/1987, de 29 de junio, FJ 3 c); y 195/1996, de 28 de noviembre, FJ 4], ni de «perfección técnica de las leyes» (SSTC 226/1993, de 8 de julio, FJ 4), pues nuestro control «nada tiene que ver con su depuración técnica» (SSTC 226/1993, de 8 de julio, FJ 5; y 195/1996, de 28 de noviembre, FJ 4). Como señala el Abogado del Estado, la Ley 50/1998 es una ley ordinaria que no está necesitada de ninguna previsión constitucional para ser dictada ni se ve constreñida tampoco por ningún mandato constitucional. En sentido similar, apunta el representante del Senado, la ley ordinaria, como ley que emana de las Cortes Generales, puede entrar a regular cualquier materia no expresamente asignada a otro tipo legislativo, y es que, del bloque de la constitucionalidad no se deriva ni impedimento alguno para que se puedan aprobar lo que califica como «leyes transversales», ni exigencia de ninguna clase que imponga que cada materia deba ser objeto de un proyecto independiente, dado que las formas de manifestarse la voluntad de las Cámaras sólo tendrán un carácter limitado cuando así se derive del propio texto constitucional.

DILIXENCIA: Para hacer constar que a presente fotocopia es
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 OCT. 2021
AUXILIARIO.



Sancho Blanco Blanco 4



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

En consecuencia, ningún óbice existe desde el punto de vista constitucional que impida o limite la incorporación a un solo texto legislativo, para su tramitación conjunta en un solo procedimiento, de multitud de medidas normativas de carácter heterogéneo."

Terceira. Procedemento

3.1. O procedemento de elaboración de anteproxectos de lei regúlase de xeito disperso en varios textos normativos. Así, debe partirse, en primeiro lugar, dos artigos 6, 8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia.

Conforme ao artigo 6:

"1. A elaboración de disposicións de carácter xeral e de anteproxectos de Lei será iniciada polo Centro directivo correspondente, cos estudos e informes previos que garantan a legalidade, acerto e oportunidade daqueles.

2. No oportuno expediente de elaboración conservaranse, xunto coa moción, providencia ou proposta de quen teña a iniciativa, da disposición de que se trate, os ditames e as consultas evacuados, as observacións e emendas que se formulen e cantos datos e documentos teñan interese para coñecer o proceso de elaboración da mesma ou poidan facilitar a súa interpretación.

3. Non poderá formularse ningunha proposta de nova disposición sen acompañar ao proxecto a táboa de vixencias de disposicións anteriores sobre a mesma materia e sen que na nova disposición se consignen expresamente as anteriores que han de quedar total ou parcialmente derogadas."

De acordo co artigo 8:

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 14 de Out. 2021.....
A/C FUNCIONARIA/O,



Josefa Bayeiza Blanco



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es



18/001, 2021
A/C FUNCIONARIO
Loreta Bando Alvaro

“1.- Os anteproxectos de leis deberán remitirse a todas as Consellerías con dez días de antelación á reunión da Comisión de Secretarios Xerais, debendo acompañar co anteproxecto o informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e aqueloutros que en cada caso sexan preceptivos.”

E segundo dispón o artigo 16:

“Os anteproxectos de Lei sometidos á Xunta de Galicia irán acompañados dunha exposición de motivos, na que se expresarán sucintamente os que deron orixe á súa elaboración e a finalidade perseguida pola norma. Figurarán como anexos, cando proceda, a relación de disposicións derogadas ou modificadas e o correspondente estudo económico e financeiro.”

Conforme á Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, resulta necesaria a elaboración dunha memoria económica financeira e dun informe da actual Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos. Así, determina o seu artigo 12:

“Un.-A formulación de iniciativas lexislativas por parte da Xunta de Galicia, así como a aprobación de normas de rango regulamentario, plans ou programas de actuación de contido económico-financeiro, requirirán a previa dispoñibilidade dunha memoria económico-financeira que avalíe axeitadamente os custos que esas propostas poidan representar e que considere as posibilidades ou alternativas existentes para o seu financiamento cando delas poida derivar un incremento do gasto público.

Dous.-O contido mínimo da memoria económico-financeira será establecido por orde da Consellería de Facenda.

Tres.-Antes de proceder á súa tramitación, a iniciativa lexislativa, a norma de rango regulamentario e os plans ou programas de



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

actuación, acompañados da correspondente memoria económico-financeira, deberán remitirse á Consellería de Facenda ao obxecto de que a Dirección Xeral de Orzamentos proceda a emitir informe de carácter preceptivo que determine os seus efectos sobre o gasto."

En cumprimento do previsto no apartado dous do precepto citado ditouse a Orde do 03.03.2011 pola que se establece o contido mínimo da memoria económico-financeira nos casos de iniciativas legislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans programas de actuación.

Ademais, conforme ao artigo 7 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, é preceptivo o informe sobre impacto de xénero.

Xunto ao anterior, debe terse en conta o disposto no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, prevé que "*En todas as iniciativas normativas xustificarase a adecuación das mesmas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia*".

Polo demais, a documentación acreditativa dos trámites procedimentais efectuados debe incorporarse ao expediente.

3.2.- No que atinxe á necesidade ou non de que o texto se someta ao ditame do Consello Económico e Social de Galicia, de acordo co artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, de creación do Consello Económico e Social (en adiante, CES), "*corresponden ao consello as seguintes funcións:*

1. Emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo.

1.1. Serán ditames de solicitude preceptiva os que versen sobre:

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021
A/O FUNCIONARIO,



7
Ismael Blanco



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 546 898 Fax: 981 546 899
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es



178 OUT 2021
A/O FUNCIONARIO,
Josefa Burela Blanco

a) Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Exceptúanse desta consulta os proxectos de lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

b) Anteproxectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á organización, competencias ou funcionamento do consello.

c) Calquera outros relativos a materias que teñan que consultarse ao consello por precepto expreso dunha lei".

Xunto a estes ditames preceptivos regúlanse os ditames facultativos e a elaboración de informes e estudos así como de memorias.

En canto ao primeiro suposto de informes preceptivos, isto é, o relativo aos anteproxectos de lei que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, e, en particular sobre o alcance desas "materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia", é preciso ter en conta o acordo de 18.02.1999 do Consello da Xunta. No devandito acordo, o Consello, partindo da lei (que na súa exposición de motivos se refire a "materias de especial transcendencia económico-social") enumera as materias que poden entenderse incluídas dentro do concepto "materias socioeconómicas":

"Aos efectos do presente acordo, enténdese por materias socioeconómicas as relativas á economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e mercado único europeo".

Agora ben, o acordo admite expresamente a posibilidade de que existan anteproxectos de lei que versen sobre esas materias incluídas dentro do concepto "materia socioeconómica" pero que non precisen do ditame preceptivo do CES por non concorrer o segundo requisito que condiciona a necesidade de informe segundo o artigo 5 da Lei



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral


Edificio administrativo de San Carlos, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 899
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é

reproducción fiel e exacta do seu orixinal.

15/08/2021

AS FOLGAS DE AUSENTO DO FUNCIONARIO,



6/1995, do 28 de xuño, isto é, por carecer de vinculación directa co desenvolvemento económico e social de Galicia.

No caso que nos ocupa, o obxecto da lei é a adopción dunha serie de medidas legais o modificacións puntuais dun amplo conxunto de normas, máis que un texto legal completo de desenvolvemento dunha materia. Os títulos competenciais nos que se basean as diferentes medidas son moi diversos e a ligazón que existe entre todas as normas previstas é ou ben a conexión coa materia orzamentaria (este tipo de leis formúlanse como complementarias das leis de orzamentos), a urxencia da medida, a necesidade de efectuar correccións puntuais doutras normas, a necesaria adaptación á normativa básica estatal, ou ben a instrumentalidade das medidas para acadar determinados obxectivos do programa do goberno para o exercicio seguinte.

En definitiva, non estamos ante unha norma de regulación completa dunha materia socioeconómica directamente vinculada ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

Ademais, debe terse en conta que a lei que nos ocupa se formula como complementaria e de acompañamento da lei de orzamentos, que precisamente está excluída da preceptividade da consulta pola Lei 6/1995, do 28 de xuño. De feito, moitos dos preceptos que recolle, como as modificacións fiscais, poderían ser obxecto de regulación na propia lei de orzamentos.

Polo tanto, o anteproxecto que nos ocupa debe ser analizado tendo en conta as coordenadas citadas de complementariedade en relación coa lei de orzamentos, carácter fragmentario das medidas e ausencia de regulación completa dunha materia.

Entendemos, deste modo, que o anteproxecto non entra, por razón do seu obxecto, dentro das materias que determinan a necesidade de ditame do Consello Económico e Social pois, se ben é certo que en determinados aspectos se incide sobre cuestións que entran dentro do concepto de "materias socioeconómicas", tamén o é que por razón da súa expresada finalidade e polo seu contido, non se regulan de forma completa as materias ás que se refire e resulta de moi difícil apreciación a concorrencia do segundo



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Carlos
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 898
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é

reproducción fiel e exacta do seu orixinal.

18 de maio de 2021

AO FUNCIONARIO,

So. Ref. Económico

18 de maio de 2021

18 de maio de 2021

18 de maio de 2021

18 de maio de 2021

requisito (vinculación directa co desenvolvemento económico e social de Galicia), a menos que este fose obxecto dunha interpretación tan extensiva que determinase na práctica a necesidade de informe preceptivo do CES en todas as normas autonómicas e, polo tanto, deixar baleiro de contido o artigo 5.1.1.a) da Lei 6/1995.

De todos os xeitos, entendemos que a non petición de informe ao Consello Económico e Social debe ser tamén motivada no expediente de elaboración do anteproxecto.

III. OBSERVACIÓNS AO TEXTO

Esta asesoría xurídica, tendo en conta a urxencia da emisión do informe, da multiplicidade das materias reguladas e o carácter puntual en numerosas ocasións das modificacións normativas introducidas, limitarase a efectuar comentarios relativos aos títulos competenciais en presenza.

En particular, debe terse en conta que a asesoría xurídica forma parte da Comisión regulada na Disposición adicional segunda da Orde da Consellería de Facenda do 22 de xuño de 2021, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. Esta Comisión está encargada da elaboración do borrador do texto articulado desta Lei, polo que esta asesoría, a través da súa participación nela, ocupouse xa do estudo e revisión, dende a perspectiva da técnica xurídica e normativa, das distintas cuestións incluídas no anteproxecto. Polo indicado, non se efectúan observacións das disposicións que teñen sido xa corrixidas ou mellorada a súa redacción por indicación desta asesoría xurídica e que aparecen incluídas na última versión do texto remitido.

TÍTULO I. Medidas fiscais

Considérase que as disposicións que se recollen, que modifican determinados preceptos da normativa autonómica en materia de tributos cedidos e propios, axústanse ao bloque da constitucionalidade e ás competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta as competencias normativas autonómicas en materia de tributos cedidos no marco da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 898
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

autónomas, e na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas, así como as competencias en materia de tributos propios.

TÍTULO II. Medidas administrativas

Capítulo I. Emprego público

En materia de emprego público introdúcense diversas modificacións na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

As previsións contidas no capítulo atopan acomodo na competencia autonómica de desenvolvemento lexislativo e execución en materia de réxime xurídico da Administración pública de Galicia e réxime estatutario dos seus funcionarios (artigo 28.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia).

Capítulo II. Medio ambiente e territorio

No capítulo II, se recollen varias medidas en materia de medio ambiente e territorio, ao abeiro das competencias autonómicas para o establecemento de normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe, sen prexuízo do previsto no artigo 149.1.23 da Constitución (artigo 27.30 do Estatuto de autonomía), e ordenación do territorio e urbanismo (27.3 do Estatuto de Autonomía).

Capítulo III. Medio rural

Este capítulo contempla modificacións que atopan o seu amparo esencialmente nos títulos competenciais en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución Once, réxime xurídico dos montes veciñais en man común (artigo 27.10 e 11 do Estatuto), e agricultura e gandería (artigo 30.1.Tres do Estatuto).

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do original.
Santiago de Compostela, 18/09/2021
A/O FUNCIONARIO/O,



Isela Barreiro Blanco



Capítulo IV. Infraestruturas

As modificacións proxectadas atopan o seu fundamento nas competencias autonómicas en materia de transporte por estrada e en materia de estradas (artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía).

Capítulo V. Mar

No capítulo V contémlanse modificacións en materia de pesca ao abeiro das competencias autonómicas nesta materia (artigos 27.15 e 28.5 do Estatuto de Autonomía) e portos (artigo 27.9 do Estatuto de Autonomía).

Capítulo VI. Política social

O capítulo VI, contén modificación de disposicións normativas en materia de política social, ao abeiro da competencia exclusiva autonómica en materia de asistencia social (artigo 27.23 do Estatuto de autonomía).

Capítulo VII. Emprego

No capítulo VII se inclúen medidas en materia de cooperativas ao abeiro da competencia autonómica prevista no artigo 2.a) da Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma Galega, así como medidas relativas á reserva de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción sociolaboral, de acordo co establecido no artigo 28.2 do Estatuto de Autonomía e lexislación básica sobre a materia.

Capítulo VIII. Vivenda

Este capítulo recolle modificacións con base na competencia autonómica na materia de vivenda (27.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia).

Capítulo IX. Sanidade

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 14 de OUT. 2021

A/O FUNCIONARIO,



[Handwritten signature] 14 de OUT. 2021



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
Edificio administrativo de San Casto, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es



18 OCT 2021
A/OFICINARIO,
Sofía Barreiro Blanco

Este capítulo contempla medidas en materia de sanidade, ao amparo do artigo 33 do Estatuto de Autonomía.

Capítulo X. Coordinación de policía locais

Este capítulo recolle medidas de modificación da Lei autonómica 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, de acordo coas competencias autonómicas no marco que se deriva do 148.1.22.^a da Constitución Española.

Capítulo XI. Universidades

O capítulo recolle medidas de modificación da regulación do Sistema Universitario de Galicia, no marco do artigo 31 do Estatuto de Autonomía.

Capítulo X. Industria, comercio e consumo

O capítulo IX inclúe medidas en materia de industria e consumo, ao abeiro das competencias autonómicas na materia (artigo 30.Un. 2 e 4 do Estatuto de autonomía), en materia de instalacións de produción de enerxía (27.13 do Estatuto), así como en materia de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación (artigo 27.29 do Estatuto).

Capítulo XIII. Procedemento e organización administrativa

Este capítulo recolle unha modificación da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, con base nas competencias autonómicas exclusivas en materia de organización propia dos poderes públicos galegos, así como da competencia autonómica de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de réxime xurídico da Administración pública de Galicia, recollidas, respectivamente, no artigo 27.5, e artigo 28.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Capítulo XIV. Réxime financeiro e orzamentario



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

A medida proxectada consiste nunha modificación do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, con base nas competencias autonómicas. As previsións contidas no capítulo atopan acomodo no artigo 42 do Estatuto de Autonomía, que expresa que a Comunidade Autónoma galega contará para o desempeño das súas competencias con Facenda e Patrimonio propios e no artigo 30.1.6, en canto ao sector público económico de Galicia.

Disposicións adicionais, transitoria, derogatoria e derradeiras

A lei contempla una disposición adicional relativa a cuestións de persoal.

Recóllese tamén. unha disposición transitoria en relación aos procesos selectivos para o acceso aos corpos de policía local en curso.

Por último, a lei recolle unha disposición derogatoria, unha disposición derradeira relativa á posible modificación por normas de carácter regulamentario das previsións sobre modificación do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia, outra disposición derradeira sobre a adaptación do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, a habilitación para o seu desenvolvemento normativo e a previsión sobre a súa entrada en vigor.

IV. CONCLUSIÓN

Esta Asesoría Xurídica entende que o anteproxecto remitido para informe enmárcase nas competencias da Comunidade autónoma de Galicia e se axusta ao bloque da constitucionalidade, acomodándose a súa parte expositiva e dispositiva, á técnica xurídica e normativa.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2021

O director xeral da Asesoría Xurídica Xeral

Manuel Pillado Quintáns



DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021
A/O FUNCIONARIO,



Josefa Barreiro Blanco



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



Xacobeo 21-22

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NON SOLICITUDE DO DITAME DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA NA TRAMITACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS

A Consellería de Facenda e Administración Pública entende que no Anteproxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas non se regulan materias directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia e, polo tanto, non resulta preceptivo solicitar o ditame do CES.

Non obstante, co obxecto de acadar unha maior seguridade xurídica, na petición de informe á Asesoría Xurídica Xeral incluíase a solicitude dun pronunciamento expreso sobre esta cuestión. En resposta a esta petición, no informe da Asesoría se indica o seguinte:

"No que atinxe á necesidade ou non de que o texto se someta ao ditame do Consello Económico e Social de Galicia, de acordo co artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, de creación do Consello Económico e Social (en adiante, CES), *"corresponden ao consello as seguintes funcións:*

1. Emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo.

1.1. Serán ditames de solicitude preceptiva os que versen sobre:

a) Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Exceptúanse desta consulta os proxectos de lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

b) Anteproxectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á organización, competencias ou funcionamento do consello.

c) Calquera outros relativos a materias que teñan que consultarse ao consello por precepto expreso dunha lei".



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 de OUT 2021.

AÑO FUNCIONARIO,

Xacobeo 21-22

Josefa Sánchez Blanco

Xunto a estes ditames preceptivos regúlanse os ditames facultativos e a elaboración de informes e estudos así como de memorias.

En canto ao primeiro suposto de informes preceptivos, isto é, o relativo aos anteproxectos de lei que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, e, en particular sobre o alcance desas "*materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia*", é preciso ter en conta o acordo de 18.02.1999 do Consello da Xunta. No devandito acordo, o Consello, partindo da lei (que na súa exposición de motivos se refire a "*materias de especial transcendencia económico-social*") enumera as materias que poden entenderse incluídas dentro do concepto "*materias socioeconómicas*":

"Aos efectos do presente acordo, enténdese por materias socioeconómicas as relativas á economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e mercado único europeo".

Agora ben, o acordo admite expresamente a posibilidade de que existan anteproxectos de lei que versen sobre esas materias incluídas dentro do concepto "*materia socioeconómica*" pero que non precisen do ditame preceptivo do CES por non concorrer o segundo requisito que condiciona a necesidade de informe segundo o artigo 5 da Lei 6/1995, do 28 de xuño, isto é, por carecer de vinculación directa co desenvolvemento económico e social de Galicia.

No caso que nos ocupa, o obxecto da lei é a adopción dunha serie de medidas legais o modificacións puntuais dun amplo conxunto de normas, máis que un texto legal completo de desenvolvemento dunha materia. Os títulos competenciais nos que se basean as diferentes medidas son moi diversos e a ligazón que existe entre todas as normas previstas é ou ben a conexión coa materia orzamentaria (este tipo de leis fórmulanse como complementarias das leis de orzamentos), a urxencia da medida, a necesidade de efectuar correccións puntuais doutras normas, a necesaria adaptación



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021....
A/O FUNCIONARIO/A



Xacobeo 21-22
Isela Bureiro Blasco

á normativa básica estatal, ou ben a instrumentalidade das medidas para acadar determinados obxectivos do programa do goberno para o exercicio seguinte.

En definitiva, non estamos ante unha norma de regulación completa dunha materia socioeconómica directamente vinculada ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

Ademais, debe terse en conta que a lei que nos ocupa se formula como complementaria e de acompañamento da lei de orzamentos, que precisamente está excluída da preceptividade da consulta pola Lei 6/1995, do 28 de xuño. De feito, moitos dos preceptos que recolle, como as modificacións fiscais, poderían ser obxecto de regulación na propia lei de orzamentos.

Polo tanto, o anteproxecto que nos ocupa debe ser analizado tendo en conta as coordenadas citadas de complementariedade en relación coa lei de orzamentos, carácter fragmentario das medidas e ausencia de regulación completa dunha materia.

Entendemos, deste modo, que o anteproxecto non entra, por razón do seu obxecto, dentro das materias que determinan a necesidade de ditame do Consello Económico e Social pois, se ben é certo que en determinados aspectos se incide sobre cuestións que entran dentro do concepto de "materias socioeconómicas", tamén o é que por razón da súa expresada finalidade e polo seu contido, non se regulan de forma completa as materias ás que se refire e resulta de moi difícil apreciación a concorrencia do segundo requisito (vinculación directa co desenvolvemento económico e social de Galicia), a menos que este fose obxecto dunha interpretación tan extensiva que determinase na práctica a necesidade de informe preceptivo do CES en todas as normas autonómicas e, polo tanto, deixar baleiro de contido o artigo 5.1.1.a) da Lei 6/1995."

En consecuencia, á vista dos argumentos contidos no informe da Asesoría Xurídica Xeral, esta consellería se reitera na súa opinión inicial de que na tramitación deste



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



Xacobeo 21-22

anteproxecto de lei non é preceptivo solicitar o ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Santiago de Compostela, a 18 de outubro de 2021.

O secretario xeral técnico e do Patrimonio

Jorge Atán Castro



DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel e exacta do seu original.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021.
AVO FUNCIONARIO,



Jorge Sánchez Blanco



En cumprimento do disposto no artigo 7 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade sobre o *Anteproxecto de lei de medidas fiscais e administrativas*.

O conxunto de medidas incluídas nesta lei afecta a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Este é o fin dunha norma que contén medidas de natureza tributaria, se ben se incorporan tamén outras de carácter administrativo.

I.- Competencia.

A competencia para a regulación dos aspectos fiscais, recollidos no título I, está atribuída á Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co disposto no artigo 150.1 da Constitución e na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

De acordo co artigo 1 do Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a esta lle corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda se establecen no Estatuto de Autonomía.

Na medida en que o anteproxecto de lei de medidas fiscais e administrativas se concibe como un instrumento complementario da futura lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2022, a norma analizada elaborouse pola Consellería de Facenda e Administración Pública, se ben co contido proposto polas consellerías competentes en relación a cada materia que se regula.

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel a copia do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 17/8 OUT. 2021.
A/O FUNCIONARIO,



José Barreiro Blanco



DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel do texto do seu orixinal.
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021.....
ALCALDE/ALCALDESA,
ALCALDE/ALCALDESA,



Jaime Barreiro Barreiro

II.- Contido.

Esta lei divídese en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo, ás de carácter administrativo. O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. O capítulo II, relativo aos tributos propios, soamente está integrado por un precepto sobre as taxas no que, por unha banda, elévanse os tipos das taxas de contía fixa e, por outra banda, se introducen diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación dalgunhas vixentes.

O título II, relativo ás medidas administrativas, está dividido en catorce capítulos.

O capítulo I aborda diversas medidas en materia de emprego público; o capítulo II, de medio ambiente; o capítulo III, de medio rural; o capítulo IV, de infraestruturas e mobilidade; o capítulo V, de mar; o capítulo VI, de política social; o capítulo VII, de emprego; o capítulo VIII, de vivenda; o capítulo IX, de sanidade; o capítulo X, en materia de Industria, comercio e consumo; o capítulo XI, en materia de coordinación de policía locais; o capítulo XII, de Universidades; o capítulo XIII, de procedemento e organización administrativa; e o capítulo XIV, de réxime financeiro e orzamentario.

Na súa parte final, a lei recolle unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

A lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, ao responder as medidas previstas á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, ao recollese na norma os obxectivos perseguidos e a súa xustificación como esixe o principio de transparencia, e ao introducirse, conforme ao principio de seguridade xurídica, as modificacións precisas nas disposicións vixentes.



III.- Tramitación e conclusión.

Respecto á súa tramitación, o anteproxecto de lei conta cunha memoria xustificativa e económica e co informe de impacto de xénero, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro. Tamén dispón do informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, segundo establece o artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro.

Así mesmo, conta co informe da Asesoría Xurídica Xeral, en cumprimento do artigo 8 da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público. No expediente se inclúe tamén unha memoria xustificativa da non necesidade de solicitar o ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

De acordo co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o anteproxecto de lei de referencia, ó estimar que queda garantida a legalidade da disposición.

Santiago de Compostela, a 18 de outubro de 2021

O secretario xeral técnico e do Patrimonio




Jorge Azaña Castro

DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia é
reproducción fiel a orxinal do seu titular,
Santiago de Compostela, 18 OUT. 2021.....
AUXILIARIO,.....



Jorge Benito Blanco



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727